



XUGeX

VII Xornada Universitaria Galega
en Xénero





XUGeX

**VII Xornada Universitaria Galega
en Xénero**

DESIGUALDADES DE XÉNERO EN TEMPOS DE COVID

**10 e 11 xuño
de 2021**

Edición a cargo de
Eva Aguayo Lorenzo, Ana Neira Pena e Águeda Gómez Suárez

2021
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade da Coruña
Universidade de Vigo



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

© Universidade da Coruña, 2021

© Universidade de Vigo, 2021

Promove

Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela

Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña

Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo

Edición técnica

Edicións USC

usc.gal/publicacions

Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e maquetación

Mabel Aquayo, CB

Esta sétima Xornada Universitaria Galega en Xénero constitúe a consolidación dunha iniciativa conxunta das tres universidades galegas, xurdida no 2013, que ten como obxectivo a creación dun punto de encontro para as persoas dedicadas e preocupadas pola perspectiva de xénero na investigación e na docencia universitarias. Un espazo de reflexión e debate sobre diversas temáticas de xénero dende perspectivas distintas cunha visión multidisciplinar.

Iniciamos o terceiro percorrido polas nosas tres universidades. A Universidade de Santiago de Compostela acolle como anfitriña esta sétima edición, baixo o lema *Desigualdades de xénero en tempos de COVID-19*, e, dadas as circunstancias, por primeira vez en modalidade virtual. Esta edición está financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdad), no marco dos convenios de colaboración da Consellería de Emprego e Igualdade coas universidades galegas.

Nesta ocasión, achegámonos aos retos que xorden nos estudos de xénero e no feminismo na actualidade, centrándonos en visibilizar o impacto da actual crise sanitaria, social e económica nos ámbitos da violencia de xénero e da traxectoria investigadora das mulleres; así como a importancia da aposta por unha docencia universitaria con perspectiva de xénero. A Xornada estrutúrase en 3 áreas temáticas:

- *Mulleres, investigación e COVID*. Coordinada pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.
- *Violencias contra as mulleres*. Coordinada pola Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña.
- *Perspectiva de xénero na docencia universitaria*. Coordinada pola Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela.

A perspectiva de xénero estase a estender na actividade investigadora de distintas áreas de coñecemento que incorporan o xénero como variable de análise. O recoñecemento da importancia da dimensión de xénero é cada vez máis visible nas institucións de investigación e nos requirimentos das convocatorias de proxectos de investigación como o Programa Horizonte Europa, cobrando especial relevancia a raíz dos efectos da pandemia no incremento da desigualdade entre mulleres e homes dentro da academia. Así mesmo, os avances na incorporación da perspectiva de xénero na docencia universitaria son inaprazables para a necesaria reformulación dos distintos campos de coñecemento e como ámbito de innovación e calidade docente.

Con actividades, como esta xornada, tratamos de poñer en valor a importancia das investigacións e a docencia universitaria en xénero, dotándoa dun marco crítico para facer efectivo o compromiso coa consecución dunha sociedade máis xusta, humana e igualitaria. Porque a perspectiva de xénero ten un papel transformador fundamental para a análise e proposta de solución aos retos deste século cara a unha etapa post-pandémica.

Agradecemos a boa acollida e interese nesta actividade, con indicadores como máis de 250 persoas inscritas e os case 60 traballos aceptados que recolleemos nesta publicación.

O comité organizador





XUGeX

VII Xornada Universitaria Galega
en Xénero

DESIGUALDADES DE XÉNERO EN TEMPOS DE COVID

Índice

Área 1. MULLERES, INVESTIGACIÓN E COVID

Sala A. Ciencia, academia, muller e COVID

X2A1. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO. UNHA NOVA FENDA DE XÉNERO NA I+D+I ?

Ana Jesús López Díaz; María Dolores Pereira Gómez (UDC, Universidad de Salamanca)..... 17

X2A2. STOP DISCRIMINACIÓN: EVALUACIÓN DE LA APLICACIÓN DE LA LEY 14/2011 DE A CIENCIA EN LO REFERENTE A LA PERSPECTIVA DE GÉNERO CON PROPUESTAS DE ME-

JORA. Begoña Barrios Barrera; María José Cáceres Granados; Laura Calaza Díaz; Elena Camacho Aguilar; Patricia Contreras Tejada, Rosa Crujeiras Casais; Irene Epifanio López; Mireia López Beltrán; Juan Miguel Ribera Puchades; Teresa Sánchez Rúa; María Elena Vázquez Abal (Comisión de Mujeres y Matemáticas, Real Sociedad Matemática Española) 27

Índice

X2A3.	¿CÓMO REPARAR EL IMPACTO NEGATIVO DE LA PANDEMIA ENTRE LAS MUJERES ACADÉMICAS EN NUESTRO PAÍS? APUNTES PARA EL DISEÑO DE MEDIDAS DE IGUALDAD. <i>Águeda Gómez Suárez; Iria Vázquez Silva (Uvigo)</i>	37
Sala B.	Innovación, corresponsabilidade, muller e COVID	
X2B1.	LAS MEDIDAS PARA FAVORECER LA CONCILIACIÓN LABORAL FRENTE AL IMPACTO SOCIAL Y ECONÓMICO DEL COVID-19. <i>Emma Rodríguez Rodríguez (Uvigo)</i>	47
X2B2.	HANNAH ARENDT: COMPRENSIÓN Y OBJETIVIDAD EN TIEMPOS DE CRISIS. <i>Teresa Portas Pérez (Uvigo)</i>	57
X2B3.	DIVERSIDAD DE GÉNERO EN LA DIRECCIÓN Y RESULTADOS DE INNOVACIÓN EN LAS EMPRESAS MANUFACTURERAS ESPAÑOLAS. <i>María Jesús Rodríguez Gulías; Sara Fernández López (UDC, USC)</i>	67
X2B4.	AS EXPECTATIVAS EDUCACIONAIS E AS DISCIPLINAS STEM EN CLAVE DE XÉNERO EN GALIZA: DIVISION DO TRABALLO vs IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. <i>Bruno Blanco Varela; M. del Carmen Sánchez Carreira (USC)</i>	77

Area 2: VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Sala C.1. Violencias contra as mulleres en tempos de pandemia

C1-01.	EL INCREMENTO DE LOS MALOS TRATOS CONTRA LA MUJER. OTRO EFECTO OCULTO DE LA PANDEMIA. <i>Milagros María Otero Parga (USC)</i>	89
--------	---	----

C1-02.	LAS DIFICULTADES DE COMBATIR LA "VIOLENCIA DE GÉNERO" EN TIEMPOS DE PANDEMIA: AUMENTO DEL RIESGO Y DETERIORO DE LA POSICIÓN DE LAS MUJERES. <i>Laura Álvarez Suárez (Universidad de Oviedo)</i>	97
C1-03.	COVID-19 Y ATENCIÓN A MUJERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE GÉNERO EN LA COMUNIDAD VALENCIANA. <i>Purificación Heras González; Ainara Nardi Rodríguez; M^a Asunción Martínez Mayoral; M^a José Alarcón García (Universidad Miguel Hernández) ...</i>	105
C1-04.	CONSECUENCIAS DE LA PANDEMIA DE COVID-19 PARA LAS MUJERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIAS EN FUNCIÓN DEL GÉNERO Y SEXUALES: UNA APROXIMACIÓN A PARTIR DE LA SITUACIÓN DE LAS USUARIAS DE LOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIMS) EN GALICIA. <i>Rita María Radl Philipp; Jorge García Marín; Begoña Gómez Vázquez; Mónica Antelo Martelo; María Luciana Sánchez Iglesias; María Curros Espiño; Pablo Soto Casás (USC)</i>	115
Sala C.2. Saúde e coidados fronte a violencia contra as mulleres		
C2-01.	ENFERMARÍA E VIOLENCIA CONTRA A MULLER: NECESIDADES E EXPERIENCIAS DE ABORDAXE EXPLORADAS MEDIANTE UNHA REVISIÓN DE ALCANCE. <i>Raquel Veiga Seijo; Amalia Conceiro Rúa (UDC)</i>	125
C2-02.	COIDADADO DE ENFERMARÍA A MULLERES EN SITUACIÓN DE MALTRATO. UN ENFOQUE META-ETNOGRÁFICO. <i>Sara Fernández Basanta; Iria Paz López; María Jesús Movilla Fernández (UDC)</i>	135
C2-03.	VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES EN ESTUDIANTES DE ENFERMERÍA DE LA UNIVERSIDAD POLITÉCNICA TERRITORIAL DEL ESTADO "KLÉBER RAMÍREZ"-MÉRIDA-VENEZUELA, FEBRERO-MARZO 2021. <i>Eduardo Sánchez Uzcátegui; Edith Uzcátegui Cabrices; Petra Uzcátegui Cabrices (Universidad Autónoma de Madrid, Universidad Politécnica Territorial del Estado-Mérida)</i>	143
C2-04.	PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE PREVALENCIA DE ACOSO SEXUAL NO ENTORNO UNIVERSITARIO E DOR CRÓNICA MUSCULOESQUELÉTICA EN ESTUDANTES DE CIENCIAS DA SAÚDE DA UDC. <i>Lucía López López; Beatriz Rodríguez-Romero (UDC)....</i>	155

Índice

C2-05.	ROMPENDO REGRAS: ALFABETIZACIÓN MENSTRUAL CRÍTICA NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. <i>María Mar Rodríguez Romero; Neves Arza Arza; Araceli Couce García; Sabela Quintillán Quintillán; Uxía Hadaly Romero Bouzas; Inmaculada Doval Porto; Gabriela Laura Frias Goytia (UDC)</i>	165
--------	--	-----

Sala D.1. Aproximación institucional e xurídica á violencia contra ás mulleres

D1-01.	O TESTEMUÑO DA VÍTIMA COMO PROBA ÚNICA NO PROCESO PENAL POR VIOLENCIA DE XÉNERO. <i>María Castro Corredoira (USC)</i>	175
D1-02.	A DECLARACIÓN DA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO COMO ÚNICA PROBA DE CARGO NO PROCESO PENAL. <i>Cristina Alonso Salgado (USC)</i>	183
D1-03.	LA "INDIGNANTE" RELACIÓN ENTRE LA VIOLENCIA DE GÉNERO Y LA INDIGNIDAD SUCESORIA. <i>Mónica García Goldar (USC)</i>	191
D1-04.	DA VITIMIZACIÓN SECUNDARIA A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL. UNHA ANÁLISE DA REALIDADE GALEGA. <i>Sheila Fernández Míguez (UDC)</i>	201
D1-05.	A VIOLENCIA INSTITUCIONAL DE XÉNERO NA DEMOCRATIZACIÓN DE ESPAÑA: O CASO DA REGULACIÓN DO ABORTO. <i>Enya Antelo Alvite (USC)</i>	209
D1-06.	A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL. TAREFAS PENDENTES NAS UNIVERSIDADES GALEGAS. <i>Iria Vázquez Silva; Sabela Pérez Martín (Uvigo)</i>	217

Sala D.2. Aproximación sociolóxica e económica á violencia contra as mulleres

D2-01.	IMPACTO DO ANTIFEMINISMO NA CONVERSA SOCIAL. MEDICIÓN DE SENTIMENTO DO #8M. <i>Teresa Piñeiro Otero; Carmen Vázquez Gende; Xabier Martínez Rolán (UDC, Uvigo)</i>	227
D2-02.	CARACTERÍSTICAS DE LA VIOLENCIA DE GÉNERO EN MUJERES MAYORES DE 65 AÑOS. <i>Ana M.ª Porto Castro; María Josefa Mosteiro García; Enelina M.ª Gerpe Pérez (USC)</i>	237

D2-03.	(IN)VISIBILIZADAS: MUJERES, MERCADO LABORAL Y CUIDADOS EN COLOMBIA. <i>Angélica Amaya Centeno; Eva Aguayo; Yolanda Pena Boquete (USC, AYEconomics)</i>	247
D2-04.	LA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA TEMPORAL Y TRABAJO PARA LAS MUJERES EXTRANJERAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE GÉNERO EN CASO DE SITUACIÓN IRREGULAR. <i>Almudena Valiño Ces (USC)</i>	257
D2-05.	A PERSPECTIVA ECONÓMICA DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA NORMATIVA GALEGA. <i>María Belén Trigo García (USC)</i>	267

Área 3. PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA UNIVERSITARIA

Sala E.1. Visibilización na docencia das achegas das mulleres

E1-01.	O KEVLAR, UNHA FIBRA FANTÁSTICA DESCUBERTA POR STEPHANIE KWOLEK EN 1965. <i>María M. Álvarez Lires; Xabier Álvarez Lires; Azucena Arias Correa; Francisco J. Serrallé Marzoa (Uvigo)</i>	277
E1-02.	A SUSTENTABILIDADE OCEÁNICA E OS OFICIOS FEMININOS DO MAR: UNHA EXPERIENCIA NO GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL. <i>María A. Lorenzo Rial; Tamara Amorín de Abreu; Mercedes Varela Losada; Uxío Pérez Rodríguez (Uvigo)</i>	287
E1-03.	"EDUCACIÓN EN FEMININO: UN PASEO POLA HISTORIA", EXPERIENCIA DIDÁCTICA DE INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA FORMACIÓN DAS FUTURAS MESTRAS E MESTRES DE LUGO. <i>Francisco Xosé Candia Durán (USC)</i>	297
E1-04.	MEDIACIÓN LINGÜÍSTICA E PERSPECTIVA DE XÉNERO PARA A AULA DE LINGUA ESTRANXEIRA. <i>Fátima Faya Cerqueiro (USC)</i>	309
E1-05.	VISIBILIZACIÓN DE LAS MUJERES EN LA FÍSICA. <i>M^a de las Nieves Lorenzo González (Uvigo)</i>	319

- E1-06. REFERENTES FEMININOS EN GALIPEDIA, UN RECURSO PARA INTRODUCIR A PERSPECTIVA DE XÉNERO. *Encina Calvo Iglesias (USC)*..... 329
- E1-07. RETOS DE UNA FORMACIÓN FEMINISTA. *Trinidad Donoso Vázquez (Universitat de Barcelona)*..... 341

Sala E. 2. Impacto do sexismo e dos nesgos de xénero: análise e resposta

- E2-01. A QUEN PENALIZAN OS EXAMES CON PENALIZACIÓN? *Xulia González Cerdeira; Daniel Miles Touya (Uvigo)*..... 349
- E2-02. PARIDADE NOS TRIBUNAIS DE TRABALLO FIN DE GRAO E O SEU IMPACTO NAS CUALIFICACIÓNS DO ESTUDANTADO. *Laura M. Castro (UDC)* 357
- E2-03. DISEÑOS DE EXPERIMENTACIÓN EN EL AULA PARA DERRIBAR ESTEREOTIPOS: EVALUANDO EL SEXISMO ENTRE EL ALUMNADO UNIVERSITARIO. *Susana Pilar Gaytán Guía (Universidad de Sevilla)*..... 367
- E2-04. "BANDERINES DE GÉNERO": REIVINDICACIONES DEL ALUMNADO DE CIENCIAS DEL DEPORTE DE LA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CON MOTIVO DEL 8 DE MARZO. *María José Mosquera González; Eva Santamaría Criado (UDC)*..... 377

Sala F. 1. Importancia da formación en xénero para o exercicio profesional

- F1-01. ENCHER OS OCOS NA COMUNICACIÓN. A EXPERIENCIA FORMATIVA DO SEMINARIO PERMANENTE CO(M)XÉNERO. *Margarita Ledo Andión; Silvia Roca Baamonde; Marta Pérez Pereiro (USC)* 387
- F1-02. CONCIENCIACIÓN DE GÉNERO EN ESTUDIANTES DE CIENCIAS DE LA SALUD. ¿NOS QUEDA MUCHO POR HACER? *María Teresa Bartual Figueras; Joaquin Turmo Garuz; Margarita Pérez López; Zeneyda Quiroz Flores; Cristina Bucchi Morales; Pere Purroy Sánchez (Universitat de Barcelona, Universidad Nacional Autónoma de Nicaragua, Universidad de la Frontera)*..... 395

F1-03. PERSPECTIVA DE GÉNERO Y DIDÁCTICA DE LA LITERATURA PARA FUTURO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA. *Sandra M^a Peñasco González (UDC)* 407

F1-04. A FORMACIÓN EN PERSPECTIVA DE XÉNERO: UNHA FERRAMENTA CHAVE PARA GARANTIR OS DEREITOS E O ENVELLECIMENTO SAUDABLE DAS PERSOAS LGBTIQ. *Nazaret Blanco Pardo; María Victoria Carrera Fernández; Alexandra Castro Faria; Lorena Costas Caride (Uvigo)* 417

F1-05. FORMACIÓN PARA O EXERCICIO DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL CON PERSPECTIVA DE XÉNERO. *Miguel Anxo Nogueira Pérez; Elena Fernández Rey; Cristina Ceinos Sanz (USC)*..... 429

F1-06. UNHA EXPERIENCIA DE INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA DE MESTRADO. *María del Carmen Sánchez Carreira; Bruno Blanco Varela (USC)*..... 441

Sala F. 2. Perspectiva de xénero en Enxeñaría e Arquitectura

F2-01. UNA EXPERIENCIA TRUNCADA: EL CASO DE LA INCORPORACIÓN DE LA PERSPECTIVA DE GÉNERO EN LOS TFM DE ARQUITECTURA. *María Carreiro Otero; Cándido López González (UDC)*..... 451

F2-02. ARQUITECTURA Y PEDAGOGÍAS FEMINISTAS. ESTRATEGIAS PARA UN APRENDIZAJE INCLUSIVO EN LA DOCENCIA UNIVERSITARIA. *Silvia Blanco Agüeira (Universidad San Jorge)*..... 463

F2-03. INTEGRACIÓN DE LA PERSPECTIVA DE GÉNERO EN MATEMÁTICAS II DE LA INGENIERÍA EN DISEÑO INDUSTRIAL. *Irene Epifanio López (Universitat Jaume I)*..... 471

F2-04. UNHA EXPERIENCIA DE INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO EN MATERIAS DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL. *Eva Cernadas García; Manuel Fernández Delgado (USC)* 479

F2-05. VOCES DE MUJERES E IDENTIDAD FEMENINA: EL SESGO DE GÉNERO EN LOS ASISTENTES VIRTUALES DE VOZ. *Julia Ammerman Yebra (USC)* 489

COMITÉ CIENTÍFICO 497





**MULLERES,
INVESTIGACIÓN
E COVID**

Área

1

TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO. UNHA NOVA FENDA DE XÉNERO NA I+D+I ?

López Díaz, Ana Jesús

Departamento de Enxeñaría Naval e Industrial

Universidade da Coruña

ana.xesus.lopez@udc.es

Pereira Gómez, María Dolores

Departamento de Xeoloxía

Universidade de Salamanca

mdp@usal.es

RESUMO

A transferencia do coñecemento universitario (TDC) é fundamental e indispensable como ferramenta para o desenvolvemento e evolución económica; así como para a creación de riqueza cultural e tecnolóxica dunha sociedade. Porén, a dimensión de xénero nos procesos de transferencia do coñecemento non parece estar suficientemente incorporada. Neste sentido, o proxecto piloto lanzado polo Goberno de España en 2018 para valorar e incentivar a transferencia de coñecemento, o chamado sexenio de transferencia, deixou entrever as carencias nese sentido a través de diferentes aspectos; comezando polo baixo número de solicitudes presentadas por mulleres en todas as áreas de investigación, incluídas as áreas feminizadas, e continuando coa baixa taxa de éxito das investigadoras neste proceso, unha fenda de xénero que se pode cuantificar como do 30% no total de resultados positivos da avaliación. Ante estes resultados un grupo de investigadoras de AMIT (Asociación de Mujeres Investigadoras y Tecnólogas) desenvolveu un estudo sobre o sexenio de transferencia baseándose nunha enquisa en liña accesible desde o sitio web de AMIT que foi respondida por un total de 513 investigadoras e investigadores de distintos campos. Os resultados da enquisa poñen de manifesto o peso importante que se lle deu nesta proba piloto á transferencia xeradora de valor económico, fronte a outros tipos de transferencia xeradora de valor social, nos que participan máis as mulleres. Pero ademais ofreceu reflexións das

persoas participantes, que poñen de manifesto as debilidades deste programa e nos indica cara onde se debería mellorar para que reflicta de xeito realista a contribución das investigadoras á transferencia do coñecemento.

PALABRAS CHAVE: Transferencia do coñecemento, dimensión de xénero, mulleres, AMIT, sexenio de transferencia

INTRODUCCIÓN

Está amplamente recoñecido que a transferencia do coñecemento universitario (TDC) é fundamental e indispensable como ferramenta para o desenvolvemento e evolución económica; así como para a creación de riqueza cultural e tecnolóxica dunha sociedade (Klofsten and Jones-Evans, 2000), sen embargo a dimensión de xénero neste ámbito semella non estar suficientemente considerada. Best et al. (2016) cuantificaron a dimensión de xénero na transferencia de coñecemento tecnolóxico en Alemaña, un dos países con maior capacidade innovadora, en comparación con outros países europeos e chegan á conclusión, analizando os diferentes aspectos da dimensión de xénero en TDC, que apenas está integrada nos aspectos da cultura organizativa. Estas autoras describen como as leis e normas, incluídas as de financiamento da investigación, así como os estereotipos culturais, son moi inflexibles e certamente masculinizados, cunha porcentaxe de homes sempre moi superior ao das mulleres en todos os postos de decisión das organizacións. Isto xa foi descrito por Connell (2005) e por Redien-Collot (2009), cando observaron que as prácticas e as actitudes dos organismos de toma de decisións seguían baseados en comportamentos masculinizados, o cal inflúe, inevitablemente, no mantemento desa postura "tradicional" de roles entre investigadoras e investigadores.

O recoñecemento da TDC en España a través do sexenio de transferencia, proxecto piloto implantado en 2018 polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, estaba baseado no marco conceptual proposto desde a CRUE a través do documento "Transferencia del Conocimiento: nuevo modelo para su prestigio e impulso" (CRUE 2018), e trátase dun sexenio complementario ao actual sexenio de investigación, consolidado desde fai uns 30 anos. Os resultados da avaliación pódense considerar devastadores para todo o colectivo investigador que solicitou o recoñecemento pois, segundo os datos publicados pola ANECA, só o 42% das solicitudes alcanzaron un resultado positivo. Para as mulleres os resultados foron aínda peores: do total de positivos, só o 34% corresponde a solicitudes presentadas por mulleres. Tamén é salientable que das 16 151 solicitudes presentadas só un 35% fosen realizadas por mulleres (ANECA, 2020); é dicir, só una de cada tres solicitudes correspondía a unha investigadora.

Dado que os resultados para as investigadoras foron tan nefastos e a resposta do persoal investigador foi unánime á hora de criticar a forma de convocar e avaliar o novo sexenio, un grupo de investigadoras de AMIT (Asociación de Mujeres Investigadoras e Tecnólogas) propúxose facer unha análise dos devanditos resultados, contando coa colaboración de todos aqueles membros do colectivo investigador (homes e mulleres) que quixesen participar nunha enquisa elaborada *ad hoc*. As conclusións máis importantes desta análise preséntanse nesta comunicación.

DE QUE ESTAMOS A FALAR CANDO FALAMOS DE TRANSFERENCIA?

O Manual de Frascati (2015) relaciona a TDC con áreas de Enxeñería e Tecnoloxía, é dicir, aquelas nas que unha TDC está directamente relacionada coa xeración de valor económico. Este manual, que se desenvolveu en 1963 como unha proposta da OCDE de Norma Práctica para enquisas de Investigación e Desenvolvemento Experimental, segue aínda hoxe vixente e está recoñecido internacionalmente para elaborar e analizar datos estatísticos en Investigación e Desenvolvemento, aínda que se reeditou en numerosas ocasións (OECD, 2015) para incluír, entre outros cambios, unha linguaxe adaptada ao xénero.

O informe *She Figures* que a Unión Europea elabora para analizar a situación das mulleres en Investigación e Desenvolvemento, tamén baseado no Manual de Frascati (EU, 2019), constata que a nivel europeo as áreas de enxeñería e tecnoloxía seguen estando fortemente masculinizadas, aspecto este que se evidencia no ámbito español (Científicas en Cifras, 2021). Por tanto, se só se considera como TDC aquela que xera valor económico, a porcentaxe de investigadores involucrados na TDC no momento actual sería moito máis elevado que a porcentaxe de investigadoras. Isto queda reflectido xa no estudo de Vaquero et al. (2012) sobre a situación no ámbito de Galicia.

Con todo, o Manual de Frascati tamén fala da transferencia do coñecemento á sociedade, independentemente dos beneficios económicos e, segundo o informe do Observatorio Mujeres, Ciencia e Innovación (OMCI, 2020), as mulleres conceden máis importancia á TDC que os homes, aínda que a súa participación en actividades formalizadas de intercambio e transferencia de coñecemento é inferior (só un 15% en universidades públicas e un 25% en CSIC). Sen embargo, o mesmo estudo tamén sinala que as mulleres participan máis que os homes en actividades informais de interacción, que son necesarias para levar a cabo as actividades formais de transferencia que poidan involucrar desde creación de empresas e spin- offs ata a comercialización de patentes (López, 2013).

O SEXENIO DE TRANSFERENCIA

A pesar dos resultados destes estudos, non parece que na convocatoria do sexenio de transferencia se tiveran en conta estas diferenzas, polo cal deixa de lado unha boa porcentaxe de capital humano, tanto na investigación como na transferencia desa investigación, aspecto este que se ve reflectido no baixo número de solicitudes presentadas por mulleres na convocatoria do sexenio de transferencia (35% do total de solicitudes).

Unha análise dos resultados finais publicados por ANECA (López, 2021) amosan ademais que a taxa de éxito na convocatoria foi dun 42% (un total de 6 859 solicitudes foron avaliadas positivamente) pero desagregando por sexo, as diferenzas son moi relevantes; dado que só un 34% das solicitudes realizadas por investigadoras obtiveron unha avaliación positiva fronte a un 47% das solicitudes realizadas por investigadores. É dicir, unha diferenza de 13 puntos que se traduce nunha fenda do 30% entre homes e mulleres no total de avaliacións positivas.

Constátase ademais que en todos os campos hai menos solicitudes de mulleres que de homes mesmo en áreas moi feminizadas como Ciencias Sociais e do Comportamento ou Ciencias da Saúde e en todos os campos son os homes os que alcanzaron maior porcentaxe de éxito. Así, por exemplo, en Ciencias Xurídicas a porcentaxe de éxito entre homes e mulleres difire en case 20 puntos porcentuais, o cal supón unha fenda do 43%; e nunha área tan feminizada como Ciencias da Saúde cun número moi próximo de solicitudes realizadas por homes e por mulleres, a diferenza é de 12 puntos, o cal supón unha fenda do 26% a favor dos homes. Por outra parte, naqueles campos de coñecemento nos que a porcentaxe de éxito foi menor, a diferenza entre homes e mulleres é máis acusada que nos que en xeral houbo máis resultados positivos. Así, por exemplo, en Ciencias Económicas a fenda de xénero foi maior que en Ciencias da Natureza e Bioquímica: cando hai poucas avaliacións positivas, as mulleres resultan penalizadas.

ENQUISA DE AMIT

Ante estes resultados que suxerían un nesgo de xénero, un grupo de investigadoras de AMIT (Asociación de Mujeres Investigadoras y Tecnólogas) propúxose facer unha análise contando coa colaboración de todos aqueles membros do colectivo investigador (homes e mulleres) que quixesen participar; foran ou non membros de AMIT e independentemente de que tiveran solicitado ou non o sexenio de transferencia.

Elaborouse unha enquisa en liña accesible a través do sitio web de AMIT (www.amit.org) que constaba de tres bloques: un primeiro bloque para definir o perfil das persoas participantes, un segundo bloque sobre os resultados da convocatoria e, finalmente, un terceiro no que se pedían opinións e suxestións para mellorar futuras convocatorias. Cos resultados elaborouse un informe, dispoñible tamén na páxina web de AMIT. Non se aplicou ningún criterio de exclusión, a enquisa era anónima pero asumimos que a maioría de participantes eran membros de AMIT,

RESULTADOS DA ENQUISA

Un total de 513 persoas responderon á enquisa (o que supón un número equivalente á metade das persoas asociadas a AMIT); das que 441 (86%) eran mulleres e 72 (14%) homes, proporción similar á representación de mulleres e homes na asociación; polo que consideramos que esta mostra é representativa da comunidade AMIT.

En canto á súa adscrición, o 74% corresponde a distintas figuras do persoal docente e investigador das universidades e o 26% a organismos públicos de investigación; sendo case o 90% dos corpos de funcionarias/os. A distribución por idades, mostra o seu valor medio ao redor dos 53 anos. Trátase, en xeral, de persoas con ampla experiencia investigadora que se reflicte no número de sexenios de investigación recoñecidos: así, o 73% ten tres ou máis sexenios, o 21% dous sexenios e o 17% un único sexenio. É importante mencionar que segundo a súas respostas, a correlación entre o número de sexenios posibles e o número de sexenios recoñecidos é moi alta, tanto para homes como para mulleres; así, o coeficiente de correlación é $R = 0.82$ no total de participantes, pero por sexo obtense un coeficiente de correlación $R = 0.83$ no caso das investigadoras e $R = 0.71$ no caso dos investigadores.

A pesar da alta cualificación investigadora das persoas que participaron na enquisa, só 296, é dicir o 58%, declara ter solicitado o sexenio de transferencia; e os datos desagregados por sexo amosan que das persoas que responderon á enquisa, solicitaron o sexenio un 56% das mulleres fronte ao 65% dos homes. As razóns polas que non o solicitaron amósanse na Táboa 1 (téñase en conta que podían sinalar máis dunha resposta).

Ademais, o 54% das persoas que non o solicitaron manifesta que non ten intención de facelo no futuro; neste punto a diferenza entre homes e mulleres é significativa dado que só o 45% de mulleres fronte ao 60% de homes afirma que si o solicitará.

Táboa 1. Razóns polas que elas non solicitaron o sexenio de transferencia.

<i>Supoñía un esforzo adicional á sobrecarga que xa temos, sen garantías de poder conseguilo</i>	25.3%
<i>Pareceume que non tiña méritos suficientes do tipo que se pedían</i>	19.4%
<i>Os criterios eran demasiado imprecisos; non estaban do todo claras as regras</i>	17.1%
<i>Prefiro concentrar o meu esforzo nos sexenios de investigación cuxas regras están máis definidas</i>	9.42%
<i>Outras razóns</i>	18.4%
<i>Non cumpría os criterios da convocatoria (por ex. 1 sexenio de investigación)</i>	8.8%
<i>Participei en accións de transferencia pero non fun IP nin responsable dos proxectos</i>	3.7%

Canto ás investigadoras e investigadores que si solicitaron o sexenio, menos da metade recibiu unha avaliación positiva; en concreto, o 47% das realizadas por mulleres e o 55% das realizadas polos homes e no que se refire ao tipo de méritos achegados segundo os catro campos da convocatoria:

Campo 1: Transferencia a través da formación de persoas investigadoras

Campo 2: Transferencia do coñecemento propio a través de actividades con outras institucións

Campo 3: Transferencia xeradora de valor económico

Campo 4: Transferencia xeradora de valor social

Como se pode observar na Figura 1, entre as avaliacións negativas e positivas hai unha diferenza de 9 puntos no que se refire ao campo 3 (Transferencia xeradora de valor económico, a favor nas avaliacións positivas) e de 14 puntos no campo 4 (Transferencia xeradora de valor social, a favor nas avaliacións negativas). Tamén existe unha diferenza significativa no Campo 1 (Transferencia a través da formación de persoas investigadoras) onde, segundo os resultados da enquisa, as achegas concéntranse no sub-campo "Número de persoas contratadas responsables de proxectos e contratos de I + D". Isto tamén se inclina cara a avaliacións positivas e, á inversa, hai unha tendencia (6 puntos) cara a avaliacións negativas no Campo 2 (Transferencia a través de interaccións con outras institucións).




Fig. 1 Méritos achegados segundo os catro campos da convocatoria e resultado da avaliación. C1: Transferencia a través da formación de persoas investigadoras; C2: Transferencia do coñecemento propio a través de actividades con outras institucións; C3: Transferencia xeradora de valor económico; C4: Transferencia xeradora de valor social

Os datos desagregados por sexo (Figura 2) mostran que as mulleres achegan menos méritos de transferencia xeradora de valor económico (Campo C3 e Campo C1); sen embargo as contribucións femininas son máis altas no Campo C2 e, especialmente, no Campo C4, que están relacionados coa transferencia do coñecemento propio á sociedade e outras actividades que a benefician. No Campo C3: transferencia xeradora de valor económico, as aportacións presentadas polos homes acadan un 53% fronte a un 35% das presentadas polas mulleres; no Campo C1: Transferencia a través da formación de investigadores, que inclúe a creación de *start-ups* e/ou *spin-offs*, hai unha diferenza de 2 puntos a favor dos homes; á inversa, no Campo C4: Transferencia xeradora de valor social, as mulleres contribuíron co 41% fronte ao 27% das contribucións dos homes, e no Campo C2: Transferencia de coñecemento propio, as contribucións das mulleres son 7 puntos superiores ás dos homes.




Fig. 2 Méritos aportados segundo os catro campos da convocatoria, desagregados por sexo. C1: Transferencia a través da formación de persoas investigadoras; C2: Transferencia do coñecemento propio a través de actividades con outras institucións; C3: Transferencia xeradora de valor económico; C4: Transferencia xeradora de valor social

Por outra parte, si se analizan as puntuacións recibidas polos distintos méritos (nas solicitudes con avaliación negativa) a puntuación media acadada foi de 3.9, e para cada campo os valores medios foron 2.0 no C1; 3.2 no C2, 4.6 no C3 e 3.8 no campo C4; téñase en conta que cada mérito se puntuaba entre cero e dez e a puntuación mínima necesaria para ter unha avaliación positiva era 6. Como se pode apreciar, as contribucións do Campo C3 foron as que acadaron puntuacións máis altas.

Finalmente, cómpre destacar que no que respecta ao Bloque 3: Propostas de mellora, hai unanimidade nas respostas que fan referencia á falta de claridade e transparencia na definición dos criterios e na avaliación dos méritos achegados.

CONCLUSIÓN

A transferencia de coñecemento é un valor engadido ás tarefas de investigación que se levan a cabo, tanto en universidades como noutros centros de investigación públicos e privados. Axuda a mellorar a sociedade en todos os aspectos, incluídos os económicos, tecnolóxicos e culturais. Con todo, na actualidade está a deixarse de lado o traballo que as investigadoras realizan, cun gran impacto na sociedade. Neste sentido, o proxecto piloto de avaliación da transferencia de coñecemento, o sexenio de transferencia, deixou entrever as carencias en canto á dimensión de xénero reflectida en diferentes aspectos; comezando polo baixo número de solicitudes presentadas por mulleres en todas as áreas de investigación, incluídas as áreas feminizadas, e continuando coa baixa taxa de éxito das investigadoras neste proceso, que da lugar a unha fenda de xénero do 30% no total de resultados positivos.

A enquisa realizada polas autoras a un amplo colectivo de investigadores e investigadoras ofreceu resultados obxectivos que poñen de manifesto o peso importante que se lle deu nesta proba piloto á transferencia xeradora de valor económico, fronte a outros tipos de transferencia nos que participan máis as mulleres. Pero ademais ofreceu reflexións das persoas participantes, que nos deixaron ver as debilidades deste programa e nos indicou por onde se debería mellorar para que represente de maneira realista o verdadeiro impacto que o traballo de investigadores e investigadoras españolas ten nos distintos sectores da sociedade.

BIBLIOGRAFÍA

ANECA, 2020: <http://www.aneca.es/Documentos-y-publicaciones/Datos-abiertos> [Fecha de acceso: 16 abr. 2021]

Best, Kathinka. et al. (2016): "The gender dimension knowledge and technology transfer - the German case", *European Journal of Innovation Management*, Vol. 19, No. 1, pp. 2-25.

Connell, R.W. (2005): *Masculinities*, 2nd ed., Crows Nest, N.S.W, Allen & Unwin, Crows Nest, N.S.W.

CRUE (2018): Transferencia del Conocimiento: nuevo modelo para su prestigio e impulso. http://www.crue.org/Documentos%20compartidos/Publicaciones/Transferencia%20del%20Conocimiento/2018.11.28-Transferencia%20del%20Conocimiento%20DEFINITIVO_completo%20digital.pdf [Consulta: 29 de xuño, 2020]

European Commission (2019): She Figures 2018 Publications Office of the European Union, Luxembourg. https://ec.europa.eu/info/publications/she-figures-2018_en [Consulta: 25 de Julio, 2020]

Klofsten, Magnus & Jones-Evans, Dylan (2000): "Comparing academic entrepreneurship in Europe- the case of Sweden and Ireland". *Small Business Economics*, 2000, Vol. 14, No. 4, pp. 299-309.

López Díaz, Ana Jesús (2013): *Emprender: una perspectiva de género*. Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=567952> [Consulta: 10 de abril, 2021]

López Díaz, Ana Jesús; Pereira, María Dolores (2021): "Transferencia del conocimiento: ¿una cuestión de género?". *Ciencia, Técnica y Mainstreaming Social*, n. 5, p. 16-30 <https://polipapers.upv.es/index.php/citecma/article/view/14261>. [Fecha de acceso: 16 abr. 2021].

Observatorio Mujeres, Ciencia e Innovación (2020): Mujeres e innovación 2020. https://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Ministerio/FICHEROS/Publicaciones/AF_Mujeres-e-innovacion_web.pdf [Consulta: 9 de abril, 2021]

OECD (2015), Frascati Manual 2015: Guidelines for Collecting and Reporting Data on Research and Experimental Development, The Measurement of Scientific, Technological and Innovation Activities, OECD Publishing, Paris. <http://dx.doi.org/10.1787/9789264239012-en>

Palmén, Rachel. et al. (2020): "Integrating the Gender Dimension in Teaching, Research Content & Knowledge and Technology Transfer: Validating the EFFORTI Evaluation, Framework through three Case Studies in Europe" *Evaluation and Program Planning*, Vol. 79, 101751. <https://doi.org/10.1016/j.evalprogplan.2019.101751>

Redien-Collot, Renaud (2009): "Female entrepreneurs' authority: is the creative aspect of authority a masculine fiction in managerial and entrepreneurial paradigms? *Journal of Enterprising Culture*, Vol. 17, No. 04, pp. 419-441

Vaquero García, Alberto. et al. (2012): *La mujer en el campo científico, tecnológico y transferencia del conocimiento en Galicia: situación actual y actuaciones futuras*. <http://hdl.handle.net/2183/16647> [Consulta: 10 de abril, 2021]

STOP DISCRIMINACIÓN: EVALUACIÓN DE LA APLICACIÓN DE LA LEY 14/2011 DE LA CIENCIA EN LO REFERENTE A LA PERSPECTIVA DE GÉNERO CON PROPUESTAS DE MEJORA

Barrios Barrera, Begoña; Cáceres Granados, María José; Calaza Díaz, Laura; Camacho Aguilar, Elena; Contreras Tejada, Patricia; Crujeiras Casais, Rosa; Epifanio López, Irene; López Beltrán, Mireia; Ribera Puchades, Juan Miguel; Sánchez Rúa, Teresa; Vázquez Abal, María Elena

Comisión de Mujeres y Matemáticas

Real Sociedad Matemática Española

mujeresymatematicas.rsme@gmail.com

RESUMEN

Este trabajo revisa la aplicación de la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación, en lo referente a la disposición adicional decimotercera de la ley relativa a la implantación de la perspectiva de género. En concreto, analiza y evalúa su aplicación en distintos ámbitos que comprenden la selección y evaluación del personal docente e investigador de las universidades públicas y los procedimientos de concesión de ayudas y subvenciones por parte de los agentes de financiación de la investigación. El análisis se centra en el ámbito estatal, pero las conclusiones son similares si el análisis se realiza en el ámbito de comunidad autónoma o universitario. La falta de eficacia de la Ley, por su falta de aplicación, es un resultado decepcionante. Se realizan propuestas para paliar las discriminaciones.

PALABRAS CLAVE: Discriminación, Universidad, Igualdad, Acoso, Maternidad

INTRODUCCIÓN

La Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación (en adelante Ley de la Ciencia), cuenta con una disposición, la adicional decimotercera, relativa a la implantación de la perspectiva

de género. Sin embargo, diez años después de su aprobación, si observamos las series de [informes de Científicas en cifras](#), se aprecia que persiste la segregación vertical (techo de cristal), la segregación horizontal de género y la brecha de género en las ayudas a recursos humanos y a proyectos de I+D+I en convocatorias del Plan Estatal. A continuación, se revisa el cumplimiento de la Ley de la Ciencia y se realizan propuestas para paliar las discriminaciones.

LA IGUALDAD EN LOS PROCEDIMIENTOS DE CONCESIÓN DE AYUDAS Y SUBVENCIONES

Eliminación de sesgos de género: Ninguno de los procedimientos a nivel estatal contempla evaluaciones doble ciego, ni se ha establecido, que se sepa, ningún mecanismo para eliminar sesgos de género. Las personas evaluadoras no reciben ni se les exige ninguna formación en eliminación de sesgos de género inconscientes, que implican que, para el mismo grado de productividad y méritos, la mujer puede ser considerada menos competente.

En el sector público, las [acciones COST de la Unión europea](#) o, en el sector privado, las [ayudas de La Caixa](#), muestran ejemplos de evaluaciones doble ciego para financiar proyectos. El propio Ministerio de Ciencia e Innovación junto con la European Commission tiene publicado un manual sobre lo que debe hacerse y no se hace: [Manual de Género en la Investigación](#). En concreto en la página 14 de dicho manual se indica: formar a los miembros del comité sobre los prejuicios de género y utilizar criterios explícitos, precisos y transparentes, establecer parámetros que sean relevantes para la búsqueda del conocimiento científico, utilizar indicadores de rendimiento apropiados que se ajusten a la productividad en el ciclo de vida tanto de hombres como de mujeres. Sería fundamental que hubiera rúbricas y criterios explícitos con perspectiva de género, para evitar que sesgos de género inconscientes afloren.

Hay convocatorias, en especial autonómicas, pero evaluadas por la Agencia Española de Investigación (AEI), que no contemplan ninguna corrección por parones en la carrera académica en las evaluaciones de los currícula en los proyectos de investigación. De hecho, suele emplearse forzosamente el formato CVN o CVA, en el que no existe un apartado para explicar los parones. Una condición necesaria, aunque no suficiente, para tener en cuenta los parones es contar con un espacio para incluirlos; porque no es lo mismo tener huecos en el currículum por tener bebés, por cuidados o por enfermedad, que por dedicarse a otras actividades. Sin embargo, el CVN o CVA no es el espacio apropiado para indicar diversas situaciones, ya que las comisiones que juzgan no deben tener acceso a datos personales sensibles, por protección de datos. Posteriormente, indicaremos cuál es nuestra propuesta para solventarlo.

En estos momentos existen algunas medidas en AEI que, aun establecidas con el ánimo de paliar esta discriminación, están siendo contraproducentes por ser discriminatorias y claramente insuficientes. Desde 2019, en la [AEI se valoran los 10 últimos años](#) en los currícula para proyectos de I+D, que pueden ser ampliados en determinadas situaciones. Es la misma estrategia que se sigue con los períodos de elegibilidad. Pero algunas situaciones resultan discriminatorias, como explicaremos a continuación. Esto sucede, por ejemplo, en convocatorias de Ayudas Ramón y Cajal, Ayudas Juan de la Cierva, y Proyectos de I+D+I tipo A (jóvenes investigadores) y tipo JIN (jóvenes investigadores sin vinculación o con vinculación temporal).

Las políticas de género neutro son discriminatorias, por no tener en cuenta el género: En primer lugar, estas medidas se enmarcan en las llamadas políticas de género neutro. Se amplía un año por «cuidado de cada hijo/a». Sin embargo, [el impacto de tener un hijo no es igual en mujeres y hombres](#). Nótese que, durante los últimos 10 años, en España el permiso de paternidad ha sido de 2 semanas mayoritariamente, mientras que el permiso de maternidad ha sido de 16 semanas, más posibles ampliaciones por diversas situaciones, y al que habría que sumar el período de permiso de lactancia, o por incapacidad temporal relacionada con el embarazo, etc. Tampoco es igual el cuidado cuando hay problemas de salud o necesidades especiales en la descendencia, lo cual ni se contempla. En lo que respecta al tiempo empleado en cuidados tras los permisos, en la inmensa mayoría, el tiempo dedicado es mucho mayor en madres que en padres. En definitiva, las políticas de género-neutro que pretenden ser family-friendly terminan perjudicando a las mujeres. No tienen en consideración la pérdida de productividad asociada con tener hijas e hijos, específica del género femenino. De hecho, [las políticas de género-neutro todavía aumentan más la brecha de género](#) (Antecol et al. 2018).

En cambio, nótese que en el European Research Council no usan políticas de género neutro, sino que el período de elegibilidad se amplía por maternidad 1.5 años (medio año más que en AEI), mientras que por paternidad consideran el tiempo exacto de permiso (página 17 del [ERC Work Programme 2020](#)). La Universidad Carlos III, pionera en medidas de igualdad en España, desde el año 2007, [amplía los períodos evaluados en 2 años por maternidad](#), y en dos meses por cada mes de permiso de paternidad. Pero, esta universidad, también permite reducir el 50% la docencia durante los dos años siguientes a la maternidad y durante dos meses por cada mes de permiso de paternidad.

Sobre la insuficiencia de los períodos de ampliación: que se amplíe solo un año por hija/o y el tiempo exacto por período pasado en excedencia por cuidados de familiares, por violencia de género, y otras situaciones, muestra un desconocimiento total sobre lo que afecta un parón largo en la investigación, no solo a nivel productivo (número de trabajos), sino también en [restricción de colaboraciones](#),

[aportaciones a congresos, limitación en participación de proyectos, disminución de citas, etc.](#) (Sewell y Barnett, 2019), es decir, en las medidas neoliberales que actualmente auditan nuestra investigación. Hoy en día está desgraciadamente muy vigente el dicho «¡publica o muere!». Pero la investigación no es, o no debería ser, una línea de montaje. Recuperarse de un parón largo supone un gran tiempo, bastante más del tiempo que se ha parado.

Discriminación por edad: Al ampliar los períodos de evaluación de los currícula para los proyectos en I+D, tampoco se ha pensado en las personas jóvenes que no llevan 10 años en investigación, y que, entonces, alargar la ventana les sería contraproducente al contar con menos méritos por no tener 10 años en investigación. Justamente las mujeres jóvenes son las que probablemente tengan los parones más largos por maternidad y serían las que esa medida de ampliación de la ventana de valoración del currículum sería perjudicial para ellas. Por ejemplo, si una mujer de 32 años ha tenido un parón de 2 años, de poco sirve ampliar el currículum para incluir los méritos adquiridos desde los 20 años, cuando aún estaba cursando el grado. En Italia, se hace una corrección para estas situaciones, por “juventud”, para no discriminar por edad (página 5 de los [Criterios de evaluación de habilitaciones en Italia](#)).

Discriminación por otras situaciones no recogidas: El documento de [medidas implementadas en la AEI para promover la igualdad de género](#) recoge los permisos y excedencias reconocidos en el Estatuto Básico de Empleado Público, pero existen muchas otras situaciones discriminatorias que deberían contemplarse, acogiéndose al artículo 9.2 de la Constitución Española.

Con la Ley Orgánica 3/2007, la Ley de Igualdad, hay una situación que debería también considerarse, como es el peaje pagado por el acoso (sexual o razón de género). Debido a que las situaciones de acoso son violencia de género fuera de la pareja o expareja, no han estado reconocidas como violencia de género y no se ha tenido acceso a permisos ni excedencias por violencia de género. Estas situaciones producen un gran desgaste emocional, con posibles consecuencias psicológicas. Toda esa violencia se traduce en lo que podría llamarse [el peaje o impuesto del acoso](#) (Zepeda, 2018): consume tiempo, energía, va haciendo mella y no es algo que se traslade al currículum. Por supuesto, hace disminuir la producción científica y, en el peor de los casos, puede suponer el abandono de la carrera académica, temporalmente (renunciar a una beca o contrato para salir de una situación asfixiante) o de manera definitiva. Ocurre de igual forma con otros tipos de acoso, como el debido a orientación sexual, raza, etc.

Las universidades no están ni mucho menos libres de violencia de género. El [primer estudio llevado a cabo sobre violencia contra la mujer](#) en el contexto universitario español (Valls et al. 2016) reveló que el 62% del estudiantado había experimentado violencia de género dentro del entorno universitario o

conocía a alguien que lo había sufrido, aunque únicamente el 13% eran capaces de identificar dichas situaciones como violencia de género. En [EEUU las mujeres académicas tienen la segunda tasa más alta de acoso sexual](#) (58% en las universidades), solo por detrás de las militares (69%). Entre los hombres la tasa era del 16%.

También cabe notar que, si no ha habido un parón explícito sino simplemente una situación de conciliación de cargas familiares tales como el cuidado de enfermos mentales o situaciones de violencia de género, la propia justificación de estas situaciones puede no ser posible en el momento de realizar las solicitudes, por el tiempo que llevan los respectivos trámites judiciales.

Lo que proponemos es, que además de los parones que puedan venir justificados por un permiso, baja o excedencia, también se contemplen otras situaciones, aunque no hayan dado lugar a baja, excedencia o permiso. El impacto que puedan tener estas situaciones en la carrera investigadora debería ser juzgado por personas expertas en género o trabajadoras sociales.

LA IGUALDAD EN LOS PROCEDIMIENTOS DE SELECCIÓN Y EVALUACIÓN

Discriminación en acreditaciones por no corregir parones: Desde el año 2020, en ANECA, según el [documento de igualdad de oportunidades](#) en la aplicación de los criterios del programa ACADEMIA y PEP, para la acreditación tanto de figuras contractuales como funcionariales, en el plano docente se exigen menos horas impartidas en función del tiempo de permiso, baja o excedencia disfrutado, pero en el plano investigador, lo único que se contempla es la ampliación de la ventana de aplicación, si es que ha de aplicarse, por tiempo igual al tiempo que se estuvo de permiso. Como ya se ha comentado previamente, demuestra un desconocimiento absoluto de lo que implica un parón largo en la investigación. Pero, no solo esto, la discriminación continúa porque no se contempla en ningún caso una corrección por el parón en cuanto al número total de méritos, por ejemplo, en el número de artículos exigidos, lo cual provoca que se retrase el momento de solicitud si ha habido parones, hasta que se alcance dicho número. En cambio, sería posible aplicar un factor corrector como [se hace en Italia](#).

Criterios sin perspectiva de género: Además, los criterios empleados pecan de falta de perspectiva de género. Para el proyecto de Real Decreto 415/2015 sobre acreditaciones no se realizó un informe de evaluación de impacto de género pertinente, el cual podría haber detectado (y corregido) una desigualdad de oportunidades entre hombres y mujeres en determinados aspectos, como puede ser [la movilidad, entre otros](#). En cuanto a los criterios de valoración, no parecen ser neutros al género, por ejemplo:

a) las mujeres tienen más dificultades, precisamente por su mayor dedicación a los cuidados, en temas de movilidad, a asistir a congresos internacionales, que no suelen ser family-friendly, y en especial para las estancias de larga duración en el extranjero (pese a suponer probablemente, además, irregularidades laborales), y esto que realmente es sólo un medio para lograr la calidad;

b) la mujer presenta, una mayor dedicación a la docencia, con especial énfasis en la calidad, dedicando más tiempo a la preparación de material docente que sus homólogos varones. Sin embargo, la actividad investigadora tiene más peso (también dentro de las universidades para obtener reducciones docentes, por ejemplo) que la calidad docente o la atención al estudiantado (ni siquiera se contempla la calificación A, excepcional, en docencia, en las posibles combinaciones para acreditarse), pese a la alta repercusión social de la enseñanza, que es la razón de ser de las universidades. Por contra, la alta producción en investigación puede afectar la calidad docente;

PALABRAS CHAVE: violencia contra a muller, enfermaría, saúde, scoping review.

CONTEXTUALIZANDO A VIOLENCIA CONTRA A MULLER NO EIDO DA SAÚDE E DA ENFERMARÍA

A violencia contra a muller é definida pola Organización das Nacións Unidas (Organización de las Naciones Unidas, 1993) como:

“Todo acto de violencia de xénero que resulte, ou poida ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada”

Encóntrase profundamente arraigada na desigualdade de xénero e constitúe aínda na actualidade, unha das violacións dos dereitos humanos máis importantes en todas as sociedades e culturas (European Institute for Gender Equality, 2019).

Esta temática posúe unha gran relevancia ao enmarcarse en distintas normativas e declaracións, internacionais, europeas, estatais e autonómicas. En todas elas, de forma xenérica, sinálase a necesidade de abordar esta problemática para lograr os dereitos fundamentais de toda a poboación, e en todo o mundo. A *Declaración y Plataforma de Acción de Beijing*, de 1995, é considerada como a proposta máis progresista para promover os dereitos e liberdades das mulleres vítimas de violencia, xa que esta é un obstáculo para lograr os obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz (Naciones Unidas, 1995). Na actualidade, destácanse medidas internacionais como a *Estrategia Global de Salud para Mujeres, Niñas y Adolescentes (2016-2030)* e a Axenda 2030 para o *Desarrollo Sostenible*.

En canto á magnitude do problema, cada ano, 1,4 millóns de mulleres perden a vida debido a violencia. As que non perden a vida, quedan con lesións e diversos problemas de saúde física, sexual, reprodutiva, mental e social. A prevalencia desta problemática varía dun país a outro, de forma que as estatísticas sitúan a mulleres entre 15 e 49 anos que sufriron violencia física ou sexual por parte da súa parella ao longo da súa vida entre o 15 e o 71% (World Health Organization, 2005). En España, en 2018, rexistráronse 32.286 mulleres vítimas de violencia de xénero. A Comunidade Autónoma de Galicia destaca por ser unha das comunidades onde o incremento das denuncias foi mais notable.

MULLER VÍTIMA DE VIOLENCIA: A SÚA SAÚDE DENDE A MIRADA ENFERMEIRA

O marco conceptual establecido pola Comisión dos Determinantes Sociais da Saúde da Organización Mundial da Saúde permite vislumbrar como a violencia contra a muller constitúe un determinante social da saúde, pois constitúe unha ameaza para o estado da saúde das mulleres, polas diferentes situacións que poden vivir (Organización Mundial de la Salud, 2017; Organización Mundial de la Salud, 2009) (Figura 1).

Figura 1. Situacións que inflúen gravemente na saúde da muller.



Fonte: Elaboración propia a partir de Organización Mundial de la Salud, 2017.

As consecuencias poden ser de distinta índole, podendo persistir moito tempo despois de que a violencia cese. Neste eido, a literatura expón a necesidade do traballo multidisciplinar nesta problemática, e é aquí onde destaca as/aos profesionais enfermeiras/os (Estévez, 2017). O principal motivo ten que ver

con que: manteñen unha relación próxima coas persoas, abarcan o coidado que salienta as relacións humanas, a axuda e o autocoidado, mediante a promoción da saúde, a prevención de enfermidades e o propio coidado. Alén, fomentan o entorno seguro, a investigación, a participación en políticas de saúde e xestión dos sistemas de saúde, aspectos que teñen que ver de forma profunda con esta temática (Estévez, 2017; Hewitt, 2015).

Tendo en conta a problemática do tema a tratar e as consecuencias que ten en todas as esferas da persoa, é necesario coñecer que hai escrito na literatura científica sobre a labor das/os profesionais da enfermaría en relación a esta problemática.

OBXECTIVOS

As preguntas de investigación formuladas foron as seguintes: 1) Que se sabe sobre as experiencias e necesidades que teñen as mulleres vítimas de violencia contra a muller en relación á asistencia sanitaria enfermeira e 2) que abordaxes e dificultades son expostos por estas/es profesionais para identificar e abordar esta problemática?

Desta maneira, os obxectivos establecidos son os seguintes:

Coñecer que foi investigado sobre a violencia contra a muller dende a disciplina enfermeira, en relación a:

- Experiencias e as necesidades que as mulleres teñen en relación á asistencia sanitaria enfermeira.
- Abordaxes e dificultades son expostos polas/os enfermeiras/os para identificar e abordar este problema de saúde na práctica diaria.

METODOLOXÍA

Revisión de Alcance (Scoping Review)

Para coñecer de mais cerca o que foi investigado sobre a temática proposta, realizouse unha "scoping review" ou revisión de alcance, baseada no marco metodolóxico descrito por Arksey & O'Malley (2005), así como a extensión PRISMA para revisións de alcance (Tricco et al., 2018). Esta metodoloxía permite comprender e interpretar os temas e tendencias presentes na literatura, e identificar lagoas de coñecemento presentes na mesma (Peterson et al., 2017). Defínese por cinco fases principais: identificar

a pregunta de investigación, identificar os estudos pertinentes, seleccionar os estudos, os datos, e cotexar, resumir e comunicar os resultados.

Termos empregados na busca e estratexias empregadas

A procura de información fíxose de febreiro a marzo de 2020. As bases de datos usadas foron: Pubmed, Scopus, Web of Science, Dialnet e Cochrane Library Plus. Os termos empregados amósanse na seguinte táboa (Táboa 1):

Táboa 1. *Termos empregados*

Idioma	Enfermaría	Violencia contra a muller
Español	Enfermería, cuidados de enfermería	Violencia contra la mujer, violencia de género
Inglés	Nursing, nursing care	Violence against women, gender-based violence, GBV

Na Táboa 2 amósanse as estratexias empregadas cos distintos termos previamente expostos, e facendo uso dos operadores booleanos "AND" e "OR". En todas as bases de datos limitouse a procura por título e resumo, a excepción da base de datos Web of Science que se fixo por tema.

Tabó 2. *Estratexia de procura bibliográfica e número de resultados totais*


Base de datos	Estratexia de procura bibliográfica	Resultados totais
Pubmed	(((("Nurse"[Mesh]) OR "Nursing"[Mesh])) AND "Gender-Based Violence"[Mesh]) OR (((nursing [tiab] OR "nursing care" [tiab])) AND ("gender-based violence" [tiab] OR "violence against women" [tiab] OR GBV [tiab]))	78
Scopus	((TITLE-ABS-KEY (nurse) OR TITLE-ABS-KEY ("nursing care") OR TITLE-ABS-KEY (nursing)) AND ((TITLE-ABS-KEY ("gender-based violence") OR TITLE-ABS-KEY ("violence against women")))	229
Web of Science	(TEMA: (nurse) OR TEMA: (nursing) OR TEMA: ("nursing care")) AND ("gender-based violence" OR TEMA: ("violence against women"))	144
Dialnet	violencia de género AND enfermería	90
Cochrane Library Plus	nursing AND gender-based violence	3

Criterios de selección dos estudos

De acordo ao marco de Arksey and O'Malley, esta revisión de alcance ten os seguintes criterios de selección:

- Tipo de artigos: artigos orixinais e guías de práctica clínica.
- Idioma: español, inglés, galego e portugués.
- Data de publicación: artigos publicados nos últimos dez anos.
- Temática: artigos que responderan a pregunta de investigación.

En total, 544 artigos foron identificados como potencialmente relevantes. Unha vez os artigos duplicados foron eliminados ($n=250$ artigos), obtivéronse 294 documentos. Establecendo os criterios de elixibilidade, as autoras avaliaron os artigos para a inclusión. A primeira selección foi realizada trala lectura do título e resumo dos documentos obtidos, e a segunda mediante a lectura do texto completo. Todos os conflitos xerados a través da lectura e valoración dos artigos foi discutida polas dúas autoras. Finalmente, 98 artigos foron revisados a texto completo, dos cales, exluíronse 73, polas seguintes razóns: documentos que non cumprían cos criterios previamente establecidos e que non respondían a pregunta de investigación. Deste xeito, foron incluídos 25 artigos, revisados e discutidos polas dúas autoras. O diagrama de fluxo que amosa o proceso de inclusión final deste número de artigos se amosa na Figura 2.



Fonte: PRISMA 2020

Figura 2. Diagrama de fluxo.

A continuación, amósase os resultados desta revisión, en cuxo análise temático baseouse en identificar, analizar e reportar os diferentes temas e ideas atopadas (Braun & Clarke, 2005).

RESULTADOS

Un total de 25 artigos foron incluídos. A meirande parte estaban escritos en español e foron rescatados de Dialnet. Asemade, na súa maioría se levaron a cabo en América do Sur e en Europa. A continuación, exponse tendo en conta as dúas preguntas de investigación previamente expostas, as catro liñas temáticas que emerxeron nesta revisión de alcance:

- a. En relación á primeira pregunta de investigación, existe unha escaseza de artigos que falen sobre as experiencias e necesidades en termos de saúde manifestadas polas mulleres vítimas de violencia contra a muller en relación ao coidado enfermeiro. Unicamente se atopou un artigo no que se describe a importancia da presenza da figura enfermeira durante as exploracións xinecolóxicas, por transmitir confianza e seguridade (Reeves & Humphreys, 2018). Outro artigo establecía, xa en 2010, en España, a necesidade de indagar sobre esta atención, e se se corresponde coa demanda real deste colectivo (Castro et al., 2010).
- b. A bibliografía revisada expón que como enfermeiras/os, debemos desenvolver estratexias de saúde que melloren a calidade de vida e o benestar das mulleres vítimas de violencia. En colaboración con outras profesións, as/os enfermeiras/os somos sinalados como unha profesión clave para empoderar unha vida libre de violencia, a través da educación sanitaria e visitas domiciliarias, percibíndose o coidado enfermeiro como positivo e fonte de protección (Carneiro, 2020; Batis-tetti, 2020). Deste modo, Gupta et al. (2017) manifestaron que a intervención enfermeira ofrece melloras, incluso, a curto prazo, ao desenvolver un papel de apoio para as mulleres. Aínda así, o traballo dende a enfermaría recibe pouca importancia, sendo escasos os estudos que relaten intervencións dende a profesión, o que fai preciso realizar estudos sobre o tema.
- c. Por outro lado, os documentos atopados amosan a inseguridade manifestada polas/os enfermeiras/os na abordaxe deste colectivo, sendo necesario unha maior formación para facer fronte a este desafío (Medina-Maldonado, 2015). A falta de formación é identificada como principal obstáculo na resposta sanitaria eficaz. Un exemplo que reflexa a importancia que ten a formación, observase en investigacións levadas a cabo por enfermeiras/os mediante enquisas a estudantes e sesións

educativas sobre o tema, observándose un cambio de conducta grazas á formación prestada, o que releva a necesidade da mesma (Mena-Tudela et al., 2020).

- d. Existen estudos nos que as mulleres observan da nosa profesión un rol ausente. Esta idea pon de manifesto a necesidade de desenvolver un papel central na detección e intervención, dende un enfoque multidisciplinar, deste grave problema de saúde pública (Tognoni, 2015; Cabrera Espinosa, 2011).

CONCLUSIÓNS

A bibliografía expón a necesidade de que as enfermeiras e enfermeiros elaboren protocolos e estratexias de intervención, se manteñan actualizados en recursos locais, coordinen o seu labor con outros servizos, e que participen na implantación e avaliación de programas que respondan as necesidades deste colectivo dende unha perspectiva ética, social, profesional, crítica e de saúde.

Aínda que a literatura amosa artigos dende a experiencia das/os profesionais enfermeiras/os, as vivencias das mulleres vítimas de violencia contra a muller en relación ao proceso asistencial enfermeiro non foron investigadas de forma suficiente. Isto, pon de manifesto a necesidade de elaborar, como investigación futura, un traballo baseado na Investigación Acción Participativa, a cal, permitirá coñecer dende a voz das mulleres as necesidades reais de atención e como abordalas, mellorando os cuidados enfermeiros e polo tanto, a saúde deste colectivo. Desta forma, ao saber as súas necesidades, desenvolveremos unha nosa actividade enfermeira sensible con esta problemática e baseada na evidencia.

BIBLIOGRAFÍA

Arksey, Hilary; O'Malley, Lisa (2005): "Scoping studies: towards a methodological framework", *International Journal of Social Research Methodology*, 8, 1, 19-32.

Batistetti, Luciana; Dias de Lima Maria Cristina; Rossi Kissula Souza Silvia Regina (2020): "The Perception of Sexual Violence's Victims about the Embrace in a Reference Hospital in Parana", *Revista Online de Pesquisa*, 12, 162-167.

Braun, & Clarke. (2005): "Using thematic analysis in psychology", *Qualitative Research in Psychology*, 77-101.

Cabrera Espinosa M. (2011): "Enfermería, maltrato de género y presencia de menores", *Enfermería Global*, 10, 2, 25-10.

Castro, Sara; de la Fuente Aparicio, Diana; Salamanca Castro, Ana Belén; Robledo Martín, Juana (2010): "Valoración de las mujeres maltratadas sobre la asistencia sanitaria recibida". *Nure Investigación*, 48, 1-15.

Cavalcanti, Gisélia de Moura; Borges de Amorim, Ana Vitória; Silva de Queiroz, Gabriela; Mendes Cruz, Natália; Lite Costa, Rissa; Feliz de Oliveira Bezerra, Klenia (2020): "Violence against women in the single health system". *Revista de pesquisa: cuidado é fundamental online*, 12, 146-154.

Carneiro Jordana, Gomes NP, Estrela FM, Paixão GPDN, Romano CMC, Mota RS (2020): "Unveiling the strategies used by women for confronting marital violence", *Texto & Contexto Enfermagem*, 29.

Colombini, Manuela; Mayhew, Susannah; Hawa Ali, Siti; Shuib, Rashidah; Watts, Charlotte (2012): "An integrated health sector response to violence against women in Malaysia: lessons for supporting scale up". *BMC public health*, 12(1), 1-10.

Estévez E. M. (2017): "Intervenciones de enfermería en la atención a las mujeres víctimas de violencia de género en las consultas de atención primaria de salud", *MUSAS*, 2, 2: 75-101.

Gupta J, Falb KL, Ponta O, Xuan Z, Campos PA, Gomez AA, et al. (2017): "A nurse-delivered, clinic-based intervention to address intimate partner violence among low-income women in Mexico City: findings from a cluster randomized controlled trial", *BMC Medicine*, 15, 1, 128.

Hewitt, Lisa (2015): "Intimate partner violence: the role of nurses in protection of patients", *Critical Care Nursing clinics of North America*, 27, 2, 271-275.

Medina-Maldonado, Venus Elizabeth; Landenberger Margarete; Rondón de Gómez, Rosa, Osio Patrizzi, Miguel (2015): "Experiences of nursing in prevention of gender violence and assistance of women affected", *Revista Cubana de Enfermería*, 31,4, 1-12.

Mena-Tudela D, González-Chordá VM, Soriano-Vidal FJ, Bonanad-Carrasco T, Centeno-Rico L, Vila-Candel R, et al. (2020): "Changes in health sciences students' perception of obstetric violence after an educational intervention", *Nurse Education Today*, 88, 104364.

Naciones Unidas (1995): "Informe de la Cuarta Conferencia Mundial sobre la Mujer". Documento electrónico: <http://www.un.org/womenwatch/daw/beijing/pdf/Beijing%20full%20report%20S.pdf> Consultado 05/04/2020.

Organización de las Naciones Unidas (1993): "Declaración sobre la Eliminación de la Violencia contra la Mujer". *Resolución, 48(104)*, 20. Documento electrónico: <https://www.ohchr.org/sp/professionalinterest/pages/violenceagainstwomen.aspx>. Consultado: 10/03/2020.

Organización Mundial de la Salud (2009): "Comisión sobre Determinantes Sociales de la Salud. Informe final. Subsancar las desigualdades en una generación. Alcanzar la equidad sanitaria actuando sobre las determinantes sociales de la salud". Documento electrónico: https://www.who.int/social_determinants/thecommission/finalreport/es/. Consultado 01/04/2020.

Organización Mundial de la Salud (2017): "Violencia contra la mujer". Documento electrónico: <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/violence-against-women>. Consulta 15/02/2020.

Peterson J, Pearce PF, Ferguson LA, Langford CA. (2017): "Understanding scoping reviews: Definition, purpose, and process". *Journal of the American Association of Nurse Practitioners*, 29, 1, 12-16

Reeves, Elizabeth; Humphreys, Janice: "Describing the healthcare experiences and strategies of women survivors of violence", *Journal of Clinical Nursing*, 27, 5-6, 170-1182

Tognoni G. (2015): "Unconnected, possibly irrelevant for the nursing profession, but mandatory readings not to lose the focus in 2015, and beyond", *Assist Inferm Ric*, 34, 4, 194-197.

Tricco, AC, Lillie, E, Zarin, W, O'Brien, KK, Colquhoun, H, Levac, D, Moher, D, Peters, MD, Horsley, T, Weeks, L, Hempel, S et al. (2018): "Extensión PRISMA para revisiones de alcance (PRISMA-ScR): lista de verificación y explicación". *Annals of Internal Medicine*, 169, 7, 467-473.

World Health Organization (2005): "WHO multi-country study on women's health and domestic violence against women: Initial results on prevalence, health outcomes and women's responses". Documento electrónico: <https://www.who.int/reproductivehealth/publications/violence/24159358X/en/>. Consultado 10/03/2020.

World Health Organization (2019): "RESPECT strawmen: preventing violence against women begins to prevent violence against women". Documento electrónico: <https://dspace.ceid.org.tr/xmlui/bitstream/handle/1/931/WHO-RHR-18.19-eng.pdf?sequence=1&isAllowed=y>. Consulta 15/02/2020.

COIDADO DE ENFERMARÍA A MULLERES EN SITUACIÓN DE MALTRATO: UN ENFOQUE META-ETNOGRÁFICO

Fernández Basanta, Sara

Departamento de Ciencias da Saúde

Universidade da Coruña

sara.fbasanta@udc.es

Paz López, Iria

Servizo Galego de Saúde

iria.paz2@udc.es

Movilla Fernández, María Jesús

Departamento de Ciencias da Saúde

Universidade da Coruña

maria.jesus.movilla@udc.es

RESUMO

O persoal sanitario, especialmente enfermeiras e matronas, son cruciais para detectar e coidar as mulleres en situación de maltrato. Isto adoita dificultarse xa que as respostas do sistema de saúde a este problema son inadecuadas. Esta meta-etnografía ten como obxectivo sintetizar o conxunto de estudos cualitativos dispoñibles sobre as experiencias de enfermeiras e matronas no coidado de mulleres que sufriron violencia de xénero. Os resultados cualitativos extraídos de trece estudos incluídos analizáronse empregando un enfoque meta-etnográfico. Enfermeiras e matronas involucráronse no coidado de mulleres en situación de maltrato e ían máis alá das técnicas, cando tiñan experiencias persoais e profesionais anteriores, unha rede de apoio ou un forte sentido do deber profesional. Sen embargo, algunhas profesionais de enfermaría poderían optar por prestar atención centrada nos aspectos físicos das mulleres debido ás dificultades do contexto. Neste escenario a formación das enfermeiras e matronas e as estudantes en materia de xénero, é especialmente en violencia de xénero, é indispensable.

PALABRAS CHAVE: “Atención de Enfermaría”; coidado; “Mulleres Maltratadas”; “investigación cualitativa”; “Violencia de Xénero”

INTRODUCCIÓN

A violencia de xénero é aquela que afecta ás mulleres por ser mulleres. Representa un ataque á súa dignidade, liberdade e integridade e segue a ser unha clara manifestación da desigualdade (Heise, 1996; Heise et al., 2002). Este tipo de violencia constitúe un importante problema de saúde pública debido aos custos sociais e económicos que desencadea (Flury e Nyberg, 2010). En todo o mundo, as estimacións publicadas pola Organización Mundial da Saúde (OMS) (2017) indican que arredor dunha de cada tres mulleres no mundo sufriron violencia física e/ou sexual por parte da súa parella ou doutras persoas nalgún momento da súa vida. En xeral, a violencia inflíxela a parella e o 30% das mulleres de todo o mundo declaran ter sufrido este tipo de violencia. A violencia no contexto da parella é un comportamento dunha parella ou ex-parella íntima que causa danos físicos, sexuais ou emocionais e inclúe violencia física, abuso psicolóxico (incluído acoso e acoso), coacción sexual, comportamentos de control e abuso financeiro (OMS, Londres Escola de Hixiene e Medicina Tropical, 2010).

O persoal sanitario, especialmente enfermeiras e matronas, xogan un papel importante na detección e coidado das mulleres dentro do equipo de traballo (Goldblatt, 2009; Hägglom e Möller, 2006; Visentin et al., 2015). Poucos estudos abordaron a experiencia de enfermeiras e matronas na atención a mulleres en situación de maltrato. A atención ás superviventes adoita dificultarse, xa que as respostas do sistema de saúde a este problema son inadecuadas. A exposición das enfermeiras e matronas a este coidado repercute no plano persoal; obrígalles a separar o dominio persoal do profesional para evitar que as experiencias no traballo influan na vida persoal. Non obstante, isto non sempre é doado (Goldblatt, 2009; Mauri et al., 2015; Van der Wath et al., 2013).


Ante este escenario xurde a seguinte pregunta: Como abordan o coidado de mulleres en situación de maltrato as enfermeiras e matronas? Para a cal establecemos o obxectivo de sintetizar o conxunto de estudos cualitativos dispoñibles sobre as experiencias de enfermeiras e matronas no coidado de mulleres que sufriron violencia de xénero.

METODOLOXÍA

Levouse a cabo unha meta-síntese de estudos cualitativos, usando o enfoque de meta-etnografía proposto por Noblit e Hare (1988). O produto da síntese é a tradución duns estudos noutros, permitindo o investigador comprender e transferir ideas e conceptos dos estudos primarios ao seu estudo.

Da busca sistemática integral nas bases de datos Pubmed, Scopus, Cinahl, Web of Science e Psycinfo, obtiveronse 1490 artigos. Unha vez eliminados os estudos duplicados, revisáronse 800 artigos segundo o título e o resumo dos artigos e segundo os criterios de artigos cualitativos ou mixtos cuxo obxectivo se centrara nas experiencias de enfermeiras e matronas que coidan de mulleres en situación de maltrato. Excluíronse os traballos de literatura gris, discusión ou revisión. Foron lidos 88 artigos na súa totalidade. A mostra final consistiu en 13 artigos (figura 1).

Figura 1. Ilustración 2. Diagrama de fluxo



A análise comezou coa lectura crítica dos estudos. Os conceptos de primeiro e segundo orde extraéronse nas táboas de Microsoft Word (paso 3), o que permitiu a comparación dentro e entre estudos (paso 4). No paso 5, os resultados dos estudos incorporáronse entre si mediante traducións análogas e refutacionais para formar novos conceptos de terceira orde. O proceso de análise foi iterativo e implicou ir e vir a través dos datos, comparar e contrastar os resultados dos estudos individuais e traducilos entre si. Finalmente, no paso 6, desenvolveuse unha historia do fenómeno, sendo a base para a liña de síntese argumental (France et al., 2019).

RESULTADOS E DISCUSIÓN

Os estudos primarios contextualízanse en Italia, Israel, España, Sri Lanka, Canadá, Inglaterra, Estados Unidos, Venezuela, Suecia e Finlandia. Participaron un total de 200 enfermeiras e matronas de diferentes ámbitos e centráronse na atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.

A falta de coñecemento e preparación de enfermeiras e matronas compenseuse con experiencias persoais e profesionais, que se complementaron cunha formación autodidacta sobre violencia de xénero (Hägglom e Möller, 2006; Henderson, 2001). Ter estas experiencias podería axudarlles a identificar a unha muller maltratada, xa que desenvolveron habilidades para relacionar posibles signos e síntomas cunha situación de maltrato. Ademais, encontros previos con outras mulleres en situación de maltrato desenvolveron a súa empatía, como afirmou unha matrona: "*Creo que a experiencia clínica é o que máis axuda a comprender algún tipo de situacións ... non sei ... falar con mulleres, explorar as súas historias*" (Mauri et al., 2015).

Non obstante, a experiencia profesional pode xerar aprendizaxe baseada no enfoque de ensaio e erro, o que pon en risco ás mulleres en situación de maltrato (Brykczynski et al., 2009). Por outra banda, as enfermeiras e matronas novatas tiveron máis dificultades porque carecían de bagaxe profesional de anos de experiencia, baseando as súas accións no xuízo e inexperiencia individuais (Guruge, 2012; Henderson, 2001; Valdez-Santiago et al., 2004).

O contacto con compañeiras/os de equipo experimentados nesta situación permitiulles consultar e resolver dúbidas e axudounas a identificar situacións de abuso (Gómez-Fernández et al., 2019; Mauri et al., 2015). Comunicarse con compañeiras/os tamén lles axudou a facer fronte ao custo persoal deste coidado (Dos reis et al., 2010; Henderson, 2001).

A pesar das dificultades e custos persoais que supoñía este coidado para enfermeiras e matronas, participaron nel. Involucrarse no coidado de mulleres en situación de maltrato significaba responder ac-

tivamente, afondar na experiencia, coñecer os recursos dispoñibles e ser un apoio para estas mulleres (Brykczynski et al., 2009; Henderson, 2001).

O que motivou ás enfermeiras e matronas a coidar de mulleres en situación de maltrato foi un sentimento de deber profesional e que o coidado era a súa responsabilidade como persoal sanitario (Gómez-Fernández et al., 2019; Mauri et al., 2015). Dentro do equipo, as enfermeiras e as matronas xogaron un papel fundamental na identificación e prevención da violencia de xénero, debido á súa proximidade ás mulleres. Un forte sentido do compromiso enraizouse nelas para comprender esta situación, identificar o maltrato e acompañar á muller durante todo o proceso de atención. Esta construción do seu papel no coidado deulle seguridade e confianza para afondar no coidado das mulleres en situación de maltrato (Hägglom e Möller, 2006).

Por outra banda, a sensación de traballo ben feito e as expresións de gratitude das mulleres contribúen a un sentimento de realización que motiva ás matronas e enfermeiras a seguir prestando atención, como afirmou esta enfermeira: *“Sempre que a paciente e a familia sosténenme e me agradecen, sinto que puiden facer algo. Vexo que algo positivo sae dela. Entón, faime sentir ben”*. (Dos reis et al., 2010).

Debido á alta sensibilidade e ás implicacións ético-legais que implica o coidado das mulleres en situación de maltrato, algunhas participantes poderían xustificar non profundar no coidado requirindo á muller que expresase a súa experiencia de abuso e pedise axuda (Brykczynski et al., 2009; Guruge, 2012; Henderson, 2001).

“Trátamola polas súas feridas, pero non podemos facer nada máis se non sae con ela. Se revelan o abuso, apoiámos moito” (Guruge, 2012)

Non obstante, a presenza de lesións físicas representou unha situación inquietante e dura para algunhas enfermeiras (Van der Wath et al., 2013). Dado que estas lesións eran máis evidentes que as lesións psicolóxicas, os profesionais tiveron que xestionar dalgún xeito esa atención (Mauri et al., 2015; Valdez-Santiago et al., 2004).

A estigmatización da muller caracteriza o contexto sociocultural deste fenómeno e da prestación de coidados (Overstreet e Quinn, 2013), tanto nas decisións das mulleres de denunciar o problema e buscar axuda, como nas respostas á violencia do persoal de enfermaría. Este contexto tamén afectou á vulnerabilidade das enfermeiras que realizaran visitas a domicilio, no que o xénero é o factor determinante. Isto reforza a percepción de que se trata dunha forma de violencia de xénero, xa que os homes

son os principais agresores e as mulleres, no caso das enfermeiras, as súas principais vítimas (Oliveira e D'Oliveira, 2008).

A experiencia profesional foi un elemento que permitiu as enfermeiras e matronas participar na prestación de cuidados, xa que lles proporcionou seguridade e coñecemento. A formación en xénero, é concretamente en violencia de xénero, de estudantes e enfermeiras e matronas graduadas é esencial para aumentar a súa formación e confianza na detección e tratamento das mulleres en situación de maltrato e para fortalecer o manexo das demandas emocionais.

CONCLUSIÓNS

Esta meta-etnografía mostra un contexto hostil no que enfermeiras e matronas proporcionan cuidado as mulleres en situación de maltrato. En base a isto, enfermeiras e matronas puideron centrarse nos aspectos físicos da atención e proporcionar cuidados superficiais que as protexeran das demandas emocionais inherentes o cuidado. Sen embargo, outras implicáronse no cuidado, especialmente se tiñan experiencias anteriores ou unha rede de apoio, pero sobre todo, se tiñan un forte sentido do deber e responsabilidade profesional. Neste escenario a formación das enfermeiras e matronas e as estudantes en materia de xénero, é especialmente en violencia de xénero, é indispensable.

BIBLIOGRAFÍA

Brykczynski, Karen A., Crane, Patricia., Medina, Cindy. K., & Pedraza, Dora. (2011): "Intimate partner violence: Advanced practice nurses clinical stories of success and challenge". *Journal of the American Academy of Nurse Practitioners*, 23(3), 143-152.

Dos Reis, María José, Lopes, María Elena, Higa, Rosángela, Turato, Egberto R., Chvatal, Vera L. S., & Bedone, Aloísio J. (2010): "Experiences of nurses in health care for female victims of sexual violence". *Revista de saude publica*, 44, 325-331.

Flury, Marianne, & Nyberg, Elisabeth. (2010): "Domestic violence against women: definitions, epidemiology, risk factors and consequences". *Swiss medical weekly*, 140(3536).

France, Emma. F., Cunningham, Maggie, Ring, Nicola, Uny, Isabelle, Duncan, Edward A., Jepson, Ruth G., Maxwell, Margaret, Roberts, Rachel J., Turley, Ruth L., & Booth, Aandrew. (2019): "Improving reporting of meta-ethnography: the eMERGe reporting guidance". *BMC medical research methodology*, 19(1), 25.

Goldblatt, Hadass. (2009): "Caring for abused women: impact on nurses' professional and personal life experiences". *Journal of advanced nursing*, 65(8), 1645-1654.

Gómez-Fernández, María Analía, Goberna-Tricas, Josefina, & Payà-Sánchez, Montserrat. (2019): "The experiential expertise of primary care midwives in the detection of gender violence during pregnancy". Qualitative study. *Enfermería Clínica (English Edition)*, 29(6), 344-351.

Guruge, Sepali. (2012): "Nurses' role in caring for women experiencing intimate partner violence in the Sri Lankan context". *International Scholarly Research Notices*, 2012.

Häggblom, Anette M., & Möller, Anders R. (2006): "On a life-saving mission: Nurses' willingness to encounter with intimate partner abuse". *Qualitative health research*, 16(8), 1075-1090.

Heise, Lori L. (1996): "Violence against women: Global organizing for change".

Heise, Lori, Ellsberg, M., & Gottmoeller, M. (2002): "A global overview of gender-based violence". *International Journal of Gynecology & Obstetrics*, 78, S5-S14.

Henderson, Angela. (2001): "Factors influencing nurses' responses to abused women: what they say they do and why they say they do it". *Journal of Interpersonal Violence*, 16(12), 1284-1306.

Mauri, Elisa M., Nespoli, Antonella, Persico, Giuseppina, & Zobbi, Virna F. (2015): "Domestic violence during pregnancy: Midwives' experiences". *Midwifery*, 31(5), 498-504.

Noblit, George, & Hare, R. (1988): "*Meta-ethnography: Synthesizing qualitative studies*" (Vol. 11). Sage Publications.

Oliveira, Ane R., & D'Oliveira, Ana F. P. (2008): "Gender-violence against the female nursing staff of a Brazilian hospital in São Paulo City". *Revista de saude publica*, 42, 868-876.

Overstreet, Nicole M., & Quinn, Diane M. (2013): "The intimate partner violence stigmatization model and barriers to help seeking". *Basic and applied social psychology*, 35(1), 109-122.

Valdez-Santiago, Rosario, Arenas-Monreal, Luz, & Hernández-Tezoquiipa, Isabel. (2004): "The midwives' experiences in the identification of battered women in pregnancy". *Salud publica de Mexico*, 46(1), 56-63.

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Van der Wath, Annatjie, van Wyk, Neltjie, & Janse van Rensburg, Elsie. (2013): "Emergency nurses' experiences of caring for survivors of intimate partner violence". *Journal of Advanced Nursing*, 69(10), 2242-2252.

Visentin, Fernanda, Becker Vieira, Leticia, Trevisan, Ivana, Lorenzini, Elisiane, & Franco da Silva, Eveline. (2015): "Women's primary care nursing in situations of gender violence". *Investigación y Educación en Enfermería*, 33(3), 556-564.

World Health Organization, London School of Hygiene and Tropical Medicine. (2010): "*Preventing intimate partner and sexual violence against women: Taking action and generating evidence*", World Health Organization, Geneva, Switzerland

World Health Organization (WHO) (2017): "Violence against women". World Health Organization. <https://www.who.int/news-room/fact-sheets/detail/violence-against-women> Consultado en 09/03/2021

VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES EN ESTUDIANTES DE ENFERMERÍA DE LA UNIVERSIDAD POLITÉCNICA TERRITORIAL DEL ESTADO "KLÉBER RAMÍREZ" MÉRIDA – VENEZUELA, FEBRERO - MARZO 2021

Sánchez Uzcátegui, Eduardo

Estudiante de Doctorado

Universidad Autónoma de Madrid

Instituto Universitario de Estudios de la Mujer

eduardojose.sanchez@estudiante.uam.es

Uzcátegui Cabrices, Edith

Universidad Politécnica Territorial de Estado Mérida "Kléber Ramírez"

Programa Nacional de Formación en Enfermería Integral Comunitaria

marisol.uzcategui1958@gmail.com

Uzcátegui Cabrices, Petra

Universidad Politécnica Territorial de Estado Mérida "Kléber Ramírez"

Programa Nacional de Formación en Enfermería Integral Comunitaria

mari.2111@hotmail.com

RESUMEN

El presente estudio se realizó en estudiantes del Programa Nacional de Formación en Enfermería Integral Comunitaria de la Universidad Politécnica Territorial del Estado Mérida "Kléber Ramírez" núcleo Ejido. Objetivo: determinar la violencia contra la mujer en las estudiantes del programa. Metodología: estudio bajo un enfoque cuantitativo de diseño no experimental, con un nivel descriptivo. Población: estudiantes de género femenino, con una participación voluntaria de 139 personas. Técnica: aplica-

ción de una encuesta digital. El instrumento aplicado fue un formulario google, previamente validado. Resultados: el 77,8% tienen un promedio de edad entre 18 y 25 años de edad, un 81,4% son solteras, el 64,6% viven con sus padres. En relación a la violencia contra la mujer, solo el 14,5% manifestó haber sufrido violencia, el tipo de violencia fue mediante insultos y ofensas 60% y, un 23,8% señaló a la expareja como responsable. El 80% no denunció la agresión. Conclusión: un número significativo de las estudiantes ha sufrido violencia psicológica por parte de sus exparejas y en ningún caso se ha denunciado o buscado apoyo institucional, por lo que se hace necesario difundir los resultados de la investigación para la implementación de programas de prevención y apoyo a las víctimas, como también, profundizar en la comprensión del objeto de estudio, mediante investigaciones bajo un enfoque cualitativo.

PALABRAS CLAVE: violencia contra la mujer, estudiantes, enfermería, maltrato.

INTRODUCCIÓN

La violencia contra las mujeres representa un acto de violencia basado en el género que tiene o puede tener como resultado un daño o sufrimiento físico, sexual o mental, así como las amenazas de tales actos, la coacción o la privación arbitraria de la libertad, tanto si se producen en la vida pública como en la vida privada. Abarca, con carácter no limitativo, la violencia física, sexual y psicológica que se produce en el seno de la familia o de la comunidad, así como la perpetrada o tolerada por el Estado¹. Algunos autores, como Moreno² la identifican como "la violencia que los hombres ejercen contra las mujeres basándose en la ideología del patriarcado o del machismo"² (p. 49) representada por la dominación legítima masculina sobre la mujer y situándolas en una posición familiar, social y laboral secundaria. Por su parte, Mirat y Armendáriz³, la definen como:

cualquier acto de violencia sufrido por una mujer por su pertenencia al género femenino, que tenga o pueda tener como resultado un daño físico, sexual o psicológico y que abarca el homicidio, las lesiones, las amenazas, las coacciones, la privación arbitraria de la libertad, la libertad sexual y los tratos degradantes, tanto en la vida pública como en la privada (p. 12).

La violencia contra las mujeres puede adoptar diversas formas¹:

- *Violencia psíquica:* incluye actos o conductas que producen desvalorización o sufrimiento en las mujeres, tales como amenazas, humillaciones, exigencia de obediencia, entre otros. Pueden ma-

nifestarse con conductas verbales coercitivas como insultos, aislamiento, control de las salidas, descalificaciones y humillaciones en público, entre otras.

- *Violencia física*: comprende cualquier acto, no accidental, que provoque o pueda producir daño en el cuerpo de las mujeres.
- *Violencia sexual*: se produce cuando se fuerza a la mujer a mantener relaciones sexuales o se le obliga a realizar conductas sexuales en contra de su voluntad. Incluye:
 - Agresiones sexuales: comprenden aquellas conductas sexuales donde se utiliza la fuerza o la intimidación.
 - Violación sexual: comprende toda penetración, por la vagina, el ano o la boca, usando la fuerza o la intimidación. También se considera violación la penetración con objetos.
 - Acoso sexual: comportamiento, verbal o físico, de naturaleza sexual, intimidatorio, degradante u ofensivo.
- *Privacional*: comprende toda violencia producida por omisión, abandono, negligencia que pueda producir privaciones a la mujer en sus necesidades básicas.
- Femicidio: se refiere al asesinato intencionado de una mujer por el hecho de serlo. Por lo general, quienes cometen los feminicidios son parejas o ex parejas de la víctima, y suponen la culminación de un proceso de abusos, amenazas o intimidación constantes en el hogar, violencia sexual o situaciones en las que las mujeres se encuentran en una situación de inferioridad con respecto a su pareja, en términos de poder o disponibilidad de recursos.
- *Violencia social*: supone aquellos refuerzos sociales de estereotipos o roles de género discriminatorios asignados por la sociedad que perpetúan la violencia contra las mujeres, como por ejemplo, las imágenes denigrantes de las mujeres, uso de un lenguaje sexista, despectivo y peyorativo por citar algunos.
- Violencia económica: consiste en lograr o intentar conseguir la dependencia financiera de la otra persona, manteniendo para ello un control total sobre sus recursos financieros.
- Violencia política: implica aquellas acciones, decisiones u omisiones a nivel político o institucional que perpetúan la violencia contra las mujeres, poseen una significación política y tienden a controlar o modificar el comportamiento de la ciudadanía.

- Violencia digital: implica el uso de la tecnología de la información y las comunicaciones (teléfonos móviles, internet, medios sociales, videojuegos, mensajes de texto, correos electrónicos, etc.) contra una mujer por el hecho de serlo. Puede incluir ciberacoso (envío de mensajes intimidantes o amenazantes), sexteo o sexting (envío de mensajes o fotos de contenido explícito sin contar con la autorización de la persona destinataria) y doxing (publicación de información privada o identificativa de la víctima).
- Otros: trata de personas, mutilación genital o femenina, matrimonios infantiles.

En Venezuela, a pesar de las políticas de Estado por crear instituciones que legislen sobre la protección, integridad y dignidad humana, se mantienen los altos índices de violencia contra las mujeres. En este sentido, medios de comunicación y organizaciones no gubernamentales, siguen recogiendo como noticia, los asesinatos a manos de sus novios, parejas o ex parejas. Se suma, el agravante que ha generado la pandemia por el COVID-19 y el confinamiento en Venezuela, decretado de forma intermitente desde el mes de marzo del 2020 hasta la actualidad⁴.

En este contexto, es relevante señalar que desde el 2016 en Venezuela, no se dispone de cifras oficiales que permitan hacer un seguimiento global de la situación, ni precisiones con respecto a la caracterización, aumento o disminución de la misma⁴. Solo se cuenta con algunas organizaciones que recopilan y difunden información a nivel nacional, como cotejo.info, que es un medio de comunicación digital de fact checking (verificación factual de información), Utopix, que es una comunidad que publica informes para el Monitor de Femicidios y el Observatorio Digital de Femicidios⁴. En cuanto a investigaciones y publicaciones relacionadas con la temática, la revista de estudios de la mujer de la Universidad Central de Venezuela⁵, es la única revista especializada en presentar resultados de investigaciones centradas en el campo de los estudios de género. Su última edición 2020, ha sido dedicada al femicidio y sus circunstancias. Otros esfuerzos editoriales recientes, como la revista de estudios culturales de la Universidad Central de Carabobo han centrado su tema central en género y cuidados⁶. Por ello, desarrollar investigación inherente al tema en cuestión, permitirá diagnosticar, planificar y ejecutar intervenciones oportunas desde la prevención, la educación y el apoyo a las mujeres víctimas de la violencia o en circunstancias de serlo.

OBJETIVO

Determinar la violencia contra la mujer en las estudiantes del Programa de Formación en Enfermería Integral Comunitaria de la Universidad Politécnica Territorial de Mérida "Kléber Ramírez" (UPTM) del núcleo Ejido - Mérida Venezuela, febrero - marzo de 2021.

METODOLOGÍA

Investigación con enfoque cuantitativo de diseño no experimental descriptivo. La población estuvo conformada por las estudiantes de género femenino del Programa de Formación en Enfermería Integral Comunitaria de la Universidad Politécnica Territorial de Mérida “Kléber Ramírez” (UPTM) del núcleo Ejido, con una participación voluntaria de 139 estudiantes. La técnica utilizada fue la encuesta por medio de un cuestionario previamente validado y compuesto por 26 ítems con respuestas dicotómicas y politómicas, estructurado 6 partes: datos generales, datos familiares, ámbito social, hábitos personales, violencia contra la mujer y expectativas de las participantes. Este se aplicó de manera digital, utilizando la herramienta Formularios de Google.

RESULTADOS

A continuación, se presentan los resultados más relevantes del estudio en gráficos.

Dimensión: datos generales

Gráfico N° 1. Resultados obtenidos con respecto a la edad promedio. Fuente: elaboración propia.





Gráfico N° 2. Resultados obtenidos con respecto al estado civil. Fuente: elaboración propia.



Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

En relación a la dimensión datos generales, el 77,8% de las participantes tienen un promedio de edad comprendida entre los 18 y 25 años de edad (gráfico 1). La mayoría representada en 81% son solteras (Gráfico 2).

Dimensión: datos familiares

Gráfico N° 3. Resultados obtenidos con respecto a las personas con las que vive. Fuente: elaboración propia.





Gráfico N° 4. Resultados obtenidos relacionados con el número de integrantes de la familia. Fuente: elaboración propia.



En relación a los resultados obtenidos de la dimensión datos familiares, el 64% de las estudiantes viven con sus padres (gráfico 3). El número de integrantes de la familia es de 4 a 5 integrantes para el 45,7% y, de 1 a 3 integrantes para el 36,4% (gráfico 4).

Dimensión: ámbito social

Gráfico Nº 5. Resultados obtenidos con respecto al proveedor principal de la familia. Fuente: elaboración propia.





Gráfico Nº 6. Resultados obtenidos con respecto a la ocupación principal del proveedor de la familia. Fuente: elaboración propia.



En el ámbito social, los resultados obtenidos evidencian que los principales proveedores de la familia son el padre con 30,2% seguido de la madre con 26,4% (gráfico 5), siendo la principal ocupación las actividades comerciales con 37,2% seguido de empleos en el sector público con un 33,2% (gráfico 6).

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Dimensión: violencia contra la mujer

Gráfico N° 7. Resultados obtenidos con respecto a haber sufrido violencia en algún momento de la vida.

Fuente: elaboración propia.




Gráfico N° 8. Resultados obtenidos con respecto al tipo de violencia recibida. Fuente: elaboración propia.




Gráfico N° 9. Resultados obtenidos con respecto al agresor. Fuente: elaboración propia.




Gráfico Nº 10. Resultados obtenidos con respecto al lugar en donde ocurrió la agresión. Fuente: elaboración propia.





Gráfico Nº 11. Resultados obtenidos con respecto a cómo se sintió después de la agresión. Fuente: elaboración propia.



Gráfico Nº 12. Resultados obtenidos con respecto a si denunció la agresión. Fuente: elaboración propia.



Los resultados obtenidos evidencian que las participantes que contestaron los ítems relacionados con la violencia de género, solo el 14,5% manifestó haber sufrido violencia en algún momento de su vida (gráfico 7), siendo la principal agresión insultos u ofensas, seguido de lesiones físicas 20% (gráfico 8). Por su parte, el agresor es la expareja 23,8%, seguido del novio, amigo o pareja ocasional con un 19% y el esposo con un 14,3% (gráfico 9). La agresión ocurre principalmente en la casa 42,9% (gráfico 10) generando depresión 42,1% (gráfico 11). La agresión no fue denunciada 85% (gráfico 12).

DISCUSIÓN

Con el desarrollo de la pandemia por COVID-19, la violencia contra las mujeres se ha intensificado en todo el mundo. Si bien, las medidas sanitarias han ayudado a limitar en algunos casos, la propagación del virus, las mujeres que sufren violencia, se encuentran cada vez más aisladas de las personas y los recursos que pueden ayudarlas¹. En los resultados obtenidos en el presente estudio, las estudiantes universitarias tienen un promedio de edad comprendido entre 18 y 25 años, son solteras y viven con sus padres, cuya ocupación se corresponde con actividades comerciales, seguido de empleos en el sector público. Este último aspecto, los estudios de la participación económica de la población venezolana, evidencian una disminución de personas que perciben salarios en comparación con un creciente número de personas autónomas⁷.

En relación a la violencia contra las mujeres, más de la mitad de las encuestadas respondió haber sufrido violencia por medio de insultos u ofensas. Los agresores principalmente fueron las exparejas, los novios y/o amigos. Aquí, el maltrato psicológico que habitualmente es perpetrado por personas con las que estas tienen un vínculo y que generalmente se presenta bajo las formas de hostilidad verbal. A diferencia de otros tipos de violencia, la violencia psicológica, consiste en un conjunto de "situaciones que desembocan en insultos, burlas, desprecio, críticas o amenazas de abandono, humillaciones, desvalorizaciones, críticas exageradas, lenguaje con tonos despectivos y humillantes, insultos, amenazas..."⁸ (p.23). En este contexto, un cuarto de las encuestadas manifestó haber recibido lesiones físicas y más de un tercio manifestó sentirse deprimida después de la agresión. Al respecto, algunos autores⁹ refieren que las mujeres maltratadas presentan problemas psicológicos moderados siendo los trastornos más frecuentes, la depresión y el trastorno por estrés postraumático, aunque a menudo pudiesen presentar también ansiedad, estados disociativos, intentos de suicidio, trastornos de la alimentación, alcoholismo, drogodependencias, entre otros.

Las estimaciones mundiales según la Organización Mundial de la Salud (OMS) indican que alrededor de una de cada tres mujeres en el mundo han sufrido violencia física y/o sexual¹⁰. Por último, la mayoría busco apoyo en su familia y no denunció al agresor, tal vez por miedo a la reacción del agresor, o quizás por creer que podría resolver sola la situación como lo señalan algunos estudios¹¹.

CONCLUSIONES

Las estudiantes son principalmente jóvenes, con un promedio de edad comprendido entre 18 a 25 años de edad, viven y dependen económicamente de sus padres cuya ocupación mayoritariamente es la actividad comercial.

Existe un número significativo de estudiantes que ha sufrido violencia física y principalmente psicológica por parte de sus exparejas, novios o amigos y/o pareja ocasional y, en algunos casos violencia física, causándoles depresión. En ningún caso se ha denunciado el tipo de violencia recibida, ni tampoco se ha buscado apoyo institucional, a excepción de la familia y amigos. Por lo que se plantea la necesidad de ampliar la investigación bajo un enfoque cualitativo, que permita ahondar en aspectos inherentes al proceso de la violencia, sus efectos y consecuencias, como también, en la capacidad de afrontamiento y resiliencia de las víctimas.

Se recomienda realizar otras investigaciones inherentes a la violencia contra la mujer y el proceso de confinamiento por COVID-19.

Se hace necesario, difundir ante las autoridades competentes de la universidad, el estudio realizado, a fin de implementar programas de apoyo o ayuda a víctimas de la violencia de género.

BIBLIOGRAFÍA

<https://www.unwomen.org/es/what-we-do/ending-violence-against-women/faqs/types-of-violence>.

Consultado: 10/11/2020

Moreno Fernández, Alicia (2008): "La violencia en la pareja: de las desigualdades al abuso" en García-Mina F Freire, Ana (Coord.) (2008): "Nuevos escenarios de la violencia". Reflexiones Comillas ciencias sociales I, Madrid - España.

Mirat Hernández, María Pilar., Armendáriz (2004): "Violencia de género versus violencia doméstica: consecuencias político penales". Difusión Jurídica, Barcelona España

<https://observatorioddhhmujeres.org/documentos/documentos.htm>

http://saber.ucv.ve/ojs/index.php/rev_vem Consultado: 20/04/2021

http://servicio.bc.uc.edu.ve/multidisciplinarias/estudios_culturales/ Consultado: 22/04/2021

<https://www.proyectoencovi.com/informe-interactivo-2019> Consultado: 19/05/2020

Cristóbal Luengo, Héctor., Sánchez-Bayón, Antonio (2014): "La violencia domestica a juicio: todo lo que necesita saber. Estudio interdisciplinario de contenidos y forense de desempeños". Editorial académica española, Madrid - España.

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Aragonés de la Cruz, Rosa., Farran i Porte, Monserrat., Guillén Villegas, Joan Carles., Rodríguez Santiago, Laura (2018): "Perfil psicológico de víctimas de violencia de género, credibilidad y sentencias". Centro de Estudios Jurídicos y Formación Especializada. Barcelona – España.

<https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/violence-against-women> Consultado: 10/01/2021

<https://www.rtve.es/noticias/20190620/victimas-violencia-genero-tardan-denunciar/1956740.shtml>
Consultado: 17/04/2021

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE PREVALENCIA DE ACOSO SEXUAL NO ENTORNO UNIVERSITARIO E DOR CRÓNICA MUSCULOESQUELÉTICA EN ESTUDANTES DE CIENCIAS DA SAÚDE DA UDC

López López, Lucía

Máster en Discapacidade e Dependencia

Universidade da Coruña

lucia.lopezl@udc.es

Rodríguez-Romero, Beatriz

Departamento de Fisioterapia, Medicina y Ciencias Biomédicas

Universidade da Coruña

beatriz.romero@udc.es

RESUMO

A violencia sexual é unha problemática social difícil de identificar nalgúns ocasións, que se atopa presente en tódolos ámbitos, incluso o académico, onde as estudantes universitarias de Ciencias da Saúde están especialmente expostas.

Dentro das secuelas desta violencia destaca a dor crónica musculoesquelética, unha das enfermidades máis discapacitantes e con alta prevalencia na poboación nova.

Debido a isto, co presente estudo transversal correlacional, buscamos calcular a prevalencia de dor crónica musculoesquelética e acoso sexual que experimenta actualmente o alumnado de Ciencias da Saúde da UDC, así como identificar se o acoso sexual está asociado coa prevalencia de dor na poboación estudada.

PALABRAS CHAVE: Musculoskeletal Pain, Sexual Harassment, Central Nervous System Sensitization, Quality of Life, Health Occupations Students.

INTRODUCCIÓN

A presenza da violencia sexual en todos os eidos é unha realidade que non pode ser invisibilizada, así como tampouco as súas consecuencias. Este traballo pretende identificar por unha parte, as experiencias de acoso sexual dos estudantes de ciencias da saúde da Universidade da Coruña; e por outra, a posible asociación de tales experiencias co nivel de saúde, medido éste a través da prevalencia de dor crónica e da calidade de vida relacionada coa saúde.

FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA

Identificación e denuncia da violencia sexual

Para este traballo, tomaremos como referencia a clasificación de acoso sexual recollida na publicación *Unidades de igualdad: género y universidad* (García Sáinz et al., 2017), no que se diferencia o acoso ambiental, onde se crea un entorno intimidatorio e degradante para a vítima e, o acoso vertical, onde un agresor xerarquicamente superior exerce o seu poder para someter á vítima.

A identificación e denuncia destas prácticas é un proceso complexo, que diverxe entre homes e mulleres. A dificultade á hora de identificalas obsérvase na necesidade de especificar conductas concretas para que os individuos sexan conscientes de que son coñecedores e/ou vítimas da violencia sexual (Valls et al., 2016). Así mesmo, existen diferencias na percepción da violencia sexual entre homes e mulleres, que favorecen á subestimación da prevalencia desta problemática social (Sivertsen et al., 2019).

Dado que semella non existir unha relación de dependencia directa entre a intensidade da violencia vivida e as secuelas das vítimas, este feito reforza a necesidade de non subestimar as consecuencias de violencia considerada "leve" (Eisenberg et al., 2016).

Factores de risco na violencia sexual

Como principais factores de risco destaca o sexo feminino, principalmente entre os 18 e 25 anos (Conley et al., 2017). Así mesmo, as persoas con orientacións non heterosexuais e/ou con identidades de xénero non binarias, presentan maiores niveis de violencia sexual, ao igual que as persoas con discapacidade (Findley et al., 2016; Martin-Storey et al., 2018). Do mesmo xeito, antecedentes de abuso sexual infantil e adulto incrementan de 2 a 3 veces as posibilidades de sufrir revictimización (Conley et al., 2017; Craner et al., 2015).

Violencia sexual na universidade

A violencia sexual é un problema de saúde pública que afecta a tódolos ámbitos, incluído o académico. Concretamente, as estudantes universitarias soen atoparse na franxa de idade máis sensible para experimentar violencia sexual. A literatura concorda que aproximadamente entre un 20-25% das universitarias sufrirán nalgún momento da súa vida académica, violencia sexual, reducíndose a un 6% no caso dos homes (Kirkner et al., 2020; Pugh & Becker, 2018; Rogers & Rogers, 2020). Incluso os dous primeiros cursos chegan a ser denominados como a "zona vermella" de maior perigo para as estudantes (Sivertsen et al., 2019).

Consecuencias da violencia sexual no ámbito social, psicolóxico e no ámbito físico

Sufrir episodios de violencia sexual, pode dar lugar a secuelas físicas e psicosociais, destacando neste último o trastorno de estrés postraumático, a depresión, a ansiedade, os trastornos da conducta alimenticia, o consumo de drogas e alcohol e as tentativas suicidas (Friborg et al., 2015; Halstead et al., 2018).

Existe certo consenso sobre como as experiencias de violencia sexual son un factor de risco para o desenvolvemento de dor crónica musculoesquelética, en especial, cando se produce a combinación de varios traumas (Sprang et al., 2020).

Os cadros de dor musculoesquelética crónica máis relacionados con antecedentes de violencia sexual son a dor pélvica, lumbar, abdominal, de extremidades, cefaleas, o síndrome de intestino irritable, a fibromialxia e as afectacións uroxicológicas (Hassam et al., 2020; Spiegel et al., 2016).

Prevalencia e características da dor crónica musculoesquelética

A dor musculoesquelética crónica constitúe unha das enfermidades máis discapacitantes, tal como se reflicta en estudos que comparan a carga total que supoñen diferentes enfermidades (James et al., 2018; Sebbag et al., 2019). A prevalencia deste tipo de dor nas diferentes rexións corporais é alta entre os estudantes universitarios (Rodríguez-Romero et al., 2019). Diversos estudos analizan a prevalencia de dor musculoesquelética lumbar en estudantes universitarios de Ciencias da Saúde, mostrando un alto reporte de afectación que oscila do 39% ó 76% (Amelot et al., 2019; Chiwaridzo et al., 2018). Esta afectación produce un forte impacto no rendemento académico, calidade do sono e vida persoal (Chiwaridzo et al., 2018).

Os cadros clínicos de dor crónica musculoesquelética caracterízanse por non presentar causa orgánica clara, senón multifactorial, e por unha sintomatoloxía de duración superior a tres meses (Alhalal et al., 2018; Coles et al., 2015; Spiegel et al., 2016). Entre os factores contribuíntes ó seu desenvolvemento, inclúese a presenza continuada dun estresor psicosocial como a depresión e ansiedade, como a derivada por exemplo da violencia sexual. Esta situación estresante mantida no tempo, produce unha sobrecarga no organismo que conduce a alteracións no funcionamento do sistema nervioso, endócrino e inmune, entre outros, producindo á cronificación dun estado proinflamatorio que favorece a perpetuación da dor (Alhalal et al., 2018; Sprang et al., 2020; Vachon-Preseau et al., 2013).

XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO

A xustificación deste traballo fundaméntase en dous eixos. Por un lado, a relevancia científica, destacando a escaseza de literatura sobre o acoso sexual e as súas consecuencias físicas como a dor crónica musculoesquelética. Porén, estudos previos indican que a poboación de estudo presenta importantes factores de riscos para sufrir episodios de violencia sexual na Universidade.

Por outro lado, a súa relevancia social. Os aportes científicos que incrementen o coñecemento sobre o acoso sexual e a dor crónica musculoesquelética, teñen un importante interese público, tanto na sensibilización como prevención de ambas problemáticas. Deste xeito, incorpórase a perspectiva de xénero dentro do estudo da dor. Por isto, consideramos de enorme interese a realización deste tipo de traballos observacionais que permitan dilucidar a prevalencia destes procesos, así como analizar as posibles asociacións entre ambos eventos.

HIPÓTESES E PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN

Determinamos como hipótese nula que a presenza de acoso sexual no estudantado universitario de Ciencias da Saúde da UDC non está asociada coa prevalencia de dor crónica nin con peor calidade de vida e, como hipótese alternativa, que si existe unha asociación entre as variables.

A pregunta de investigación á que se pretende dar resposta é a seguinte: O estudantado das titulacións de Grao de Ciencias da Saúde da UDC presentan dor crónica e peor calidade de vida, relacionada co historial de acoso sexual desenvolvido no marco académico?

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Estimar a prevalencia de acoso sexual no estudiantado das Ciencias da Saúde da UDC.

- Identificar as características do agresor e vítima máis comúns.
- Determinar a asociación entre orientacións sexuais minoritarias e a prevalencia de acoso sexual .
- Determinar a asociación entre a discapacidade e a prevalencia de acoso sexual .
- Estimar a prevalencia de dor crónica no estudiantado universitario das Ciencias da Saúde da UDC.

Determinar as características da dor crónica según localización e intensidade; e según titulación, curso e xénero.

- Determinar a incapacidade producida pola dor crónica; e según titulación, curso e xénero.
- Determinar a calidade de vida relacionada coa saúde; e según titulación, curso e xénero.
- Identificar se o acoso sexual está asociado coa prevalencia de dor crónica e coa calidade de vida relacionada coa saúde na poboación estudada.

METODOLOXÍA

Tipo de traballo e ámbito de estudo

Estudo observacional, de corte transversal e correlacional realizado por enquisa online de Xaneiro a Xuño de 2021, con mostra no alumnado de Ciencias da Saúde da UDC que cumpra os criterios de selección.

Selección da mostra

A selección realízase mediante metodoloxía non probabilística casual, asumindo hipótese bilateral. Determínase un nivel de confianza do 95%, un 5% de cometer un erro I, cun coeficiente Z_{α} de 1,96. Tómase un 3% de valor de precisión, un 5% de proporción e un 15% de proporción esperada de perdas de participantes, dando un total de 208 participantes necesarios dos 1,370 iniciais.

Os criterios de inclusión establécense nos individuos matriculados en Graos das Ciencias da Saúde da UDC e como criterios de exclusión, os individuos sen consentimento informado firmado.

Procedemento de recollida de datos

A captación de participantes realizarase mediante a divulgación do estudo con carteis informativos nos campus, correos institucionais e redes sociais. Para a recollida de datos, usarase Forms do paquete Microsoft 365 da UDC.

Instrumentos de avaliación

As medicións realizaranse empregando cuestionarios autocumplimentables validados, como o músculoesquelético Nórdico simplificado (Kuorinka et al., 1987) "container-title": "Applied Ergonomics"; "DOI": "10.1016/0003-6870(87, o SF-12 de calidade de vida relacionada coa saúde (Gandek et al., 1998), a Escala Numérica da Dor (Alghadir et al., 2018), o cuestionario Central Sensitization Inventory (CSI) (Cuesta-Vargas et al., 2016) e a escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U) (Navarro-Guzmán et al., 2016).

Aspectos ético-legais

Este traballo conta co informe favorable do Comité de Ética da Investigación e Docencia da UDC.

RESULTADOS

Actualmente, tras a finalización do período de recollida de datos, estase desenvolvendo a análise da información obtida trala participación dun total de 171 alumnos e alumnas das titulacións de Ciencias da Saúde da UDC (Figura 1). Unha vez se finalice a análise e discusión dos futuros resultados, estes serán postos a disposición da Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña, do Centro de Estudos de Xénero e Feministas da UDC e da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria (RUIGEU) para a súa difusión.

Tamén serán enviados ás revistas de temática feminista Atlánticas. Revista Internacional de Estudos Feministas (ARIEF) e Asparkía da Universitat Jaume I, así como ás revistas de ciencias da saúde Fisioterapia e Physical Therapy.

Por último, serán enviados para a súa exposición no Congreso anual da Asociación de Fisioterapeutas de España.

Figura 1. Participantes no estudo según titulación



CONCLUSIÓNS

Os futuros resultados sobre prevalencia de dor crónica musculoesquelética e acoso sexual no estudiantado de Ciencias da Saúde poderían ser claves para a formulación de programas de prevención e sensibilización destas problemáticas.

Os futuros resultados epidemiolóxicos poderían ser relevantes para o deseño de intervencións terapéuticas dirixidas a esta poboación universitaria.

BIBLIOGRAFÍA

Alghadir, A. H., Anwer, S., Iqbal, A., & Iqbal, Z. A. (2018): "Test-retest reliability, validity, and minimum detectable change of visual analog, numerical rating, and verbal rating scales for measurement of osteoarthritic knee pain." *Journal of Pain Research*, 11, 851-856.

Alhalal, E., Ford-Gilboe, M., Wong, C., & AlBuhairan, F. (2018): "Factors mediating the impacts of child abuse and intimate partner violence on chronic pain: A cross-sectional study." *BMC Women's Health*, 18(1), 160-175.

Amelot, A., Mathon, B., Haddad, R., Renault, M.-C., Duguet, A., & Steichen, O. (2019): "Low Back Pain Among Medical Students: A Burden and an Impact to Consider." *SPINE*, 44(19), 1390-1395.

Chiwaridzo, M., Chamarime, K. J., & Dambi, J. M. (2018): "The burden of low back pain among undergraduate physiotherapy students at the University of Zimbabwe: A cross-sectional study." *BMC Research Notes*, 11(1), 697-702.

Coles, J., Lee, A., Taft, A., Mazza, D., & Loxton, D. (2015): "Childhood Sexual Abuse and Its Association With Adult Physical and Mental Health: Results From a National Cohort of Young Australian Women." *Journal of Interpersonal Violence*, 30(11), 1929-1944.

Conley, A. H., Overstreet, C. M., Hawn, S. E., Kendler, K. S., Dick, D. M., & Amstadter, A. B. (2017): "Prevalence and predictors of sexual assault among a college sample." *Journal of American College Health*, 65(1), 41-49.

Craner, J. R., Martinson, A. A., Sigmon, S. T., & Mcgillicuddy, M. L. (2015): "Prevalence of sexual trauma history using behaviorally specific methods of assessment in first year college students." *Journal of Child Sexual Abuse*, 24(5), 484-505.

Cuesta-Vargas, A. I., Roldan-Jimenez, C., Neblett, R., & Gatchel, R. J. (2016): "Cross-cultural adaptation and validity of the Spanish central sensitization inventory." *SpringerPlus*, 5(1), 1837-1845.

Eisenberg, M. E., Lust, K. A., Hannan, P. J., & Porta, C. (2016): "Campus Sexual Violence Resources and Emotional Health of College Women Who Have Experienced Sexual Assault." *Violence and Victims*, 31(2), 274-284.

Findley, P. A., Plummer, S. B., & McMahon, S. (2016): "Exploring the Experiences of Abuse of College Students With Disabilities." *Journal of Interpersonal Violence*, 31(17), 2801-2823.

Friborg, O., Emaus, N., Rosenvinge, J. H., Bilden, U., Olsen, J. A., & Pettersen, G. (2015): "Violence affects physical and mental health differently: The general population based Tromsø study." *PLoS ONE*, 10(8), 1-15.

Gandek, B., Ware, J. E., Aaronson, N. K., Apolone, G., Bjorner, J. B., Brazier, J. E., Bullinger, M., Kaasa, S., Lepelge, A., Prieto, L., & Sullivan, M. (1998): "Cross-validation of item selection and scoring for the SF-12 Health Survey in nine countries: Results from the IQOLA Project. International Quality of Life Assessment." *Journal of Clinical Epidemiology*, 51(11), 1171-1178.

García Sáinz, C., Durán, M. A., & Universidad Autónoma de Madrid (Eds.). (2017): "Unidades de igualdad: Género y universidad". UAM Ediciones, Madrid.

Halstead, V., Williams, J. R., & Gonzalez-Guarda, R. (2018): "College Students' Perspectives on Campus Health Centers as a Sexual Assault Resource: A Qualitative Analysis." *Violence and Victims*, 33(1), 109-125.

Hassam, T., Kelso, E., Chowdary, P., Yisma, E., Mol, B. W., & Han, A. (2020): "Sexual assault as a risk factor for gynaecological morbidity: An exploratory systematic review and meta-analysis." *European Journal of Obstetrics & Gynecology and Reproductive Biology*, 255, 222-230.

James, S. L., Abate, D., Abate, K. H., Abay, S. M., Abbafati, C., Abbasi, N., Abastabar, H., Abd-Allah, F., Abdela, J., Abdelalim, A., Abdollahpour, I., Abdulkader, R. S., Abebe, Z., Abera, S. F., Abil, O. Z., Abraha, H. N., Abu-Raddad, L. J., Abu-Rmeileh, N. M. E., Accrombessi, M. M. K., ... Murray, C. J. L. (2018): "Global, regional, and national incidence, prevalence, and years lived with disability for 354 diseases and injuries for 195 countries and territories, 1990-2017: A systematic analysis for the Global Burden of Disease Study 2017." *The Lancet*, 392(10159), 1789-1858.

Kirkner, A., Plummer, S.-B., Findley, P. A., & McMahon, S. (2020): "Campus Sexual Violence Victims with Disabilities: Disclosure and Help Seeking." *Journal of Interpersonal Violence*. <https://doi.org/10.1177/0886260520967149>. Consultado: 12/12/2020

Kuorinka, I., Jonsson, B., Kilbom, A., Vinterberg, H., Biering-Sørensen, F., Andersson, G., & Jørgensen, K. (1987): "Standardised Nordic questionnaires for the analysis of musculoskeletal symptoms." *Applied Ergonomics*, 18(3), 233-237.

Martin-Storey, A., Paquette, G., Bergeron, M., Dion, J., Daigneault, I., Hébert, M., & Ricci, S. (2018): "Sexual Violence on Campus: Differences Across Gender and Sexual Minority Status." *Journal of Adolescent Health*, 62(6), 701-707.

Navarro-Guzmán, C., Ferrer-Pérez, V. A., & Bosch-Fiol, E. (2016): "El acoso sexual en el ámbito universitario: Análisis de una escala de medida." *Universitas Psychologica*, 15(2), 371-381.

Pugh, B., & Becker, P. (2018): "Exploring definitions and prevalence of verbal sexual coercion and its relationship to consent to unwanted sex: Implications for affirmative consent standards on college campuses." *Behavioral Sciences*, 8(8), 1-28.

Rodríguez-Romero, B., Bello, O., Vivas Costa, J., & Carballo-Costa, L. (2019): "A Therapeutic Exercise Program Improves Pain and Physical Dimension of Health-Related Quality of Life in Young Adults: A Randomized Controlled Trial." *American Journal of Physical Medicine & Rehabilitation*, 98(5), 392-398.

Rogers, S. A., & Rogers, B. A. (2020): "Expanding Our View: Demographic, Behavioral, and Contextual Factors in College Sexual Victimization." *Journal of Interpersonal Violence*. <http://journals.sagepub.com/doi/10.1177/0886260520905076>. Consultado: 5/12/2020

Sebbag, E., Felten, R., Sagez, F., Sibilia, J., Devilliers, H., & Arnaud, L. (2019): "The world-wide burden of musculoskeletal diseases: A systematic analysis of the World Health Organization Burden of Diseases Database." *Annals of the Rheumatic Diseases*, 78(6), 844-848.

Sivertsen, B., Nielsen, M. B., Madsen, I. E. H., Knapstad, M., Lønning, K. J., & Hysing, M. (2019): "Sexual harassment and assault among university students in Norway: A cross-sectional prevalence study." *BMJ Open*, 9(6), 1-10.

Spiegel, D. R., Shaukat, A. M., Mccroskey, A. L., Chatterjee, A., Ahmadi, T., Simmelink, D., Oldfield, E. C., Pryor, C. R., Faschan, M., & Raulli, O. (2016): "Conceptualizing a subtype of patients with chronic pain: The necessity of obtaining a history of sexual abuse." *The International Journal of Psychiatry in Medicine*, 51(1), 84-103.

Sprang, G., Bush, H. M., Coker, A. L., & Brancato, C. J. (2020): "Types of Trauma and Self-Reported Pain That Limits Functioning in Different-Aged Cohorts." *Journal of Interpersonal Violence*, 35(23-24), 5953-5975.

Vachon-Presseau, E., Roy, M., Martel, M.-O., Caron, E., Marin, M.-F., Chen, J., Albouy, G., Plante, I., Sullivan, M. J., Lupien, S. J., & Rainville, P. (2013): "The stress model of chronic pain: Evidence from basal cortisol and hippocampal structure and function in humans." *Brain: A Journal of Neurology*, 136(3), 815-827.

Valls, R., Puigvert, L., Melgar, P., & Garcia-Yeste, C. (2016): "Breaking the Silence at Spanish Universities: Findings From the First Study of Violence Against Women on Campuses in Spain." *Violence Against Women*, 22(13), 1519-1539.

ROMPENDO REGRAS: ALFABETIZACIÓN MENSTRUAL CRÍTICA NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Rodríguez Romero, Mar
Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade da Coruña
mar.rromero@udc.es

Arza Arza, Neves
Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Universidade da Coruña
neves.arza@udc.es

Couce García, Araceli
Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade da Coruña
araceli.couce.garcia@udc.es

Quintillán Quintillán, Sabela
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade da Coruña
sabela.quintillan@udc.es

Romero Bouzas, Uxía Hadaly
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade da Coruña
uxia.hadaly.romero.bouzas@udc.es

Doval Porto, Inmaculada
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade da Coruña
inmaculada.doval@udc.gal

Frias Goytia, Gabriela Laura
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade da Coruña
gabriela.frias@udc.es

RESUMO

O proxecto *Rompendo Regras* toma a menstruación como obxecto de investigación e como tema xerador para promover experiencias formativas na Universidade. Partindo dos estudos críticos sobre a menstruación, pretende, desde a xustiza social, visibilizar e cuestionar os significados, as prácticas e as políticas implicadas na vivencia e na construción social da menstruación. *Rompendo Regras*, dinamizado polo Grupo de Igualdade de Xénero da Facultade de Ciencias da Educación¹, ten carácter curricular, colaborativo e interdisciplinar e nel participa profesorado e alumnado das Facultades de Ciencias da Educación, Fisioterapia e Ciencias do Deporte e a Educación Física. Na comunicación defínese a alfabetización menstrual crítica e analízanse as accións emprendidas e as súas implicacións. Especificamente, descríbense as accións realizadas no ámbito curricular coa aplicación da metodoloxía do *Fotovoz* en seis materias de diferentes graos e mestrados e, tamén, a estratexia de comunicación dixital desenvolta nas redes sociais. Conclúe con relación do feito coa matriz de dominación e a delimitación de futuras liñas de actuación e reflexión para aumentar a incidencia dos cambios acadados na esfera persoal cara á esfera social.

PALABRAS CHAVE: alfabetización menstrual crítica; educación menstrual; xustiza social violencia contra as mulleres; dereitos humanos;

INTRODUCCIÓN: MENSTRUACIÓN, VIOLENCIA MISÓXINA E ALFABETIZACIÓN MENSTRUAL CRÍTICA

A menstruación é unha lente moi potente para examinar as complicadas e interconectadas violencias e desigualdades que sufrimos as mulleres a nivel biolóxico, social, económico, cultural e histórico (Bobel,

¹ O Grupo de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación créase en xuño de 2019 para aglutinar as accións que de xeito individual ou colectivo se viñan desenvolvendo na Facultade e co obxectivo de contribuír a igualdade de xénero na facultade tanto como equivalencia, no senso de acceso a todos os dereitos en igualdade de condicións e como diferenza, é dicir, atendendo as especificidades dos suxeitos e grupos susceptibles de vulnerabilidade.

2020). A través do seu estudo podemos exemplificar o cúmulo de opresións, de todo tipo, que experimentamos de forma estrutural e que asumimos no persoal, ignorando os danos que nos causamos a nós mesmas. En definitiva omitimos que todo o que rodea a menstruación ten que ver coa violencia misóxina e de que estamos a sufrir penalizacións, exclusivamente, por esta condición. Polo tanto, dada a súa complexidade, o enfoque da menstruación non se pode limitar aos produtos menstruais. A substitución duns produtos menstruais por outros, así como as medidas económicas para sufragar os gastos asociados a menstruación e que determinan a pobreza menstrual de millóns de nenas e mulleres no mundo, aínda sendo decisivas, non abundan para paliar o estigma e poñer fin ao tabús asociados á mesma. Igualmente, aínda recoñecendo a importancia da hixiene menstrual e dos proxectos para a súa xestión, e sen esquecer as súas derivas mercantilistas, entendemos que a menstruación ten que se tratar desde unha perspectiva educativa transformadora (Bobel, 2019). Insistimos na evidencia de que polo simple feito de menstruar, as mulleres estamos a ser penalizadas e sufrimos padecementos impostos. Desde nenas, ensinannos a esconder a menstruación, a medicalizala, a asumir todos os seus custos económicos, sociais, profesionais, e a usar produtos menstruais perigosos para a nosa saúde e para o planeta. Aprendemos a vivir separadas da nosa menstruación para non minorar a produtividade, para non parar as relacións sociais nin as tarefas de cuidados e para non nos manchar. Por mor da violencia misóxina, exclusivamente por sermos mulleres, o sistema impide que vivamos a menstruación coa dignidade que require a nosa condición de seres humanas. Ao ignorar e minimizar a menstruación, limitase o gozo dunha vida plena e saudable e, así mesmo, dunha boa existencia.

O acto de menstruar non é só unha acción íntima, é un acto político no senso de nos restar poder, porque se nos impide nomealo, representalo e exercelo con garantías de igualdade e dignidade en toda a súa complexidade e a súa diversidade (Reimóndez, 2021). Como acto político ten que formar parte da axenda reivindicativa das mulleres. E, sen dúbida, a educación menstrual ten que se incorporar na axenda de todas as institucións educativas, incluída a Universidade. Ademais, no ensino universitario cobra unha especial importancia na formación do persoal no ámbito educativo e doutros sectores vinculados aos cuidados. Entendemos a educación menstrual alén do manexo da hixiene menstrual, vencellada a unha alfabetización menstrual crítica (Bobel, 2019). Desde esta visión, ten que achegar coñecementos, destrezas e actitudes no cruce entre o persoal, o estrutural e o planetario, na liña de:

- Comprender os feitos biolóxicos e/ou fisiolóxicos relativos á menstruación e analizar as conexións coas circunstancias sociopolíticas, económicas e culturais que condicionan a súa vivencia e que causan a superposición de múltiples violencias (física, simbólica, económica, etc.).

- Tomar consciencias dos significados e prácticas discriminatorias e tomar control persoal sobre o feito da menstruación e as súas múltiples repercusións.

En coherencia coa alfabetización menstrual crítica, o noso proxecto Rompendo Regras pretende visibilizar a menstruación, romper coa ocultación e co estigma que pesan sobre ela e cuestionar a súa vivencia, a súa construción cultural, sociopolítica, económica e o seu impacto ambiental. E quere facelo investigando a menstruación como un tema xerador co propósito de relacionarmos xénero, corpo e medio ambiente, caracterizando a menstruación desde o prisma da violencia misóxina. A derradeira aspiración é incluír a menstruación na formación e na investigación. O traballo que presentamos é unha indagación preliminar acerca dos procesos de visibilización e cuestionamento desencadeados no ámbito do aprendizaxe formal, nas aulas, e no ámbito do aprendizaxe informal, nas redes sociais.

METODOLOXÍA: INVESTIGACIÓN ACCIÓN PARTICIPATIVA

O *modus operandi* do proxecto é a investigación acción participativa (IAP). Esta metodoloxía supera as divisións entre persoas investigadas e aquelas que investigan, igualmente, entre teoría e práctica. Seguindo este enfoque, decidimos traballar a partir dun tema xerador. Esta estratexia implica promover proxectos e propostas colectivas de indagación para a transformación social, desde cuestións que interpelan e sitúan as persoas en relación co seu mundo. Na procura de temas, e co foco nas relacións entre as mulleres e mundo nun escenario de crise ecosocial, determinamos que, dadas as razóns expostas anteriormente, a menstruación podería cumprir este criterio. Esta dimensión feminista tamén se evidencia no artellamento metodolóxico a través do tecido de rede, no desenvolvemento dos coidados, no traballo colaborativo e na posta en valor dos saberes das mulleres.

A IAP engarza ciclos de investigación e acción de xeito participativo, ao tempo que artella prácticas de recollida e análise de información e propostas de cambio sobre a base dunha estrutura organizativa peculiar, onde prima a interacción e a reciprocidade. O traballo é dinamizado por un grupo motor (GM), o Grupo de Igualdade de Xénero, onde participan profesoras, persoal da biblioteca, alumnado de grao, mestrado e doutoramento (unha delas do Mestrado de Políticas Sociais e Intervención Comunitaria) e bolseiras de formación complementaria. Do diálogo e da interacción entre saberes e intereses de todas as persoas xorden dúas liñas principais de actuación: unha curricular e outra comunicativa, que se materializan na creación, dentro do GM, de dous grupos temáticos: o de integración curricular e o de comunicación. O primeiro é interdisciplinar e está constituído por cinco profesoras de tres Facultades (Ciencias da Educación, Fisioterapia e Ciencias do Deporte e a Educación Física), quen, en conxunto, incorporan o tema da menstruación en seis materias de tres grados e dous mestrados. O segundo gru-

po focaliza a súa atención e traballo na comunicación a través das redes sociais dixitais e confórmano estudantes e persoal da biblioteca. Ámbalas dúas agrupacións interconectan as súas accións, toman decisións conxuntas, co-deseñan e co-crean.

Unha das estratexias aplicadas polo grupo temático curricular foi o denominado *Fotovoz*, baseado na investigación-acción participativa. Trátase dunha metodoloxía cualitativa que utiliza a produción de fotografías ou imaxes representativas para desvelar temas sociais e, asemade, individuais dun modo creativo. Aplica o diálogo crítico para construír coñecemento colectivo e promove humildes e prácticas transformacións, persoais e colectivas, con perspectiva de xénero (Robinson-Keilig et al., 2014). Con estes supostos, levouse a cabo un traballo de *Fotovoz* adaptado para cada materia e título. A recollida de datos realizouse mediante a análise de documentos e fotografías, o rexistro das postas en común, as entrevistas grupais e, máis recentemente, a aplicación dun cuestionario.

A estratexia que utiliza o grupo temático de comunicación dixital está baseada na aprendizaxe aberta, na procura dunha integración entre as aprendizaxes formal, non formal e informal. O uso das redes sociais permite superar os límites institucionais e ofrece un entorno máis proclive á educación flexible, aos contidos e ao coñecemento abertos. Como canle principal de comunicación utilizouse o perfil de *Instagram* do noso Grupo de Igualdade *@ollarmosvioleta*, que se complementa co noso *blog* onde se recollen, de xeito máis pormenorizado, os contidos do proxecto *Rompendo Regras*. A elección de *Instagram* xustifícase por ser un dos medios máis utilizados, actualmente, pola mocidade². A información que recolleu o grupo de comunicación procede da análise das producións dixitais propias e das interaccións que se produciron nestes dous espazos dixitais.

RESULTADOS

En relación co aprendizaxe formal, na primeira faceta a analizar, a visibilización e construción de coñecemento colectivo, atopamos que a elección da menstruación como eixo temático ofreceu, por se mesmo, un primeiro nivel de exposición. Ampliado por traballarse de xeito colectivo e utilizar a narración biográfica de incidentes críticos relacionados co acto de menstruar. A produción de imaxes converteuse, igualmente, nunha estratexia de exhibición moi potente que posibilitou a representación, sen disfrace, do sangue menstrual, cunha exposición da cor vermella, por exemplo, en contraposición á maquillaxe mediática do uso do azul na publicidade de produtos menstruais. No plano das accións de cambio,

² O estudo anual de IAB España (2020) indica que *Instagram* é a rede social dixital máis utilizada pola denominada Xeneración Z (de 16 a 24 anos) e tamén que cada vez gaña maior número de persoas seguidoras, especialmente mulleres.

maniféstase o compromiso de falar, de xeito máis aberto e con maior naturalidade, da menstruación en distintos ámbitos (coas amizades, no eido familiar e nas redes sociais).

Para nos referir aos resultados relacionados con aspectos que teñen que ver coa exclusión, ocultación ou o estigma que recae sobre as persoas que menstrúan, seguimos a matriz de dominación (Collins, 1990 en Martínez-Palacios, 2017). Esta ferramenta conceptual permite comprender e acceder ao modo de produción da realidade das persoas e, até certo punto, pode delimitarse o nivel das opresións estudadas.

No dominio interpersonal das relacións intersubxectivas que caracterizan as traxectorias vitais, as manifestacións gráficas e narrativas do alumnado amosan claramente como se está a interpelar a influencia do *habitus* da menstruación na experiencia vivida e na conciencia individual resultante. Isto pode verse na busca de produtos menstruais alternativos e na identificación de tabús e actitudes negativas. O dominio hexemónico, responsable da validación da opresión mediante a cultura, as crenzas e a linguaxe, tamén foi un ámbito de análise. No plano simbólico, a conciencia da opresión pode observarse na denuncia da sobreexposición do sangue violento, especialmente dos corpos ensanguentados das mulleres asasinadas, torturadas ou maltratadas, fronte ao enmascaramento ou ocultación do sangue vivo da menstruación. Ao compartir coñecemento e incidentes críticos e ao buscar información, as persoas que participaron no *Fotovoz*, atoparon a raíz cultural dos mitos, tabús e prohibicións. Isto faise evidente, por exemplo, na xeneralización de eventos persoais onde a mancha da regra foi motivo de asco, de vergoña ou de reprobación, respostas que empeoraban en espazos institucionais como a aula ou o patio de recreo. Tamén se pode observar cando unha persoa moi próxima actuaba cunha actitude de reprobación cara á visión do sangue, que identificaba como falta de coidado, iso si, sen lle dar publicidade á menstruación. É dicir, que o dominio disciplinario, que xestiona a aplicación das opresións a través das organizacións sociais foi tamén exposto. Así mesmo, o dominio hexemónico observouse na ausencia de accións educativas axeitadas, ou de coidado específico nos adestramentos deportivos. Na análise das opresións referidas ao dominio estrutural, que son aquelas relativas as normas, as leis, as políticas que limitan as relacións e o acceso o poder, identifican a pobreza menstrual e a medicalización da regra, así como a normalización da dor, de tal xeito que enfermidades graves, como a endometriose, nin se coñece nin se diagnostica axeitadamente.

En relación coa comunicación nas redes, os aprendizaxes informais, os resultados amosan que procurouse facilitar un entorno propicio para o cambio de mentalidades e prácticas que impulsen a acción colectiva a través da conformación dunha identidade pública e colectiva. As características do propio

formato de *Instagram* (breve, inmediato, próximo e con facilidade para crear contido audiovisual e obter *feedback* por parte das usuarias) fixeron desta canle unha opción axeitada tanto para as estudantes que o xestionaban como para participantes e público. Creouse un espazo de comunicación multidireccional, permitindo incluso que as e os espectadores puidesen converterse en xeradores de contido participando durante os directos, facendo colaboracións ou creando debate nos diferentes *post*. Como resultado creouse unha rede virtual onde a liña entre profesoras e alumnas, as persoas que presentan e o público, se diluíu e todas as persoas pasaron a ser interlocutoras que podían co-crear e aprender.

O traballo en *Instagram* acadou varios obxectivos:

- Chegar a máis público: as tarefas de difusión da canle estiveron moi centradas en aumentar o número de seguidores e en buscar que o público fose parte activa da canle. Para isto, creáronse actividades, propuxéronse espazos de debate e eventos colaborativos.
- Tecer redes: a rede foi alén do virtual, de xeito que se conectou con colectivos, asociacións e profesionais feministas que traballan no eido da menstruación. Un exemplo é o evento online *8Menstrua*³ onde participaron, de forma gratuíta e voluntaria, máis de 30 personalidades das diferentes esferas (académica, literaria, artística, médica ou deportiva). Este evento foi seguido por centos de persoas. Os vídeos do mesmo están gardados na conta de *Instagram* de *@ollarmosviolenta* e, debemos salientar que algúns tiveron máis dun milleiro de visitas.
- Recoller distintas visións: mediante as achegas dos participantes nos eventos e nos posts, podemos escoitar voces moi diversas dispostas a compartir experiencias que van do ámbito profesional até o máis íntimo. Deste xeito enxergamos unha parte das problemáticas relacionadas coa menstruación, pero tamén realizamos accións para celebrala, para resignificala, para comprendela mellor e para tirar todos tabús que a circundan.
- Difundir: a rede creada en *Instagram*, permitiu a difusión de contidos alén do eido académico e aproximouse a máis colectivos con interese na iniciativa *Rompendo Regras*, ben para ser sumar ou ben para establecer un debate ou replicar a mesma.

Como resultado conseguimos crear unha comunidade virtual con máis de 700 persoas que, actualmente, participan activamente no noso contido: realizan preguntas durante os directos, comparten o noso contido ou crean liñas de discusión nos nosos *post* sobre temas como a endometriose, os perigos dos

³ Evento creado desde o Grupo de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación durante o día 8 de marzo de 2021.

produtos menstruais de un só uso ou a pobreza menstrual, entre outros. Igualmente, é de salientar o tecido dunha pequena rede feminista, formada por profesionais de moi diversos dominios, e onde o propio grupo motor tivo a oportunidade de aprender e medrar con este proxecto.

CONCLUSIÓNS E FUTURAS LIÑAS DE ACTUACIÓN

A principal conclusión é a constatación da capacidade heurística da menstruación cando se aplica a lente da aprendizaxe e da investigación. Tanto a nivel de atopar evidencias como de aumentar conciencia, descubrimos o cruce de violencias e inxustizas que conflúen na menstruación e que aparecen agachadas tras un veo de silencio e a normalización acrítica das condicións de vida, claramente negativas, das mulleres e persoas que menstrúan. Un feito trivial como é menstruar, cando é estudado, convértese nun expoñente do cúmulo de discriminacións que atravesan as vidas das mulleres e do papel que a violencia misóxina cumpre. Deste xeito, descubrimos o *habitus* da menstruación e de que xeito contribuímos nós mesmas a súa constitución. Por mor da racionalidade instrumental, que embebe todo, vivimos existencias descorporeizadas e minimizamos, de tal modo o que nos caracteriza como seres vivas, mulleres, que non somos quen de nos decatar da urda de inxustizas que rabenan os nosos corpos e violentan as nosas vidas.

A dimensión curricular é transcendental para asegurarmos a influencia a través da docencia en materias específicas. Do mesmo xeito, o carácter interdisciplinario asegura unha visión poliédrica do tratamento formativo sobre a menstruación. Por último, facemos énfase no enfoque do tema xerador e no uso de metodoloxías participativas que aumentan a coherencia coa pedagogía feminista (Martínez Martín, 2016), á vez que favorecen a participación do alumnado. Neste senso, observamos como as e os estudantes aprenderon coa creación e produción do seu propio coñecemento; compartir saberes, prácticas e puntos de vista forneceu o seu compromiso e contribuíu a unha actuación máis activista. Contamos ademais cun repositorio de producións visuais, froito do seu traballo e reflexión, que estimulará a empatía en futuras accións que se poidan desenvolver na aula e dentro da comunidade educativa. A comunicación nas redes sociais revelouse como unha canle privilexiada para difundir, producir e compartir saberes e coñecemento, para crear rede e establecer relacións, así como para crear identidade colectiva con capacidade proactiva, xa que os eventos dixitais teñen una forte dimensión performativa: os xeitos de vivir que se queren experimentar no mundo físico anticipanse no mundo dixital (Toret, 2013).

Nunha primeira valoración xeral e, á espera, de análises mais precisas, debemos salientar algúns dos retos. En relación cos e cas estudantes, temos que consolidar a transición da visibilización e o cuestionamento ás prácticas de cambio para acadar mais control sobre actitudes e accións. Outra cuestión é

o cruce e sistematización da información, para unificarmos a forma de análise, pero sen perdermos a riqueza das diferenzas, entre materias. Na comunicación e nas redes sociais temos varios desafíos: conectar máis co alumnado e profesorado da UDC, así como manter a produción de contido e de accións no espazo virtual e a comunidade dixital.

BIBLIOGRAFÍA

Bobel, Chris. (2020): "Menstruation as Lens—Menstruation as Opportunity", en Chris Bobel, Inga T. Winkler, Breanne Fahs, Katie Ann Hasson, Elizabeth Arveda Kissling e Tomi-Ann Roberts, *The Palgrave Handbook of Critical Menstruation Studies*. Palgrave Macmillan.

Bobel, Chris. (2019): *"The Managed Body: Developing Girls & Menstrual Health in the Global South"*. Palgrave Macmillan.

IAB Spain. (2020): "Estudio anual redes sociales 2019". <https://iabspain.es/estudio/estudio-redes-sociales-2020/>

Martínez Martín, Irene. (2016): "Construcción de una pedagogía feminista para una ciudadanía transformadora y contra-hegemónica". *Foro de Educación*, 14(20), 129-151. <https://forodeeducacion.com/ojs/index.php/fde/article/view/415>

Martínez-Palacios, Jone. (2017): "Exclusión, profundización democrática e interseccionalidad". *Revista de Investigaciones Feministas* 8 (1), 53-71. doi.org/10.5209/INFE.54827

Reimóndez, María. (2021): "Bárbaras". Xerais.

Robinson-Keilig, Rachael A., Hamill, Cynthia, Gwin-Vinsant, Annalisa e Dashner, Matthew. (2014): "Feminist Pedagogy in Action: Photovoice as an Experiential Class Project". *Psychology of Women Quarterly*, 38, 292 - 297.

Toret, Javier. (2013): "Tecnopolítica: la potencia de las multitudes conectadas. El sistema red 15M, un nuevo paradigma de la política distribuida". *IN3 Working Paper Series*. <https://tecnopolitica.net/es/content/tecnopol%C3%ADtica-la-potencia-de-las-multitudes-conectadas-el-sistema-red-15m-un-nuevo-paradigma>

O TESTEMUÑO DA VÍTIMA COMO PROBA ÚNICA NO PROCESO PENAL POR VIOLENCIA DE XÉNERO

Castro Corredoira, María

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa

Universidade de Santiago de Compostela

maria.castro.corredoira@usc.es

RESUMO

A Sala Segunda do Tribunal Supremo sostén unha pacífica e reiterada doutrina conforme á cal a declaración inculpativa dunha vítima de violencia de xénero pode constituírse en proba de cargo de entidade suficiente para desvirtuar a presunción de inocencia e fundamentar unha resolución condenatoria. Dada a sensibilidade das cuestións ás que fai fronte nos casos de violencia de xénero, o Alto Tribunal diseña unhas pautas orientativas que se concretan en tres esixencias: ausencia de incredibilidade subxectiva, verosimilitude e persistencia na inculpativa. Cando estes tres requisitos concorren no testemuño da vítima, este, aínda que sexa a única proba fronte á inocencia do acusado, opera con entidade de cargo suficiente para desvirtuar a presunción de inocencia do agresor.

Neste traballo se aborda o xeito en que a presunción de inocencia opera dende o punto de vista constitucional para, con posterioridade, plantexar como dita presunción se erosiona ante o testemuño persistente, verosímil e fundado da vítima nos casos de violencia de xénero.

PALABRAS CHAVE: vítima- testemuño- proba- violencia de xénero- proceso penal.

A PRESUNCIÓN DE INOCENCIA COMO GARANTÍA PROCESUAL

No que atinxe á vulneración da presunción de inocencia, o Tribunal Supremo advertiu que, afirmar dita vulneración equivalía a dicir que o recurrente fora condenado en vacío probatorio, é dicir, sin probas de cargo. Porén, o xuízo sobre a valoración da proba pertence, como se indica no artigo 741 da Lei de

Axuízamento Criminal¹, ao tribunal que sentenxa. A este respecto, recordou o Alto Tribunal que, tal e como se declarara xa en sentenxa de 24 de novembro de 1987, existe unha doutrina consolidada que recoñece aptitude probatoria ao testemuño da vítima para xerar o decaimento da presunción de inocencia². Para acadar ese obxectivo, se empregan os criterios de racionalidade (corroboracións periféricas). No control realizado polo Tribunal Supremo non se observa nada que leve a pensar que a decisión de aceptar a declaración da menor como proba de cargo fora inmotivada, arbitraria e gratuita³.

Para que o testemuño se erixa como proba directa, a muller ten que comparecer no xuízo oral, a fin de prestar declaración, que será valorada en atención ao principio de inmediación (Vázquez- Portomeñe Seijas, 2018). Cunha declaración da vítima que reúna os requisitos expostos, a presunción de inocencia do acusado queda enervada, por cumprirse as esixencias da xurisprudenza do Tribunal Constitucional:

- a. A carga da proba sobre os feitos constitutivos da pretensión pena corresponde en exclusiva á acusación, sin que sexa esixible á defensa unha *probatio diabólica*⁴ dos feitos negativos.
- b. Só se pode entender como proba a practicada no xuízo oral baixo a inmediación do órgano xudicial decisor e con observancia dos principios de contradición e publicidade.
- c. Se exceptúan os supostos de proba preconstituída e anticipada, cuxa reprodución no xuízo oral sexa ou se prevea imposible e sempre que se garantice o exercicio do dereito de defensa ou a posibilidade de contradición.
- d. A valoración conxunta da proba practica é unha potestad exclusiva do xulgador, e polo tanto este a exerce con liberdade, coa única esixencia de razoar o resultado de dita valoración⁵.

A presunción constitucional de inocencia esixe que a actividade probatoria que se practique sexa suficiente para desvirtuala. É doutrina reiterada do Tribunal Supremo que o dereito á presunción de ino-

¹ Véxase art. 741 LECrim: " O Tribunal, apreciando, segundo a súa conciencia, as probas practicadas no xuízo, as razóns expostas pola acusación e a defensa e o manifestado polos mesmos procesuados, dictara sentenxa dentro do termo fixado nesta Lei. Sempre que o Tribunal faga uso do libre arbitrio que para a calificación do delito ou para a imposición da pena lle outorga o Código Penal, deberá consignar si tomou en consideración os elementos do xuízo que o precepto aplicable de aquel obriga a ter en conta".

² Confróntense as seguintes resolución xudiciais: SSTS 434/1999, de 17 de marzo, da Sala Segunda do Tribunal Supremo (Id Cendoj 28079120011999103448); 486/1999, de 26 de marzo, da Sala Segunda do Tribunal Supremo (Id Cendoj 28079120011999103516).

³ Salvo no referente ás costas procesuais.

⁴ É dicir, a acusación ten que probar que un feito aconteceu, non a defensa demostrar que algo non sucedeu.

⁵ Véxanse SSTC 76/1990 de 26 de abril; 138/1992, de 13 de outubro e 102/1994, de 11 de abril.

cencia só poder ser destruído en virtude de proba de cargo de entidade suficiente e practicada de xeito debido no acto do xuízo. Neste senso, o Alto Tribunal, en sentenza de 3 de marzo de 2006, declarou que: “O respecto á presunción constitucional de inocencia implica que ninguén pode ser condenado sin que se acredite a súa culpabilidade con arranxo á lei. Isto supón que cómpre que existan probas de cargo, cuxa aportación corresponde á acusación, que permitan considerar acreditada a realidade duns determinados feitos imputados pola acusación, así como a participación do acusado neles. Tales probas deben ser válidas; ter sido aportadas ao proceso con respecto ás esixencias constitucionais e legais; ter contido inculpatório suficiente para demostrar feitos; e, neste sentido, ter sido valoradas polo Tribunal de xeito racional, respectando as regras da lóxica, as ensinanzas da experiencia común e os coñecementos científicos cando se teña acudido a eles”⁶.

Por este motivo, en ocasións as sentenzas son absolutórias: nuns casos, polas versións contradictorias das partes sobre os feitos, cando non existen outras probas de cargo, directas ou indiciarias, que permitan inculpar ao procesado; noutros casos, a absolución por falta de probas pode producirse tamén cando o xuíz considere que non se practicou proba suficiente para destruír a presunción de inocencia que ampara a todo acusado, aínda cando a vítima acuda a xuízo e ratifique a denuncia (Mora Crovetto, 2004).

A DOCTRINA XURISPRUDENCIAL SOBRE AS ESIXENCIAS DO TESTE-MUÑO DA VÍTIMA COMO PROBA DE CARGO DE ENTIDADE SUFICIENTE PARA DESVIRTUAR A PRESUNCIÓN DE INOCENCIA

Nos procesos penais por delitos de violencia de xénero, resulta fundamental a postura da vítima, cuxa declaración constituirá, con frecuencia, a única proba directa do delito. A credibilidade da vítima non se cuestiona cando esta mantén e defende con firmeza a mesma explicación en todas e cada unha das declaracións que preste durante a causa (Castro Corredoira, 2018).

A Sala Segunda do Tribunal Supremo mantén unha doutrina reiterada e pacífica conforme á cal a declaración inculpatória da vítima sobre o feito ilícito pode constituírse en proba de cargo de entidade suficiente para desvirtuar a presunción de inocencia e fundamentar unha sentenza condenatoria (Guinarte Cabada, 2018). Non obstante, o Tribunal advirte que, nos casos en que dita declaración constituía a única e exclusiva proba de cargo acerca do ilícito e a participación do acusado nos feitos, o xuíz ou tribunal que azúice o caso concreto deberá ser moi cauteloso e prudente na súa valoración do teste-

⁶ Seguindo este criterio do Tribunal Supremo, véxase, entre outras, a sentenza da Audiencia Provincial de Murcia nº 83/2017.

muño, co obxectivo de evitar condenar a un inocente. Por este motivo, e aínda que non se esixe que a declaración cumpra cunhos requisitos ríxidos para poder ser valorada como proba de cargo, o Tribunal Supremo diseñou “unha serie de pautas orientativas que tenden a garantir, no posible, a exclusión de dito risco, e que serven ao xulgador de instancia como parámetros de referencia á hora de avaliar a veracidade do testemuño de cargo a fin de extremar a garantía dunha decisión acertada”⁷.

En esencia, os criterios son tres: ausencia de incredibilidade subxectiva, verosimilitude e persistencia na incriminación (Guinarte Cabada, 2013).

- Ausencia de incredibilidade subxectiva: para acreditar dita circunstancia se presta especial atención á relación que existe entre o acusado e a vítima, a fin de determinar si existe algún móvil, é dicir, algunha motivación de vinganza, enfrontamento, inimidade, interese, resentimento ou doutra índole que puidese privar a declaración da aptitude probatoria que se require para xerar o estado de certeza no que estriba a convicción xudicial.
- Verosimilitude: para que o testemuño sexa verosímil e dotado de aptitude probatoria, require do que se coñece como “corroboracións periféricas de carácter obxectivo”. Son elementos que contribúen a realizar un xuízo de razoabilidade sobre o método ou, o que é o mesmo, aspectos que resulten razoables de maneira suficiente⁸.

⁷ Estas pautas orientativas aparecen recollidas e descritas, entre outras, na sentenza 1961/2000, de 21 de novembro, da Sala Segunda do Tribunal Supremo (Id Cendoj 28079120012002103323), e na sentenza 1285/2006, de 21 de decembro, do mesmo órgano xudicial (Id Cendoj 28079120012006101261), así como nas máis recentes resolución xudiciais SSTS de 13 xuño 2018 (Rec. 10776/2017) e de de 6 de marzo de 2019 (Rec. 2611/2018).

⁸ Sobre a esixencia de corroboracións periféricas, SSTS 39/2009, de 29 de xaneiro (Id Cendoj 28079120012009100084); e 172/2009, de 24 de febreiro (Id Cendoj 28079120012009100132).

Con estas corroboracións se acredita o que constitúe unha declaración de parte, dado que a vítima se pode persoar como parte acusadora particular ou como perxudicada civil no procedemento. Así se deduce do contido dos seguintes artigos da Lei de Axuízamento Criminal.

Art. 109 LECrim: “No acto de recibirse declaración polo Xuíz ao ofendido que tivese a capacidade legal necesaria, o Secretario xudicial lle instruirá do dereito que lle asiste para amosarse parte no proceso e renunciar ou non á restitución da cosa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado polo feito punible. Así mesmo lle informará da posibilidade e procedemento para solicitar as axudas que conforme á lexislación vixente poidan corresponderlle.

Si non tivese capacidade legal, se practicará igual dilixencia co seu representante.

Fóra dos casos previstos nos dous parágrafos anteriores, non se fará aos interesados nas accións civís ou penais notificación algunha que prolongue ou que deteña o curso da causa, o cal non obsta para que o Secretario xudicial procure instruír daquel dereito ao ofendido ausente.

En calquera caso, nos procesos que se sigan por delitos comprendidos no artigo 57 do Código Penal, o Xuíz asegurará a comunicación á vítima dos actos procesuais que poidan afectar á súa seguridade.”

Art. 110 LECrim: “Os prexudicados por un delito ou falta que non tiveran renunciado ao seu dereito poderán amosarse parte na causa si o fixeran antes do trámite de calificación do delito, e exercitar as accións civís e penais que procedan ou só unhas ou outras, segundo lles convén, sin que iso se retroceda no curso das actuacións.

- Persistencia na incriminación e firmeza do testemuño: as manifestacións incriminatorias teñen que ser persistentes, plurais, sin cambios substanciales dunhas e doutras, e sin ambigüidades nin contradicións, xa que, ao constituir a única proba fronte á inocencia do acusado, é importante brindarlle a este a posibilidade de cuestionar eficazmente a declaración (centrando a súa atención nas contradicións na declaración que poden levar a manter a falta de veracidade da mesma), e evitar así a indefensión.

Un exemplo claro desta doutrina se aprecia na sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo de 5 de decembro do ano 2000. Nela resolveuse un recurso de casación interposto contra unha sentenza de 7 de outubro de 1998 da Sección 5ª da Audiencia Provincial de Valencia⁹, onde se condenaba ao acusado como criminalmente responsable en concepto de autor do delito de agresión sexual consumado, e dez delitos de igual clase en grao de tentativa, sin concurrencia de circunstancias modificativas da responsabilidade criminal, á pena de sete anos de prisión por delito consumado, e dez penas de tres anos por cada un dos delitos tentados, con pena accesoria de inhabilitación para o dereito de sufraxio pasivo polo tempo que duren as condenas, así como a prohibición de residir na poboación de residencia da vítima (Gandía) durante catro anos (Valeije Álvarez, 2007), fixando o tempo máximo de prisión en vinte anos¹⁰, declarando extinguido o resto¹¹.

.....
Aínda cando os prexudicados non se amosen parte na causa, non por isto se entende que renuncian ao dereito de restitución, reparación ou indemnización que ao seu favor se pode acordar en sentenza firme, sendo menester que a renuncia deste dereito se faga no seu caso dun xeito expreso e terminante.

Cando o delito ou falta cometida teña por finalidade impedir ou obstaculizar aos membros das corporacións locais o exercicio das súas funcións públicas, poderá tamén personarse na causa a Administración local en cuxo territorio se tivera cometido o feito punible¹².

⁹ Vid. STS 1845/2000, de 5 de decembro, da Sala Segunda do Tribunal Supremo (Id Cendoj 28079120012000102526).

¹⁰ Para cuxo cómputo se abonou o tempo que pasara en prisión provisional.

¹¹ Ex art. 76 CP: "1. Non obstante o disposto no artigo anterior, o máximo de cumprimento efectivo da condena do culpable non poderá exceder do triplo do tempo polo que se lle impoña a máis grave das penas nas que incurrira, declarando extinguidas as que procedan dende que as xa impostas cubran dito máximo, que non poderá exceder de 20 anos. Como excepción, este límite máximo será:

- a. De 25 anos, cando o suxeito fora condenado por dous ou máis delitos e algún deles estea castigado pola lei con pena de prisión de até 20 anos.
- b. De 30 anos, cando o suxeito xa fora condenado por dous ou máis delitos e algún deles estea castigado pola lei con pena de prisión superior a 20 anos.
- c. De 40 anos, cando o suxeito fora condena por dous ou máis delitos e, polo menos, dous deles estean castigados pola lei con pena de prisión superior a 20 anos.
- d. De 40 anos, cando o suxeito fora condenado por dous ou máis delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do Libro II deste Código e algún deles estea castigado pola lei con pena de prisión superior a 20 anos.

A limitación se aplicará aínda que as penas se impuxeran en distintos procesos si os feitos, pola súa conexión ou momento da súa comisión, puideran ter sido axuizados nun só¹³.

Neste proceso, o acusado foi absolto de tres delitos de agresión sexual a que se refería o apartado primeiro dos escritos de acusacións, por ter prescrito os delitos que ditos feitos se referían. Con independencia diso, tamén se lle condenou ao pago de 11/14 partes das costas causadas, así como a indemnizar á vítima con dez millóns de pesetas.

O recurso de casación interposto pola representación do acusado se fundamentaba nunha suposta vulneración do dereito á presunción de inocencia, a vulneración do principio acusatorio e, en consecuencia, do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva e a un proceso con tódalas garantías con prohibición de indefensión, por vulneración dos principios de inmediación e contradicción, á par que se plantexaba quebrantamento de forma pola resolución recurrida, ao non recoller que feitos se entendían probados de xeito expreso, e infracción de lei, por aplicación errónea ou indebida dos artigos 116¹², 123, 124¹³, e 178 en relación co 179 do Código Penal¹⁴. Neste caso, o tribunal non apreciou ningún aspecto que puidera denostar o testemuño da vítima (máis aínda tendo en conta que se trataba dunha rapaza menor de idade). Serve por tanto, como exemplo da notoriedade que a doutrina do Supremo ten acadado no que atinxe ao valor probatorio do testemuño da vítima.

CONCLUSIÓNS

Dende unha perspectiva constitucional, como vimos, a presunción de inocencia atópase moi blindada. As esixencias impostas polo Tribunal Constitucional para desvirtuala operan a modo de garantías, procurando que unha declaración de culpabilidade estea fundamentada de xeito suficiente, adecuado, pertinente e xustificado. Porén, o tratamento desta presunción de inocencia, nos supostos de violencia de xénero, goza de certas especialidades. Especialidades que, como non podería ser doutro xeito, van asociadas á propia singularidade que reviste a propia natureza desta lacra social.

¹² Véxase o artigo 116 do Código Penal: "1. Toda persoa criminalmente responsable dun delito ou falta o é tamén civilmente si do feito se derivaren danos ou prexuízos. Si son dous ou máis os responsables dun delito ou falta os Xuíces e Tribunais sinalarán a cota de que deba responder cada un.

2. Os autores e os cómplices, cada un dentro da súa respectiva clase, serán responsables solidariamente entre si polas súas cotas, e subsidiariamente polas correspondentes aos demais responsables.

A responsabilidade subsidiaria farase efectiva: primeiro, nos bens dos autores e, despois, nos dos cómplices.

Tanto nos casos en que se faga efectiva a responsabilidade solidaria como a subsidiaria, quedará a salvo a repetición do que pagara contra os demais polas cotas correspondentes a cada un.

3. A responsabilidade penal dunha persoa xurídica levará consigo a súa responsabilidade civil nos termos establecidos no artigo 110 deste Código de forma solidaria coas persoas físicas que foran condenadas polos mesmos feitos".

¹³ Véxase os artigos 123 e 124 do Código Penal.

Art. 123 CP: "As costas procesuais se entenden impostas pola Lei aos criminalmente responsables de todo delito ou falta".

Art. 124 CP: "As costas comprenderán os dereitos e indemnizacións ocasionados nas actuacións xudiciais e incluírán os honorarios da acusación particular nos delitos só perseguibles a instancia de parte".

¹⁴ Véxanse os artigos 178 e 179 do Código Penal.

Art. 178 CP: "O que atentare contra a liberdade sexual doutra persoa, empregando violencia ou intimidación, será castigado como responsable de agresión sexual coa pena de prisión dun a cinco anos".

Art. 179 CP: "Cando a agresión sexual consista en acceso carnal por vía vaginal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías, o responsable será castigado como reo de violación coa pena de prisión de seis a 12 anos".

Como se puxo de manifesto, o Tribunal Supremo ten feitos incesantes esforzos por articular un sistema que, sen vulnerar a presunción de inocencia, garanta tamén o valor probatorio do testemuño da vítima, sobre todo, cabe dicir, naqueles casos en que este testemuño é a única canle probatoria de que dispón a vítima. Non podemos perder de vista que non é infrecuente que a violencia de xénero sexa un problema privado, no sentido de que non trascenda fronte a terceiros e que non teña evidencia pública. Por tanto, as probas, en moitos casos, redúcense á declaración da vítima, isto é, “a palabra dun contra a doutro”. Para evitar a impunidade dos agresores por falta de probas, as esixencias do Tribunal Supremo procuran garantir que, naqueles casos en que o testemuño da vítima cumpra certos requisitos, gozará de entidade suficiente para desvirtuar a presunción de inocencia do agresor e concluir a súa culpabilidade. Non obstante, si cabe preguntarse a idoneidade da formulación desas pautas. O certo é que a praxe xudicial revela amplo consenso na materia xa que, máis que valorar cada un dos presupostos de xeito illado, realízase unha ponderación global coa que poder emitir un xuízo de razoabilidade ben fundado. Pensemos, por exmplo, no caso de que o testemuño dunha muller de idade avanzada constitúe a única proba de cargo e esta muller padece un deterioro cognitivo tal que lle dificulta cumprir cos tres presupostos plantexados pola xurisprudenza. Ou o suposto de que a muller padeza unha disfuncionalidade que lle faga especialmente vulnerable. Habería que pensar en casos como os plantexados, de cara a poder artellar solucións máis concretas e individualizadas segundo as especialidades do suposto fáctico.

BIBLIOGRAFÍA

Castro Corredoira, María: “Apuntes al contenido locativo de la pena de alejamiento: la causa de justificación del artículo 27.3 LOREG”, *Diario La Ley*, nº 9218, Sección Tribuna, 14 de xuño de 2018, (pp. 1-6).

García Ortiz, Lourdes (dir.): “*La violencia de género: Ley de protección integral, implantación y estudio de la problemática de su desarrollo*”, Lerko Print S. A., Madrid, 2006.

Guinarte Cabada, Gumersindo: “Algunas cuestiones polémicas en la interpretación de los delitos de violencia de género”, en Rodríguez Calvo, María Sol, e Vázquez-Portomeñe Seijas, Fernando (dirs.), *La violencia de género. Aspectos médico-legales y jurídico-penales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2013, (pp. 215-259).

Guinarte Cabada, Gumersindo, e Castro Corredoira, María, “Eximentes y circunstancias modificativas de la responsabilidad criminal”, en Rodríguez Calvo, María Sol, e Vázquez-Portomeñe Seijas, Fernando (dirs.): *Estudio Empírico Sobre la Violencia de Género*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018, (pp. 95-119).

Montalbán Huertas, Inmaculada: "La ley integral contra la violencia de género 1/2004 como instrumento normativo. Balance de un año en el ámbito judicial", en García Ortiz, Lourdes (dir.), *La violencia de género: Ley de protección integral, implantación y estudio de la problemática de su desarrollo*, Lerko Print S. A., Madrid, 2006.

Montiel, Juan Pablo: "Analogía favorable al reo. Fundamentos y límites de la analogía "in bonam partem" en el Derecho Penal", La Ley, Madrid, 2009.

Mora Crovetto, María Victoria: "Visibilización de la violencia de género a través del procedimiento judicial seguido por malos tratos", Temas de las Cortes Valencianas, Valencia, 2004.

Rodríguez Calvo, María Sol, e Vázquez-Portomeñe Seijas, Fernando (dirs.): "La violencia de género. Aspectos médico-legales y jurídico-penales", Tirant lo Blanch, Valencia, 2013.

Valeije Álvarez, Inmaculada (2007): "La regulación de las penas accesorias en el Código Penal de 1995", *ADPCP*, vol. LX, 2007, (pp. 1-34).

Vázquez-Portomeñe Seijas, Fernando: "La Mediación entre la víctima y el agresor como forma de resolución de conflictos en el derecho penal de adultos", *Boletim da Faculdade de Direito: Universidade de Coimbra*, vol. 86, 2010.

A DECLARACIÓN DA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO COMO ÚNICA PROBA DE CARGO NO PROCESO PENAL

Alonso Salgado, Cristina

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa

Universidade de Santiago de Compostela

cristina.alonso@usc.es

RESUMO

Coñecidas son as tradicionais dificultades derivadas da interacción do binomio violencia de xénero-materia probatoria. As especificidades, en xeral, desta clase de feitos delituosos e, en particular, as circunstancias relativas á súa comisión condicionan, cando non determinan, as posibilidades reais de axuizamento.

En non poucos casos, a declaración da vítima de violencia de xénero constitúe o único elemento de consideración en materia probatoria e isto, xunto con outros factores, ocasiona que se xeren espazos de impunidade que repugnan a mesma idea de Xustiza.

Así pois, cabe preguntarse se a declaración da vítima de violencia de xénero pode erixirse como única proba de cargo susceptible de enervar a presunción de inocencia do suxeito pasivo do proceso; e, no seu caso, preguntarse sobre as condicións que debe reunir ese testemuño para acadar tal consideración.

Sobre todo isto versarán as liñas que seguen.

PALABRAS CHAVE: Vítima; Declaración; Violencia de Xénero; Presunción de inocencia.

DIAGNOSE DUNHA SITUACIÓN PREOCUPANTE

Coñecidas son as tradicionais dificultades derivadas da interacción do binomio violencia de xénero-materia probatoria. As especificidades, en xeral, desta clase de feitos delituosos, e en particular, as circunstancias relativas á súa comisión condicionan, cando non determinan, as posibilidades reais de

axuizamento. A ninguén escapa que isto é tanto como afirmar que este marco contextual favorece, en non poucas ocasións, a creación de espazos de impunidade que non só repugnan á idea mesma de Xustiza, senón que xeran externalidades negativas máis que relevantes para o sistema de Xustiza penal. Convén notar ao respecto unha evidencia: non se fai aquí referencia a un específico tipo penal de bagatela, sobre o que non existe un interese público relevante na súa persecución dada a súa escasa transcendencia social. Infelizmente, como é sabido, non estamos perante ese escenario. Máis ao contrario, estamos perante unha amalgama delituosa cuxo crecente impacto sistémico, cuxa relevancia social, etc., esixe que tanto o foro, como a academia afinen as súas respostas técnico-xurídicas.

Comezaremos por insistir en algo xa coñecido. As ferramentas cuantitativas de medición devólvennos unha imaxe realmente preocupante: en violencia de xénero existen marxes contrastados de impunidade absolutamente intolerábeis. E é que, existe unha violencia verificada que resulta sumamente difícil canalizar a través das nosas vetustas canles procesuais. As razóns son de sobra coñecidas: as especiais particularidades que se concitan na vítima-testemuña; o escaso acervo probatorio por mor da relevancia do factor da "intimidade" na comisión; así como a dispensa do deber de declarar prevista no artigo 416 da Lei de Axuizamento Criminal, entre outros motivos, xeran unha tormenta perfecta.

As consecuencias de todo isto, na materia que agora interesa, son tamén coñecidas: as apuntadas dificultades probatorias confiren á declaración da vítima unha importancia absolutamente capital para poder axuizar esa violencia opaca, para facer saír a flote unha violencia que, en tanto que oficiosa, non forma parte do oficial e, en liña lóxica deforma a avaliación da política criminal en materia de violencia de xénero. Operamos así, sobre unha realidade que non é tal.

E é que, en ausencia dun maior acervo probatorio, e sen a referida declaración —pola decisión da vítima de acollerse á dispensa—, a consecuencia irremediable é o Auto de sobresemento ou, no caso de que o proceso tivera avanzado ata a fase de xuízo oral, a sentenza absolutoria ao non obrar nos autos proba de cargo suficientemente sólida que sirva para enervar o principio de presunción de inocencia.

Outra volta de torca máis na sinalada tormenta perfecta: aínda cando estiveramos ante o máis manifesto e groseiro suposto de violencia de xénero, o esperpento chega a que se tivera sometido ao varón-agresor a un proceso penal, á pena de banca, que se tiveran adoptado contra el medidas cautelares, en definitiva, se tivera afectado irremediamente a súa esfera persoal coa espada de Damocles pendendo sobre el, para finalmente sentar a verdade-mentira oficial, isto é, a súa declaración de inocencia. E con tal declaración, ao chegar ao segundo andar do absurdo, sérvenselle en bandexa de prata ao

reaccionarismo, argumentos falaces para avalar a súa resposta ultramontana: presunta proliferación de denuncias falsas en violencia de xénero, a utilización espuria do proceso penal, etc.

A RESPOSTA DO FORO: UNHA XURISPRUDENCIA CON ARISTAS

Á vista de canto se ven de apuntar, nin que dicir ten a relevancia da declaración da vítima, xustamente, co horizonte de desterrar os escenarios de impunidade que se veñen de salientar. Máis aínda: é a propia natureza deste tipo de feitos delituosos a que require que, en ausencia doutros elementos, analicemos a posibilidade de que a súa declaración poida servir, por si mesma, para enervar a presunción de inocencia. Obviamente, esa posibilidade esixe, en opinión do noso Tribunal Supremo, que se adopten en tal sentido, unha serie de prevencións en atención a uns criterios de avaliación consolidados xurisprudencialmente que procedemos a debullar a continuación. En primeiro lugar, non por evidente debe deixar de destacarse que a declaración da vítima non goza da consideración de proba indiciaria senón de proba directa e ten sido admitida coma proba de cargo pola xurisprudencia tanto do Constitucional, coma do noso Alto Tribunal. Así pois, sempre que se respecten as coñecidas esixencias, a declaración da vítima pode ser habilitante para desvirtuar a presunción constitucional de inocencia, en atención ao marco de clandestinidade en que se producen determinados feitos delituosos¹.

En segundo lugar, evidentemente, a súa declaración non se converte sempre e en todo caso, *per se*, e de maneira automática en proba de cargo suficiente, pois, como calquera, está sometida á valoración do órgano xurisdiccional sentenciador. Cómpre insistir nesta idea afinando o razoamento: que a declaración da vítima sexa susceptible de desvirtuar a presunción de inocencia -valoración do tribunal sentenciador mediante-, non comporta a desvirtuación automática da presunción de inocencia, toda vez que, conforme a xurisprudencia do Tribunal Supremo, as declaracións da vítima non son totalmente equiparables ás dun terceiro. E é que, sempre que se practiquen coas debidas garantías, estas declaracións teñen, en efecto, valor de proba testemuñal, e poden por si soas enervar a presunción de inocencia, moi en particular, nos feitos delituosos nos que, polas circunstancias de comisión, non adoita concorrer a presenza doutras testemuñas². Sentado isto, resulta evidente que, no caso de se tratar da única proba de cargo esíxese unha cautelosa ponderación por parte do órgano xurisdiccional na que se valore a súa

¹ Entre outras, *vid.*: sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 313/2002, de 22 febreiro; sentenza da Sala Primeira do Tribunal Constitucional número 229/1991, de 28 novembro; etc.

² Neste senso pronúnciase o Fundamento de Dereito segundo da sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 112/1999, de 30 de xaneiro, cando sinala que: "*Ha dicho reiteradamente el Tribunal Constitucional y esta misma Sala (...) que las declaraciones de la víctima o perjudicado tienen valor de prueba testifical siempre que se practiquen con las debidas garantías, y son hábiles por sí solas para desvirtuar la presunción constitucional de inocencia (...), y de manera específica en los delitos en que por las circunstancias en que se cometen no suele concurrir la presencia de otros testigos*".

credibilidade con respecto aos diversos factores, quer obxectivos, quer subxectivos, que converxen no suposto. Non é suficiente a soa afirmación de confianza en relación á declaración testemuñal cando aparece coma proba única. A aseveración debe facerse acompañar dunha argumentación razoable, fundamentada en datos ou circunstancias³. Porque, o risco para o dereito á presunción de inocencia ven da man, xustamente, desa circunstancia: a única proba de cargo provén da declaración da vítima, risco maior aínda se é ela quen, para alén de dar inicio ao proceso, exerce a acusación, pois neste suposto a propia parte acusadora acaba por erixirse en axente da única proba⁴.

UNHA RESPOSTA MÁIS QUE DISCUTÍBEL: U-LA PERSPECTIVA DE XÉNERO?

Habida conta do que se ven de subliñar, cabe preguntarse cales son eses criterios chamados a formar o convencemento do órgano xurisdiccional. Son tres os salientados polo noso Alto Tribunal⁵: en primeiro lugar, a ausencia de incredibilidade subxectiva. Cómpre ter presente que a ausencia deste específico tipo de credibilidade pode ser consecuencia non só das circunstancias físicas ou psíquicas da testemuña, senón tamén da converxencia de intencionalidades espurias. En concreto, en relación a esta concorrencia, a constatación da credibilidade subxectiva fai preciso o exame de eventuais motivacións abxectas, a través dunha análise da contorna contextual na que tiveron lugar as relacións previas entre as partes, pois o testemuño da vítima constitúe o pilar esencial da acusación⁶.

³ Fundamento de Dereito Segundo da sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 584/1997, de 29 abril: "*Ciertamente que la declaración de la víctima, cuando es la única prueba de cargo, exige una cuidada y prudente valoración por el Tribunal sentenciador, ponderando su credibilidad en relación con todos los factores, subjetivos y objetivos que concurren en la causa, ponderación que se ha realizado en el caso actual no limitándose la Sala sentenciadora a trasladar, sin más, al hecho probado las declaraciones de la víctima, sino que la contrasta con los elementos probatorios concurrentes, para confirmar su verosimilitud y credibilidad, obteniendo una conclusión razonada y razonable, por lo que no cabe apreciar en absoluto, que haya sido vulnerado el derecho constitucional invocado. El análisis minucioso y detallado de la prueba practicada (testifical y pericial) que se efectúa en el fundamento jurídico segundo de la sentencia impugnada es modélico y su lectura releva de mayores consideraciones*". Tamén de interese, *vid.*, Fundamento de Dereito Segundo da sentenza da Sala de lo Penal do Tribunal Supremo número 645/1999, de 29 abril: "*Ciertamente, conforme a reiterada doctrina del TC y de esta Sala, el testimonio de la víctima puede ser suficiente para una condena penal, incluso aunque, como en el caso presente, haya actuado en el proceso como parte acusadora, siempre que existan datos, que debe exponer la propia sentencia condenatoria, que pudieran justificar el que el órgano judicial le confiera credibilidad. No basta una mera afirmación de confianza en la declaración testimonial cuando aparece como prueba única. Tal afirmación ha de ir acompañada de una argumentación y ésta ha de ser razonable por encontrarse apoyada en determinados datos o circunstancias*".

⁴ Fundamento de Dereito Terceiro da sentenza da Sección 1ª da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 119/2019, de 6 de marzo.

⁵ Fundamentos de Dereito Terceiro e seguintes da Sección 1ª da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 717/2018, de 17 xaneiro. En relación á evolución da xurisprudencia, *vid.*, Magro Servet, Vicente (2018): "Análisis de la Doctrina Jurisprudencial reciente en violencia de género", *Diario La Ley*, nº 9278.

⁶ De acordo co fundamento de Dereito Cuarto da sentenza da Sección 1ª da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 609/2013, de 10 de xullo: "*La comprobación de la credibilidad subjetiva exige un examen del entorno personal y social que*

En segundo lugar, cabe subliñar o criterio da credibilidade obxectiva, na consideración de que o testemuño debe estar fundamentado non só na imprescindible coherencia interna derivada dunha exposición lóxica, senón na corroboración periférica mediante elementos obxectivos que lle outorguen coherencia externa ao relato. É mester diferenciar a este respecto a falta de contradicións na declaración, ou a ausencia de aspectos fácticos pouco verosímiles —parámetros estes, configuradores da coherencia interna—, da falta de contradicións entre os diferentes relatos achegados durante o proceso, cuestión esta que debe ser examinada no ámbito da persistencia do testemuño⁷.

Por último, debe traerse a colación, xustamente, algo acabado de apuntar: a persistencia na incriminación que se concreta, ao tempo, en tres aspectos basicamente: a invariabilidade no esencial das diversas declaracións prestadas⁸, entendida como un relato perseverante no fundamental⁹; a concreción

.....
constituye el contexto en el que se han desarrollado las relaciones entre el acusado y la víctima, cuyo testimonio es el principal fundamento de la acusación, para constatar si la declaración inculpatoria se ha podido prestar por móviles de resentimiento, venganza o enemistad u otra intención espuria que pueda enturbiar su credibilidad".

En idéntico sentido, *vid.* o Fundamento de Dereito Segundo da sentenza da Sección 1ª da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 772/2012, de 22 de outubro: "La falta de credibilidad de la víctima o perjudicada puede derivar de la existencia de móviles espurios o abyectos, en función de las relaciones anteriores con el sujeto activo, pues pueden concurrir razones vinculadas a las previas relaciones acusado- víctima, indicadoras de móviles de odio, resentimiento, venganza o enemistad".

⁷ Con todo, debe terse presente que: "No se puede exigir en casos graves una copia permanente del contenido de sus declaraciones, al modo de que fuera una especie de declaración aprendida que, incluso, podría llegar a dudarse de su veracidad, ya que la espontaneidad de esas declaraciones emergen en tanto en cuanto va recordando determinados aspectos concretos, y teniendo en cuenta que la víctima del delito en su mente tiende psicológicamente a intentar olvidar lo sucedido y a borrarlo, pese a lo cual acaba declarando cómo ocurrieron los hechos y puede que de forma algo distinta, y sin que los matices de las diferencias que puedan existir en las sucesivas ocasiones tengan la consideración necesaria para dudar de la verosimilitud y credibilidad de la víctima", en Magro Servet, Vicente (2020): "La 'progresividad' de la declaración de la víctima en el proceso penal en el análisis de la alegación de contradicciones", *Diario La Ley*, nº 9760.

⁸ "Desde el punto de vista de la declaración de la víctima, se ha producido una manifiesta persistencia en la incriminación, no en un aspecto meramente formal de repetición de un disco o lección aprendida, sino en su constancia sustancial en las diversas declaraciones. Asimismo, concurre una verosimilitud corroborada por datos objetivos, constatables y acreditados por prueba directa, tales como los informes médico forenses en la exploración ginecológica de la menor referentes a su desflorado himen, de quince a veinte días de cicatrización de sus lesiones", no Fundamento de Dereito Primeiro da sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 849/1998, de 18 xuño.

⁹ De interese, *vid.* Fundamento de Dereito Terceiro da sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo número 585/2020, de 5 de novembro: "La jurisprudencia de esta Sala nunca ha identificado las explicables contradicciones de la víctima con la falta de persistencia. Antes al contrario, hemos advertido acerca de la importancia de que su testimonio no implique la repetición mimética de una versión que, por su artificial rigidez, puede desprender el aroma del relato prefabricado. No podemos hacer nuestra la línea argumental de la defensa, según la cual, todo lo que se silenció en un primer momento y se hizo explícito en una declaración ulterior, ha de etiquetarse como falso. La experiencia indica que algunos extremos del hecho imputado sólo afloran cuando la víctima es interrogada acerca de ello (...) Y hemos precisado en numerosas ocasiones que la persistencia no exige una repetición mimética, idéntica o literal de lo mismo sino la ausencia de contradicciones en lo sustancial y en lo relevante. No son faltas de persistencia el cambio del orden en las afirmaciones, ni la sucesiva ampliaciones de estas cuando no se afecta la coherencia y la significación sustancial de lo narrado; ni la modificación del vocabulario o de la sintaxis, es decir de las formas

no testemuño, de xeito tal que se preste de xeito preciso —isto é, sen xeneralidades—, describindo as especificidades que, habida conta das circunstancias, sexa quen de trasladar; e, finalmente, a falta de contradicións das declaracións manifestadas ao longo do proceso.

Aclarados estes extremos, nos últimos anos, a súa interacción coa violencia de xénero ven sendo obxecto de reflexións xurisprudencias de significativo calado. En relación á construción xurisprudencial tradicional con respecto á declaración da vítima como única proba de cargo, salienta GONZÁLEZ MONJE que o Tribunal Supremo ten matizado nos últimos tempos a súa liña consolidada na materia en alusión específica, inicialmente, á vítima de violencia de xénero (GONZÁLEZ MONJE, 2020)¹⁰. Boa mostra disto que se sinala é a propia sentenza 119/2019, de 6 de marzo, á que *supra* faciamos alusión. No seu Fundamento de Dereito Terceiro apunta unha relación de factores a considerar na valoración por parte do órgano xurisdiccional: "1.-Seguridad en la declaración ante el Tribunal por el interrogatorio del Ministerio Fiscal, letrado/a de la acusación particular y de la defensa. 2.-Concreción en el relato de los hechos ocurridos objeto de la causa. 3.-Claridad expositiva ante el Tribunal. 4.-'Lenguaje gestual' de convicción. Este elemento es de gran importancia y se caracteriza por la forma en que la víctima se expresa desde el punto de vista de los "gestos" con los que se acompaña en su declaración ante el Tribunal. 5.-Seriedad expositiva que aleja la creencia del Tribunal de un relato figurado, con fabulaciones, o poco creíble. 6.-Expresividad descriptiva en el relato de los hechos ocurridos. 7.-Ausencia de contradicciones y concordancia del iter relatado de los hechos. 8.-Ausencia de lagunas en el relato de exposición que pueda llevar a dudas de su credibilidad. 9.-La declaración no debe ser fragmentada. 10.-Debe desprenderse un relato íntegro de los hechos y no fraccionado acerca de lo que le interese declarar y ocultar lo que le beneficie acerca de lo ocurrido. 11.-Debe contar tanto lo que a ella y su posición beneficia como lo que le perjudica".

CONCLUSIÓNS

Ao abeiro do acabado de sinalar, ni que dicir ten que a precisión do Alto Tribunal resulta certamente discutíbel na súa aplicación a supostos de violencia de xénero. Certo é que no mesmo pronunciamiento matiza que, en atención á situación de temor ou revitimización da vítima, "poden" ser considerados

.....
expresivas cuando con unas u otras se dice lo mismo; ni los cambios en lo anecdótico o en lo secundario cuando solo implican falta de certeza en lo accesorio pero no en lo principal que es lo que por su impacto psicológico permanece en la mente de la víctima, salvo en los casos en que los cambios narrativos de lo secundario evidencien tendencia a la fabulación imaginativa, valorable en el ámbito de la credibilidad subjetiva".

¹⁰ Insiste a autora de maneira moi crítica en González Monje, Alicia (2020): "La declaración de la víctima de violencia de género como única prueba de cargo: últimas tendencias jurisprudenciales en España", Revista Brasileira de Direito Processual Penal, Vol. 6, nº 3, (1645 e ss.).

—ademais dos xa referidos—, factores como: o desexo de rematar canto antes o proceso ou, mesmo, de esquecer; o temor ao acusado e/ou á súa familia; as eventuais presións da súa contorna ou externas; así como, as "*Dificultades que puede expresar la víctima ante el Tribunal por estar en un escenario que le recuerda los hechos de que ha sido víctima y que puede llevarle a signos o expresiones de temor ante lo sucedido que trasluce en su declaración*".

Con todo, nin a matización logra amañar algunhas das eivas do eixo principal do pronunciamiento. Comezando por esta última precisión que se ven de analizar, por ben intencionada que resulte, non cabe dúbida de que, en tanto non comporta unha emenda, sequera parcial, senón máis ben unha chave interpretativa, non é quen de desactivar o nó gordiano do apuntado eixo. Se, en efecto, se recoñecen as dificultades, por que non se deseñan as liñas principais en atención a eses riscos susceptíbeis de se produciren? Na matización latexa, infelizmente un recoñecemento que nos conduce inexorablemente ao *adagium*: *Excusatio non petita, accusatio manifesta*.

Non se trata dun exercicio hiperbólico: acaso están os nosos órganos xurisdiccionais especializados en vitimoloxía?; en comunicación non verbal?; ou o que é peor: contan coa formación axeitada en perspectiva de xénero na interpretación e aplicación do Dereito?¹¹. Sendo doadas as preguntas e intuitivas as respostas, a evidencia empírica permite vaticinar dificultades interpretativas que en nada coaduxarán á causa que, pretendidamente, se asegura defender.

BIBLIOGRAFÍA

Castillejo Manzanares, Raquel (2013): "*Violencia de género y justicia*", Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Del Pozo Pérez, Marta (2019): "*Formación judicial en violencia de género: análisis crítico*", Aranzadi, Cizur Menor (Navarra).

¹¹ Ao respecto, cabe salientar a perspectiva crítica de Del Pozo Pérez, Marta (2019): *Formación judicial en violencia de género: análisis crítico*, Aranzadi, Cizur Menor (Navarra). Non se trata dunha perspectiva derivada dunha reflexión recente. Para o debate, *vid.*: Moreno Cuerva, Luisa Pilar (2016): *La distancia entre la legislación vigente en materia de violencia de género y su aplicación*, Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona; Laurenzo Copello, Patricia, Maqueda Abreu, María Luisa y Rubio Castro, Ana María (2008): *Género, violencia y derecho*, Tirant lo Blanch, Valencia; Maqueda Abreu, María Luisa (2014): *Razones y sinrazones para una criminología feminista*, Dykinson, Madrid; Lorenzo Rodríguez-Armas, Magdalena (2007): "La igualdad real y efectiva desde la perspectiva del género en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional Federal Alemán y el Tribunal Constitucional Español", *Anuario Jurídico y Económico Escurialense*, XL; Mantilla Falcón, Julissa (2016): "Derecho y perspectiva de género: un encuentro necesario", *Vox Juris* (32) 2, (117-125); Castillejo Manzanares, Raquel (2013): *Violencia de género y justicia*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; Faraldo Cabana, Patricia (2010), *Género y sistema penal. Una perspectiva internacional*, Comares, Granada.

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Faraldo Cabana, Patricia (2010): "*Género y sistema penal. Una perspectiva internacional*", Comares, Granada.

González Monje, Alicia (2020): "La declaración de la víctima de violencia de género como única prueba de cargo: últimas tendencias jurisprudenciales en España", *Revista Brasileira de Direito Processual Penal*, Vol. 6, nº 3, (1627-1660).

Laurenzo Copello, Patricia, Maqueda Abreu, María Luisa y Rubio Castro, Ana María (2008): "*Género, violencia y derecho*", Tirant lo Blanch, Valencia.

Lorenzo Rodríguez-Armas, Magdalena (2007): "La igualdad real y efectiva desde la perspectiva del género en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional Federal Alemán y el Tribunal Constitucional Español", *Anuario Jurídico y Económico Escurialense*, XL.

Magro Servet, Vicente (2018): "Análisis de la Doctrina Jurisprudencial reciente en violencia de género", *Diario La Ley*, nº 9278.

Magro Servet, Vicente (2020): "La 'progresividad' de la declaración de la víctima en el proceso penal en el análisis de la alegación de contradicciones", *Diario La Ley*, nº 9760.

Mantilla Falcón, Julissa (2016): "Derecho y perspectiva de género: un encuentro necesario", *Vox Juris* (32) 2, (117-125).

Maqueda Abreu, María Luísa (2014): "*Razones y sinrazones para una criminología feminista*", Dykinson, Madrid.

Moreno Cuerva, Luisa Pilar (2016): "*La distancia entre la legislación vigente en materia de violencia de género y su aplicación*", Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona.

LA "INDIGNANTE" RELACIÓN ENTRE LA VIOLENCIA DE GÉNERO Y LA INDIGNIDAD SUCESORIA

García Goldar, Mónica

Departamento de Dereito Común

Universidade de Santiago de Compostela

monica.garcia@usc.es

RESUMEN

En este trabajo se analiza la repercusión que tiene la violencia de género en la sucesión *mortis causa* de la mujer maltratada desde una perspectiva comparada, cotejando la regulación prevista en todos los derechos civiles coexistentes en territorio español (Código civil y derechos autonómicos). Dicho análisis se centra en la institución de la indignidad sucesoria, que es la que permite impedir que ciertas personas, por haber cometido algún tipo de agravio, queden excluidas de la herencia de la persona agraviada. La conclusión del estudio no es ciertamente positiva por cuanto se observa una clara ausencia de perspectiva de género a la hora de abordar esta materia y que se agrava, indudablemente, en tiempos de pandemia.

PALABRAS CLAVE: violencia de género; indignidad; sucesión *mortis causa*.

INTRODUCCIÓN

La violencia de género representa una de las mayores lacras de nuestra sociedad y la lucha contra la misma exige cierta coordinación y coherencia entre las diversas ramas del Derecho. Por ello, el objetivo de este trabajo es comprobar si el legislador civil la tiene en cuenta a la hora de regular la sucesión *mortis causa* de la mujer maltratada; cuestión que no es baladí pues tanto en el Código Civil como en los derechos autonómicos se prevé alguna posición en favor del cónyuge supérstite o la pareja de hecho (en los derechos autonómicos que así lo contemplen) respecto del orden establecido para la sucesión intestada, aunque como cabe imaginar, la magnitud de esos derechos legales varía significativamente entre unos y otros ordenamientos. El instrumento sucesorio que permite evitar la sucesión por parte de

la persona que comete algún agravio al causante es, precisamente, el de la indignidad sucesoria; institución que pretendemos analizar en las páginas que siguen para comprobar si su regulación presenta la perspectiva de género necesaria, al menos en relación con los malos tratos.

LAS CAUSAS DE INDIGNIDAD EN EL CÓDIGO CIVIL Y EN LOS DERECHOS AUTONÓMICOS

Siguiendo un criterio temporal, cabría comenzar por mencionar la normativa contenida en el Código Civil de Cataluña por ser el primer ordenamiento que hizo referencia, en 2008, a los malos tratos como causa de indignidad (aunque no de forma explícita): según el art. 412-3 CCCat, es indigno para suceder “el que ha sido condenado por sentencia firme dictada en juicio penal por haber cometido dolosamente delitos de lesiones graves, contra la libertad, de torturas, contra la integridad moral o contra la libertad e indemnidad sexuales, si la persona agravada es el causante, su cónyuge, la persona con quien convivía en pareja estable o algún descendiente o ascendiente del causante”. Aunque no se especifique en el precepto, en él debe entenderse incluida la violencia de género, tal y como reza el preámbulo de la Ley: “En materia de capacidad sucesoria, es preciso destacar la norma que redefine y amplía las causas de indignidad, en particular extendiéndola a quienes cometen delitos de lesiones graves, contra la libertad, de torturas, contra la integridad moral –incluidos los delitos de violencia familiar y de género– o contra la libertad y la indemnidad sexuales, siempre y cuando sean víctimas de los mismos el causante u otras personas de su núcleo familiar¹”. Pero su carácter innovador contrasta con el excesivo rigor con el que se planteó este precepto, en el que se exige no sólo la condena penal sino también sentencia firme. Este requisito ha sido considerado por la doctrina como contrario al propósito de presentar el Código Civil catalán “en posición político-legislativa de progreso y avance frente a hechos de violencia en el ámbito de género y familiar”, ya que no permite que el juez civil valore la entidad del acto a los efectos de establecer la incapacidad sucesoria².

En cuanto a las Islas Baleares, los arts. 7 bis (para Mallorca y Menorca) y 69 bis (para Ibiza y Formentera) de su Compilación del Derecho Civil establecen que son indignos para suceder, entre otros: “los condenados en juicio penal por sentencia firme por haber atentado contra la vida o por lesiones graves contra el causante, su cónyuge, su pareja estable o de hecho o alguno de sus descendientes o ascendientes” y “los condenados en juicio penal por sentencia firme por delitos contra la libertad, la integridad moral

¹ María Paz GARCÍA RUBIO (2009, 178), hace notar que en el CCCat la referencia a la violencia de género no está en el texto, sino en el preámbulo; “de ello deriva que un cambio de ubicación de este tipo de delitos por parte del legislador penal, implicaría que la remisión ya no se produciría”.

² José CALVO GONZÁLEZ (2007, 4).

y la libertad sexual, si el ofendido es el causante, su cónyuge, su pareja estable o de hecho o alguno de sus descendientes o ascendientes". Ambos preceptos fueron añadidos en virtud de la Ley 3/2009, de 27 de abril, de modificación de la compilación de Derecho Civil de las Illes Balears, sobre causas de indignidad sucesoria y desheredamiento.

En Aragón, el art. 328 del Código del Derecho Foral de 2011 permaneció de alguna manera ajeno a esta reciente tendencia iniciada por el legislador catalán al establecer, basándose en la redacción primigenia del art. 756 CC, que es incapaz de suceder por causa de indignidad "el que fuere condenado por haber atentado contra la vida del causante, de su cónyuge, descendientes o ascendientes, contra la vida del fiduciario o contra la vida de otro llamado a la herencia cuya muerte favorezca en la sucesión al indigno".

En cuanto al Código Civil (que rige en todos los territorios en los que no haya derecho autonómico propio o que, aun teniéndolo, no regulan expresamente esta cuestión, como puede ser el País Vasco y Galicia), el art. 756.1º establece, tras la reforma operada en 2015, que será indigno para suceder "el que fuera condenado por sentencia firme por haber atentado contra la vida, o a pena grave por haber causado lesiones o por haber ejercido habitualmente violencia física o psíquica en el ámbito familiar al causante, su cónyuge, persona a la que esté unida por análoga relación de afectividad o alguno de sus descendientes o ascendientes".

En esta disposición se pueden distinguir tres sub-causas distintas. La primera es haber sido condenado, en sentencia firme, por haber atentado contra la vida del causante, del cónyuge o persona unida por análoga relación de afectividad, o alguno de sus descendientes o ascendientes³. Este supuesto no es nuevo⁴ pues ya se preveía, ligeramente diferente, en la redacción anterior del art. 756.2.º, al establecer que sería indigno: "el que fuere condenado en juicio por haber atentado contra la vida del testador, de su cónyuge, descendientes o ascendientes"; redacción que, dicho sea de paso, estuvo en vigor desde la promulgación del Código Civil en 1889 hasta la reforma de 2015. La segunda sub-causa es haber sido condenado, en sentencia firme, a pena grave por haber causado lesiones al causante, su cónyuge, persona a la que esté unida por análoga relación de afectividad o alguno de sus descendientes o ascendientes. Como se requiere que la conducta sea constitutiva de pena grave, habrá de entenderse que son aquellas que implican

³ María Paz GARCÍA RUBIO y Marta OTERO CRESPO (2016, 265), afirman que esta primera causa aparece "de forma constante en el derecho histórico y comparado, pues es lógico pensar que el hecho de matar o haber intentado matar al causante merezca la respuesta más grave e impida que quien ha realizado tal reprochable acto pueda beneficiarse de la sucesión de la víctima".

⁴ María Paz GARCÍA RUBIO y Marta OTERO CRESPO (2016, 264), consideran que las causas de indignidad suponen en su mayor parte una versión actualizada de otras aparecidas en distintos momentos históricos más o menos lejanos. Para Lydia NORIEGA RODRÍGUEZ (2019, 2), no se crea en puridad una nueva causa de indignidad, ya que la esencia de su contenido ya se recogía en el segundo apartado del artículo 756 CC.

una condena de prisión superior a cinco años⁵. Por último, la tercera sub-causa es haber sido condenado, en sentencia firme, a pena grave por haber ejercido habitualmente violencia física o psíquica en el ámbito familiar al causante, su cónyuge, persona a la que esté unida por análoga relación de afectividad o alguno de sus descendientes o ascendientes. La inclusión de esta última causa se produjo por la enmienda parlamentaria nº 407 del Partido Popular⁶, recogiendo así las propuestas de un sector doctrinal que defendía la necesaria introducción específica de la violencia de género como causa de indignidad para suceder y/o desheredar, por cuanto la referencia al atentado contra la vida podría incluir los casos más graves de violencia de género, pero no todos⁷. No obstante lo positivo que resulta su inclusión expresa, el hecho de que se exija la habitualidad de la violencia física o psíquica en el ámbito familiar resulta ciertamente “criticable en un contexto de lucha contra la violencia doméstica”⁸.

Por último, y en cuanto a Navarra, la ley 154 de la Compilación del Derecho Civil Foral de Navarra establece que son indignos para adquirir (tanto inter vivos como *mortis causa*): (1) “el condenado en sentencia firme por haber atentado contra la vida o por haber causado lesiones graves al disponente o causante, su cónyuge o persona con la que conviva en pareja estable o a alguno de sus descendientes, ascendientes o hermanos”; (2) “el condenado en sentencia firme por haber ejercido habitualmente violencia física o psíquica en el ámbito familiar al disponente o causante o a alguna de las personas a que se refiere el número anterior”; y (3) “el condenado en sentencia firme por delitos contra la libertad, la integridad moral y la libertad e indemnidad sexual, si el ofendido es el disponente o causante o alguna de las personas referidas anteriormente”. La redacción de estas causas es bastante reciente, pues se introdujo por la Ley Foral 21/2019, de 4 de abril; antes de esta reforma, únicamente la ley 65 se refería a la institución de la indignidad, sin regularla de forma específica.

LA EXIGENCIA DE SENTENCIA FIRME: ¿ACORDE CON LA REALIDAD?

Convendría analizar si es apropiada la exigencia que se observa en el art. 756.1º CC y otros ordenamientos autonómicos (a excepción de Aragón) de que la condena se establezca en sentencia firme; de

⁵ Lydia NORIEGA RODRÍGUEZ (2019, 6).

⁶ María Paz GARCÍA RUBIO y Marta Otero Crespo (2016, 264); Lydia NORIEGA RODRÍGUEZ (2019, 6).

⁷ Véase María Paz GARCÍA RUBIO (2009, 175) y Margarita HERRERO OVIEDO (2011, 553-554). Esta última autora se planteaba incluso la posibilidad de extender la aplicación del artículo 756.1º CC en su redacción original al caso de los malos tratos a través de la interpretación de las normas conforme a la realidad social del tiempo (artículo 3.1.º CC). No obstante, la autora consideraba que “únicamente una reforma del precepto haría claramente posible que un sujeto condenado por un delito de malos tratos fuese considerado indigno para suceder, por testamento o *ab intestato*, a su cónyuge o pareja”.

⁸ Marta ORDÁS ALONSO (2021, 230).

bate que no es del todo nuevo, pues ya tuvo lugar con anterioridad respecto de la referida primigenia redacción del art. 756.2.º CC (al exigir condena por haber atentado contra la vida del causante u otros familiares): la mayor parte de la doctrina abogaba por la necesidad de que la condena fuese penal y la sentencia firme⁹; no obstante, para algunos de los autores más ilustres, dicha exigencia no podría llevarse hasta el extremo de que resultase imposible declarar la indignidad en los casos en que no cupiese o no hubiese podido llevarse a cabo el juicio criminal¹⁰.

Parece que esta discusión doctrinal se ha visto finalmente superada, como decimos, por la nueva regulación establecida en el CC y otros derechos autonómicos que, siguiendo la estela iniciada por el legislador catalán, exigen condena en sentencia firme. En opinión de García Rubio y Otero Crespo, “puede que la opción tomada por nuestro reciente legislador sea la más fácil y segura, pero es también la menos flexible y la menos respetuosa con el sistema de Derecho sucesorio; de alguna manera, y tal y como se confirma en la formulación del resto de las nuevas causas de indignidad, todo ello viene a implicar una sumisión de Derecho sucesorio al Derecho penal que no respeta la diferente naturaleza y distinta función de ambos y puede llevar a resultados inicuos”¹¹. Y para muestra de esos posibles resultados inicuos, un botón: la SAP de Murcia de 19 de noviembre de 2012¹². Los hechos que dieron lugar a esta sentencia fueron los siguientes: el 11 de julio del 2008, un varón manifestó en una llamada telefónica a la Policía, que había matado a su mujer en una casa de campo; una vez personadas varias dotaciones policiales, el individuo se dispara en la cabeza, resultando muerto. Tras ello los agentes acuden a la vivienda y encuentran los cadáveres de la esposa e hijos, así como una nota de auto inculpación. Pues bien, por difícil de creer e indignante que resulte, en la primera instancia no se estimó que el varón fuese indigno para suceder a sus víctimas ya que no había condena en sentencia penal. Si esta decisión hubiera prevalecido, “hubiera provocado un resultado funesto. Por el orden de los fallecimientos, la herencia de la mujer habría sido deferida a sus hijos y, a la muerte de estos, al padre parricida confeso, pero no condenado penalmente y, por tanto, según la sentencia, no indigno. Al morir el padre, serían llamados a heredar sus padres, a los que así se atribuiría la totalidad de la herencia de su nuera y de sus nietos, en tanto que los abuelos maternos quedarían excluidos de la de sus nietos y mediatamente de la de su hija. La interpretación estricta, que propugna la sentencia de primera instancia, hubiera provocado un beneficio a quienes –los suegros de la víctima– no tenían ninguna expectativa de heredarla en otra situación”¹³. Por fortuna, los abuelos

⁹ Felipe SÁNCHEZ ROMÁN (1910, 276); José María MANRESA NAVARRO (1973, 89); Luis Díez-PICAZO y Antonio GULLÓN (2006, 306).

¹⁰ José Luis LACRUZ BERDEJO (1961, 247); Manuel ALBALADEJO (1993, 225).

¹¹ María Paz GARCÍA RUBIO y Marta OTERO CRESPO (2016, 266).

¹² AC, 2012, 1631.

¹³ José María MÍQUEL GONZÁLEZ DE AUDICANA (2019, 1678).

maternos recurrieron la sentencia y la Audiencia Provincial, con mejor criterio, sí lo declara incapaz de suceder por indignidad a su esposa y a sus hijos: “dados los hechos, parece totalmente justificada esta decisión. Sería aberrante que un parricida confeso pudiera heredar a sus víctimas”¹⁴.

Cabe tener en cuenta que esta interpretación más razonable de la AP fue posible por la menos precisa redacción del art. 756 CC, que en 2012 sólo exigía “condena”. Si el mismo caso tuviese lugar hoy mismo, tal vez el resultado tuviese que ser diferente¹⁵, ya que la norma actual no sólo exige condena, sino que esta conste en sentencia firme. Pero, ¿tiene esto algún sentido?, ¿de verdad la aplicación del principio penal *in dubio pro reo* debe extenderse a una cuestión meramente civil?, ¿no deberían admitirse, para su valoración por el juez civil, otro tipo de pruebas sobre la violencia de género como, por ejemplo, las declaraciones testificales, documentos gráficos, partes médicos, etc.? Téngase en cuenta que, según la base de datos de la Agencia Europa Press¹⁶, en el pasado año 2020 fallecieron un total de 45 mujeres víctimas de violencia de género, de las cuales 38 no habían presentado denuncia, o lo que es lo mismo, el 84,44% de las mujeres asesinadas. Además, de las 37.189 denuncias interpuestas en el último trimestre del 2020, sólo 536 fueron presentadas directamente por la víctima en el juzgado (1,44%) y 27 por familiares (0,07%)¹⁷. Esto hace pensar que existen todavía muchos casos de malos tratos no denunciados (ni por la víctima, ni por familiares, ni por terceros), supuestos en los que si no hay denuncia, difícilmente existirá condena penal en sentencia firme. Además, debe tenerse en cuenta que las denuncias por violencia de género disminuyeron considerablemente tras decretarse el estado de alarma a la vez que aumentaron las consultas al 016, probablemente debido a la dificultad de presentar una denuncia cuando la mujer convive con su agresor¹⁸. ¿Dónde se encuentra, entonces, la perspectiva de género en esta norma?

¹⁴ José María MÍQUEL GONZÁLEZ DE AUDICANA (2019, 1678-1679).

¹⁵ Cabe tener en cuenta, sin embargo, que tal vez la respuesta judicial en estos casos deba modularse según lo establecido en la sentencia del TEDH, de 1 de diciembre de 2009, referente al caso *Velcea y Mazăre c. Rumania*. El supuesto que dio lugar a la sentencia es uno muy similar, en el que los tribunales rumanos habían aplicado estrictamente su Código Civil y no estimaron la indignidad del marido que había matado a su mujer y a su suegra, para sucederle a aquella, ya que no había sido condenado por sentencia penal, a pesar de que antes de suicidarse dejase dos cartas confesando ser su autor. Como el criminal no fue declarado indigno, heredó a su mujer, y un hermano suyo al heredarle se hizo con la herencia de las víctimas. Por fortuna, el TEDH apreció por unanimidad la violación del art. 8 del Convenio para la protección de los derechos humanos y las libertades fundamentales y concedió una indemnización por daño moral al padre y a la hermana de la mujer asesinada por su marido.

¹⁶ Disponible en: <https://www.epdata.es/datos/violencia-genero-estadisticas-ultima-victima/109/espana/106>. Consultado: 15/03/2021.

¹⁷ Según se afirma en la base de datos, las restantes denuncias se presentaron por terceros (1.456), por atestados policiales (31.855) o mediante parte de lesiones (3.315).

¹⁸ Véase la noticia “Más consultas al 016 durante el confinamiento por el coronavirus pero menos denuncias por violencia de género”, disponible en: <https://www.elmundo.es/espana/2020/04/18/5e81d40cfc6c833d738b45f0.html>. Consultado: 16/03/2021.

LA FALTA DE PERSPECTIVA DE GÉNERO EN LA INDIGNIDAD SUCESORIA

Resulta manifiesta, en mi opinión, la ausencia de perspectiva de género a la hora de regular la institución de la indignidad sucesoria. Y ello no sólo por la incomprensible exigencia (al menos, en los supuestos de violencia de género) de condena en sentencia firme; requisito que, dicho sea de paso, excluye que conductas tan graves o más que algunas de las previstas puedan dar lugar a la declaración de indignidad¹⁹. Esta ausencia de perspectiva de género se hace evidente también en la neutralidad con la que se establece la indignidad por atentado contra la vida del causante, y que desatiende por completo el posible supuesto de “una mujer víctima de violencia de género quien, tras sufrir repetidos episodios de agresiones por parte de su marido o de su pareja, incluso prolongados a lo largo de muchos años, termina matando a éste de manera dolosa y resulta condenada por ello, aun cuando se aprecien circunstancias atenuantes, [que] pierde igualmente los derechos sucesorios que pudieran corresponderle en su caso en la herencia del fallecido. Cabría meditar si esto debe ser necesariamente y siempre así”²⁰. Según García Rubio, la experiencia comparada pone de relieve que en algunos sistemas jurídicos se ha tomado en consideración la situación de la violencia de género a estos efectos: este es el caso por ejemplo de la jurisdicción australiana, donde determinadas sentencias no aplicaron la llamada *forfeiture rule*, una regla clásica del *common law* de la que en principio derivaría la privación de la herencia; véanse, entre otros, el caso de una mujer que mató a su marido después de que este hubiera violado a su hija de seis años, le hubiera pegado y disparado (*Public Trustee v. Evans*, 1985) o el de una mujer que mató a su marido cuando, después de que le hubiera dicho que le iba a dejar, este hubiera tratado de matarla, dirigiéndose hacia un cuchillo con el que le había amenazado previamente (*Re Keitley*, 1992). En opinión de la autora referida, “con mayor razón debería conservar todos sus derechos hereditarios una mujer víctima de violencia que causa la muerte de su marido o pareja en supuestos similares a los descritos en la práctica australiana”.

Finalmente, conviene destacar que en la mayoría de los ordenamientos autonómicos (a excepción de Navarra), la causa de indignidad sólo opera para los casos en los que existan “lesiones graves”, no haciéndose mención alguna a la igualmente nociva violencia psíquica o psicológica. Cabría considerar que esto merece un poco de reflexión (y alguna futura reforma).

¹⁹ María Paz GARCÍA RUBIO y Marta OTERO CRESPO (2016, 262).

²⁰ Las palabras corresponden a María Paz GARCÍA RUBIO (2009, 179), pero véase, en igual sentido, Margarita HERRERO OVIEDO (2011, 557-566). En relación con el CCCat, en el que también se observa la misma neutralidad, José CALVO GONZÁLEZ (2007, 6), considera que, al no hacer una referencia expresa a los malos tratos, se está afectando al principio de discriminación positiva que inspiró calificar como de distinta naturaleza penal un mismo hecho si de su autoría resultaba responsable un hombre o una mujer.

CONCLUSIONES

La manera en que el legislador civil aborda la repercusión de la violencia de género en la sucesión *mortis causa* de la mujer maltratada es poco acorde con la realidad social, ya que según muestras las estadísticas referidas, son todavía escasas las denuncias que se presentan en caso de malos tratos (sobre todo en tiempos de pandemia). Sólo este dato demuestra la escasa perspectiva de género de una institución civil –la indignidad sucesoria– demasiado garantista con el maltratador al exigir su condena penal en sentencia firme. Perspectiva de género que también brilla por su ausencia respecto de la neutralidad con la que se ha regulado esta institución sucesoria y que, a la postre, sí puede convertir en indigna a la mujer que, intentando defenderse, haya dado muerte a su agresor. Urge, en último lugar, que los legisladores civiles autonómicos reconsideren sus normativas, por cuanto no hacen mención (a excepción de Navarra) al supuesto de la violencia psíquica.

BIBLIOGRAFÍA

Albaladejo García, Manuel (1987): "Comentario al art. 756", en *Comentarios al Código Civil y Compilaciones Forales*, Tomo X, Vol. 1, Edersa, Madrid, (196-238).

Calvo González, José (2007): "El principio 'ley de la ventaja' y la regla de indignidad sucesoria", *Actualidad jurídica Aranzadi*, núm. 734, (11-14).

Díez-Picazo, Luis, y Gullón, Antonio (2006): "*Sistema de Derecho Civil. Vol. IV. Derecho de familia*". *Derecho de sucesiones*, 10ª ed., Tecnos, Madrid.

García Rubio, María Paz y Otero Crespo, Marta (2016): "Capacidad, incapacidad e indignidad para suceder", en *Tratado de Derecho de Sucesiones*, Tomo I, 2ª ed., Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor Navarra, (235-288).

García Rubio, María Paz (2009): "El marco civil en la violencia de género", en *Tutela jurisdiccional frente a la violencia de género: aspectos procesales, civiles, penales y laborales*, Lex Nova, Valladolid, (153-182).

Herrero Oviedo, Margarita (2011): "Derechos sucesorios del cónyuge maltratador y de la mujer maltratada", en *El levantamiento del velo: las mujeres en el derecho privado*, Tirant lo Blanch, Valencia, (547-570).

Lacruz Berdejo, José Luis y Albaladejo, Manuel (1961): "*Derecho de sucesiones. Parte General*", Bosch, Barcelona.

Manresa Navarro, José María (1973): "Comentario al art. 756", en *Comentarios al Código Civil*, Tomo VI, Vol. I, Reus, Madrid, (78-99).

Míquel González de Audicana, José María (2019): "La indignidad para suceder por atentar contra la vida del causante: Comentario de la sentencia de la Audiencia de Murcia de 19 de noviembre 2012", en *Libro homenaje al Profesor Dr. Agustín Jorge Barreiro*, vol. 2, Universidad Autónoma de Madrid, Madrid, (1671-1691).

Noriega Rodríguez, Lydia (2019): "Estudio de las nuevas causas de indignidad sucesoria introducidas por la Ley de Jurisdicción Voluntaria", *Actualidad Civil*, (1-23).

Ordás Alonso, Marta (2021): "*La desheredación y sus causas*". *Derecho civil común y derechos civiles forales y especiales*, Wolters Kluwer, Madrid.

Sánchez Román, Felipe (1910): "*Estudios de Derecho Civil*", Tomo VI, Vol. 1º, 2ª ed., Sucesores de Rivadeneyra, Madrid.

DA VITIMIZACIÓN SECUNDARIA Á VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL. UNHA ANÁLISE DA REALIDADE GALEGA

Fernández Míguez, Sheila

Arnold Bergstrasser Institut

Albert-Ludwigs-Universität Freiburg

Sheila.fernandez@udc.es

RESUMO

A presente investigación explora os límites entre a «victimización secundaria» e a «violencia machista institucional», poñendo o foco na responsabilidade estatal por omisión, isto é por non aplicar os compromisos adquiridos na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, despois de dezasete anos da súa entrada en vigor, así como outros textos xurídicos.

Concretamente esta investigación desenvólvese na Comunidade Autónoma Galega. E realízase dende unha metodoloxía feminista interdisciplinaria e interseccional que inclúe o criterio de ruralidade. O resultado é un mapeo das violencias machistas institucionais e as súas consecuencias entre as que cabe destacar: que na actualidade a administración de xustiza non ten incorporada a intervención con perspectiva de xénero, a arquitectura dos xulgados non está acondicionada nin para as mulleres nin para as crianzas e a aínda falta de credibilidade das mulleres perante os corpos e forzas policías que nalgúns casos ten rematado inclusive co asasinato das súas crianzas.

PALABRAS CHAVE: violencia institucional, violencia machista institucional, violencia de xénero, violencia machista, patriarcado.

INTRODUCCIÓN

É numerosa a literatura no eido internacional que ten abordado a «vitimización secundaria» das mulleres cando se atopan en situación de violencia, poren, a día de hoxe, na Comunidade Autónoma Galega contamos aínda cun número escaso de investigacións que poñan o foco sobre a nosa realidade e o funcionamento da institucionalidade que traballa coas persoas en situación de violencia de xénero no país. Por iso, se ben a intención desta investigación, aínda en curso é nutrirse de fontes locais, as veces faise preciso acudir a investigacións ou feitos acontecidos noutras comunidades autónomas que poden axudar a visibilizar o pasado e o presente.

Coa intención de buscar esa responsabilidade pública que deriva da actual situación de «violencia machista institucional», tratarase de facer unha foto de como estábamos no ano dous mil catro e como estamos agora e ver canto avanzamos na Comunidade Autónoma Galega. Para iso, é preciso que delimitemos o marco conceptual, e explicar que entendemos por «vitimización secundaria» e «violencia machista institucional».

A vitimización, ou vitimización primaria é a consecuencia de sufrir un crime. Pero pode que o trauma do crime non remate aí, senón que o contacto co sistema de xustiza e institucional sexa unha experiencia negativa ao non sentirse a persoa resarcida do crime, escoitada, dentro dun procedemento xudicial moi burocrático e outro factores que fan que esta experiencia sexa revictimizante derivando nunha «vitimización secundaria». A psicóloga clínica Soledad Calle Fernández, en relación as mulleres que se atopan en situación de violencias machistas, sinalaba no ano 2004 desde Hospitalet de Llobregat, que a «vitimización secundaria» son as situacións de violencias simbólicas que se producen dende as institucións, e por este feito teñen unha agravante, xa que se dan en espazos de atención que teñen como obxectivo contribuír a saír da situación de violencia na que estas mulleres xunto coas súas crianzas poden estar. Esta profesional describe como causas da vitimización secundaria as seguintes: considerar ás mulleres axentes do benestar familiar e social obviando a súa situación particular; minimizar os feitos que narran; derivacións precipitadas a outros servizos nos que deben contar de novo a súa historia, identificación persoal da profesional coa persoa atendida; descalificación, descrédito, falta de empatía, imposición de ritmos e/ou actuacións que favorecen a revitimización.

En relación a categoría de «violencia institucional» isto é, actos dos que pode ser responsábel o Estado por acción ou por omisión, por non poñer eficazmente en funcionamento políticas de prevención, sanción e erradicación das violencias contra as mulleres, ten sido amplamente tratada pola literatura (Bodelón (2014). O primeiro país en legislar sobre este particular no caso da violencia sobre as mulle-

res foi México. Concretamente este país situado no centro de Abya Yala, nome indíxena do continente coñecido como América, aprobou no ano 2007 a Lei Xeral para o Acceso das Mulleres á Vida Libre de Violencias. Dita lei define a violencia institucional no artigo 18 nos seguinte termos:

“Violencia institucional sos actos ou omisións das e dos servidores públicos de calquera orde de goberno que discriminen ou teñen como propósito dilatar, obstaculizar ou impedir o gozo e exercicio dos dereitos humanos das mulleres, ou o seu acceso ao gozo de políticas públicas destinadas a previr, atender, investigar, sancionar e erradicar os diferentes tipos de violencia”.

A diferenza entre falar de «vitimización secundaria» e comezar a falar de «violencia institucional» é onde colocamos o foco para alumear o camiño ao futuro. Mediante a categoría de «vitimización secundaria» podemos trazar toda a experiencia revitimizante e detectar onde están os problemas. Agora ben, o ingrediente a maiores que nos aporta categoría de «violencias institucionais» é unha visión ampla e de conxunto que nos permite situar a responsabilidade directamente na institucionalidade por un funcionamento deficiente da propia administración que pode derivar en responsabilidade patrimonial da administración.

En criminoloxía con frecuencia se teñen abordado as trampas do poder punitivo, e criticado o recurso ao dereito penal como único medio ou medio mais idóneo para facerse cargo da violencia machista (Zaffaroni 2000; Antony 2001). Se hai vítimas que merecen ser tratadas cun unha delicadeza que non contempla o sistema penal son as vítimas de delitos violentos e en especial as persoas superviventes de violencias machistas. Coa categoría «violencia machista institucional» que desde Galiza vimos traballando nos últimos tempos diferentes autoras coordinadas por Iria Vázquez Silva (Vázquez Silva, 2020), recolleemos a bagaxe do concepto de violencia institucional pero queremos ir mais alá e facer claramente visible que existe un desleixo cunhas características específicas por parte da administración en xeral, que responde a un patrón de comportamento cruzado polo machismo, que está plenamente presente na ruta crítica das mulleres en situación de violencia. E que desde o ano 2004 nin o Estado nin a Comunidade Autónoma Galega teñen cumprido os seus compromisos establecidos en diferentes corpos normativos tanto internacionais, europeos, estatais e autonómicos¹. Interésame sinalar incum-

¹ É numerosa a normativa tanto internacional como nacional, a continuación recollo os principais textos. Como pode derivarse desta listaxe normativa que está a continuación, o problema non é a falta de normas, senón a vontade política, persoal e económica de poñelas en funcionamento.

Dentro de complexo normativo de Nacións Unidas cabe ter en conta principalmente: *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* de 1948; *Declaración sobre a Eliminación da Discriminación contra a muller* de 1967; Comité para a Eliminación da discriminación contra a muller; *A Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a muller, Resolución da Asemblea Xeral 48/104 do 20 de decembro de 1993.*

primemento da LO 1/2004 que establecía no seu artigo 47 a formación en igualdade e non discriminación por razón de sexo e sobre violencia de xénero a: xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais, forzas e corpos de seguridade e médicos forenses. Esta formación non se realizou. Este incumprimento trata de corrixirse en parte na LO 5/2018, de 28 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, sobre medidas urxentes en aplicación do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que volve a establecer a importancia da formación en esta materia.

Para tomar consciencia da dimensión do incumprimento na posta en funcionamento da perspectiva de xénero, necesaria para salvar vidas, quero sinalar o seguinte. O poder xudicial anunciou o primeiro curso obrigatorio sobre “perspectiva de xénero” en marzo de 2019, quince anos despois de que a LO 1/2004 entrase en vigor (Kohan, 14-III-2019). Na actualidade a maioría dos xulgados que resolven as causas de violencia se xénero non teñen formación específica. Tampouco teñen esta formación as persoas que traballan no IMELGA (Instituto de Medicina Legal de Galicia) encargadas de peritar as lesións. A formación que reciben as letras e letrados da quenda de oficio está mais enfocada en cuestións procesuais que na perspectiva de xénero. Tampouco se esixe formación con perspectiva de xénero a interpretes, nin as persoas que traballan nos Servizos de atención á Cidadanía nin na Oficina de Asistencia a Vítimas. Por último, cabe mencionar que as carreiras que forman as futuras profesionais do país que van a traballar con persoas en situación de violencias machistas non teñen incorporado como parte fundamental do seu plan de estudos a perspectiva de xénero nin o estudo deste tipo de violencia (Fernández e Vázquez, 2020).

.....
As principais normas europeas son as seguintes: Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais de 1950; Convenio do Consello de Europa sobre protección e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, Istanbul, 11V, 2011; Directiva 2011/99/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 13 de decembro de 2011 sobre a orde europea de protección.; Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 25 de outubro de 2012 pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúe a Decisión marco 2001/220/Jai do Consello; Artigos 130 e seguintes da Lei 23/2014, de 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais da Unión Europea (Título VI: Orde europea de protección).

As principais normas a nivel estatal en materia de violencia de xénero son as seguintes, debe sinalarse que algunhas son a transposición de directivas europeas: Lei 35/1995, de axuda e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual; Lei 16/2003, de 8 de abril, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero; Lei 27/2003, de 31 de xullo, que regula a Orden de protección das vítimas da violencia doméstica; Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero; Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; Lei Orgánica 7/2014, de 12 de novembro, sobre intercambio de información de antecedentes penais e consideración de resolucións xudiciais penais na Unión Europea; Lei 23/2014, de 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea; Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e a adolescencia; Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito e a Lei Orgánica 5/2018, de 28 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, sobre medidas urxentes de aplicación do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

E a nivel da Comunidade Autónoma Galega, as normas ou servizos que garanten os nosos dereitos como vítimas de violencia son as seguintes: a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*; e os Servizos comúns de Atención á Cidadanía e Asistencia á Vítima.

O dereito de acceso a xustiza e a igualdade de armas vese tamén seriamente socavado porque non existe ningunha norma que permita afastar á avogados ou policía condenados en sentenza firme por maltrato a mulleres do exército profesional con mulleres vítimas desta violencia.

METODOLOXÍA

A presente investigación xunta a experiencia práctica co desenvolvemento teórico para analizar diferentes situacións que viven as mulleres que deciden denunciar violencia machista. En concreto o marco teórico que se toma como referencia son os estudos de xénero, introducindo para a análise galega unha variábel como é a ruralidade, a cal é imprescindible para analizar que é o que pasa neste territorio.

REALIDADES CONCRETAS

As mulleres que deciden denunciar violencia inician o que Monsterrat Sagot (2000) denomina «ruta crítica das mulleres» que consta de 'factores impulsores internos' como poden ser os sentimentos das mulleres, e os 'factores propulsores externos' que son as influencias que as mulleres reciben de fora. Aquí é onde se sitúan os servizos sociais e a administración de xustiza. Destes propulsores externos na investigacións presente avalíanse os seguintes:

- Nivel de formación con perspectiva de xénero dentro da administración de xustiza, incluíndo a que se recibe na quenda de oficio para atender ás vítimas. A formación en perspectiva de xénero e en violencias machistas non é obrigatoria para a maioría das persoas que traballan con mulleres en situación de violencia. Cando así o é, como é o caso das persoas que forman parte da quenda de oficio en xustiza, esta é curta e enfocada nos aspectos procesuais do procedemento.
- Arquitectura dos xulgados de violencia contra a muller. Na actualidade en Galicia so temos tres xulgados de violencia sobre a muller, Vigo, A Coruña e Ourense, ningún contan con todas as medidas necesarias para evitar que se produza algún tipo de contacto nos momentos previos a vista xudicial.
- A ruralidade como factor discriminador no acceso aos servizos. Actualmente so as tres cidades galegas anteriormente mencionadas contan cun xulgado especializado en violencia sobre a muller, o resto son xulgados mixtos con competencias en materia de violencia sobre a muller. Estes tribunais carecen de espazos ou protocolos adecuados para que os homes esteen afastados das mulleres antes de entrar en sala. Tamén presentan serias dificultades para conseguir biombos que

permitan as mulleres declarar sen ter contacto visual cos agresores. Sobre este punto avanzamos que na actualidade cando hai espazos diferentes son as mulleres as que están fechadas neles e non os agresores, o mesmo se hai biombo, son elas as que son ocultadas tras os biombos e non os agresores .

- Oficinas de asistencia a vítimas. Puxéronse en funcionamento recentemente en 2017 e as mulleres son as principais usuarias deste servizo. Desde outubro de 2017 a 31 de xaneiro de 2018 fixeran un total de 162 atencións, 138 a mulleres, 25 a homes e 6 a crianzas. Estas oficinas, segundo denuncia o seu propio persoal, presentan graves carencias de infraestrutura e coordinación co propio procedemento xudicial de violencia de xénero.
- Non existe un servizo de coidados e acompañamento ás mulleres que é especialmente necesario cando teñen crianzas os días de vistas, sendo que moitas veces cando estas son pequenas teñen que levalas aos xulgados, que carecen de espazos infantís; ou se fican na escola as mulleres non poden estar tranquilas declarando se hai dilacións.
- O imaxinario sobre patria potestade é unha vertebra mais do esqueleto patriarcal. É preciso reflexionar sobre como a pesar de estar prohibido e demostrado cientificamente o denominado Síndrome de Alienación Parental continua a formar parte da fundamentación de sentenzas xudiciais (Barea, 2009; Garrido 2018). Ou risco que supón para integridade física e psicolóxica das crianzas o réxime de visitas cos maltratadores.
- E, por último, usando a metodoloxía do caso, analízanse as consecuencias da falta de credibilidade das mulleres en dous crimes acontecidos en Galiza. O asasinato do fillo de Margarita Dopico o 10 de outubro de 2010 que tiña en común coa súa exparella, durante o réxime de visitas, o pai chama a Margarita Dopico en diferentes ocasións e ameza con facerlle dano a crianza. Margarita acode ate en tres ocasións á Garda Civil, que finalmente cando lle fai caso o neno xa fora asasinado. Margarita denunciou ao oficial de Policía, mais na sentenza o xuíz José Antonio Vázquez Taín considerou que non debía condenarse ao Garda Civil por denegación de auxilio e responsabilizou a Margarida por non saber transmitir ben a gravidade. Uns feitos de similares circunstancias aconteceron en Madrid, Angela González Carreño vítima de violencia de xénero perde a súa filla asasinada no 2003 polo seu pai durante o réxime de visitas, que fora denunciado por ela en múltiples ocasións. Despois dunha longa carreira de obstáculos xudiciais, có patrocínio de *Women's Link Worldwide*, remata por presentar o seu caso ante a CEDAW (2014) cuxo informe sostén que o Estado Español desprotexeu a vida da súa filla asasinada. Finalmente a responsabilidade do

Estado que foi recoñecida no 2018 polo Tribunal Supremo. O seguinte crime obxecto de análise e o asasinato de Isabel Fuentes en 2015 por parte da súa exparella dentro dun hospital público en Ourense cando ela aínda se estaba recuperando do intento de feminicidio. En este caso, non se realizou unha investigación rigorosa que establecera que Isabel fora vítima dun asasinato ao que sobrevivíu, permanecendo na UCI do hospital, cando mellora e a levan a planta o seu marido sobre o que non existía ningunha orde de afastamento a asasina. Vemos como nestes tres casos o sistema fallou ao non protexer as crianzas e dar prioridade o dereito de visitas do pai maltratador, non creu as mulleres, e non realizou investigacións con perspectiva de xénero. Tres crimes evitábeis, así como a posterior violencia machista institucional que padecen as familias, se tanto nas policía como nos tribunais existise perspectiva de xénero

CONCLUSIÓN

Despois da análise preliminar dos factores sinalados cabe concluír que é adecuado falar de «violencia machista institucional». A investigación demostra que non existe un compromiso institucional por poñer en funcionamento as medidas fixadas en textos normativos que teñen xa case dúas décadas. Este desleixo por parte da administración na protección e coidado da vida das mulleres, fai a o estado cómplice ao exercer e contribuír a perpetuar as violencias machistas, que cando veñen por parte da administración toman este nome propio de violencias machistas institucionais.

BIBLIOGRAFÍA

Antony, Carmen (2001): "Perspectivas de la criminología feminista en el siglo XXI", *Revista de Derecho, Criminología y Ciencias Penales* 3, pp. 249-257.

Barea, Consuelo (2009): "*El síndrome de alienación parental*". Bilbao: Descleé de Broumer.

Bodelón, Encarna (2014): "Violencia institucional y violencia de género", *Anales de la Cátedra de Francisco Suárez*, 48, pp. 131-155.

Calle Fernández, Soledad. (2004): "Consideraciones sobre la victimización secundaria en atención social a las víctimas de la violencia de género". *Portularia*, 61-66

Garrido, Celia (2019): "Ideología patriarcal y revictimización institucional de las víctimas de violencia de género", *Servicios Sociales y Política Social*, 116, vol. XXXV, pp. 63-78.

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Kohan, Marisa (14-III-2019): "La formación de jueces en violencia de género sigue encallada", Público, dispoñíbel en: <<https://www.publico.es/sociedad/violencia-genero-formacion-jueces-violencia-genero-sigue-encallada.html>> (consulta: 14-II-2019).

Ley General de Acceso de las Mujeres a Una vida libre de violencias, del 1 de febrero de 2007. (s.f.). México. Recuperado el 7 de maio de 2021, de https://oig.cepal.org/sites/default/files/2018_mex_ref_leygralvidalibredeviolencia.pdf

Fernández Míguez, Sheila e Vázquez Silva, Iría (2020): "Se é machista, non é xustiza". En *Cómplices: A violencia machista institucional* (pp. 63-101). Editorial Galaxia.

Sagot, Montserrat (2000): "*La ruta crítica de las mujeres afectadas por la violencia intrafamiliar en América Latina. Estudio de caso en diez países*". Organización Panamericana de la Salud, Programa Mujer, Salud y Desarrollo.

Vázquez Silva, Iria. (2020): "Cómplices do patriarcado. En I. Vázquez Silva (Ed.), *Cómplices. A violencia machista institucional*" (págs. 15-40). Vigo: Galaxia.

Zaffaroni, Eugenio Raúl (2000): "El discurso feminista y el poder punitivo", en Haydée Birgin (comp.), *Las trampas del poder punitivo*. Buenos Aires: Biblos, pp. 19-30.

A VIOLENCIA INSTITUCIONAL DE XÉNERO NA DEMOCRATIZACIÓN DE ESPAÑA: O CASO DA REGULACIÓN DO ABORTO

Antelo Alvite, Enya

Departamento de Historia Contemporánea e de América

Universidade de Santiago de Compostela

enya.ant@gmail.com

RESUMO

Nos anos da transición española, a vontade das elites de poder de configurar unha identidade aperturista e democrática do país levou á instrumentalización das loitas populares explosionadas tras a morte do ditador. Nesta tentativa dunha construción identitaria, tanto cara dentro como cara o exterior, o Movemento Feminista e os seus reclamos non escapan ás tensións dun xogo político enfrontado entre as posicións continuístas e rupturistas. Prodúcese así unha institucionalización selectiva das súas demandas, ó tempo que o Estado permite e reproduce actitudes de violencia cara as mulleres – entre moitos outros colectivos en situación de opresión ou marxinação -. A evidencia disto queda plasmada no código xurídico-lexislativo elaborado entorno a cuestións como a violación, a violencia física ou sexual, o divorcio ou o aborto. Este último será, nesta ocasión, o que funcione como fío condutor e elemento demostrativo da hipótese presentada.

PALABRAS CHAVE: Feminismo; Aborto; Violencia Institucional; Democracia; Transición

PROPOSTA: A VIOLENCIA INSTITUCIONAL DE XÉNERO NA DEMOCRATIZACIÓN DE ESPAÑA: O CASO DA REGULACIÓN DO ABORTO

PRESENTACIÓN E HIPÓTESE DE PARTIDA

A Lei do Aborto de 1985 presentouse no seu momento, xunto coa do divorcio, como cume simbólico da consecución da igualdade e da liberación da muller. A primeira lexislatura do goberno de González amósase así como ferramenta incuestionable na democratización da España da transición, nunha sorte de socialismo aparentemente comprometido cos dereitos da muller e adaptado ó novo contexto europeo.

O relato tradicional da transición (e ata fai pouco, tamén o oficial), conferiulle a esta lexislación o carácter de logro sen precedentes na sociedade española. Escurécese así parte da historia republicana, que durante a Guerra Civil chega a despenalizalo nun decreto promulgado por Martínez Ibáñez, formalizado no mes de xaneiro de 1937¹. Neste silenciamento tácito tan común respecto dos gobernos inmediatamente anteriores ó período franquista, xogan un papel esencial as características de devandita lei, de maior amplitude que a aprobada no 85. Así pois, esta última reducíao a tres únicos supostos; por violación, por perigo da vida da nai e por malformacións do feto, mentres que a republicana contemplaba tamén motivos terapéuticos, euxenésticos, neomalthusianos e éticos.

O carácter timorato da mesma tivo como consecuencia un gran rebumbio entre os grupos, asociacións e formacións feministas do Estado. Estes non tardaron en manifestar o seu desacordo e emprender accións colectivas e directas nun intento de forzar a unha modificación da lei. Así mesmo, diversas organizacións políticas das esquerdas autonómicas e municipais apoiaron os intentos de modificación e ampliación da mesma. En Galicia, mesmo antes de ser aprobada, a Coordinadora Feminista Galega presentaba unha moción² á lei anunciada polo PSOE, que foi amparada por varias formacións políticas. Posteriormente, o BNG suxería unha modificación ante o Parlamento. De xeito paralelo a estas demandas canalizadas pola vía institucional, o "feminismo independente"³ organizábase para dar visibilidade ás

¹ Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya, N.º 9, 9 xaneiro 1937.

² Tal e como se recolle no documento salvagardado e consultado no Consello da Cultura Galega, con signatura CFG/Carp. 037, emprégase a terminoloxía "moción" para referirse ás esixencias presentada ante os axuntamentos galegos pola Coordinadora de Organizacións Feministas de Galicia, con apoio de EG, MCR, PST, UPG, MCG, MGR, ERGA, BNG, PCG, ANG e UMG, con data do 23 de febreiro de 1983.

³ É preciso aclarar, neste eido, que o feminismo dos anos da transición atópase dividido en dúas grandes correntes ou ramas, que eclosionan de xeito definitivo durante as Xornadas Feministas de Granada de 1979; dun lado, o institucional, partidario de levar as demandas ó xogo político, tomando parte dos mecanismos do sistema establecido. Doutra banda, o independente, contrario ós postulados anteriores e cun forte compoñente activista. Respecto dos mesmos, resulta de interese a análise das súas correspondentes capacidades para a mobilización e atención das demandas populares, tema sobre o que se incide ó longo da presente proposta.

consecuencias que sobre as mulleres tiñan as restricións impostas sobre o aborto, traducidas en custos económicos, penas de privación de liberdade, problemas sanitarios, e mesmo defuncións de mulleres durante os intentos de interromper clandestinamente o embarazo.

Así pois, nesta comunicación, cuxo tema de estudo forma parte dunha tese doutoral aínda en proceso de desenvolvemento – mais con algunhas publicacións previas sobre a violencia institucional de xénero perpetrada polos gobernos da transición (ANTELO, 2019 e ANTELO, 2019) – tratase de poñer luz sobre as consecuencias dunha lei instrumentalizada para a configuración dunha imaxe democrática e aperturista do país.

Entendendo a transición como un proceso inconcluso, e ollando con escepticismo o concepto de democracia implantado, alóngase o tempo de estudo na devandita tese ata a década dos 90, coa chegada ó goberno dun partido abertamente enmarcado na dereita. Así pois, considérase que nos anos vindeiros á morte do ditador, o que se inicia é un xogo político baseado nunha proxección identitaria determinada. O obxectivo é tanto interno como externo; aplacar a efervescencia popular que explota nunha sorte de manifestacións de todo o que antes estivera prohibido, mentres que se produce unha adaptación formal ó contexto de Europa. Nesta estratexia de márketing político, as demandas populares son empregadas de xeito vantaxista, e os pactos e acordos postos en marcha por esta comunidade política son constantemente incumpridos por España baixo a permisividade europea.

No que ó Movemento Feminista respecta, prodúcese unha institucionalización parcial do mesmo, que relega moitas das súas demandas a un feminismo independente convertido en subalterno. Malia os avances en materia de xénero acontecidos respecto da etapa inmediatamente anterior, o feminismo non viviu unha materialización efectiva das súas demandas. Pola contra, foi perseguido, penalizado e represaliado no seu intento de responder ás necesidades dun amplo sector da poboación. Como consecuencia, reproducense toda unha serie de violencias de xénero perpetradas polos axentes do Estado por acción ou omisión das mesmas.

.....

No que respecta á división do movemento nestas dúas correntes, esta queda de manifesto en gran diversidade de fontes primarias: artigos de corte divulgativo, de opinión e información recompilados na prensa feminista coetánea (destacar aquí revistas como Andaina, A Saia, Poder y Libertad, La Mujer Feminista, etc), así como nos encontros e xornadas celebradas neste tempo, como as xa mencionadas Xornadas de Granada nas que se evidencia a ruptura, ou outras posteriores, tales como as "Jornades 10 anys de lluita del Moviment Feminista" celebradas en Barcelona no 1985, e nas que participan grupos abertamente inscrites no feminismo institucional ou independente. Así mesmo, a partir do ano 1980, no que se produce o primeiro encontro de feministas independentes en Madrid, sucédense outros deste mesmo corte en Vigo, Donosti, Valencia... (consultable en Biblioteca de Mujeres, Museo del Traje. Sig. BM – LI 010501).

FONTES E METODOLOXÍA

Para a posta en marcha da investigación bótase man de fontes documentais previamente identificadas e de orixe diversa, todas elas de carácter primario; dende estudos e análises de tipo académico e institucional coetáneos ó tempo analizado, ata documentación das asociacións feministas, pasando pola hemeroteca en prol de coñecer o tratamento da cuestión nos medios de comunicación, información e prensa feminista. No que ós documentos das asociacións feministas respecta, naqueles casos referentes a organismos non institucionais, recórrase maioritariamente a formacións e organizacións galegas por unha cuestión de maior accesibilidade ás fontes, mais querendo presentar estas como exemplo dunha realidade correspondente ó conxunto do Estado.


A materialización do estudo pasa pola aplicación de varias vías de análise que pretenden resolver tres cuestións principais, a saber: as carencias e consecuencias a nivel cualitativo e cuantitativo da lei aprobada polo PSOE, as solucións aportadas dende o Movemento Feminista e as estratexias de loita empregadas como reclamo dunha mellora legislativa, e o marco teórico de debate no que se move a cuestión do aborto nos anos de estudo, reducidos, principalmente, á década dos 80, malia que con alusións á década previa e posterior en función do interese dos datos existentes.

VÍAS DE ANÁLISE DEMOSTRATIVA

En primeiro termo, a análise das carencias da lei realizase mediante o contraste e posta en común dos datos que as organizacións feministas aportan, así como dos estudos de carácter institucional, que recollen información entorno ó número de abortos practicados fronte ó de mulleres que acoden a informarse para a realización dos mesmos. Como exemplo, apuntamos que, segundo a Asociación Galega da Muller, do mes de outubro de 1984 a marzo do ano seguinte, esta entidade tería recibido a un total de 1344 mulleres, das cales só un 3% entrarían no posteriormente establecido pola lei. Dende agosto de 1985 a marzo do 86, as demandantes reducíanse a 697, aínda supoñendo unhas case tres mulleres por día, e sendo de novo a maioría dos casos derivados a clínicas estranxeiras (GRÁFICO 1). Isto último abre paso á seguinte cuestión a tratar: as solucións ofertadas dende os grupos feministas ante aqueles casos que quedaban fóra da lei. No que a isto respecta, existe información oficial recompilada entorno ó número de abortos derivados a clínicas estranxeiras (INSTITUTO DE LA MUJER, 1985; INSTITUTO DE LA MUJER, 1988), á que se suman os datos do feminismo independente, que salientan as implicacións económicas desta vía, imposibles de afrontar para moitas mulleres. Así pois, se temos en conta o perfil daquelas que recolle a Coordinadora Feminista Galega entre outubro do ano 84 e marzo do 85, e agosto desde último ano e marzo do seguinte (GRÁFICO 2), cabe considerar que a maioría (especialmente


as estudantes) non poderían solventar a viaxe. Disto dedúcese, pois, que moitas das mesmas se verían obrigadas a recorrer ós métodos clandestinos ou privadas da posibilidade de interromper o embarazo.

Gráfico 1: Exemplo de abortos de españolas no estranxeiro. Caso de Inglaterra e Gales. Número de abortos entre o ano 1984 e o primeiro trimestre de 1987.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de INSTITUTO DE LA MUJER, 1988.

Gráfico 2: Porcentaxe de mulleres que acudiron a organizacións feministas para abortar, segundo a súa profesión.



Fonte: Elaboración propia para ANTELO, 2019.

Cara finais da década dos 80, as cifras do aborto clandestino continuaban a ser preocupantes (Revista LA MUJER FEMINISTA, 1988 e INSTITUTO DE LA MUJER, 1988). Neste senso, a clandestinidade conforma outro dos puntos desta investigación, poñendo sobre a mesa outra evidencia da violencia institucional, non só por abocar a unha interrupción do embarazo sen garantías sanitarias, senón polas repercusións legais. Os xuízos por mor de abortos clandestinos deixan constancia do recurso á vía xudicial como elemento de represión antes e despois de aprobada a lei. Como exemplo desta realidade cómpre mencionar que dende agosto do 85 a maio do 86, producíronse un total de 10 xuízos, e 26 persoas foron detidas, xulgadas e encadeadas⁴. De todas elas, moitas son mulleres pertencentes a colectivos feministas, que chegan a empregar a práctica do aborto clandestino controlado (por persoal médico afín) como acto performático de presión para a ampliación da lei. Aquí destacan actos como o perpetrado polas seis activistas de Vigo, a imaxe e semellanza do acontecido en Bilbao sete anos antes, cando á altura de 1986 se autoinculpan de realizar abortos clandestinos, documentando audiovisualmente esta práctica como acto reivindicativo da necesaria mudanza lexislativa⁵. Estas accións non estiveron exentas de debate, sendo especialmente destacable a polémica xurdida tras as declaracións de Lidia Falcón nas Xornadas Feministas de Barcelona de 1985, o que abre a vía de estudo das diverxencias sobre o aborto no seo do movemento.

Ó longo do anterior escrutinio de datos, introdúcese tamén o tema referente á confianza popular ou accesibilidade das mulleres ás vías institucionais e gobernamentais fronte a aquelas outras de carácter independente, nunha análise comparativa do número de mulleres que acode a pedir información para interromper o embarazo a unhas e outras estruturas⁶. Establécense, así mesmo, correlacións con outros campos tamén relacionados coa violencia, como poden ser os casos de violación ou de violencia física e psíquica. A todo isto súmanse as conclusións extraídas das enquisas realizadas por parte do Instituto de la Mujer e o Instituto Nacional de Estadísticas entorno á confianza das mulleres para a resolución das súas problemáticas pola vía política (INSTITUTO DE LA MUJER, 1987).

CONCLUSIÓNS

A violencia que as institucións exercen sobre a cidadanía, tanto na acción directa como na permisión da mesma por parte dos axentes estatais, é unha realidade palpable e perfectamente exemplificada nas

⁴ Visto en Consello da Cultura Galega, Sig. CFG, Carp. 2/041.

⁵ Visto en "Dosier de Prensa Aborto", Consello da Cultura Galega, Comisión de Igualdade, e testemuño de Nanina Santos na entrevista propia realizada o 31/06/2918.

⁶ Mencionar, como exemplo desta vía de estudo, que entre o 1985 e o 1986, unhas 454 mulleres acudiran a Centros de Planificación Familiar (só no ámbito galego) para informarse sobre a interrupción do embarazo. No mesmo período, á AGM (organización independente), fixéranos case 700 (ANTELO, 2019).

cuestións de xénero ou sobre outros colectivos historicamente marxinalizados ou oprimidos. Analizala é vital para a construción dun soporte de cara ó recoñecemento da mesma, especialmente se temos en conta que, a día de hoxe, no estado español non existe ningún documento que recolla formalmente a violencia institucional (salvando casos concretos a nivel autonómico), nunha actitude que fai gala da miopía aplicada cara tales cuestións. A esta necesidade súmase a da construción de novos relatos históricos que, á súa vez, axuden a comprender a nosa axenda política actual, lembrando as loitas inconclusas pola consecución dos dereitos, e o perigo da perda dos mesmos ante un contexto político e social que ameaza coa regresión a discusións e debates que semellaban pechados.

Na conxunción de ambas problemáticas reside a relevancia da presente proposta, que opta por unha vía de análise do noso pasado recente en clave de xénero, tomando como exemplo o caso da regulación do aborto por ser unha das evidencias máis agresivas desa violencia institucionalizada contra as mulleres. Así mesmo, parte da potencialidade deste estudo reside na analítica das confrontacións internas do Movemento Feminista e o xeito no que estas se resolveron – de telo feito –, podendo, dende aquí, aportar reflexións nun contexto de fortes confrontacións marcadas pola ausencia de diálogo.

BIBLIOGRAFÍA

Antelo Alvite, Enya (2019): "A institucionalización da violencia sexual na transición á democracia" en *Sémata. Revista de Ciencias Sociais e Humanidades*. Nº 31, pp. 89 – 107

Antelo Alvite, Enya (2019): "Aproximación a un pasado presente: violencia de xénero na transición", en *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*. Nº 70, pp. 23 – 27

Bodegón González, Encarna (2014): "Violencia institucional y violencia de género". *Anales de la Cátedra Francisco Suárez*, n. 45, pp. 131 – 155

Rodríguez Ramos, Luís; Álvarez García, Francisco Javier; Gómez Pavón, Pilar (1988): "*La justicia ante la libertad sexual de las mujeres*". Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, Madrid

WAA (1985): "*El aborto en España: datos para la planificación de una política social*". Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, Madrid

WAA (1987): "*Estadísticas Judiciales de España (1981 – 1986)*". Instituto Nacional de Estadísticas, Madrid

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

WAA (1987): "*Estudio sociológico sobre las actitudes de las mujeres ante la política y el feminismo*".
Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, Madrid

WAA (1988): "*La mujer en cifras*". Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, Madrid

WAA (1988): "*Memoria de actividades del Insituto de la Mujer. Año 1988*". Instituto de la Mujer, Madrid

WAA (1989): "*Memoria de actividades del Insituto de la Mujer. Año 1989*". Instituto de la Mujer, Madrid

WAA (1990): "*Boletín Estadístico de Datos Básicos (1989 - 1990)*". Instituto Nacional de Estadísticas, Madrid

WAA (1990): "*Memoria de actividades del Insituto de la Mujer. Año 1990*". Instituto de la Mujer, Madrid

A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL. TAREFAS PENDENTES NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

Vázquez Silva, Iria

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

Universidade de Vigo

ivazquez@uvigo.es

Pérez Martín, Sabela

Grao de Traballo Social. Investigadora do mestrado de profesorado

Universidade de Santiago de Compostela

sabela.perez.martin@rai.usc.es

RESUMO

O concepto de violencia machista institucional comeza a abrirse camiño na investigación feminista, pero aínda faltan pasos por dar para que a súa visibilidade se plasme no eido da lexislación e na mellora da atención ás mulleres (e nenas/os) vítimas de violencia de xénero en múltiples espazos e servizos. A violencia machista institucional pon o foco na responsabilidade das institucións á hora de previr, detectar e atender as mulleres en situación de violencia. As universidades galegas posúen unha grande responsabilidade polo menos en dous eidos de vital importancia: (1) na formación obrigatoria e especializada en violencia dos e das futuras profesionais que atenderán ás vítimas, e (2) na detección e derivación de casos de violencia de xénero que se dan na propia institución universitaria. Na actualidade existen grandes sombras nestes eidos, o que nos obriga a reflexionar dun xeito crítico sobre a necesidade dunha maior implementación de materias (e profesorado experto) nos plans de estudos en graos clave como Dereito, Traballo Social, Psicoloxía ou Medicina. Por outra banda, as propias universidades poden e deben tecer unha rede de detección, derivación e acompañamento para conseguir que as universidades sexan espazos comprometidos contra as violencias machistas e máis seguros para as mulleres.

PALABRAS CHAVE: Violencias machistas; Universidades; Violencia institucional; Formación en igualdade; Acompañamentos;

DESENMASCARANDO A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL

O movemento e a investigación feminista teñen realizado un arduo traballo para desenvolver o concepto de violencia machista institucional. Os estudos feministas en Latinoamérica son pioneiros á hora de desvelar este concepto, poñendo de manifesto o feminicidio como unha categoría que vincula os asasinatos de mulleres e nenas como violencia de xénero, incluíndo ademais a violencia institucional como parte do fenómeno mesmo (Marcela Lagarde, 2006).

Desde o dereito, autoras clave como Encarna Bodelón (2014) definen a violencia machista institucional como aquela que deriva de dinámicas e procesos administrativos burocráticos nos que o Estado é directamente responsable por acción ou omisión e que por si mesmos violan os dereitos humanos das mulleres quedando anulada calquera expresión emocional de inconformismo individual. Recentemente, Iria Vázquez (2020) coordinou a publicación "Cómplices. A violencia machista institucional", onde sinala que o eixe deste concepto está posto na responsabilidade da administración e na negligencia cando non asegura o exercicio dos dereitos das mulleres. É importante sinalar que a gravidade da violencia institucional enraízase nunha cuestión fundamental no caso da violencia machista: cando acontece violencia institucional, as mulleres reciben un trato inadecuado e inxusto por parte dunhas entidades das que elas esperan precisamente axuda e apoio.

Pola súa banda, Amparo Miranda et al. (2016) sinalan que a violencia exercida polas institucións é orixinada por dinámicas e procesos burocráticos que por si mesmos atentan á dignidade das mulleres, colocándoas nun lugar de vulnerabilidade máis grave que o xerado polo seu agresor e permanecendo nunha posición de indefensión e desprotección. É claro que as institucións están inmersas en estruturas socio-histórico-culturais machistas. René Kaës (2004) defíneas como o conxunto de organizacións sociais instauradas pola lei e o costume, que regularizan as relacións interpersoais, pre-existe á persoa e permanece na psique.

O certo é que as institucións do Estado español teñen a obriga de incorporar a perspectiva de xénero de xeito transversal e principal nos procesos normativos, na súa elaboración, interpretación e aplicación, na totalidade das políticas públicas e moi especialmente, nos servizos prestados pola administración e todas as súas institucións. Este proceso, complexo e obrigatorio, provén do *mainstreaming gender* que foi definido por primeira vez na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijín de 1995. Esta trans-

versalidade xa foi teoricamente incluída nas políticas europeas a partires do Tratado de Ámsterdam de 1997 no desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos da Unión Europea (Emmanuela Lombardo, 2003).

A transversalidade debe situar a responsabilidade en todos os actores implicados, pero a súa aplicación require dunha correcta comprensión do concepto para o que é preciso a esixencia dunha planificación coordinada e a intervención de persoal experto en feminismo en todas as áreas do proceso (Carme Adán, 2018). É o noso obxectivo nesta comunicación deternos a analizar o papel das universidades galegas desde dúas perspectivas claves: o seu rol formativo en igualdade e violencia de xénero dos e das futuras profesionais que atenden a vítimas de violencia; pero tamén no seu rol (ás veces esquecido) de institución na que estudamos e traballamos miles de mulleres en Galicia. Esta dobre vertente debe ser considerada como unha grande responsabilidade por parte das universidades galegas, e como un camiño clave para desenmascarar a violencia machista institucional.

METODOLOXÍA

Esta comunicación xorde do traballo de campo sobre violencia machista institucional realizado individualmente polas autoras, Iria Vázquez Silva e Sabela Pérez Martín, e que posteriormente teñen posto en común para a súa interpretación e análise conxunta. En primeiro lugar, Iria Vázquez Silva realizou 22 entrevistas en profundidade¹ a persoas que traballan en diferentes servizos de atención á violencia (desde as forzas de seguridade, xudiciais, servizos sociais, ONGs, etc.), xunto a tres entrevistas con mulleres en situación de violencia de xénero. En segundo lugar, Sabela Pérez Martín no marco do seu traballo fin de grao en traballo social levou a cabo 12 entrevistas a profesionais tamén de diferentes eidos, e dúas entrevistas a mulleres superviventes de violencia machista. Polo tanto, en total, o traballo de campo analizado para esta comunicación se apoia en 39 entrevistas en profundidade, realizadas desde o ano 2017 até 2020 nas catro provincias galegas e cunha distribución territorial tanto en áreas urbanas como rurais. Todas as entrevistas, agás dúas, foron gravadas, e queremos agradecer a participación desinteresada de todas as persoas entrevistadas. A continuación recolleemos o perfil das/os entrevistadas/os, omitindo nalgúns casos o concello concreto para asegurar o anonimato da persoa informante. As entrevistas, previamente transcritas, foron examinadas para esta comunicación tendo en conta os nosos obxectivos específicos.

¹ O seu traballo de campo realizouse fundamentalmente no marco dun proxecto: "Investigación sobre as desigualdades e diversidade que desembocan en colectivos sociais marcados polas características especiais de vulnerabilidade e precariedade, con especial atención á iniciativa da violencia contra as mulleres" (2016-2019), Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña, dirixido pola profesora Rosa Cobo Bedía.

Táboa 1. Entrevistas totais realizadas

Eido xurídico	Servizos sociais	Forzas e corpos de seguridade do estado e Teléfonos Emerxencia	Mulleres en situación de violencia
Asociación Avogad@s Nov@s, Vigo	Coordinadora da Casa de Acollida, A Coruña	Policía local, A Coruña	Muller residente en A Coruña, tres fillos/as.
Oficina atención vítimas, Vigo	Coordinadora CIM, provincia da Coruña	Garda civil EMUME- Pontevedra	Muller residente en A Coruña, dous fillos/as.
Oficina atención vítimas, Ourense	Psicóloga CIM, provincia da Coruña	Inspector xefe da Policía Nacional Vigo	Muller residente en Vigo, unha filla.
Asesor xurídico CIM, provincia de Ourense	Psicóloga CIM, provincia de Ourense	Axente policía Vioxén, Ourense	Muller residente en Ourense
Avogada da quenda de oficio de violencia machista	Traballadora social CIM, provincia de Ourense	Axente de policía UFAM Ourense	Muller residente en Santiago de Compostela
Ilustre Colexio avogacía, A Coruña	Psicóloga CIM, provincia de Pontevedra	Operador do 092 da Policía Local de Vigo	
Ex-traballadora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) Vigo.	Técnica Secretaría CIG Mulleres, A Coruña	Inspector Comisaría Policía Nacional Vigo	
Fiscalía, provincia da Coruña	Subdirectora de Igualdade da Xunta de Galicia	Operadora de Tfn vítimas en Galicia.	
Traballador Social IMELGA, provincia de Ourense	Coordinadora e traballadora social, Rede de mulleres contra os malos tratos, Vigo	Coordinador 112 Galicia.	
Psicóloga IMELGA, provincia de Pontevedra	Terapeuta de Arquitectos sen fronteiras, A Coruña		
Psicóloga OAVD, provincia Pontevedra	Técnica Programa Muller Cruz Vermella.		
Xuíza na quenda de garda de violencia sobre a muller, provincia de Lugo	Técnica Fundación Meniños, A Coruña.		
Asesora xurídica CIM provincia de Pontevedra			

Fonte: elaboración propia a partir do traballo de campo

FORMACIÓN OBRIGATORIA E ESPECIALIZADA EN VIOLENCIA NAS UNIVERSIDADES

Das 39 entrevistas realizadas extraemos unha serie de conclusións relevantes con respecto ás eivas existentes na atención a mulleres (e as súas crianzas) en situación de violencia. As tres fallas máis relevantes teñen que ver coa ausencia de vontade política, coa falla de persoal e, sobre todo, coa escaseza de formación en igualdade e violencia de xénero especializada. O eido das forzas e corpos de seguridade, o ámbito forense, xurídico e os servizos psicolóxicos e sociais mostran unha formación moi limitada sobre violencia, que impide unha boa acollida e atención ás mulleres. No traballo de campo quedou patente a necesidade, máis alá das normativas de cada servizo, de que as persoas profesionais precisan integrar na súa formación universitaria un coñecemento efectivo e específico da formación en igualdade e en violencia de xénero. En efecto, todas as persoas que poidan ter contacto con mulleres en situación de violencia deberían ter unha formación específica neste eido, senón estaremos perpetuando unha carencia formativa con gravísimas consecuencias na atención a casos de violencia de xénero.

O noso enfoque neste senso é claro: a ausencia de formación obrigatoria, específica e especializada en igualdade e violencia de xénero nas universidades galegas forma a profesionais cun nesgo, cunha eiva na súa competencia en relación á detección da violencia e a súa efectiva atención. É dicir, a ausencia dunha boa formación neste eido xera un nesgo que reproduce o machismo e que perpetúa o exercicio da violencia machista institucional. A modo de exemplo, presentamos o que acontece nos xulgados coa valoración da violencia de xénero. Nos xulgados, as mulleres vítimas de violencia presentan as súas probas (por exemplo, un parte de lesións, valoración dunha psicólogo/a particular ou de servizos sociais, etc.); sen embargo, a parte contraria ou o xuíz ou xuíza poden pedir a valoración do Instituto de Medicina de Galicia (IMELGA), un equipo forense que está dentro dos propios xulgados composto por psicólogo/a, traballador/a social e médico/a, e que depende organicamente da Xunta de Galicia. A cuestión é que estes perfís profesionais en Galicia non posúen nos seus estudos unha formación regulada e obrigatoria sobre violencia de xénero, o cal resulta negligente tendo en conta que realizarán valoracións forenses que terán un peso fundamental no desenvolvemento dun xuízo. De feito, o propio IMELGA non esixe un número de horas mínimo de formación neste ámbito, xerando moitas eivas nas valoracións, sobre todo aquelas relacionadas coa violencia psicolóxica. Unha das nosas informantes, ex traballadora do IMELGA comenta que un dos fallos do sistema é a escasa avaliación da violencia psicolóxica, un eido no que nalgúns xulgados participa o persoal médico e no caso que ela relata, este persoal non ten ningunha formación na análise da pegada que deixa a violencia psicolóxica nas mulleres.

Con respecto ao eido xurídico, existe en Galicia unha quenda de oficio de violencia de xénero para a avogacía que leva este tipo de casos. Para formar parte desta quenda, debes asistir a un curso formativo, que consta entre dous ou tres días (moi escaso) e só se centra nos aspectos procesuais, sen aportar formación sobre cuestións psicolóxicas ou sociolóxicas sobre a igualdade e a violencia de xénero. O propio Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña sinala que se debe fortalecer a formación en aspectos máis psicolóxicos para formar aos/ás avogados/as na mellora do trato coas vítimas e empatizar coa situación que están a vivir. Hai que sinalar que esta é unha demanda realizada tamén desde asociacións profesionais a nivel galego. A envergadura do nesgo machista na xustiza é tal, que precisamos un cuestionamento total do sistema e unha análise en detalle de que tipo de formación en igualdade reciben na avogacía, xudicatura, etc. e deixar atrás “cursos exprés” que tentar lavar a cara dun sistema que precisa unha revisión completa e estrutural. A seguinte informante, supervivente de violencia, relata a continuación o trato recibido polo sistema xudicial, que exemplifica a persistencia de estereotipos sobre as mulleres agredidas por parte, neste caso, dunha xuíza.

“Entrevistadora: Cuando hiciste la declaración con la jueza ¿cómo te sentiste?

Informante: Siempre cuestionada (...) Solo decían que cómo era posible que: ¿y por qué usted no denunció? ¿y cómo usted pudo convivir tantos años con una persona así, si le hacía tan mala vida o si la trataba tan mal? ¿cómo usted pudo permitir que sus hijos vivieran esta situación de violencia? ¿cómo usted pudo....?” (Muller supervivente á violencia machista).

Pero non só existe violencia machista institucional no eido xurídico. Tamén nos servizos sociais, entidades sociais, policía... en xeral, ao longo do noso traballo de campo detectamos unha presenza evidente de mitos e estereotipos en torno á violencia machista que están na base da revitimización á que se ven expostas ás mulleres. Estes mitos son crenzas baseadas en estereotipos, estendidas na sociedade e fortemente arraigadas que resultan moi eficaces para minimizar, negar ou xustificar esta violencia. A formación dos e das profesionais involucradas no proceso de denuncia de violencia de xénero é un aspecto crucial para que se respecten os dereitos das mulleres evitando así a súa revitimización. A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, xa estableceu a necesidade desta formación, pero a día de hoxe seguimos detectando grandes eivas e é nesta crúa diagnose onde cobra relevancia a responsabilidade das universidades galegas.

Nos graos de traballo social da UVigo e da USC, así como no de psicoloxía da USC, as materias de xénero son meras optativas. Nos graos de dereito e medicina do sistema universitario galego non existe esta formación nin como optativa. É claro que a formación obrigatoria e rigorosa en xénero é un factor que se

mostra imprescindíbel para a erradicación da violencia machista institucional; a súa ausencia nas universidades galegas é unha constatación de que non estamos outorgándolle a importancia que debería ter. Precisamos en todos os graos mencionados unha materia obrigatoria de igualdade e violencia de xénero, impartida por profesorado especialista en xénero. As universidades son unha peza clave para deter a roda da violencia machista institucional na nosa comunidade. Non facelo repercute na súa reprodución.

TECER ACOMPAÑAMENTOS: A DETECCIÓN, DERIVACIÓN E ACOMPAÑAMENTO NAS UNIVERSIDADES

A violencia de xénero ten unha incidencia importante entre as mulleres máis novas, e posúe unha serie de particularidades, como a relevancia da violencia de control: segundo a última macroenquisa de violencia (2019) o 43,8% das mulleres entre 16 e 24 anos a sufriron, fronte ao 26,5% das mulleres de máis de 25 anos. Tamén entre as mulleres máis novas destacan as porcentaxes da violencia emocional (29,6%) e o medo (18,1%). O proxecto “violencia de género en las universidades españolas” analizou seis universidades e chegou á conclusión de que un 52% das persoas enquisadas afirman que teñen sufrido ou coñecen a alguén que sufriu algún tipo de violencia de xénero no eido universitario (Lidia Puigvert, 2010:372), detectando tamén unha importante confusión sobre o concepto de violencia. Os datos recollidos pola UVigo mostran tamén a necesidade dunha maior reflexión sobre as violencias machistas: a partir dunha recente enquisa realizada pola Unidade de Igualdade (2020) detectouse que un 20% dos alumnos varóns non consideran que haxa relación algunha entre desigualdade e violencia contra as mulleres. Outro estudo de Red Talento (2020) para a UVigo indica que as definicións do alumnado, profesorado e PAS mostran un descoñecemento manifesto sobre a violencia de xénero. A esta diagnose, temos que engadir a situación de pandemia causada pola COVID-19. Segundo o Instituto da Muller (2020) ten habido incrementos relevantes do 1-15 abril 2020 na petición de axuda por violencia de xénero, tanto nas chamadas ao 016 (cun aumento do 47,3% respecto ao 2019) como nas consultas online ao 016 (cun ascenso do 650% respecto ao 2019).

Ante estes datos, é evidente que a nivel institucional debemos asumir a responsabilidade de realizar diagnoses certas que nos axuden a detectar as violencias e realizar intervencións sociais efectivas, específicas e o máis inmediatas no tempo posíbel. Así, a universidade pode e debe ser un espazo privilexiado para poder realizar unha intervención social en igualdade e prevención da violencia de xénero. Dados todos estes datos previos, as universidades galegas deben levar a cabo unha detección e diagnose certa a violencia de xénero que sofren as alumnas tendo en conta ademais o impacto do confinamento. Así mesmo, as universidades, coñecedoras da gravidade da situación, deben poñer

en marcha un servizo de sensibilización e acompañamento especializado ás alumnas en situación de violencia cando así sexa necesario.

Por unha banda, precisamos sensibilización sobre violencia para toda a comunidade universitaria, ofrecendo cursos de formación e prevención desta violencia.

Por outra banda, precisamos poñer en marcha un servizo de acompañamento. A publicación coordinada en Galicia por Iria Vázquez (2020) ten mostrado como imprescindible o acompañamento das mulleres alomenos en dous espazos claves: a comisaría e os xulgados. Estes espazos, como sinalamos arriba, continúan presentando altas cotas de violencia institucional, polo que as propias universidades poderían/deberían desenvolver un programa de acompañamento con persoal especializado nas propias universidades, e que se poida activar cando as alumnas así o demanden.

CONCLUSIÓNS

A día de hoxe aínda hai moito que facer para que o alumnado das universidades galegas aborde con efectividade a loita contra a violencia de xénero tanto en relación as súas experiencias biográficas, como en relación a súa capacitación profesional futura para atender a mulleres en situación de violencia. O noso traballo de campo puxo o foco nas eivas que os/as profesionais actuais posúen na intervención con mulleres. Estes resultados deben darnos as claves para mellorar a formación e capacitación nas universidades para os/as profesionais do futuro. Sabela Pérez (2020) ten concluído que a intervención profesional sen perspectiva de xénero está supeditada á persistencia de visións estereotipadas da violencia machista e das mulleres, así como á reprodución de mitos. É responsabilidade das universidades rachar co nesgo patriarcal e os mitos a-científicos, e ofrecer unha formación especializada para os e as futuras profesionais que sairán da institución universitaria. En conclusión, as universidades deben, por unha banda, formar dun xeito rigoroso en igualdade e prevención da violencia aos/ás profesionais que atenderán ás mulleres. E pola outra banda, deben deseñar programas de sensibilización para toda a comunidade e acompañamento para as propias alumnas destas institucións. Son responsabilidades urxentes, non hai tempo que perder.

BIBLIOGRAFÍA

Adán, Carme (2019): "*Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*", Galaxia, Vigo.

Bodelón, Encarna (2014): "Violencia institucional y violencia de género", *Anales de la Cátedra de Francisco Suárez* vol. 48, (131-155).

Instituto de la Mujer (2020): *"La perspectiva de género, esencial en la respuesta a la COVID-19"*, Ministerio de Igualdad, Madrid.

Kaës, René (2004): "Complejidad de los espacios institucionales y trayectos de los objetos psíquicos", *Psicoanálisis APdeBA*, vol. 26, nº 3, (655-670).

Lagarde, Marcela (2006): "Del femicidio al feminicidio", *Desde el Jardín de Freud*, nº6, Bogotá: Universidad Nacional de Colombia, (216-225).

Lombardo, Enmanuela. (2003): "El mainstreaming: la aplicación de la transversalidad en la Unión Europea", *Aequalitas: Revista jurídica de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres*, vol. 13, (6-11).

Ministerio de Igualdad (2019): *"Macroencuesta de violencia contra las mujeres 2019"*, Delegación del gobierno contra la violencia de género, Madrid.

Miranda, Amparo; Bezanilla, Manuel e González, Humberto (2016): "Violaciones graves a derechos humanos: Violencia institucional y revictimización", *Cuadernos de crisis*, vo.15, nº 2, (1-14).

Pérez, Sabela (2020): *"Unha realidade silenciada: violencia machista institucional"*, TFG de Trabajo Social, Universidade de Vigo.

Puigvert, Lidia (2010): "Investigación sobre la violencia de género en las universidades: evidencias empíricas y contribuciones para su superación", *Revista de la Asociación de Sociología de la Educación*, vol. 3, nº3, (369-375).

Red Talento (2020): *"Valoracións, percepcións e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo"*, Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo.

Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo (2020): *"Opinións e actitudes dos homes da comunidade universitaria ante as violencias contra as mulleres: o fenómeno da prostitución"*, Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo.

Vázquez, Iria (2020): *"Cómplices. A violencia machista institucional"*, Galaxia, Vigo.

IMPACTO DO ANTIFEMINISMO NA CONVERSA SOCIAL. MEDICIÓN DE SENTIMENTO DO #8M

Piñeiro-Otero, Teresa

Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Universidade da Coruña

teresa.pineiro@udc.es

Vázquez Gende, Carmen

Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Universidade da Coruña

carmen.gende@udc.es

Martínez Rolán, Xabier

Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

Universidade de Vigo

Xabier.rolan@uvigo.es

RESUMO

As redes sociais téñense revelado como espazos de crecente hostilidade para as mulleres. Algunhas das particularidades destas plataformas *online* como a exposición pública, a sensación de anonimato ou o efecto de desinhibición, convírtenas en terreos propicios para o discurso do odio e diversas manifestacións do antifeminismo. O presente estudo efectúa unha achega á conversa 2.0 en Twitter en torno ao 8 de marzo de 2020, empregando a medición de sentimento como método de investigación¹. Esta achega mostra como o discurso antifeminista e a súa vinculación ás falsas narrativas en torno a COVID-19, teñen revertido nunha maior toxicidade e agresividade contra as mulleres na tuitesfera.

¹ A base de datos empregada neste estudo pertence ao proxecto "Mulleres pontevedresas na rede. Análise do discurso, micromachismos e discurso do odio en Twitter" financiado pola Cátedra Feminismos 4.0 da Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo.

PALABRAS CHAVE: discurso do odio, antifeminismo, 8M, redes sociais, twitter.

INTRODUCCIÓN

En agosto de 2020 unha enquisa da *BBC Sport* puña de manifesto que ao redor dun terzo das deportistas de élite británicas sufría acoso en redes sociais. Máis recentemente un estudo da UNESCO (2020) constatou que un 73% das mulleres xornalistas ten vivido experiencias de violencia *online* no exercicio da súa profesión, incluídas ameazas de violencia física e sexual, ademáis de ataques á súa seguridade dixital. O pasado mes de abril a alcaldesa de Barcelona, Ada Colau, ao anunciar o peche da súa canle en Twitter, sinalaba que as redes se tornaran nun espazo “cheo de perfís falsos e anónimos que intoxican e incitan ao odio” (El País, 2021).

O acoso ao que se vén sometidas estas profesionais na area dixital supón unha mostra das actitudes e situacións ás que diariamente se enfrontan milleiros de internautas mulleres en todo o mundo. Como sinala Wajcman (2006) o entorno *online* é un produto sociotécnico resultado das relacións sociais que o producen e utilizan polo que, malia as potencialidades das súas ferramentas para rachar coas xerarquías tradicionais (Bertomeu, 2019), a Rede está dominada por parámetros masculinos, que perpetúa desigualdades e violencias do mundo *offline* (Sabanés, 2004).

O sexismo que impregna o noso sistema de crenzas e a sociedade no seu conxunto proxéctase na Internet e mesmo se magnifica dada a converxencia, nas plataformas sociais, de dúas realidades aparentemente contrapostas como son a exposición pública e a sensación de anonimato. Espazos como Twitter permiten ás persoas usuarias unha difusión e impacto das súas mensaxes impensable na area “real”.

Os social media convértense nos novos escenarios, nos que se produce un cambio no panorama de relacións e a capacidade de influencia de persoas e organizacións (Bertomeu, 2019). As interaccións e conexións que se establecen nestas plataformas están enerxizadas polas tecnoloxías que lles dota dunha visibilidade e transcendencia mundial (Bonder, 2002).

Mais, lonxe de concepcións utópicas que consideran a Rede como un espazo horizontal onde todas as persoas usuarias teñen a mesma posibilidade de “facerse escoitar”, o certo é que as redes sociais permiten ás personalidades públicas desenvolver unha “autocomunicación de masas” (Castells, 2009), publicando información pero tamén comentarios e posicionamentos respecto temas de actualidade. Esta práctica con frecuencia sitúa as persoas emisoras no centro do debate 2.0 expoñéndoas a todo tipo de comentarios, insultos e reaccións de carácter destrutivo.

Neste senso, o obxecto da presente investigación é o de efectuar unha aproximación á conversa sobre o #8M (8 de marzo, Día Internacional da Muller), artellada en 2020 en torno a 50 mulleres referentes –estatais, autonómicas e locais- de ámbitos tan diversos como deporte, comunicación, política, ciencia, empresa e cultura. Unha aproximación que, no particular contexto no que se desenvolveu esta conmemoración en 2020 (á véspera da declaración mundial de pandemia sanitaria por parte da OM e o Decreto de Estado de Alarma polo Estado español), vai a reflectir fenómenos como o discurso do odio e o antifeminismo.

UN ESPAZO PARA AS EXPRESIÓNS DE ODIO E ANTIFEMINISMO

No actual contexto sociosanitario, derivado da crise da COVID-19, as plataformas *online* teñen desprazado ás interaccións persoais (non mediadas) como principal forma de contacto e relación co mundo. Neste senso resulta especialmente preocupante o incremento e normalización do discurso do odio nos *social media*, máxime de ter en conta o seu papel esencial na formación das persoas (Perse e Lambe, 2016). Esta expresión da violencia –que se exerce de forma máis ou menos explícita- afecta especialmente ás mulleres nas súas interaccións *online*.

Cómpre seguir a conversa 2.0 en torno a un tema de actualidade para observar como a rede constitúe un espazo desigual e de crecente hostilidade para as usuarias, especialmente para aquelas con maior visibilidade e voz na esfera pública (Martínez Rolán e Piñeiro Otero, 2020).

Só polo feito de ser mulleres as usuarias de redes sociais adoitan a recibir comentarios –que van do paternalismo ao acoso-, e incluso ataques orquestrados (en plataformas como forocoches ou 4chan), menos frecuentes nos perfís masculinos.

Este fenómeno, constado por estudos como o de Frenda *et al.* (2019), con frecuencia leva ás mulleres á autoexclusión destas plataformas sociais, como Ada Colau, ou á creación de comunidades restrinxidas-pechadas como espazos seguros en Internet (especialmente en ámbitos “masculinizados” véxanse, por exemplo, Todas Gamers ou Women’s Audio Mission).

O discurso do odio contra as mulleres está ligado a costumes e tradicións sociais e culturais e, como tal, ademais de presentar resistencia ao cambio pode pasar desapercibido e retroalimentar as desigualdades. Na base deste discurso Freenda *et al.* (2019) sinalan a misoxinia e o sexismo como dous aspectos interrelacionados que sustentan e perpetúan as relacións sociais patriarcais (Manne, 2017), e que actúan á vez como límites e como pretexto para cualificar, acosar ou atacar ás usuarias, con espe-

cial incidencia e virulencia no caso dalgunhas profesións como a política ou a comunicación (Martínez Rolán e Piñeiro Otero, 2020).

A maior hostilidade da tuitesfera cara a estas profesións debería situarse no marco do novo discurso antifeminista online. Un discurso que se manífésta por oposición ás ideas e persoas que propugnan a igualdade e a emancipación das mulleres (Lamoreux e Dupuis-Déri, 2015), como unha sorte de acción-reacción, e que na actualidade se materializa nunha maior agresividade discursiva (Bonet-Martín, 2020).

METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento deste estudo tomouse como referencia unha das datas máis relevantes e con maior visibilidade do movemento feminista, o 8 de Marzo. Máis concretamente levouse a cabo unha análise da conversación 2.0 xerada en torno ao *hashtag* #8M en Twitter.

A selección desta rede de microblogging sitúa este traballo na liña de estudos como Frenda *et al.* (2019) ou Fox, Cruz e Le (2015), sobre o sexismo e misoxinia na Rede. Se ben Twitter ten impulsado accións feministas, o carácter aberto desta plataforma (que facilita o acceso e adhesión á conversa social) sumado a cuestións como o seu anonimato, o sexismo ambiental ou o efecto de desinhibición, teñen convertido esta rede social nunha expansión da manofera².

A partir da captura de máis de medio millóns de tuits, que conformaron un ano de conversa social en torno a 50 mulleres españolas referentes do ámbito da política, comunicación, deporte, cultura, empresa e ciencia -de ámbito local, autonómico e estatal-, levouse a cabo unha selección daquelas publicacións da comunidade usuaria -respostas directas e mencións indirectas (aquelas que se fan sen citar o nome da usuaria)- que contivesen a etiqueta #8M.

Esta acoutación implicou unha selección de 746 tuits, no período comprendido entre febreiro e novembro de 2020, o que pon de relevo a remanencia deste tema de conversación no tempo.

Unha vez efectuada esta selección levouse a cabo unha medición de sentimento manual dos tuits emitidos con esta etiqueta, catalogándoos como "positivos", "negativos" e "neutros". Neste paso prestouse especial atención ás mensaxes negativas, facendo unha primeira aproximación non sistemática ao seu discurso.

² Entendida como una subcultura masculina online en expansión que ataca de diversas formas ás mulleres só polo feito de ser mulleres (Nagle, 2017).

RESULTADOS

A particular selección da mostra, centrada en mulleres de diversos ámbitos de pertenza, ideoloxías e posicionamentos (neste caso no que respecta ao feminismo e as súas reivindicacións) marcou a conversa e reflexión nos días previos ao 8 de marzo e na propia xornada.

Moitas destas mulleres referentes empregaron Twitter para amosar a súa perspectiva respecto ese día, a súa participación nos actos convocados, e incluso as súas lecturas respecto destes. A resposta a estas publicacións dende a comunidade usuaria foi positiva, aínda que se recolleron críticas e ataques respecto ao posicionamento [ou a falla de posicionamento] destas mulleres, e incluso do seu colectivo de pertenza (medio, partido, colectivo profesional, etc.).

Fig 1. Tuit crítico previo á celebración do 8M. Captura de pantalla.



A polarización en torno a esta data fixo que incluso publicacións neutras, nos que se enuncian argumentos e expresións empregadas -dentro e fóra da Rede- por algunhas das mulleres da mostra, contivesen unha carga de negatividade. Así sucede, por exemplo, no caso dalgúns tuits dirixidos a voceira nacional do Partido Popular Cayetana Álvarez de Toledo, que contra-argumentan empregando algunhas das razóns esgrimidas -de xeito máis ou menos explícito pola política e o seu partido- para a súa non adhesión á mobilización.

Fig 2 e 3. Tuits neutros emitidos antes e na xornada despois do 8M. Captura pantalla.






Malia que conmemoración do 8M soe estar rodeada de controversia, polos ataques, as informacións parciais e adhesión [ou non adhesións] de partidos e personalidades, a convocatoria do 8M de 2020 e a súa proximidade á declaración da COVID-19 como pandemia pola OMS (11 de marzo), e ao Decreto de Estado de Alarma (*Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*) polo Goberno Español, suscitou un discurso antifeminista baseado nunha suposta correlación entre as manifestacións feministas e a expansión do virus en España.

Para establecer unha distinción entre as reaccións e posicionamentos negativos respecto á conmemoración do 8M, que veñen sendo habituais nesta data, e aqueles vencellados e alimentados polo discurso antifeminista e as falsas narrativas da pandemia, establecéronse dous períodos na análise fixando o 11 de marzo (momento en que a OMS recoñece a COVID-19 como pandemia) como límite temporal entre ambos.

Ata o 11 de marzo recuperáronse 310 publicacións coa etiqueta 8M, dos cales un 59% (183 tuits) eran positivos, un 14,2% de carácter neutral (na súa maioría informacións dos medios de comunicación) e un 26,8% máis (83 publicacións), negativos.


Fig 4. Sentimento da conversa en torno ao #8M ata o 11 de marzo (incluído). Elaboración propia.



Tralo 11 de marzo apréciase un cambio radical no ton e virulencia da conversación 2.0. Das 425 publicacións recollidas despois desta data, un 91,5% tiña un carácter claramente negativo (389 tuits) fronte a un 3'3% de positivos. A radicalización da conversa 2.0 contra o 8M, nas xornadas previas á declaración do Estado de Alarma en España e primeiras semanas de confinamento, fai patente a existencia dunha conciencia antifeminista que leva á comunidade usuaria non só á aceptación acrítica de determinadas informacións, tamén a adhesión e redifusión das mesmas.

Se ben nun primeiro momento poderíase pensar que a particular selección da mostra tería un efecto de “filtro burbulla” no impacto deste discurso, a realidade foi que incluso se potenciou convertendo a algunhas das mulleres da mostra no centro dos ataques dalgúns usuarios.

Fig 5. Sentimento da conversa en torno ao #8M a partir do 11 de marzo. Elaboración propia.



A maioría de tuits emítense como resposta, ou mencionando, a políticas e xornalistas, principalmente Carmen Calvo, Irene Montero, Ana Pastor (xornalista) e Julia Otero. Todas estas mencións forman parte da porcentaxe de comentarios negativos que atacan e mesmo culpabilizan a estas mulleres dos contaxios e do posible aumento de mortes. Neste senso débense entender unha serie de etiquetas sociais presentes na mostra como #El8MTuvoLaCulpa ou #8MDiaDelContagioPorCoronavirus, que artellaron parte deste discurso antifeminista.

Fig 6. Tuit crítico posterior ao 11 de marzo. Captura de pantalla.



A interpelación nestas conversas de determinadas usuarias do ámbito da política ou do xornalismo remiten a unha reacción antifeminista ao seu posicionamento público. Se ben no caso de políticas como Carmen Calvo e Irene Montero estes ataques poderían entenderse no marco dunha crítica ao Goberno e a súa xestión da crise sociosanitaria, a maior incidencia da conversación en xornalistas como Ana Pastor e Julia Otero revelan un fenómeno que vai máis aló e que esixe unha aproximación multidimensional a esta realidade.

CONCLUSIONES

As accións e reivindicacións feministas con motivo do 8 de marzo son con frecuencia centro dun discurso antifeminista que, como analizou Bonet-Martí (2020), se teñen plasmado con maior forza e virulencia nas redes sociais. No ano 2020 a conmemoración do 8M nas datas previas ao Decreto de Estado de Alarma e o confinamento en España propiciou a construción de narrativas coas que endemoñar o movemento feminista baseándose nunha suposta relación entre os actos nas rúas e a expansión do virus. Unhas narrativas que suscitarían unha oleada de manifestacións antifeministas *online*, apoiadas en bulos e *fake news* e enriquecidas co discurso do odio.

Unhas manifestacións que instigaron a violencia contra determinadas usuarias, situándoas no centro da mensaxe. Así o incremento da toxicidade na selección tuits a partir do día 11 de marzo non só reflicte o incremento na expresión do antifeminista na conversa 2.0, tamén supón unha mostra da hostilidade cara a algunhas destas mulleres referentes, personalizando estes ataques até o punto de culpabilizalas da situación sociosanitaria.

O desenvolvemento por parte destas mulleres referentes dunha autocomunicación de masas vai implicar a creación dunha comunidade usuaria -en moitos casos de forma efémera- que conversa con e sobre elas, converténdolas en "brancos fáciles" accesibles e visibles para os ataques antifeministas. A

personificación do feminismo en determinados perfís sociais de políticas e xornalistas pódese explicar pola súa visibilidade e notoriedade pública, así como polo seu exercicio profesional esencial no eido das sociedades democráticas na liña sinalada por Martínez-Rolán e Piñeiro-Otero (2020) pero, sobre todo, débese enmarcar como unha reacción antifeminista ás publicacións e posicionamentos destas usuarias respecto á igualdade e os dereitos das mulleres.

BIBLIOGRAFÍA

Bertomeu Martínez, Angustias (2019): "De la tradición al activismo en redes sociales", *Revista tiempo de paz*, nº 134, pp. 77-84. http://revistatiempodepaz.org/revista-134/#dfliip-df_1391/78/

Bonder, Gloria (2002): "Las nuevas tecnologías de información y las mujeres: reflexiones necesarias", *Unidad Mujer y Desarrollo CEPAL*, nº 39, pp. 5-55. <http://repositorio.cepal.org/handle/11362/5894> Consultado 20/04/2021

Bonet-Martí, Jordi (2020): "Análisis de las estrategias discursivas empleadas en la construcción de discurso antifeminista en redes sociales", *Psicoperspectivas*, Vol. 19 nº 3, pp. 52-63. <http://dx.doi.org/10.5027/psicoperspectivas-vol19-issue3-fulltext-2040>. Consultado 20/04/2021.

Castells, Manuel (2009): "*Comunicación y poder*", Madrid, Alianza Editorial.

El País (2021): "Colau deja Twitter con "carácter indefinido" pero seguirá en Facebook, Instagram y Telegram", *El País*, <https://bit.ly/3t8c2ca> Consultado 20/04/2021

Fox, Jesse; Cruz, Carlos; Lee, Ji Young (2015). "Online sexism offline: Anonymity, interactivity, and the effects of sexist hashtags on social media". *Computers in Human Behavior*, Vol 52, pp. 436-442. <https://doi.org/10.1016/j.chb.2015.06.024>

Frenda, Simona; Ghanem, Bilal; Montes-y-Gómez, Marcos e Rosso, Paolo (2019): "Online hate speech against women: Automatic identification of misogyny and sexism on twitter", *Journal of Intelligent and Fuzzy Systems*, Vol. 36, nº 5, pp. 4743-4752. <https://doi.org/10.3233/JIFS-179023>.

Grey, Becky; Lofthouse, Amy; Oxley, Sonia e Thompson, Ana (2020): "Social media trolling affects almost a third of elite British sportswomen, BBC Sport survey finds", *BBC Sports*, <https://www.bbc.com/sport/53642350> Consultado 29/04/2021 Consultado 18/04/2021.

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Lamoureux, Diane e Dupuis-Déri, Francis (dir.) (2015): "*Antiféminismes. Analyse d'un discours réactionnaire*", Les éditions du remue-ménage, Montréal.

Nagle, Angela. (2017). Kill All Normies: "Online Culture Wars From 4Chan and Tumblr To Trump and The Alt-Right", Zero Books.

Manne, Kate (2017): "*Down girl: The logic of misogyny*", Oxford University Press.

Martínez Rolán, Xabier e Piñeiro Otero, Teresa (2020): Mulleres potevedresas na rede. Análise do sexismo, misoxinia e discurso do odio na conversa 2.0. *Cátedra de Feminismos 4.0 Depo-Uvigo*. <https://bit.ly/3t1GJ2Q> Consultado 20/04/2021

Perse, Elizabeth M. e Lambe, Jennifer (2016): "*Media Effects and Society*", Routledge.

Posetti, Julie; Aboulez, Nermine; Bontcheva, Kalina; Harrison, Jackie; Waisbord, Silvio (2020): "*Online violence against women journalists: a global snapshot of incidence and impacts*", UNESCO, <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000375136> Consultado 20/04/2021

Sabanes, Dafne (2004): "Mujeres y nuevas TIC". *Cuadernos Internacionales de Tecnología para el Desarrollo Humano*, Madrid, Federación Española de Ingeniería Sin Fronteras.

CARACTERÍSTICAS DE LA VIOLENCIA DE GÉNERO EN MUJERES MAYORES DE 65 AÑOS

Porto Castro, Ana M.^a

Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade de Santiago de Compostela
anamaria.porto@usc.es

Mosteiro García, M.^a Josefa

Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade de Santiago de Compostela
pepa.mosteiro@usc.es

Gerpe Pérez, Enelina M.^a

Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade de Santiago de Compostela
emaria.gerpe@usc.es

RESUMEN

La violencia de género es un fenómeno cultural basado en la superioridad masculina sobre las mujeres y una de las mayores vulneraciones de derechos individuales y colectivos. La violencia se expresa de múltiples formas y en todas las etapas del ciclo vital de las mujeres, siendo la edad una de las variables que hace a las mujeres más vulnerables. El presente trabajo trata de conocer la opinión de las profesionales que trabajan en los Centros de Información a las Mujeres (CIM) sobre las necesidades de las mujeres víctimas de violencia de género mayores de 65 años. Para ello se seleccionó una muestra de once mujeres profesionales que trabajan en estos centros a las que a través de una entrevista semiestructurada se le plantearon cuestiones referidas a las características de la violencia que sufren las mujeres mayores de 65 años, sus necesidades y pautas de intervención. La información proporcionada por las informantes muestra que estas mujeres padecen en silencio su situación de maltrato y que el tipo de violencia que sufren, así como sus consecuencias, hacen necesario que se adopten medidas y actuaciones específicas para las mujeres de esta edad.

PALABRAS CLAVE: violencia de género, edad, mujeres

INTRODUCCIÓN

A pesar de las transformaciones sociales que se han producido en los últimos años con la incorporación de las mujeres a todos los ámbitos de la vida social y los indudables progresos jurídicos y formales inherentes a esta, no podemos todavía hoy en día hablar de una igualdad real entre mujeres y hombres.

Una de las principales trabas para lograr la igualdad es la violencia de género, entendida "como manifestación de la discriminación, la situación de desigualdad y las relaciones de poder de los hombres sobre las mujeres, que se ejerce sobre éstas por parte de quienes sean o hayan sido sus cónyuges o de quienes estén o hayan estado ligados a ellas por relaciones similares de afectividad, aun sin convivencia" (Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, artículo 1).

Además, uno de los factores que frena el empoderamiento y avance de las mujeres es la discriminación por motivos de edad. En el caso de la violencia, son las mujeres de más edad las que menos denuncian, las que sufren, en mayor medida, la violencia por parte de su pareja actual y las que reciben menos apoyo.

De acuerdo con la última *Macroencuesta de Violencia contra la Mujer 2019*, el 42,1% de las mujeres de 65 y más años han sufrido violencia de género; acuden en menor medida a la policía o juzgados y servicios de ayuda (médica, psicológica, social, legal), denuncian menos y terminan la relación en menor medida que las mujeres menores de 65 años.

Los estudios sobre la violencia de género en mujeres mayores subrayan la invisibilidad de este fenómeno en esta edad, debido al escaso número de denuncias y la dificultad de detección por parte de las y los profesionales (Verdejo y Bárcena, 2014). La mayor parte de esos estudios ponen en evidencia la existencia de maltrato en mujeres mayores de 60 años (Fisher y Regan, 2006; Luoma et al, 2011), maltrato que han sufrido de manera prolongada en el tiempo o que se inicia en esta etapa de la vida, tanto en parejas consolidadas como en relaciones nuevas (Brand y Raymond, 1998), siendo los abusos emocionales y económicos los de mayor prevalencia frente a los abusos físicos (Baker et. al, 2009; BandWinterstein, 2015; Fingeld-Connett, 2014; McGarry y Hinchliff, 2016; Warmling et al., 2017).

Autores como Poole y Rietschlin (2012) y Warmling et al. (2017), señalan como factores de riesgo de la violencia de género la edad, el estatus de inmigrante, la fragilidad personal o la dependencia que puede

manifestarse en casos de discapacidad, en mujeres con problemas de salud, o en las que están bajo medicación constante. Además, estas mujeres pueden presentar más problemas de salud física (Cook, Dinnen y O'Donnell, 2011; Fisher, Zink y Regan, 2011), niveles elevados de depresión y ansiedad (Fisher y Regan, 2006; Fisher et al., 2011) y problemas de autoconcepto y autoestima (Buchbinder y Winterstein, 2003).

Para Meneses et al. (2018), en mujeres mayores de 60 años los malos tratos psicológicos son más frecuentes que la violencia física o sexual, ya sea porque siempre han sufrido este tipo de trato o bien porque a medida que la edad del agresor aumenta, disminuye su fuerza para ejercer ese tipo de daño, manteniéndose o incluso incrementándose las estrategias de control ya presentes.

Además, para Gracia (2012, 2015) y Meneses et al. (2018), este tipo de violencia se inicia al principio de la relación de noviazgo, incluso antes de la vida en pareja y su formalización, siendo factores de riesgo propios de estas mujeres la edad, la dependencia económica, la falta de apoyo, así como la percepción sobre la violencia de género (Delgado y Gutiérrez, 2014) y la jubilación (Ministerio de Igualdad, 2019; Instituto Aragonés de la Mujer, 2018).

Al hilo de lo expuesto, cabe destacar que no resulta extraño el hecho de que haya pocas denuncias por parte de estas mujeres extranjeras víctimas de violencia de género⁸. La denuncia a su agresor constituye un tema muy cuestionado por ellas, porque no sólo siguen alegando el amor, el miedo, los hijos o la dependencia para no reaccionar frente a esta lacra social, sino también porque se sienten desprotegidas⁹. Además, temen perder la autorización de residencia si la obtuvieron a través de sus parejas o no tener la posibilidad de solicitar o renovar la autorización de sus hijos menores de edad, porque los medios económicos provienen de la pareja y el hecho de no contar con ellos impediría mantener su situación legal.

⁷ En concreto, el artículo 144.6 del Real Decreto 557/2011 dispone: "*La denegación de la autorización de residencia y trabajo supondrá la pérdida de vigencia de la autorización provisional que se hubiera podido conceder, sin necesidad de pronunciamiento administrativo expreso. En este caso, la titularidad de la autorización provisional no podrá ser alegada de cara a la obtención de la condición de residente de larga duración*".

⁸ Al hilo de esta idea, cabe destacar que existen numerosos hechos que podrían declararse que son de violencia de género y que siguen sin denunciarse por las especiales particularidades que concurren en estos casos. Así, entre otras, cabe destacar: el miedo al agresor; el temor a que los hijos puedan culpar a la denunciante de que su padre pueda acabar en prisión; vergüenzas sociales en algunos casos; falta de apoyo de su propio entorno y presión para que no lo haga, incluso del entorno del agresor; dependencia económica del agresor; y falta de apoyos y ayudas que le permitan ver con tranquilidad la realidad después de la denuncia (Vicente, 2017).

Con ello y con todo, la denuncia no es la solución para todos los casos ni para todos los momentos, sino que lo relevante es garantizar a las mujeres víctimas de esta violencia, la asistencia médica y psicológica adecuada para recuperar su autoestima, así como proporcionarles los medios suficientes para que puedan valorar el riesgo que corren si no denuncian o, una vez denunciado, si rompen una orden de alejamiento sin ponerlo en conocimiento de la Policía o de la Justicia (Raquel, 2008).

⁹ Para profundizar en este tema: Almudena, 2019.

CONCLUSIONES

La gran inseguridad que sufren las mujeres extranjeras que han sufrido violencia de género se intensifica cuando se encuentran en situación jurídico-administrativa irregular, lo que les obliga a vivir atemorizadas, ya que, al no disponer de autorización de residencia y trabajo, tienen reconocidos menos derechos que las extranjeras en situación regular, carecen de medios económicos y de asistencia sanitaria, no tienen acceso al mercado laboral, ni a prestaciones, ayudas o subsidios. Además, en cualquier momento, se les puede iniciar un procedimiento sancionador por no estar regularizadas lo que puede conllevar la expulsión del país.

La regulación del artículo 31 *bis* de la Ley Orgánica 4/2000 posibilita que la situación administrativa irregular de las mujeres extranjeras víctimas de violencia de género no implique un obstáculo para romper el vínculo de violencia, otorgando una autorización de trabajo y residencia provisional y, en su caso, una autorización definitiva cuando acabe el juicio penal. Este efecto beneficioso se ve enriquecido con la no apertura de un expediente sancionador en tanto exista una resolución de la que se derive indicios de violencia de género.

En consecuencia, la triple condición de mujer extranjera, víctima de violencia de género y en situación irregular la convierte en persona especialmente demandante de una atención para tutelar su dignidad. Por tal motivo, la concesión de esta autorización cumple una importante función, que no es otra que la de otorgarle a estas mujeres los instrumentos necesarios para obtener los recursos económicos y los medios de vida imprescindibles para garantizar su independencia. Se intenta evitar con ello que la mujer se vea obligada a volver con su cónyuge o pareja por motivos económicos.

En definitiva, esta posibilidad la visibiliza desde el plano normativo, por lo que este precepto coadyuva a reducir los desequilibrios o desigualdades que padece el colectivo de las mujeres migrantes que han sido víctimas de violencia de género y que se encuentran en situación irregular.

BIBLIOGRAFÍA

Adam Muñoz, María Dolores (2002): "Inmigración y violencia doméstica", *Actualidad Penal*, núm. 34, Sección Doctrina, semana del 16 al 22 de septiembre, Ref. XXXIV, p. 865, tomo 3, Editorial La Ley.

Almendros González, Miguel Ángel (2010): "La mujer extranjera trabajadora víctima de violencia de género", en Monereo Pérez, José Luis (Dir.): *Protección jurídico-social de los trabajadores extranjeros*, Comares, Granada, (425-458).

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Castillejo Manzanares, Raquel (2008): "Tratamiento de la violencia de género respecto de la mujer inmigrante", *Diario La Ley*, Volumen (6940), Sección Doctrina.

Erez, Edna, Adelman, Madelaine y Gregory, Carol (2009): "Interseccions of Immigration and domestic violence: Voices of Battered Immigrant Women", *Feminist Criminology*, Vol. 4, Issue 1, January, (32-56).

Magro Servet, Vicente (2017): "Requisitos para la procedencia de una acusación por denuncia falsa a la luz de la jurisprudencia", *Diario La Ley*, núm. 8983, Sección Dossier, 19 de mayo.

Rubio De Medina, María Dolores (2010): "Prestaciones sociales para las mujeres extranjeras irregulares víctimas de violencia de género", en Sánchez-Rodas Navarro, Cristina (Dir.): *Inmigración, mujeres y menores*, Bomarzo, Albacete, (165-187).

Valiño Ces, Almudena (2019): "Problemática en torno a la denuncia de las víctimas mujeres inmigrantes en los casos de violencia de género", en Guzmán Ordaz, Raquel, Gorjón Barranco, María Concepción (Coords.) y Sanz Mulas, Nieves (Ed.): *Políticas públicas en defensa de la inclusión, la diversidad y el género*, Grupo de Investigación Reconocido GIR DIVERSITAS, Salamanca, (600-613).

A PERSPECTIVA ECONÓMICA DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA NORMATIVA GALEGA^{1*}

Trigo García, Belén

Departamento de Dereito Común (área Dereito Civil)

Universidade de Santiago de Compostela

belen.trigo@usc.es

RESUMO

A violencia de xénero non soamente ten consecuencias económicas desfavorables para as mulleres vítimas dela e, indirectamente, para as persoas que delas dependen; a violencia económica é, ademais, unha das formas que pode adoptar aquela.

Ao respecto, sen prexuízo dos avances realizados no estudo e cuantificación da discriminación laboral e profesional que sofren as mulleres e, en xeral, das desvantaxes económicas que lles afectan, a desigualdade económica e o desequilibrio na xestión e disposición de recursos no ámbito doméstico e familiar entre mulleres e homes seguen resultando, aínda hoxe, en boa medida invisibles.

A presente contribución comeza por examinar a definición de violencia económica na normativa vixente e a casuística contemplada polos principais estudos de campo -españóis e europeos- recentes. A tendencia, confirmada pola xurisprudencia, oriéntase a unha ampliación dos supostos considerados, destacando a relación da violencia económica con outras formas de violencia de xénero, en especial, a psicolóxica.

A continuación, lévase a cabo unha análise da normativa galega sobre violencia de xénero desde a perspectiva económica, coa conclusión de que prevalece a atención ás

^{1*} A presente contribución é un dos resultados do proxecto de investigación NIN VODAS DE OURO, NIN DIVORCIOS DE PRATA: CRISE DE PARELLA E VIOLENCIA PATRIMONIAL E ECONÓMICA NAS MULLERES MAIORES [Título abreviado: XPERI (xénero, patrimonio, economía, ruptura e idade)], desenvolvido en 2020 e financiado pola Consellería de Presidencia e de Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (Convenio para o Desenvolvemento de Medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero). O grupo de investigación Eco-Iuris USC, ao que pertence a autora e IP do proxecto, quere agradecer de forma expresa a colaboración da Escola de Práctica Xurídica USC, en particular, do seu director, o profesor Lotario Vilaboy Lois, e do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago no desenvolvemento desta investigación.

consecuencias económicas en forma de medidas asistenciais e de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, fronte a previsión e superación da violencia económica.

PALABRAS CHAVE: violencia de xénero, violencia económica, igualdade, discriminación

VIOLENCIA DE XÉNERO E LEIS INTEGRAIS: A VIOLENCIA DE XÉNERO ECONÓMICA

Na actualidade é xa un lugar común falar de violencias de xénero, en plural. Neste senso, as normas destinadas a loitar contra este fenómeno levan, con frecuencia, o cualificativo de integral. Dunha parte, pretenden previr, sancionar e erradicar todas as formas da violencia de xénero; doutra, ofrecer ás mulleres vítimas desta violencia unha protección completa, coordinada e multidisciplinar (vid. Exposición de Motivos e art. 1.2 LOPIVG; art. 1.2 LGVX).

Precisamente, unha das características singulares da violencia que sofren as mulleres é a súa transversalidade, ao afectar a todos os aspectos e ámbitos da vida. Isto explica que a definición legal de violencia de xénero siga ampliándose e detallándose a medida que se afonda na súa análise e se avanza a concienciación e sensibilización na materia. Ao respecto, resulta ilustrativo cotexar o obxecto da lei estatal e da lei galega sobre violencia de xénero. A primeira contempla unicamente os actos de violencia física e psicolóxica levados a cabo polas parellas ou ex parellas, incluíndo a violencia que sofren as persoas menores de idade ao coidado da muller² (art. 1 LOPIVG). A segunda, a partir dun concepto xeral (art. 1 LGVX), incorpora unha definición particularizada das formas de violencia de xénero recoñecendo, entre elas³, a violencia económica (vid. art. 3 LGVX).

En efecto, a lei estatal non define a violencia económica, se ben no PEVX atópanse mencións xenéricas aos prexuízos económicos que sofre a muller vítima da violencia de xénero⁴ e unha mención específica

² De forma máis ampla, o art. 2 (Ámbito de aplicación) LGVX contempla como vítimas indirectas da violencia de xénero, en xeral, ás persoas dependentes das mulleres (vítimas directas). Recentemente, o Parlamento galego ven de aprobar a tramitación da Proposición de lei de reforma da LGVX (doc. núm. 11910, PPL-000006) para incluír a definición de violencia vicaria (cfr. medida 139 do PEVX).

³ Ademais da violencia física e psicolóxica, tanto a LOPIVG (art. 1.3) como a LGVX contemplan as agresións contra a liberdade sexual. Vid. a definición de violencia sexual e abusos sexuais, acoso sexual, e trata con fins de explotación sexual no art. 3 letras d) e f) da LGVX. A lei galega identifica tamén como violencia de xénero a exercida por calquera home co que se relacione a muller, sexa no ámbito público ou privado (art. 1.2 LGVX), no seu entorno familiar, laboral ou social (art. 3 letras a) e b) LGVX).

⁴ Vid. eixo 8 (*La visualización y atención de otras formas de violencia contra las mujeres*): *De conformidad con el Convenio del Consejo de Europa para prevenir y combatir la violencia contra la mujer y la violencia doméstica (Convenio de Estambul), de 2011, se incluirán todos los actos de violencia basados en el género que impliquen o puedan implicar para las mujeres daños o sufrimientos de naturaleza física, sexual, psicológica o económica [...].*

a unha forma de violencia económica (eixe 7, medida 249). Nesta liña, a macro-enquisa estatal sobre violencia de xénero de 2019 define a violencia económica como a conducta que busca controlar a unha persoa impedíndolle o acceso aos recursos económicos de forma que sexa totalmente dependente da persoa agresora a nivel económico, así como comportamentos orientados a controlar o ingreso obtido pola persoa que sofre esta forma de violencia. Pola súa banda, o art. 3 c) LGVX define a violencia económica como a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos, ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella. De forma máis xenérica, o EIGE (2017) entende por violencia económica todo acto ou conduta que cause un dano económico⁵.

A definición resulta importante cara á delimitación do fenómeno. Precisamente, a principal dificultade no exame da violencia de xénero económica radica en identificar e individualizar na práctica os actos e comportamentos en que se concreta (Adams et al., 2008; Postmus et al., 2018).

A macro-enquisa estatal sobre violencia de xénero de 2015 consideraba a violencia económica en tres escenarios: a negativa da parella ou ex-parella a darlle diñeiro á muller para os gastos do fogar aínda que aquela dispuxera de diñeiro para outras cousas; o impedirille tomar decisións relacionadas coa economía familiar e/ou realizar as compras de forma independente; finalmente, o non deixala traballar ou estudar fóra do fogar⁶. Catro anos máis tarde, estimouse necesario ampliar os ítems para medir a violencia de xénero; en concreto, respecto da violencia económica a macro-enquisa de 2019 incorpora unha nova hipótese: o usar ou ter usado a parella ou ex-parella o diñeiro da muller, ou a súa tarxeta de crédito, ou o pedir préstamos ao nome da muller sen o seu consentimento.

Estes catro casos son exemplos claros de violencia económica; agora ben, a casuística non se limita a estes hipóteses⁷. Violencia económica é tamén, ademais da apropiación ou ameaza de apropiación de

⁵ Esta é a definición en lingua inglesa, completada con algúns exemplos de condutas concretas (Glosario, epígrafe 2.3.3.5 (2017)). En cambio, a versión en español define a violencia económica como os *actos de control y seguimiento de la conducta de una persona en lo que respecta al uso del dinero y la constante amenaza de la denegación de recursos económicos*. Vid. <https://eige.europa.eu/thesaurus/terms/1096?lang=es>

⁶ Xunto coa prohibición expresa, cómpre considerar tamén a hipótese de sabotaxe do emprego ou das actividades formativas, isto é comportamentos cuxo obxectivo é evitar que a vítima obteña ou manteña o seu posto de traballo ou desalentar e interferir activamente cos seus estudos (Mañas Alcón et al., 2020). Na EPGVX de 2020, o 92,8% das persoas entrevistadas consideraba impedir á muller traballar ou estudar como un acto grave de violencia de xénero con diferenzas por idade (menos as persoas maiores de 65 anos) e de sexo (as mulleres en maior medida).

⁷ Vid. un amplo catálogo de exemplos extraídos de entrevistas no Estudo sobre mulleres maiores (2019).

bens, a destrución, o deterioro ou ameaza de destrución ou dano de bens⁸; a ocultación de bens ou ingresos, ou a mentira sobre a situación económica, patrimonial e financeira persoal ou familiar⁹. En caso de ruptura da parella, son igualmente formas de violencia económica o incumprimento das obrigas de pago de alimentos das fillas e os fillos comúns, da prestación compensatoria debida á muller, ou do préstamo hipotecario que tiñan en común¹⁰.

Os anteriores casos empezan a ser recoñecidos como supostos de violencia económica pola normativa e a xurisprudencia¹¹. Máis complexo resulta identificar patróns de discriminación e prexuízo económico da muller cando se trata de dinámicas da relación de parella en ausencia de violencia explícita, actitudes agresivas ou autoritarias (imposicións, prohibicións), ou incumprimento de obrigas legais ou contractuais. Unha hipótese deste tipo sería o control dos ingresos e gastos da muller, control que non ten lugar en sentido contrario. Esta actitude controladora e paternalista pode asumirse con naturalidade dentro da parella como unha mera rendición de contas, sen maiores consecuencias, xustificada polo papel tradicional de cabeza de familia do varón, a conveniencia de centralizar e unificar a contabilidade familiar, os –supostos– maiores coñecementos, aptitudes ou experiencia do varón en temas económicos ou financeiros, ou na necesidade de vixilancia e control en beneficio da propia muller¹². Neste exemplo non hai apropiación do diñeiro da muller, nin privación de recursos, nin prohibición ou restrición expresa de gasto; non obstante, a fiscalización e supervisión é susceptible de influenciar e condicionar as decisións de compras, gastos e investimentos. En efecto, a conciencia de ser controlada pode levar á muller a alterar as súas prioridades de gastos ou a inhibirse de realizar certas adquisicións para non

⁸ Así, o EIGE fala de *property damage* como unha forma de violencia económica.

⁹ Vid. STC 167/2015, de 20/7/2015 que concede o amparo por vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva ao non ponderarse a situación de violencia de xénero que padecía a executada non emprazada ao proceso hipotecario. No suposto de feito, a muller tivo que abandonar o domicilio familiar por malos tratos do seu ex marido que, tendo coñecemento do procedemento, non llo comunicou.

¹⁰ Sobre delitos de abandono de familia, menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, vid. arts. 226 e ss. Código penal. Cfr. a medida 249 do eixe 7 (*Recomendaciones a comunidades autónomas, entidades locales y otras instituciones*) do PEVG pola que se insta a la Federación de Municipios y Provincias a realizar un estudio sobre las consecuencias de la ejecución de la hipoteca por impago, cuando víctima y agresor figuran como responsables de crédito hipotecario a efectos de identificar qué problemática se está produciendo y adecuar la legislación para evitar situaciones de violencia económica. Tamén o EIGE entende como unha forma de violencia económica non cumprir as obrigas económicas, como o pago de pensións alimenticias ou as cantidades debidas ao ex-cónxuxe (*alimony*).

¹¹ Vid. a STS 348/2020 (penal), 25/6/2020, que considera delito de abandono de familia o impago polo acusado da parte que lle correspondía das cotas hipotecarias como parte dos alimentos que estaba obrigado a satisfacer aos menores de idade (art. 227.1 Código Penal)

¹² É habitual que o agresor minimize, negue ou culpe do seu comportamento á vítima; así, dicíndolle que é ela quen lle permite ter ese comportamento ou que malgastaría o diñeiro se el non a vivía (Mañas Alcón et al., 2020).

incorrer en reproches ou críticas e obter a aprobación masculina respecto da súa xestión económica, persoal e doméstica.

Neste sentido a enquisa europea sobre violencia de xénero inclúe a violencia económica na categoría de abuso psicolóxico que implica violencia económica¹³. De forma similar, a macro-enquisa estatal de 2019 fai referencia a violencia psicolóxica incluíndo a emocional, o control, a económica e o medo; asemade, pregunta pola violencia de control ou económica sen outras formas de violencia asociadas.

En todo caso, respecto dos resultados da enquisa europea, chama a atención que o número de respostas afirmativas sobre a violencia de xénero económica en España estean entre as máis baixas de Europa¹⁴. De forma máis detallada, segundo os datos da macro-enquisa estatal, os supostos máis frecuentes de violencia económica fan referencia á hipótese de impedir a toma de decisións e/ou a realización de compras de xeito independente)¹⁵ e á hipótese da negativa a darlle diñeiro para os gastos do fogar¹⁶; a continuación, situaríase a prohibición de traballar ou estudar fóra do fogar¹⁷; finalmente, a hipótese de endebedamento e apropiación de diñeiro afectaría a un menor número de mulleres¹⁸.

Como antes se indicou, o estudo estatal mostra a coexistencia e retro-alimentación entre as distintas formas de violencia de xénero, de forma que o agresor incrementa e reforza o seu control sobre a muller e agudiza a súa vulnerabilidade. De acordo cos datos de 2015, o 85% das mulleres que experimentaran violencia económica declaraban sufrir tamén violencia psicolóxica; o 58,2%, violencia física, e o 47,8%, violencia sexual. Na macro-enquisa de 2019, o 96,9% de mulleres que sufriran violencia física ou sexual ao longo da súa vida (parella actual ou pasadas), manifestaron ter sufrido tamén algún tipo de violencia psicolóxica (emocional, control, económica ou medo). Respecto das mulleres que declararon ter sufrido violencia de control ou económica sen outro tipo de violencia asociada (nin física, nin sexual nin emocional), unha pequena porcentaxe (o 2,4% respecto da parella actual e o 7% respecto de pare-

¹³ Como sinala o Estudo sobre mulleres maiores (2019), nas entrevistas apréciase claramente a conexión entre violencia psicolóxica e violencia económica, basicamente, a través do control da economía familiar.

¹⁴ Na categoría *Experiencing psychological abuse which involved economic violence by a partner since the age of 15*, os países con as porcentaxes máis baixas son Portugal (8%), Grecia e España (9%).

¹⁵ Na macro-enquisa de 2019 esta situación afectou ao 7,8% das mulleres que tiveron parella algunha vez; no 2015 a porcentaxe era de 7,6%.

¹⁶ Situación que afectou ao 6,5% das mulleres ao longo da súa vida en 2019, e ao 7,3% en 2015.

¹⁷ O 5% das mulleres declaraba en 2019 que algunha das súas parellas no lles deixara traballar fóra do fogar; a porcentaxe era de 5,1% en 2015.

¹⁸ Na macro-enquisa de 2019 o 4,8% das mulleres declaraban ter visto como a parella usaba o diñeiro ou a tarxeta de crédito da muller ou pedía préstamos ao seu nome sen o seu consentimento. Esta preguntaba non constaba na macro-enquisa de 2015.

llas pasadas) contestaron de forma afirmativa á pregunta de ter experimentado medo; soamente estas últimas foron derivadas ao bloque de preguntas sobre consecuencias da violencia, denuncia e axuda.

AS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Como se indicou, a definición de violencia de xénero económica e os casos cualificados como tales na lexislación galega non recollen toda a realidade deste fenómeno. Ademais, bótase en falta un desenvolvemento normativo que axude a identificar, prever e paliar as consecuencias da violencia e económica, tanto no ámbito civil como administrativo.

As únicas excepcións as constitúen, dunha parte, a regulación sobre a titularidade compartida das explotacións agrarias, de conformidade coa Lei estatal 35/2011¹⁹, e doutra, o fomento da participación de mulleres en órganos de decisión e xestión²⁰.

O resto das previsións normativas de alcance económico limítanse a considerar as consecuencias económicas da violencia de xénero en xeral²¹, con especial atención aos supostos de maior vulnerabilidade da muller (cfr. art. 14.6 LOI); así, cando existía unha dependencia económica respecto do agresor ou non conta con recursos suficientes para atender ás súas necesidades e ás das súas fillas e fillos²². Cómpre ter en conta que un dos motivos que dan as mulleres para non denunciar é carecer de recursos económicos propios (vid. macro-enquisa estatal 2019 e Estudo sobre mulleres maiores 2019).

¹⁹ Esta lei pretende promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural, a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria (vid. Valiño Ces, 2015). Como medidas de desenvolvemento desta lei aprobouse o Decreto 200/2012, de 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (vid. Decreto 253/2008, agora derogado) e unha serie de axudas económicas (vid. Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións). Vid. tamén LGMT, arts. 6 (Destino dos predios integrantes do Banco de Terras de Galicia) e 47 quater (Guías de ordenación produtiva).

²⁰ Vid. arts 43 (Composición do consello reitor), 56 (Do comité de recursos: funcións e composición) e a disposición adicional sexta da LCG; e arts. 2 (Finalidade), 92 (Cooperativas do sector do mar), e 97 (Obxectivos) da LPG. Como sinala a Exposición de Motivos da lei, esta pretende fomentar a participación da muller na toma de decisións dentro das organizacións do sector pesqueiro.

²¹ Vid. Guía de recursos fronte á violencia de xénero en Galicia dispoñible en <http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/guia-de-recursos-frente-violencia-de-xenero-en-galicia>, a Estatística de violencia de xénero sobre expedientes tramitados dispoñible en <http://igualdade.xunta.gal/gl/content/datos-de-violencia-de-xenero> e os informes anuais de seguimento da LGVX dispoñibles en <http://igualdade.xunta.gal/gl/documentacion-informes-lei>. Sobre políticas públicas para fomentar a autonomía económica da muller, vid. Undurraga, Verónica, 2019.

²² Vid. arts. 39 (Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero) e 41 (Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia) da LGVX; cfr. o art. 38 LGVX sobre valoración de rendas. Sobre o fondo galego de garantía de indemnizacións, vid. art. 43 LGVX.

Tamén as leis galegas contemplan a situación de pobreza relativa das mulleres e a súa situación no mercado laboral, con taxas de ocupación e actividade inferiores e taxas de paro superiores ás masculinas²³. Xa que logo, prevese que estas teñan un acceso prioritario e preferente respecto das medidas que facilitan a incorporación a unha actividade profesional (art. 35 LGVX sobre medidas específicas no ámbito da formación e do emprego)²⁴, ou garantir o mantemento do seu posto de traballo²⁵. Finalmente, a normativa galega establece unha serie de axudas respecto da vivenda (arts. 44 e 45 LGVX)²⁶, a asistencia letrada (art. 29 LGV), e as necesidades das fillas e fillos (vid. art. 42 LGVX sobre axudas escolares)²⁷.

CONCLUSIÓNS

A autonomía persoal está unida a autonomía económica e patrimonial²⁸. Neste sentido, a discriminación e a violencia de xénero están relacionadas coa pobreza feminina, e a dependencia e vulnerabilidade económica da muller. Na actualidade, existe un recoñecemento legal e doutrinal da violencia económica; non obstante, a perspectiva é aínda limitada ao non contemplarse todos os casos. Xa que logo, son necesarios máis estudos e traballos de campo para afondar neste fenómeno. En efecto, un mellor coñecemento da violencia económica e das distintas formas que adopta facilitaríaa súa proba, así como unha interpretación xurisprudencial con perspectiva de xénero. Finalmente, no aspecto normativo a contribución céntrase na lexislación galega. Esta define a violencia económica e contempla as consecuencias económicas da violencia de xénero con medidas, principalmente, de apoio e asistenciais. Falta, entón, un desenvolvemento orientado a identificar con máis precisión, previr e paliar a violencia económica no ámbito familiar, o que implicaría complementar as normas de carácter público-administrativo con normas de dereito privado. Ao respecto, non parece casualidade que xa a conviven-

²³ Vid. Área estratéxica 2: Intervención e integración do VII PEGI sobre a integración socio-laboral e a independencia económica das vítimas de violencia de xénero.

²⁴ Vid. disposición adicional sexta LCG; arts. 6.2. f) (Destino dos predios integrantes do Banco de Terras de Galicia) e 17 (Transmisión mediante adxudicación directa) LGMT; letra a) da disposición adicional terceira (Mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social) TRIG.

²⁵ Vid. respecto das cooperativas, o art. 107 (Réxime de prestación de traballo e sucesión de empresa) da LCG; no ámbito da Administración pública, os arts 25 (Réxime xurídico), 55 (Principios dos procesos selectivos) 72 (Plans de igualdade e dereitos específicos das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero), 89 (Concurso), 102 (Traslado por motivos de violencia de xénero), 104 (Mobilidade interadministrativa), 106 (Reducións e adaptacións da xornada de traballo), 177 (Excedencia por razón de violencia de xénero) da LEPG; e a disposición adicional sétima (Retribucións das vítimas de violencia de xénero) TRIG.

²⁶ Vid. art. 8.3 (Reducións de carácter obxectivo: redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia) da Sección 2.^a (Reducións na base imponible en adquisicións lucrativas entre vivos) do TRTCE.

²⁷ Sobre acceso preferente de mulleres maiores e afectadas de diversidade funcional vítimas de violencia de xénero e as persoas dependentes delas a residencias para maiores e centros de día, vid. art. 46 (Equipamentos sociais especializados) LGVX.

²⁸ Desde a perspectiva de dereito privado, vid. Trigo García, 2011.

cia en parella, ademais da maternidade, teñan un impacto asimétrico na participación de mulleres e homes no mercado laboral (de la Rica, 2021).

BIBLIOGRAFÍA, NORMATIVA E DOCUMENTACIÓN

Adams, Adrienne E., Sullivan, Cris M., Bybee, Deborah, Greeson, Megan (2008): "Development of the Scale of Economic Abuse", *Violence Against Women* 14(5), pp. 563-588

de la Rica, Sara, Gorjón, Lucía, Quesada, Odra (2021): "*Mujer y madre: la doble penalización laboral*" (*Informe 2021/2*), Iseak, (data da última consulta 6/5/2021) dispoñible en <https://iseak.eu/wp-content/uploads/2021/02/Informe-ISEAK-Mujer-y-Madre.pdf>

Mañas Alcón, Elena; Gallo Rivera, María Teresa (2020): "La violencia económica en el ámbito de la pareja: otra forma de violencia que perpetúa la desigualdad de género en España", en Santiago Asensio Merino (coordinador editorial), *Mujeres y economía. La brecha de género en el ámbito económico y financiero*, Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Madrid, pp. 107-148

Postmus, Judy L., Hoge, Gretchen L., Breckenridge, Jan, Sharp-Jeffs, Nicola, Chung, Donna (2018): "Economic Abuse as an Invisible Form of Domestic Violence: A Multicountry Review", *Trauma Violence & Abuse* 21(2), pp. 1-23

Trigo García, Belén (2011): "Autonomía personal de la mujer: la gestión de su persona y de sus bienes", en Laura López de la Cruz e Marta Otero Crespo (coordinadoras), M. Paz García Rubio (director), *El levantamiento del velo: Las mujeres en el derecho privado*, tirant lo blanch, Valencia, pp. 1429-1471

Undurraga, Verónica (2019): "Violencia contra las mujeres en la familia, autonomía económica y políticas públicas", en María Susana Quicios Molina, Silvana Álvarez Medina (director), *El derecho frente a la violencia dentro de la familia: un acercamiento multidisciplinar a la violencia de género y la protección de los hijos menores de edad*, Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor (Navarra), pp. 71-92

Valiño Ces, Almudena (2015): "La discriminación y la desigualdad de la mujer en el mundo rural y su reflejo en la titularidad de las explotaciones agrarias", en Anabel González Penín, Ana Jesús López Díaz, Eva Aguayo Lorenzo (director), *Trazos de xénero no século XXI: III Xornada Universitaria Galega en Xénero*, Universidade de Vigo, Pontevedra, pp. 109-117

Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de medidas de protección integral contra la violencia de género (LOPIVG)

Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres (LOI)

Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (LCG)

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (LGVX)

Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia (LPG)

Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras (LGMT)

Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (TRTCE)

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (TRIG)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)

Ministerio de Sanidad, Servicios sociales e Igualdad, Macroencuesta de violencia contra la mujer, 2015 (data da última consulta 6/5/2021)

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/colecciones/pdf/Libro_22_Macroencuesta2015.pdf

European Institute for Gender Equality (EIGE), Glossary of definitions of rape, femicide and intimate partner violence, 2017 (data da última consulta 6/5/2021)

<https://eige.europa.eu/publications/glossary-definitions-rape-femicide-and-intimate-partner-violence>

Consellería de emprego e igualdade, Xunta de Galicia, VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 (VII PEGI)

<http://igualdade.xunta.gal/gl/programas/vii-plan-estrategico-de-galicia-para-igualdade-de-oportunidades> (data da última consulta 6/5/2021)

Área 2 · VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

Documento refundido de medidas del Pacto de Estado en materia de violencia de género. Congreso+Senado, 13/5/2019 (PEVG) (data da última consulta 6/5/2021)

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/pactoEstado/docs/Documento_Refundido_PEVG_2.pdf

Subdirección General de Sensibilización, Prevención y Estudios de la Violencia de Género (Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género), Macroencuesta de Violencia contra la Mujer, 2019 (data da última consulta 6/5/2021)

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/macroencuesta2015/pdf/Macroencuesta_2019_estudio_investigacion.pdf

Delegación del Gobierno para la Violencia de Género, Estudio sobre las mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género, 2019, coa colaboración de Cruz Roja Española e a Universidad Carlos III de Madrid (Estudo sobre mulleres maiores, 2019)

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2019/pdfs/Estudio_VG_Mayores_65.pdf (data da última consulta 6/5/2021)

Consellería de emprego e igualdade, Xunta de Galicia, Enquisa de percepción da sociedade galega sobre a violencia de xénero de 2020 (EPGVX 2020) (data da última consulta 6/5/2021)

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/percepcion_social_da_vdx_e_sexual_en_galicia_2020_1.pdf



**PERSPECTIVA DE
XÉNERO NA
DOCENCIA
UNIVERSITARIA**

Área

3

O KEVLAR, UNHA FIBRA FANTÁSTICA DESCUBERTA POR STEPHANIE KWOLEK EN 1965

Álvarez Lires, Mari

Departamento de Didácticas Especiais

Universidade de Vigo

lires@uvigo.es

Álvarez Lires, Xabier

Departamento de Psicoloxía Educativa e Comunicación

Universidade de Vigo

xabieral@uvigo.es

Arias Correa, Azucena

Departamento de Didácticas Especiais

Universidade de Vigo

azucena@uvigo.es

Serrallé Marzoa, J. Francisco

Departamento de Didácticas Especiais

Universidade de Vigo

jfserralle@uvigo.es

RESUMO

Nesta comunicación preséntase unha experiencia de introdución da importancia da presenza das mulleres na tecnociencia na formación de profesorado de ensino secundario, no marco do Mestrado de Profesorado e dun proxecto destinado ao desenvolvemento de competencias profesionais docentes e científicas, denominado *De que están feitos os chalecos antibalas?* Detectáronse ideas previas do alumnado, púxose de manifesto a participación de mulleres en invencións científico-tecnolóxicas; neste caso, na invención do Kevlar en 1965 por Stephanie Kwolek, unha fibra utilizada na fabricación dos citados chalecos, de avións, barcos, traxes de bombeiros e astronautas, que ten moitísimas máis aplicacións. Amósan-

se as interaccións entre Ciencia, Tecnoloxía, Xénero e Sociedade (CTXS). Preténdese achegar unha imaxe da tecnociencia que sexa máis acorde coa súa construción e produción que a que inicialmente posúe o alumnado, e a idea de que o desenvolvemento científico-tecnolóxico debe estar ao servizo da construción dun mundo máis sostible e igualitario. Conseguiuse despertar o interese do alumnado que planifica, investiga, reflexiona, debate, fai e aprende ciencia: química de polímeros.

PALABRAS CHAVE: Competencias docentes, Kevlar, Xénero, Aprendizaxe ciencias, Química de polímeros

INTRODUCCIÓN

As mulleres están subrepresentadas en todos os niveis do sistema de ciencia e tecnoloxía (CT), teñen menos credenciais, en moitos casos están subempregadas e a súa promoción é insuficiente. A fenda de xénero é un concepto que se utiliza para referirse á situación das mulleres en todo o sistema formal de CT, desde a educación primaria ata a actividade académica o profesional, tal como amosan múltiples informes internacionais (ONU, 2015; UNESCO, 2016; ONU Mujeres, 2018; MEYFP, 2019; CSIC, 2020). Os informes citados establecen varias causas desta desigualdade. Entre elas están as actitudes socio-culturais (estereotipos), a educación científica, os nomeamentos académicos, científicos e profesionais, o desenvolvemento e a transferencia de CT. Entón, hanse establecer estratexias para abordar estas cuestións (NSF, 2019). Ademais, a incorporación das mulleres ao ámbito tecnocientífico non é só unha cuestión de equidade, senón de aproveitar o seu potencial para resolver os problemas da humanidade.

A EDUCACIÓN CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA E A AMEAZA DO ESTEREO-TIPO

Informes como Why So Few? Women in Science, Technology, Engineering, and Mathematics (STEM) (AAUW, 2010) poñen de manifesto os efectos das crenzas sociais e da contorna nos logros das mulleres en STEM e na elección destes estudos. O informe salienta que os factores culturais limitan o interese das nenas na súa elección de estudos pola autoavaliación das propias capacidades. As mozas avalían as súas habilidades en matemáticas e física peor que os mozos e cren que han ser excepcionais para triunfar neses campos. Estas crenzas mantéñense aínda que teñan boas cualificacións e lévanas a desinteresarse por estudos de STEM, como consecuencia da ameaza do estereotipo (Steel e Aronson, 2010), orixe de múltiples estudos.

Polo que respecta ao impacto da educación científica, informes como ENCIENDE (2011) e EC (2015) recomentan medidas para loitar contra a falta de interese da mocidade polos estudos científicos. Afirmán que este desinterese pode incidir negativamente na innovación e na calidade da investigación, así como na falta de desenvolvemento dun pensamento crítico, fundamentais na sociedade actual. Tamén se apunta que esta falta de interese se debe en gran medida á maneira de ensinar ciencias. Recoméndase introducir prácticas innovadoras para aumentar o interese polas ciencias e fomentar a participación feminina na actividade tecnocientífica.

PROPOSTAS DE SUPERACIÓN DE ESTEREOTIPOS

Unha integración da perspectiva de xénero nas aulas precisa dunha revisión da educación científica, que implica modificacións en diferentes niveis. Seguindo diversos estudos CTX, consonte un enfoque de ciencia cognitiva (Izquierdo, 2004), destacaremos os máis relevantes.

O profesorado ten que adquirir instrumentos para detectar o androcentrismo na ciencia, na tecnoloxía e na práctica docente. Ha de incluír o xénero nas súas categorías de análise. Débese apoiar ao alumnado para que modifique os estereotipos: facilitar a corrección dos efectos non desexados da construción da masculinidade, tales como a competitividade, a agresividade, a desconsideración dos aspectos afectivos e emocionais, o acaparamento do material e dos espazos físico e oral. Respecto ás alumnas, hanse minimizar os efectos non desexados da construción da feminidade, tales como a inseguridade ou a desvalorización do propio.

É necesario cambiar a imaxe da natureza da ciencia e da tecnoloxía, asociada a un suposto “método científico” único e universal, a súa caracterización como neutral, obxectiva, libre de intereses e conflitos sociais, construída por homes xeniais brancos de clase media alta, cunha concepción empírico-indutivista, libresca e acabada. A tecnoloxía considérase como unha simple aplicación da ciencia, cunha visión ríxida, algorítmica, infalible, acumulativa, de crecemento lineal fronte á realidade de crises e remodelacións (Gil e Vilches, 2004).

O alumnado precisa métodos de aprendizaxe activos para desenvolver a súa capacidade de formular preguntas, avaliar e actuar. O profesorado constitúe un modelo de rol para o alumnado (Álvarez Lires et al, 2013), polo que precisa dotarse de instrumentos para detectar o sexismo.

Neste caso, optamos pola realización de actividades que destacan a presenza das mulleres no desenvolvemento tecnolóxico, nun traballo por proxectos, integrador, que pode suscitar o interese do alumnado. Houbo mulleres pioneiras na tecnociencia. Algunhas realizaron achegas importantes ao desenvolvemento tecnocientífico en sectores tradicionalmente masculinos, mais foron esquecidas ou

invisibilizadas. Pouca xente sabe, por exemplo, que a invención do Kevlar se debe a Stephanie Kwolek (1923-2014), unha química que investigaba polímeros na DuPont, aínda que as series televisivas teñan feito famosos os chalecos antibalas e amosen astronautas e bombeiros cos seus traxes e cascos. Todas estas prendas levan Kevlar na súa composición grazas a Kwolek.

STEPHANIE KWOLEK FALA DE SI

Stephanie Kwolek naceu en New Kensington, Pennsylvania, en 1923. Ela mesma (Kwolek, 1986) relata que se interesou polas teas e o deseño de roupa e mesmo pensou en facerse deseñadora de moda, algo que "vén da miña nai", pero esta advertiuna de que como era moi perfeccionista non podería gañarse a vida dese modo. O seu pai traballaba na industria do aceiro, pero era "naturalista de vocación" e del veulle o "interese pola ciencia e a natureza". "Foi unha feliz coincidencia que o grupo Du Pont investigase en fibras e en materiais téxtiles".

Sempre se inclinou polas ciencias e as matemáticas, e quería ser médica. Cando se graduou no 1946, decatouse de que non tiña posibles para estudar medicina. Fixose química e conseguiu traballo na Du Pont, di, grazas a súa "asertividade". Aproveitou o feito de que na Segunda Guerra Mundial as mulleres entraran nos postos de traballo que deixaran os combatentes e moitos deles non puideran reincorporarse tras a finalización dos combates.

Comezou a traballar na investigación de polímeros, oito anos despois de que se crease o nylon (1938), a primeira fibra sintética, e resultoulle tan interesante que decidiu dedicarse á química para sempre. Xunto a un equipo químico, nun laboratorio de investigación pioneiro, comezou a obtención de novas fibras de polímeros. En 1964, o seu grupo busca unha nova fibra forte e lixeira, para reforzar pneumáticos de coche que permitisen aforrar gasolina que se dicía que ía escasear.

Kwolek conta que "ninguén parecía ter particular interese e preguntáronme se eu estaría disposta a facelo". Aceptou e pensou: "se puidese reforzar pneumáticos cun tipo de fibra téxtil, lixeira, en lugar de arame de aceiro, que é moi pesado, poderíase utilizar moita menos gasolina para calquera vehículo". Tamén buscaban fibras que non fundisen a temperaturas moi altas, de modo que puidesen ser utilizadas con seguridade para obxectos expostos a tales condicións.

Kwolek combinaba substancias para facer un polímero, fundilo e levalo a unha máquina, a spinneret, que convertía o líquido en fibras. Logo, probábase a densidade, a resistencia, etc. Un día, estaba a experimentar con dous polímeros que non se fundían, e tiña que atopar algo que os disolvese. Pero

sucedeu algo inesperado: “Despois de moitos intentos, disolvera o polímero, pero a solución era diferente ás coñecidas, xa que esta era case coma a auga e estaba turbia, mentres que as outras eran como á melaza, transparente e translúcida. Cando se axitou a solución, separouse en dúas capas: unha clara de cor amarela, e outra opalescente e turbia.

Intrigada, levou a solución á spinneret. “O encargado díxome: isto nunca vai virar a fibra, flúe como a auga. Ademais, as partículas van taponar os buracos da spinneret. Despois de varios días puiden convencerlo e fixo virar a disolución a fibra. Levei as fibras ao laboratorio. Uns días máis tarde, chegaron os resultados. Era unha fibra moi forte, pero sorprendentemente ríxida e, cando se coceu, fíxose aínda máis ríxida”. Kwolek descubrira unha fibra de aramida, e un novo tipo de solucións: cristalinas líquidas: “Eu sabía en que dirección ía, pero nunca esperei obter unha fibra con esas propiedades. Foi un caso de sorte, estaba no lugar correcto no momento adecuado, xa que podes facer unha invención, pero poida que non atopas ninguén que se interese por ela.”.

Despois de moitas probas, Kwolek anunciou os resultados e “todo o mundo se emocionou moito. Xuntámonos nun grupo e decidimos que había potencial comercial alí, e o que tiñamos que facer era atopar a fibra adecuada para a súa comercialización. Algunhas persoas encargáronse de idear nomes (como Kevlar), mentres que outras traballaban na presentación de solicitudes de patentes. Unhas experimentaban con solucións cristalinas líquidas, outras pensaron en maneiras de utilizar e vender as superfibras, outras inventaron novas formas para facelas virar e máquinas de corte”. Kwolek explica que “resultou ser un gran esforzo para o equipo”: “Hai veces en que vostede pensa o asunto se afundirá debido aos problemas que se presentan. Pasar dun descubrimento ao desenvolvemento de produtos é un proceso longo”. Tardouse dez anos ata que os chalecos antibalas fabricados con Kevlar estivesen dispoñibles para a venda (1975).

Kevlar é hoxe sinónimo de materiais de alta tecnoloxía. Resistente á calor, cinco veces máis forte que o aceiro e máis lixeiro que a fibra de vidro. Utilízase para facer: cascos de barcos, chalecos antibalas, abrigo e camisas de vestir, luvas resistentes aos cortes, cables de fibra óptica, traxes de bombeiros e astronautas, mangueras de combustible, cascos, partes de avións, pneumáticos, cordas especiais, pezas de nave espacial, algúns tipos de bicicletas, raquetas de tenis, canoas e motos. Un chaleco feito con sete capas desta fibra pesa 1,134 kg e pode desviar a folla dun coitelo e deter unha bala calibre 38 disparada desde 10 m de distancia.

Kwolek continuou creando e experimentando con fibras sintéticas. Nunca se arrepeniu de formarse en química no canto de estudar medicina. Aínda que nunca imaxinou que chegaría a ser unha inventora,

explica que “cando se vai traballar para unha empresa que fai investigación química, unha das expectativas é inventar cousas. Por tanto, co tempo, vostede inventa algo se ten interese suficiente e traballa duro. Emocioneime cando descubrín solucións cristalinas líquidas”. Con todo, ela cre que “se necesita unha certa cantidade de sorte”,

Estaba orgullosa de que a súa invención salvase miles de vidas. Recibiu moitos premios pola invención da fibra Kevlar; incluírona no National Inventors Hall of Fame en 1994, a cuarta muller de 113 membros. En 1996 recibiu a National Medal of Technology, e en 1997 a Perkin Medal; honras raramente concedido a mulleres. Escribiu “The Rope Trick Nylon” no *Journal of Chemical Education* (1959), no que describe a polimerización por condensación nun vaso a presión atmosférica e temperatura ambiente, unha demostración agora común nas aulas.

Ocupaba o seu tempo libre nas afección de costura e xardinería, daba conferencias sobre a súa vida e a súa invención e animaba á xente nova, en especial ás mozas, a que se dedicasen á tecnociencia: “Toda persoa ten valor, non importa o que faga. Isto é o que tes que lembrar”.

METODOLOXÍA

- Establécese unha secuencia didáctica e indágase, a través dun cuestionario, sobre o seu coñecemento previo das relacións CTXS, mulleres científicas e tecnólogas; resolución de problemas e as súas implicacións económicas e sociais; participación destas mulleres nas súas comunidades profesionais, recoñecemento das súas achegas. Solicítase que debuxen e describan unha imaxe das relacións CTXS. Realízase un debate sobre o cuestionario inicial.
- Pescúdase, agora, sobre os coñecemento previos referentes a: Que é un polímero? Que é o Kevlar? Coñeces as súas propiedades? Para que se utiliza? A quen se debe a súa invención? Deben investigar e xustificar a química de polímeros e, en particular, a do Kevlar.
- Proporcionase un texto sobre Stephanie Kwolek e a invención do Kevlar, seguido dun cuestionario que deben responder coas argumentacións precisas:

A obtención de polímeros, a investigación das súas propiedades e a súa comercialización é un campo de traballo adecuado para as mulleres?

Resume o contido das investigacións de Kwolek, indicando os feitos observados, as hipóteses emitidas, as reaccións químicas e as conclusións.

Busca aplicacións do Kevlar e comenta a súa importancia.

Kwolek asumiu a investigación que desembocaría no Kevlar porque os seus compañeiros non mostraron interese nela. Busca outros casos nos que a participación de mulleres tivo lugar pola falta de interese dos homes nela. Por exemplo, as mulleres da ENIAC, a primeira computadora.

Observa no texto as afeccións de Kwolek. Parécenche frecuentes nunha muller que se dedique á tecnociencia? E nun home?

De que maneira crees que influíu o contexto no que se desenvolveu o labor de Kwolek no recoñecemento deste labor? Sinala as vantaxes e as dificultades dese contexto para ela.

Que calidades de Kwolek destacan do relato efectuado por ela mesma?

- d. Deben indicar, traballando en grupos cooperativos, que lles chamou máis a atención da súa vida e achegas científico-técnicas; que desexarían saber (formulación de preguntas); como pensan investigalo (medios e método); a utilidade deste coñecemento para a súa formación. O alumnado debe buscar información sobre aquilo que desexaría saber. Posteriormente, debe compartir a información, seleccionar aspectos e planificar o que quere facer.
- e. Finalmente, o alumnado decantouse por realizar a obtención de nylon no laboratorio, tras cuxa experiencia elaborou un mapa conceptual e un V de Gowin.

CONCLUSIÓNS

O cuestionario inicial mostrou crenzas erróneas e descoñecemento de aspectos tales como:

Un descoñecemento notable da presenza de mulleres nas ciencias, coas escasas excepcións de Marie Curie, Rosalind Franklin ou Linn Margulis.

No ámbito tecnolóxico, o descoñecemento de nomes e achegas femininas é absoluto.

As concepcións sobre a natureza da ciencia son puramente positivistas.

A ciencia non se considera como "actividade".

Non hai consciencia das interaccións CTS e moito menos de análise de xénero (CTXS).

A técnica é unicamente ciencia aplicada.

A "boa ciencia" eliminará os "malos usos" da ciencia.

Tras o debate de diversas concepcións de ciencia, da súa caracterización como tecnociencia e do estudo do caso de Kwolek, realizouse unha reflexión que permitiu introducir dúbidas nas supostas certezas científicas e espertar o interese polo coñecemento das relacións CTXS, así como pola procura de in-

formación sobre polímeros, o Kevlar e as súas aplicacións, a interpretación das reaccións químicas e a realización da experiencia de obtención de nylon. Amosaron asombro pola presenza de mulleres notables na tecnociencia. Os resultados indican que a integración deste tipo de actividades contribúe a despertar o interese e a mellorar as aprendizaxes do alumnado.

BIBLIOGRAFÍA

AAUW. American Association of University Women (2010): Why So Few? Women in Science, Technology, Engineering, and Mathematics. <http://www.aauw.org/> Consultado: 05/04/2020.

Álvarez, María; Arias, Azucena; Pérez Rodríguez, Uxío, Serrallé, Francisco (2013): La historia delas ciencias en el desarrollo de competencias científicas. *Enseñanza de las Ciencias*, 31, 1, 213- 233.

Confederación de Sociedades Científicas de España (COSCE) (2011): *Informe ENCIENDE. Enseñanza de las ciencias para edades tempranas en España*. http://www.cosce.org/pdf/Informe_ENCIENDE Consultado: 03/04/2020.

CSIC (2020): *Informe Mujeres Investigadoras CSIC 2020* <https://mujeresconciencia.com/2020/07/03/informe-mujeres-investigadoras-csic-2020/> Consultado: 22/04/2020.

European Commission (2015): *Science Education for Responsible Citizenship*. Luxembourg: Publications Office of the EU. <https://eshorizonte2020.es/mas-europa/ciencia-con-y-para-la-sociedad/documentos-de-interes/informe-sobre-educacion-cientifica> Consultado: 15/04/2020.

Gil, Daniel e Vilches, Amparo (2004): Contribución de la ciencia a la cultura ciudadana. *Cultura y Educación*, 16, 3, 259-272.

Izquierdo, Mercé (dir.) (2004): *El sexisme a la UAB. Propostes d'actuació i dades per un diagnòstic*. Universitat Autònoma de Barcelona/ Bellaterra: Barcelona.

Kwolek, Stephanie (1986): Interviewed by Raymond C. Ferguson in Sharpley, Delaware on May 4, 1986. Science History Institute. Oral: Philadelphia. <https://digital.sciencehistory.org/works/d217qq72t> Consultado: 01/04/2021

Ministerio de Educación y Formación Profesional (2019): *Panorama de la educación, indicadores de la OCDE 2019. Informe español*. Secretaría de Estado: Madrid.

NSF (2019): *ADVANCE program: Organizational Change for Gender Equity in STEM Academic Professions*. https://www.nsf.gov/funding/pgm_summ.jsp?pims_id=5383 Consultado: 01/04/2021.

ONU (2015): *Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible*. <https://undocs.org/es/A/RES/70/1> Consultado: 20/04/2021.

ONU Mujeres (2018): *Hacer las promesas realidad la igualdad de género en la Agenda 2030 para el desarrollo sostenible*. <http://www.realinstitutoelcano.org/wps/wcm/connect/09115248-4cd1-4707-ab5a-4ad84bb7cc4e/ONU-Mujeres-Informe-Igualdad-Genero-Agenda-2030-Desarrollo-Sostenible-resumen.pdf?MOD=AJPERES&CACHEID=09115248-4cd1-4707-ab5a-%204ad84bb7cc4e%20Consultado:%2014/04/2020> Consultado: 14/04/2021.

Steel, Claude e Aronson, Joshua (1995): *Stereotype Threat and The Intellectual Test-Performance of African-Americans*. *Journal of Personality and Social Psychology*, 69(5), 797-811

UNESCO (2016): *Marco de Acción de Educación 2030*. https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000245656_spa.locale=es Consultado: 25/04/2021.

A SUSTENTABILIDADE OCEÁNICA E OS OFICIOS FEMININOS DO MAR: UNHA EXPERIENCIA NO GRAO EN EDUCACION INFANTIL

Lorenzo Rial, María A.

Departamento de Didácticas Especiais

Universidade de Vigo

marialorenzo@uvigo.es

Amorín de Abreu, Tamara

Departamento de Didácticas Especiais

Universidade de Vigo

tamara.amorin.abreu@uvigo.es

Varela Losada, Mercedes

Departamento de Didácticas Especiais

Universidade de Vigo

mercedesvarela@uvigo.es

Pérez Rodríguez, Uxío

Departamento de Didácticas Especiais

Universidade de Vigo

uxio.perez@uvigo.es

RESUMO

Preséntase unha experiencia educativa levada a cabo con profesorado en formación inicial do Grao en Educación infantil (EI), en materias de Didáctica das Ciencias Experimentais, ligada á Educación para a Sustentabilidade Oceánica con perspectiva de xénero. Elaboráronse infografías en formato dixital, inseridas en propostas didácticas destinadas ás aulas de EI, baseadas nos contidos da web *Sustentabilidade en feminino*, no marco da Axenda 2030 (ONU, 2015). Preténdese contribuír á consecución de tres

Objectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) da citada Axenda: Educación de calidade (4), Igualdade de xénero (5) e Vida Submarina (14). A intervención educativa realizada produciu aprendizaxes sobre a importancia dos océanos para a vida, a necesidade de protexelos, a recuperación da memoria das mulleres adicadas aos oficios do mar desde hai centos de anos (redeiras, mariscadoras e traballadoras da conserva), e a súa importancia para a economía familiar, a local e a sustentabilidade do mar.

PALABRAS CHAVE: Educación para a Sustentabilidade Oceánica, Formación inicial do profesorado, Igualdade de xénero, Axenda 2030, Oficios femininos do mar

INTRODUCCIÓN

Os mares e océanos do noso Planeta acollen o 90% da biosfera, é dicir, neles habita a maior parte dos seres vivos da Terra e esta diversidade mariña e costeira representa o principal medio de sustento para máis de tres mil millóns de persoas no mundo, das que o 50% é de mulleres.


Na actualidade, os ecosistemas mariños estanse a ver afectados por problemas como o cambio climático, a acidificación oceánica, a contaminación por hidrocarburos e plásticos, a sobreexplotación pesqueira, a chegada de especies invasoras e a destrución ou alteración do hábitat mariño. Esta situación está a provocar, entre outras cousas, a redución e perda de biodiversidade mariña, que afecta de maneira directa ás mulleres, xa "que se enfrontan aos riscos da degradación dos océanos con menor cantidade de bens e alternativas para cambiar de medios de vida, e menos resiliencia fronte a perda de recursos naturais" (ONU, 2021).

Os problemas que ameazan aos océanos son pouco coñecidos pola poboación, debido ao descoñecemento do medio mariño e á complexidade dos procesos que se producen nel (Guest, Lotze, & Wallace, 2015). A poboación require dun proceso de alfabetización a fin de coñecer as interaccións entre os océanos e as persoas, como paso previo para que a cidadanía sexa responsable e consciente do seu papel no deterioro destes e na achega de posibles solucións a moitos dos problemas que os axegan (Fauville, Strang, Cannady, e Ying-Fang (2018).

A conservación e protección do medio mariño constitúen grandes retos ambientais. A actual proclamación do periodo de 2021-2030 como Decenio das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sustentable (UNESCO, 2017) incide na necesidade de avanzar na consecución do ODS 14, Vida Submarina, da Axenda 2030. A educación xoga un papel determinante como instrumento capaz de con-

cienciar e sensibilizar á poboación sobre a urxencia de coidar dos mares e océanos, é dicir, do 70% da extensión do noso Planeta. Neste senso, a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable (ONU, 2015) establece que para loitar contra o actual proceso de Cambio Ambiental Global será necesaria unha educación equitativa e de calidade (ODS 4) e camiñar cara a Igualdade de xénero (ODS 5), pois so desta maneira se poderán “combaten as desigualdades dentro dos países e entre eles, construír sociedades pacíficas, xustas e inclusivas, protexer os dereitos humanos, promover a igualdade entre os xéneros, o empoderamento das mulleres e as nenas, e a garantir unha protección do planeta e dos seus recursos naturais”.

Imaxe 1: ODS 4, 5 e 14.



Fonte: Axenda 2030 (ONU, 2015) e elaboración propia

A Organización de Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (2013) e o High Level Panel of Experts of FAO (2014) recoñecen que dos 120 millóns de persoas no mundo que traballan na pesca, as mulleres ocupan case a metade dos postos (47%), mentres que no sector mariño a grande escala (66%) e no sector pesqueiro de interior de pequena escala (54%) sobrepasan aos homes. Malia estes números, ONU Mulleres (2021) salienta que:

“As mulleres están principalmente concentradas en traballos mal pagos, ocupan empregos irregulares e de tempada no procesamento, o envasado e a comercialización. A miúdo, traballan sen contrato ou

sen protección dos dereitos laborais ou da saúde e a seguridade. Así mesmo, gañan un 64% do salario dos homes por realizar o mesmo traballo na acuicultura”.

A todo o antedito, súmase o feito de que a situación de emerxencia planetaria está a ter efectos negativos sobre elas, como principais protagonistas de traballos como o marisqueo, a reparación e elaboración de redes e a industria conserveira, traballos nos que representan entre o 90% e o 100% do persoal ocupado.

Melero e Solís (2012) afirman que o modelo de desenvolvemento imperante se caracteriza por ser inxusto no reparto de recursos, estar ligado a un aumento da pobreza e das desigualdades, e por unha degradación ambiental sen precedentes. Por estas razóns e porque, ademais, está a ter repercusións específicas sobre as mulleres, é preciso cámbialo (Folch, 2011) a fin de camiñar cara á sustentabilidade e á igualdade. É imprescindible, tamén, que as mulleres formen parte da análise da situación e da toma de decisións de cara á implementación de medidas e accións, pois, doutra maneira, non será posible acadar unha sustentabilidade real e efectiva. Este proceso implica revisar as relacións da humanidade coa natureza (Novo, 2006) e adoptar estratexias que permitan reorientar o estilo de vida no camiño da consecución de sociedades máis sustentables. Álvarez-Lires (2015) indica, ao respecto, que “non será posible un desenvolvemento sustentable sen ter en conta os dereitos, as aspiracións e as potencialidades das mulleres, nin tampouco sen cambiar o modelo de desenvolvemento dominante baseado no neoliberalismo e no crecemento ilimitado”.

Neste marco, a educación superior debe integrar nos seus plans de estudo as relacións entre tecnociencia, xénero e desenvolvemento sustentable, coa finalidade de fomentar cambios na actitude e no comportamento das persoas, así como potenciar as súas habilidades e capacidades como profesionais do futuro que se impliquen na transformación dos estilos de vida.

No que respecta á formación inicial do profesorado, Lorenzo (2019) indica que esta etapa é clave para provomer entre o futuro profesorado de EI, Educación Primaria e Secundaria o interese por levar ás aulas propostas educativas centradas na Educación para a Sustentabilidade (EpS) e, en particular, na Educación para a Sustentabilidade dos Océano (EpSO), nas que ademais se preste especial atención á inclusión da perspectiva de xénero. A autora salienta, tamén, que nin sequera os océanos aparecen nos currículos oficiais de Galicia, polo que, para desenvolver estas propostas, é preciso integrar estes contidos na formación inicial e permanente do profesorado.

Neste marco, a web *Sustentabilidade en feminino* (Lorenzo, Álvarez-Lires e Álvarez-Lires, 2018) recolle información sobre os océanos, os oficios centenarios femininos como o das redeiras, a salga, o maris-

queo, a conserva e as investigadoras en ciencias mariñas. A través de entrevistas, revisión da literatura, unha exposición fotográfica e un espazo con recursos didácticos, infografías e actividades, esta web pretende ser un referente na divulgación de actividades didáctico- científicas, a fin de espertar entre docentes e estudantes o interese polos traballos tradicionais femininos, as súas achegas á sustentabilidade dos océanos, e pola necesidade de conservalos.

DESENVOLVEMENTO DA EXPERIENCIA

Nesta experiencia participaron 51 alumnas e 13 alumnos do Grao en Educación Infantil, durante o curso 2019/2020 no marco dun Proxecto de Innovación Educativa.

OBXECTIVOS

Deseñar intervencións educativas ligadas á EpSO, con perspectiva de xénero, para aulas de EI. Achegarse ao coñecemento dos océanos e á importancia de protexelos diante dos perigos actuais.

- Deseñar infografías que amosen a importancia dos oficios femininos tradicionais do mar.
- Visibilizar o papel das mulleres na sustentabilidade dos océanos.
- Coñecer e empregar os recursos da web *Sustentabilidade en feminino*.

METODOLOXÍA E SECUENCIA DE APRENDIZAXE

A secuencia de actividades insírese no paradigma socioconstrutivista e na aprendizaxe cooperativa:

1. Constitución dos grupos de traballo (máximo 4 persoas por grupo).
2. Actividade de detección de ideas previas.
3. Visualización do vídeo One Planet, One Ocean: Mobilizing Science to #SaveOurOcean.
4. Busca de información na web *Sustentabilidade en feminino*.
5. Elección dunha temática por grupo a partir dos contidos da web.
6. Selección e tratamento da información relativa aos oficios tradicionais femininos.

7. Elaboración de infografías dixitais mediante a ferramenta Canva.
8. Exposición oral e visual das infografías na aula.
9. Avaliación da actividade.

ANÁLISE DE RESULTADOS

A detección de ideas e coñecementos previos permitiu valorar o punto de partida (Táboa 1).

Táboa 1: Cuestións iniciais para a detección de ideas e coñecementos previos.

Que relación existe entre os océanos e a vida na Terra?	Descoñecen tal relación
Que oficios ligados ao mar coñeces, nos que traballan preferentemente mulleres?	Coñecen oficios como o marisqueo e, en menor medida, o das redeiras. Non identifican a industria conserveira cun oficio do mar. Identifican a actividade do marisqueo so como proceso de extracción. As redeiras son persoas que “elaboran redes”
Que sabes sobre eles?	Afirman que non saben moito sobre este oficio, aínda que recoñecen que forma parte da súa contorna próxima.
Que papel xogan as mulleres na sustentabilidade do mar?	Non vén ligazón entre estes traballos e a sustentabilidade dos océanos.

Deseguido, visualizaron o vídeo “One Planet, One Ocean: Mobilizing Science to #SaveOurOcean” e empregaron a web *Sustentabilidade en feminino* para buscar respostas. Seleccionaron, analizaron e sintetizaron información. Fanse conscientes da importancia dos océanos para a vida na Terra, aprenden que os oficios femininos do mar son centenarios, que a salga se empregaba para conservar o peixe e nela traballaban mulleres e nenas. Comproban que as redeiras reparan as redes indispensables para a pesca, pois a flota de baixura non podería soste a adquisición continua de redes novas. Aprenden que as mariscadoras extraen, sementan, cultivan bivalvos e protexen a zona da invasión de algas e da presenza de lixo, colaboran coas investigadoras mariñas para a conservación do mar e, finalmente, ocúpense da poxa na lonxa e da venda nos mercados. No referente ao traballo das mulleres na conserva, a visita á exposición “Achegas das mulleres á sustentabilidade do mar” amosa o duro traballo destas desde que o peixe chega á fábrica ata que sae enlatado. Prestaron especial atención á entrevista coa Directora do Museo Massó, Covadonga López de Prado, inserida na web, na que puideron coñecer como funcionaban as factorías Massó do Morrazo e escoitar a historia de dúas traballadoras xubiladas desta factoría.

Cada grupo elixe un oficio e elabora unha infografía (Imaxe 2). A presentación das infografías na aula, nun proceso de coavaliación, serviu para que se valorase o traballo de cada grupo, especializado nun oficio, así como as achegas das mulleres do mar á sustentabilidade. Salientaron a importancia de levar estes coñecementos ás aulas dos distintos niveis educativos.

Imaxe 2: Infografías realizadas polo alumnado. Fonte: Elaboración propia.



CONCLUSIÓN

Estas actividades permiten achegar á cidadanía ao coñecemento dos océanos e á importancia dos oficios das mulleres do mar para a sustentabilidade do mar. Estes oficios son parte da cultura galega desde hai centos de anos, mais seguen a estar invisibilizados e pouco recoñecidos, o que se reflicte nas

malas condicións das traballadoras da conserva e das redeiras. As mariscadoras conseguiron, grazas a súa loita, unha mellora no seu traballo e o recoñecemento profesional.

A formación do profesorado, así como a realización de investigacións e innovacións educativas, que promovan a consecución dos ODS da Axenda 2030, debe ocupar un espazo propio nas programación didácticas. Ao propio tempo, permitiría cumprir coas prescricións dos currículos, nos que se salienta a importancia de partir da contorna para promover aprendizaxes significativas

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez-Lires, María (2015): Educación, tecnociencia, xénero e desenvolvemento sostible. En González Penín, Anabel, López Díaz, Ana Jesús, Aguayo Lorenzo, Eva (ed.) *III Xornada Universitaria Galega en Xénero. Trazos de xénero no século XXI*. Universidade de Vigo, Servizode Publicacións (15-32).

Fauville, Geraldine; Strang, Craig; Cannady, Matthew e Ying-Fang, Chen (2018): Development of the International Ocean Literacy Survey: measuring knowledge across the world, *Environmental Education Research*, DOI: 10.1080/13504622.2018.1440381.

Folch, Ramón. (2011): *La Quimera del Crecimiento: La Sostenibilidad en la Era Postindustrial*. Barcelona: Temas de actualidad ERB.

Guest, Haley, Lotze, Heike. & Wallace, Douglas. (2015): Youth and the Sea: Ocean Literacy in Nova Scotia, Canada. *Marine Policy*, 58, 98-107.

High Level Panel of Experts of FAO (HLPE). (2014): *Sustainable fisheries and aquaculture for food security and nutrition. A report by the High Level Panel of Experts on Food Security and Nutrition of the Committee on World Food Security*, Rome 2014. <http://www.fao.org/3/i3844e/i3844e.pdf> Consultado: 28/04/2021.

Lorenzo-Rial, María A., Álvarez-Lires, Francisco Javier, e Álvarez-Lires, María (2019): "Recursos didácticos", en *Sustentabilidade en feminino*. www.marenfeminino.campusdomar.gal. Consultada: 26/04/21.

Lorenzo-Rial, María Asunción (2019): *Educación, sustentabilidade e xénero: un achegamento didáctico ao Cambio Ambiental Global no océano mediante as TIC*. [Tese inédita] Universidade de Vigo. <http://www.investigacion.biblioteca.uvigo.es/xmlui/handle/11093/1337> Consultada: 26/04/21.

Melero, Noelia., & Solís, Carmen. (2012): Género y medio ambiente. El desafío de educar hacia una dimensión humana del desarrollo sustentable. *Revista Internacional de Investigación en Ciencias Sociales*, 8(2), 235-250.

Novo, María. (2006): *El desarrollo sostenible. Su dimensión ambiental y educativa*. Madrid: UNESCO-Pearson.

ONU (2015): *Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible*. <https://un-docs.org/es/A/RES/70/1>. Consultado: 22/04/19.

ONU Mujeres (2018): *Hacer las promesas realidad: La igualdad de género en la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible*. <https://www.refworld.org/es/pdfid/5a872c4f4.pdf>. Consultado: 24/04/21.

ONU Mujeres (2021): *Las mujeres y los Objetivos de Desarrollo Sostenible*. <https://lac.unwomen.org/es/noticias-y-eventos/en-la-mira/women-and-the-sdgs/sdg-14-life-below-water#notes> Consultado: 28/04/2021.

Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura (2013): *Good practice policies to eliminate gender inequalities in fish value chains*. <http://www.fao.org/3/i3553e/i3553e.pdf> Consultado: 27/04/2021.

UNESCO (2017): *United Nations Decade of Ocean Science for Sustainable Development (2021- 2030)*. <https://en.unesco.org/ocean-decade> Consultado: 29/04/2021.

UNESCO (2021): One Planet, One Ocean: Mobilizing Science to #SaveOurOcean. <https://en.unesco.org/ocean-decade> Consultada: 29/04/2021.

“EDUCACIÓN EN FEMININO: UN PASEO POLA HISTORIA”, EXPERIENCIA DIDÁCTICA DE INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA FORMACIÓN DAS FUTURAS MESTRAS E MESTRES DE LUGO

Candia Durán, Francisco Xosé

Departamento de Pedagogía e Didáctica

Universidade de Santiago de Compostela

francisco.candia@usc.gal

RESUMO

Durante os últimos catro cursos académicos vén desenvolvéndose na Facultade de Formación do Profesorado da USC (Campus de Lugo) unha experiencia didáctica de incorporación da perspectiva de xénero dentro da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”, disciplina de formación básica de 1º curso, tanto do Grao en Mestra ou Mestre de Educación Primaria como do Dobre Grao en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria.

Ante a notable escaseza de referentes femininos nos temarios e nos manuais básicos da materia, apostamos porque o alumnado complemente o estudo dos materiais habituais cun traballo orientado ao coñecemento e difusión de diferentes educadoras innovadoras (teóricas e prácticas, do pasado e do presente, dos diferentes niveis do ensino, de aquí e de todo o mundo), que tiveran acumulado méritos profesionais sobresaíntes, pero cuxa existencia fora desprazada na historiografía da educación por figuras masculinas.

Así, o alumnado prepara (cada equipo, unha educadora) unha biografía pedagóxica, unha presentación dixital, unha exposición oral e un póster. O conxunto de pósters elaborados configura unha vistosa colección que se expón publicamente cada ano na Facultade e, baixo a perspectiva da aprendizaxe-servizo, tamén se cede a outros espazos expositivos que a queiran ofrecer ao seu público.

PALABRAS CHAVE: educadoras, historia da educación, referentes femininos, aprendizaxe-servizo, exposición de pósters.

CONTEXTO E OBXECTO

Na Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela), a materia "Teoría e Historia da Educación Escolar" (en adiante, THEE) véñse impartindo con esa específica denominación desde a implantación no ano académico 2010-11 dos novos plans de estudos do maxisterio. En concreto desenvólvese no 1º curso do Grao en Mestra ou Mestre de Educación Primaria, e desde o ano académico 2016-17, coa chegada do dobre grao, tamén no 1º curso do Dobre Grao en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria, que no seu conxunto veñen sumando uns 120 estudantes por promoción. É precisamente nesa materia (sempre impartida polo autor desta contribución) na que se desenvolveu durante os últimos catro anos académicos a experiencia de innovación didáctica de introdución da perspectiva de xénero, da que se dá conta a seguir.

Existiron dous elementos na orixe da iniciativa. Por un lado, a evidencia constatable de que nos temarios e na maioría de manuais sobre teoría e historia da educación a presenza das mulleres é, de maneira inxusta, meramente testemuñal. En efecto, o condicionante machismo patriarcal da sociedade acaba tamén tendo o seu reflexo no que os (as) expertos e académicos da universidade escribiron verbo das figuras máis relevantes da Pedagogía, malia a manifesta feminización da profesión docente que, como ben é sabido, é tanto máis intensa canto menor é a idade do alumnado (que a/o profesional atende). É polo anterior que, durante os primeiros anos da materia THEE, ensaiamos algunhas estratexias didácticas compensatorias, a fin de recoñecer e poñer en valor o papel das mulleres na educación; con todo, non acabaron de provocar no alumnado os resultados que desexabamos.

En segundo lugar, deuse a casualidade de que a organización lucense do sindicato estudantil *Erguer. Estudantes da Galiza* a mediados de 2016 pendurou nunhas escaleiras interiores da facultade unha faixa (amósase na imaxe 1) que días antes viña de empregar nas manifestacións correspondentes ao *8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres*, e que se inscribía dentro dun proxecto máis amplo desta asociación. Este proxecto, ben interesante mais finalmente inconcluso, pretendía abranguer ao estudiantado de todos os campus galegos co obxectivo de construír colectivamente unha guía cunha serie de mulleres galegas e non galegas dos séculos XIX, XX e XXI, innovadoras, transgresoras, feministas, que marcaran unha pauta, un avance, tanto no que fixeran como no que dixeran ou escribiran, e que a mocidade actual lícita e xustamente puidera consideralas verdadeiras referentes.

Imaxe 1.



Matinando como poderíamos materializar as nosas intencións nunha solución didáctica operativa, eficaz e transformadora, a iniciativa do sindicato estudantil actuou como espoleta e acabou por amosarnos o camiño metodolóxico a percorrer, e ademais posibilitounos atopar unha vía para dar resposta á lexítima demanda que a faixa expresaba, cando menos no que cómpre ao eido educativo e á nosa facultade.

En definitiva, todos estes antecedentes desembocaron nunha innovación didáctica incorporada formalmente desde o ano académico 2017-18 dentro do funcionamento de THEE, e que leva por nome "Educación en feminino: un paseo pola historia" (a propósito, a denominación foi construída colectivamente polo propio alumnado da materia).

Aínda que cada novo ano académico a proposta vai progresivamente mellorando e complexizándose, sinteticamente concrétese en que cada equipo de alumnado da materia prepara catro exercicios diferentes en lingua galega sobre unha educadora sobranceira da historia, a partir da planificación previa e titorización permanente que realiza o docente, e secundados por unha guía didáctica que especifica detalladamente como proceder en cada fase do proceso.

Os exercicios son: unha biografía pedagóxica, unha presentación dixital, unha exposición oral e un póster para exposición pública sobre a educadora en cuestión. Unha vez elaborados e segundo un calendario acordado previamente, eses catro produtos póñense a disposición do gran grupo nas sesións

Área 3 · PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA UNIVERSITARIA

interactivas e tamén no curso virtual da materia, de cara ao seu coñecemento xeral, estudo e avaliación.

Finalmente, e tras o remate das clases do primeiro semestre, cos pósters resultantes configúrase unha vistosa e didáctica colección que se expón publicamente nun dos espazos da facultade (ver imaxe 2) a cal, baixo a perspectiva da aprendizaxe-servizo, tamén se cede a posteriori a outros espazos expositivos que desexen ofrecela á súa comunidade de usuarios/as.

Imaxe 2.



OBXECTIVOS

En referencia ao alumnado, a finalidade do proxecto pasa por 1) coñecer, 2) poñer en valor e 3) dar a entender o labor que as mulleres viñeron desempeñando no mundo da educación ao longo dos séculos e ata os nosos días, un papel parcialmente oculto pola historia, e aínda hoxe escasamente recoñecido, pero de enorme importancia. E para empezar a valorar ese desempeño, nesta materia comézase por identificar e estudar unhas poucas desas significadas mulleres que destacaron ou destacan precisamente polo seu compromiso coa mellora da educación e polo seu bo saber facer neste eido.

En concreto, os obxectivos didácticos que perseguimos son:

- Contribuír, co coñecemento de contidos desprexuízados da teoría e da historia da educación, á mellora da formación das mestras e mestres galegos do século XXI para que, mantendo permanentemente no seu pensar e no seu actuar a consideración da perspectiva de xénero, se desenvolvan profesionalmente co seu futuro alumnado na procura dunha sociedade máis equitativa e xusta con todas as persoas con independencia do seu xénero, condición/identidade/orientación sexuais, clase, etnia, crenzas, etc.
- Ofrecerlle ao alumnado da facultade, tanto feminino como masculino, a posibilidade de coñecer a traxectoria vital e os méritos pedagóxicos de verdadeiros referentes femininos no eido da innovación educativa, sexa a nivel de pensamento pedagóxico ou de práctica do maxisterio, que foron manifestándose ao longo da historia (sobre todo na idade contemporánea), en contraste coa (e para compensar e combater a) flagrante minorización de mulleres nos temarios, nos manuais e na literatura científica da teoría e a historia da educación.
- Estimular no alumnado a sensibilidade, a toma de conciencia e a valoración respecto do insubstituíble papel que desempeñan e da contribución que realizan as mulleres en xeral á sociedade, neste caso poñendo de relevancia o traballo de mulleres educadoras valentes pero pouco coñecidas que, fronte aos atrancos que a sociedade do seu tempo lles colocou no camiño, amosaron un loable compromiso coa mellora da calidade da educación da súa época e en defensa da igualdade de dereitos para as mulleres, en moitos casos a partir dunha perspectiva feminista ou de xénero.
- Posibilitar que o alumnado da materia poña en acción e vaia mellorando progresivamente diferentes competencias imprescindibles para a súa futura profesionalización como mestras e mestres: responsabilidade académica, expresión oral en galego, expresión escrita en galego, comunicación fronte a un público, autonomía de traballo, planificación estratéxica de tempos e tarefas, cooperación e traballo en equipo, liderado, negociación e asertividade, creatividade compositiva, dominio básico das TIC, busca, selección e reelaboración de información relevante (competencia informacional), elaboración de documentos escritos de calidade académica, entre outras.
- Procurar que o alumnado lle ofrezca á sociedade, desde a perspectiva da aprendizaxe-servizo, unha colección de pósters sobre mestras e profesoras de diferentes épocas e xeografías, a fin de difundir publicamente o legado de mulleres excepcionais no campo das ciencias da educación.

IDEAS FORZA

- Perspectiva de xénero. Como xa sinalamos, con esta proposta de traballo procuramos complementar e compensar a escasa presenza nos temarios e nos manuais de teoría e historia da educación do papel educativo que as mulleres realizaron e realizan na educación institucional.
- Integración didáctica. Todo o proceso que leva aparelado a iniciativa insírese na actividade ordinaria da materia THEE, pois figura dentro do programa e polo tanto realízase parcialmente nas sesións interactivas de aula, é dicir que non implica o desenvolvemento doutras accións extraordinarias (á marxe de algo máis traballo para docente e alumnado).
- Normalización da lingua galega. Esta orientación cobra máis sentido se temos en conta que unha boa porcentaxe das/dos estudantes que participan no proxecto normalmente non empregan o galego, e que manifestan de partida unha fluidez comunicativa nesta lingua que poderíamos cualificar de insuficiente, máxime considerando a natureza do desempeño profesional ao que pretenden dedicar a súa futura vida laboral (o maxisterio), que indefectiblemente pasa por vehiculizar con competencia a súa docencia en galego en certas materias, e mesmo por impartir a materia "Lingua Galega" na Educación Primaria.
- Desenvolvemento de competencias por parte do alumnado: competencia informática e informacional, tecnoloxías da información e a comunicación ao servizo da aprendizaxe, expresión oral e expresión escrita. Para a elaboración de todo o traballo, o alumnado debe consultar diverso material bibliográfico a través de diferentes soportes e fontes, debe seleccionar e elaborar a información para ofrecela posteriormente de xeito adecuado tanto de maneira oral como escrita, debe desenvolver a composición dun póster, debe utilizar varios programas informáticos (normalmente catro: MS Word, MS PowerPoint, Adobe Acrobat e Canva, ou similares), debe respectar un determinado calendario de tarefas (que esixe desenvolver disciplina individual, secuencializar accións e aprender a cooperar e coordinar o labor grupal), e debe asegurarse de que o seu traballo remate adecuadamente impreso segundo as indicacións que o docente previamente ten especificado.
- Traballo en equipo por parte do alumnado. Todas as accións que esixe o proxecto son desenvolvidas en equipos configurados aleatoriamente, de tres membros. Por unha parte trátase dun número suficientemente baixo para que todos os compoñentes se vexan animados e esixidos a traballar para o equipo, pero por outra banda é unha cifra abondo elevada como para que calquera dos seus membros poida atopar nas/nos compañeiros apoio e impulso para superar os desafíos inte-

lectuais e académicos cos que a actividade os vai retar. Ademais, se temos en conta que se trata da primeira actividade en equipo que as e os alumnos realizan xa no mesmo momento en que “desembarcan” na universidade (lembramos que a materia se imparte no 1º curso e 1º semestre da carreira), o labor en si (tal como nos confesa o propio alumnado) acaba resultando integrador na vida académica e estudantil, e serve tamén de antecedente feliz para aprender a realizar traballos en equipo con calidade universitaria, competencia que empregarán e mellorarán en moitos momentos ao longo da titulación e despois no seu percorrido profesional.

- Integración das novas tecnoloxías na concepción, elaboración e uso dos varios materiais que se producen no desenvolvemento do proxecto.
- Seguimento titorial por parte do profesor de todo o proceso de traballo que realiza o alumnado, desde que se lle presenta a iniciativa ata que se lle recollen os pósters.
- Atencións aos intereses do alumnado. O alumnado vai traballar sobre unha temática elixida polos propios membros do equipo; isto eleva a motivación para traballar e anima a orientación ao logro, xa que as/os estudantes buscarán saber máis de algo que xa as/os atrae de partida, e ademais terán a oportunidade de transmitir ese interese, ese coñecemento adquirido, ás compañeiras/os do curso e ao gran público.
- Innovación académica, renovación pedagóxica, calidade na educación. Trátase de promover unha maneira diferente (quizais cun punto de novidade, pero con seguridade con atractivo e didactismo) de achegarlle ao alumnado unha serie de contidos da materia THEE que son relevantes e pertinentes por si mesmos dentro da disciplina, pero que habitualmente se omiten no temario habitual da formación académica no maxisterio, xa que se refiren ao papel pedagóxico que desenvolveron/desenvolven algunhas das máis importantes figuras femininas da pedagogía na historia universal, española e galega.
- Mellora da aprendizaxe. Tanto nos resultados acadados na avaliación como no que se deduce das propias valoracións anónimas do alumnado, a proposta resulta notablemente satisfactoria en termos de aprendizaxe de contidos (e, sobre todo, de competencias), e moi especialmente no referido á transformación de consciencias de cara a valorizar, en xeral, o traballo socioeducativo das mulleres.
- Aprendizaxe-servizo. O resultado de todo o proceso didáctico, de cara á sociedade, é o ofrecemento dunha interesante colección de pósters en galego do que a cidadanía se pode beneficiar,

aprender e mesmo sorprenden (está pensada para todos os públicos), e que desde a facultade cedemos para a súa exposición de xeito totalmente gratuíto.

PREPARACIÓN E PROCESO

- A inicio de curso o profesor colga do curso virtual da materia unha guía de traballo con indicacións moi precisas, que acompañará o alumnado en todas as fases do proceso de elaboración de cada unha das catro tarefas que se lle piden.
- As primeiras sesións interactivas do semestre dedícanse a explicar o proxecto e a formar o alumnado para que aprenda a realizar un texto con calidade académica, a manexarse nunha biblioteca universitaria, a buscar, seleccionar e re-elaborar os contidos dun traballo, a redactar unha listaxe de referencias documentais, a elaborar unha presentación dixital adecuada, a expoñer oralmente uns contidos diante dun público, a compoñer correctamente un póster etc.
- Paralelamente desenvólvese o procedemento de escolla da educadora (ou colectivo de educadoras) sobre a que cada equipo realizará os catro exercicios. Acéptase calquera figura feminina que propoña o alumnado, sempre que tivera un papel destacado nas ciencias da educación e non fora previamente elixida por outro equipo. Para facilitar a escolla, o docente ofrece unha listaxe dunhas 60 figuras potencialmente elixibles, de diversos momentos da historia, galegas e de todo o mundo, teóricas e prácticas, e de variados niveis do ensino (aínda que con preferencia polas especialistas en educación primaria).
- Os diferentes equipos de alumnado preparan as catro tarefas, de xeito autónomo pero coa titulación do docente.
- Segundo un calendario acordado co alumnado, cada equipo presenta os catro exercicios ás súas compañeiras e compañeiros de clase, intentando demostrar dominio das competencias traballadas nas sesións de formación. A continuación, eses exercicios póñense a disposición do gran grupo a través do curso virtual da materia. O equipo en cuestión recibe de inmediato a valoración cualitativa e cuantitativa correspondente a cada exercicio, conforme o indicado no programa da materia (avaliación continua) e atendendo á detallada listaxe de criterios e indicadores de avaliación que figuran na guía de traballo.
- Todo o alumnado é avaliado na proba final da materia dos contidos traballados nas clases interactivas, á par dos restantes contidos de THEE desenvolvidos directamente polo profesor.

- A finais de semestre realízase a montaxe da exposición na facultade e difúndese nos medios a súa inauguración. Unha vez que se desmonta, ofrécese a outras entidades.

EDUCACIÓN EN FEMININO: UN PASEO POLA HISTORIA

IV edición: curso 2020-21

EXPOSICIÓN DE PÓSTERS

NÚMERO DE ORDE	ÁMBITO XEOGRÁFICO-CULTURAL	INTERVALO VITAL	EDUCADORA (ou colectivo de educadoras)
1	Galiza	1805-1872	Juana de Vega
2		1820-1893	Concepción Arenal
3		1851-1934	Concepción Sáiz Otero
4		1862-1941? (Elisa) 1867-1904? (Marcela)	Elisa Sánchez e Marcela Gracia
5		1880-1970	María Barbeito
6		1890-1971	Elvira Bao Maceiras
7		1894-1969	Antonia de la Torre Martínez
8		1895-1975	Ángela Ruíz Robles
9		1910-1989	Enriqueta Otero Blanco
10		1923-	Antía Cal
11		1948-	Sabela Díaz Regueiro
12		1950?- (Alicia)	Mestras da montaña lucense (Alicia López Pardo)
13		1974-	Bibiana Marful
14	Europa (agás España)	650/610 a.C.-580? a.C.	Safo de Lesbos
15		355/370-415/416	Hipatia de Alexandria
16		1556-1640	Jeanne de Lestonnac
17		1831-1915	Anna Leonowens
18		1849-1926	Ellen Key
19		1866-1951 (Rosa) 1870-1945 (Carolina)	As irmás Agazzi (Rosa Agazzi e Carolina Agazzi)
20		1869-1939	Nadezhda Krúpskaya
21		1869-1940	Emma Goldman
22		1870-1952	Maria Montessori
23	Estados Unidos de América	1866-1936 (Anne) 1880-1968 (Helen)	Anne Sullivan e Helen Keller
24		1875-1955	Mary McLeod Bethune
25		1886/1887-1973	Helen Parkhurst
26		1947-	Drew Gilpin Faust
27		1948-1986	Christa McAuliffe
28	España (agás Galiza)	1873-1961	Rosa Sensat
29		1881-1948	María de Maeztu
30		1883-1958 (Josefa)	Mestras e educadoras da II República (Josefa Úriz Pi)
31		1901-1990 (Jimena)	Fundadoras do Colegio Estudio (Jimena Menéndez-Pidal)
32		1926-2006	Marta Mata
33		1971-	Rocío Ramos-Paúl
34		1974-	Gey Lagar

CONCLUSIÓNS

- É posible compensar satisfactoriamente a escasa presenza de mulleres nos temarios e manuais de teoría e historia da educación cun traballo complementario nas clases da materia THEE, que implica a profesorado e alumnado no esforzo de traer á luz e poñer en valor o labor das grandes referentes galegas e internacionais neste campo profesional.

- O proxecto de innovación didáctica “Educación en feminino: un paseo pola historia” da Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo materializa aquel obxectivo e incorpora a perspectiva de xénero dunha maneira consciente, operativa e eficaz.
- A iniciativa é doadamente emulable ou adaptable por parte doutras entidades que se dediquen á formación das futuras mestras e mestres, xa que apenas precisa materiais ou recursos diferentes dos que habitualmente se empregan nos centros universitarios especializados nas Ciencias da Educación, se exceptuamos o custe que implica a impresión dos pósters e certa sobrecarga de traballo para o profesorado en tarefas de planificación, organización e tutoría. En definitiva, a proposta pode inserirse con normalidade dentro da actividade ordinaria dunha materia coma THEE.
- O proxecto representa unha opción acaída para que o alumnado vaia dominando determinadas competencias académicas (cooperación e traballo en equipo, comunicación oral e escrita, competencia informática e informacional etc.) e para afondar na normalización lingüística.
- En termos de resultados, o alumnado valorou moi satisfactoriamente a experiencia a través dun cuestionario anónimo elaborado polo docente. Doutra banda, a motivación coa que os diferentes equipos de alumnado se implican na iniciativa favorece que os catro produtos que dela se obtiñen (biografía pedagóxica, presentación dixital, exposición oral e póster sobre unha educadora referente) repercutan positivamente no seu rendemento nas probas finais e, consecuentemente, na súa avaliación continua e final. Neste sentido percibimos unha leve mellora nas cualificacións finais se as comparamos con alumnado de cursos anteriores. E como efectos colaterais inicialmente non perseguidos, a actividade tamén contribúe a mellorar o clima de aula, impulsa a igualdade e a colaboración entre todo o alumnado e, por encima de todo, aumenta no colectivo a consideración social respecto das mulleres.
- Desde unha perspectiva externa, a colección de pósters que xorde como resultado da experiencia (en aplicación da perspectiva da aprendizaxe-servizo), foi e está sendo demandada por parte doutras institucións públicas para ser exposta, malia ter coincidido no último ano e pico cos períodos de confinamento decretados a raíz da COVID-19. Das exposicións nestas entidades chégannos comentarios orais e escritos ben laudatorios respecto do labor do alumnado, e un inesperado impacto mediático de case 40 entradas en medios de comunicación e redes sociais. Ademais, a Oficina de Igualdade de Xénero da USC concedeulle ao proxecto no 2020 un dos seus premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia universitaria desta institución.

EDUCACIÓN EN FEMININO: UN PASEO POLA HISTORIA

ESPAZOS NOS QUE ESTIVO EN EXPOSICIÓN A COLECCIÓN DE PÓSTERS

I edición:

- Facultade de Formación do Profesorado, Campus de Lugo

III edición:

- Facultade de Formación do Profesorado, Campus de Lugo
 - CIFP Politécnico de Lugo
 - Biblioteca Intercentros, Campus de Lugo
 - Biblioteca Pública de Lugo
 - Facultade de Educación e Traballo Social, Campus de Ourense
 - Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
 - Biblioteca Central, Campus de Vigo

II edición:

- Facultade de Formación do Profesorado, Campus de Lugo
 - Biblioteca Pública de Lugo
 - Facultade de Tradución e Interpretación, Campus de Vigo
 - Facultade de CC. do Deporte e a Ed. Física, Campus da Coruña

IV edición:

- Facultade de Formación do Profesorado, Campus de Lugo
 - IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela
 - ... polo momento

- Co proxecto, por suposto, contribuímos ao coñecemento, recoñecemento e valoración social do moi relevante papel que, con notables dificultades en moitas ocasións, mestras e profesoras competentes, innovadoras, comprometidas coa igualdade e a educación viñeron desenvolvendo ao longo dos séculos e en diversos espazos xeográficos, cara á autorrealización do alumnado, ao progreso das comunidades e á construción colectiva dunha sociedade máis xusta, ilustrada e respectuosa cos dereitos e a dignidade das persoas, con independencia do seu xénero.
- Para finalizar queremos indicar que a iniciativa aínda posúe un valor complementario para o estudiantado, tanto para as alumnas como para os alumnos: unha vez participan en “Educación en feminino” deixan de carecer de referentes femininos profesionais que apreciar, nos que mirarse, recoñecerse e inspirarse, ou aos que poder lexitimamente intentar imitar (así o indican as valoracións dos equipos); tamén lles permite comprobar e confirmar que efectivamente as mulleres si tiveron (que si teñen) un peso moi relevante no seu campo profesional. Isto é fundamental para que no seu futuro desempeño docente poidan comprometerse activamente coa práctica da igualdade diante das nenas e nenos de Educación Primaria que cheguen a estar ao seu cargo.

REFERENCIAS

Arenas, M. Gloria; Gómez, M. José e Jurado, Encarnación (coords.) (2007): *Pensando la educación desde las mujeres*, Universidad de Málaga, Málaga.

Autoría descoñecida (s/d): *100 mulleres galegas*. En <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel-sueiro/system/files/100mulleres.pdf>. Consultado: 05/05/2021.

Consello da Cultura Galega (2005): *Álbum de mulleres*. En <http://culturagalega.gal/album/ambitos.php?seleccion=11>. Consultado: 05/05/2021.

Área 3 · PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA UNIVERSITARIA

Cuadernos de Pedagogía (2005): *Treinta retratos de maestras. De la segunda república hasta nuestros días*, CISS-Praxis, Madrid.

Del Amo, M. Cruz (2009): "La educación de las mujeres en España: de la "amiga" a la Universidad", *Participación educativa*, Vol. 11 (8-22). En <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/d/14204/19/0>. Consultado: 05/05/2021.

Marco, Aurora (2002): *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*, Eds. do Castro, Sada. Marco, Aurora (2007): *Dicionario de mulleres galegas*, A Nosa Terra, Vigo.

Méndez, M^a José (coord.) (2009): *Mulleres na educación en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Vidal, Carme (2021): *Mulleres na vangarda. Tras a pegada das pioneiras galegas. Materiais para a coeducación*, 3, CIG-Ensino e AS-PG, Santiago de Compostela. En <https://www.cig-ensino.gal/nova/pioneiras-galegas.html>. Consultado: 05/05/2021.

MEDIACIÓN LINGÜÍSTICA E PERSPECTIVA DE XÉNERO PARA A AULA DE LINGUA ESTRANXEIRA

Faya Cerqueiro, Fátima

Departamento de Didácticas Aplicadas

Universidade de Santiago de Compostela

fatima.faya@usc.es

RESUMO

A mediación lingüística é unha estratexia habitual entre falantes que posibilita a comunicación entre persoas que non poden comprenderse ou comprender un determinado texto oral ou escrito por diferentes causas (a miúdo lingüísticas) e que se leva a cabo por exemplo a través de resumos ou paráfrases. Para o profesorado é un recurso frecuente que adquire especial relevancia nas aulas de Educación Primaria, e máis concretamente nas de lingua estranxeira, nas que é necesario adaptar calquera contido ao nivel lingüístico e cognitivo do alumnado. A presente proposta describe unha tarefa encomendada a alumnado do Grao en Mestre/a de Educación Primaria para achegar á aula de lingua inglesa o rol de mulleres da nosa contorna dispoñibles no Álbum de Mulleres do Consello da Cultura Galega. Deste xeito farán uso da mediación lingüística para poñer en valor o papel da muller na nosa sociedade e fomentaremos que o futuro profesorado leve ás súas aulas exemplos de persoas destacadas en diferentes ámbitos que pola súa condición de ser mulleres non sempre tiveron a proxección pública merecida.

PALABRAS CHAVE: Mediación lingüística, lingua estranxeira, perspectiva de xénero, Educación Primaria

INTRODUCCIÓN

Na publicación inicial do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)* en 2001 faise referencia á mediación lingüística naquelas actividades nas que a persoa usuaria da lingua non expresa

os seus propios significados, senón que se limita a actuar como intermediaria entre interlocutores/as que non poden comprenderse de forma directa, normalmente (pero non sempre) porque son falantes de diferentes linguas. Esas actividades e estratexias permiten facer comprensible un texto oral ou escrito a unha persoa destinataria que non pode acceder á fonte orixinal. A mediación pode ter lugar entre falantes da mesma lingua ou distinta, no primeiro caso soe deberse ao rexistro ou á complexidade presente no texto orixinal, mentres que o segundo tería lugar sobre todo cando unha persoa non ten coñecementos da lingua na que se atopa o texto orixinal ou estes son insuficientes. Entre outras posibilidades, a mediación, pode ter lugar na mesma modalidade ou en diferentes modalidades: dun texto escrito a un oral ou viceversa.

A mediación lingüística xogará un papel moi importante nas aulas de Educación Primaria, xa que o profesorado deberá facer comprensibles diferentes contidos ao alumnado que por motivos lingüísticos e/ou relacionados coa súa propia capacidade cognitiva non podería comprender sen a mediación da mestra ou mestre. Isto será unha práctica docente habitual en calquera aula pero aínda máis na de lingua estranxeira na que o labor mediador xogará un papel fundamental para a transmisión do coñecemento. Alén do traballo do profesorado na mediación, tamén se propiciará que o alumnado poña en práctica diferentes recursos comunicativos que teñan como finalidade traballar as estratexias relacionadas coa mediación.

Nos últimos anos a mediación lingüística adquiriu unha relevancia especial no ensino da lingua estranxeira e as tarefas de mediación comezaron a facer parte das probas que avalían unha lingua estranxeira xunto coas xa habituais destrezas (comprensión escrita, comprensión oral, produción escrita, produción oral e comprensión oral). En España, por exemplo, o Real Decreto 1041/2017 establece ese requisito para as Escolas Oficiais de Idiomas, desenvolvido en Galicia no Decreto 81/2018.

Chien-Shiung Wu	Física Nuclear (experimento Wu)	Maria Goeppert-Mayer	Premio Nobel (teoría capas)
Donna Strickland	Premio Nobel 2020 (láser)	Maria Winkelmann Kirch	Astrónoma
Ellen Ochoa	Física e Astronauta (sistemas ópticos)	Marie Curie	Premio Nobel Física e Química
Emmy Noether	Matemática	Mildred Dresselhaus	Física ("raíña da ciencia do carbono")
Jocelyn Bell Burnell	Astrofísica (pulsar)	Rosalind Franklin	Cristalógrafa (ADN)
Katherine Burr Blodgett	Física (cristal non reflector)	Shirley Ann Jackson	Física e inventora (Fax, cables fibra óptica)
Katherine Johnson	Matemática (NASA)	Vera Rubin	Astrónoma (materia escura)
Asunción Català*	Astrónoma		

Nome	Ocupación (aportacións)	Nome	Ocupación (aportacións)
Matemáticas (22/ 24)			
Ada Lovelace	Primeira programadora informática	Katherine Johnson	Matemática (NASA)
Émilie du Châtelet	Física e Matemática (divulgación Newton)	Maria Gaetana Agnesi	Matemática (curva de Agnesi)
Emma Castelnuovo	Matemática (metodoloxía docente)	Mary Cartwright	Matemática (teoría do Caos)
Emmy Noether	Matemática	Mary Somerville	Matemática (" a raíña das ciencias do século XX")
Florence Nightingale	Estatística e Enfermería	Maryam Mirzakhani	Matemática (medalla Fields)
Hipatia	Astrónoma, filósofa, inventora (astrolabio, ..)	Mileva Marić	Matemática (teoría da Relatividade)
Joan Clarke	Criptoanalista (ENIGMA)	Rózsa Péter	Matemática (Teoría funcións recursivas)
Julia Robinson	Matemática (problemas Hilbert)	Sofia Kovalewska	Matemática (ecuacións diferenciais)
Karen Uhlenbeck	Matemática (ecuacións diferenciais)	Sophie Germain	Matemática (números primos, elasticidade)
Asunción Català*	Astrónoma	Gladys West*	Matemática (GPS)
Stella Cunliffe*	Matemática (estatística)		

*Biografías publicadas en Galipedia despois do 26 de abril

Na táboa podemos comprobar que a presenza en Galipedia, a día 26 de abril de 2021, de mulleres do Portal de dones referents per a la docencia é desigual (100% en Telecomunicacións e 8% en Deseño Industrial), datos que poden ter cambiado no momento da lectura desta comunicación posto que Galipedia é unha enciclopedia viva e cada día créanse novas entradas. Esta selección de biografías podería ampliarse cos artigos de Galipedia: *Historia das Mulleres na Enxeñería*, *Mulleres na Informática*, *Mulleres nas Matemáticas*, *Mulleres en Física*, ou *Mulleres na Ciencia*, que nos permiten ademais incorporar as pioneiras galegas, por exemplo, Antonia Ferrín Moreiras no campo da astronomía ou Carmen Tuñón

Álvarez en enxeñería naval. En todo caso, o portal da UPC pode ser un modelo a seguir polas universidades galegas, que poderían elaborar a súa propia base de referentes femininos, tendo en conta as titulacións que se imparten en cada universidade e en cada campus universitario. Unha base que podería incrementarse coa realización de editatones ou cursos de edición en Galipedia con perspectiva de xénero, como os desenvolvidos polo Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo.

A selección de biografías, amosada na táboa anterior, podería ser empregada polo profesorado para visibilizar as mulleres referentes na súa disciplina de distintas formas, por exemplo, a través dunha ligazón na aula virtual, nas transparencias de cada tema, ou dentro dos recursos bibliográficos da materia (Calvo, 2020a, Calvo, 2021). Algo moi necesario, porque o descoñecemento do alumnado sobre as contribucións femininas *á ciencia e a tecnoloxía* persiste tras o seu paso pola universidade, e “os titulados superiores en carreiras tecnolóxicas, é dicir, o subconxunto da poboación que se supón está máis formado nestas disciplinas, descoñecen mesmo ás mulleres máis brillantes da historia da tecnoloxía” (Hernández, 2019).

Outra posibilidade é desenvolver na materia un proxecto de edición en Galipedia, de forma que o alumnado cree ou mellore as biografías existentes. Unha experiencia docente que xa desenvolveu con éxito na materia de Física do Grao en Enxeñería Química, e que gañou o 2º Premio á Introducción da Perspectiva de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela no ano 2018 (Calvo, 2020 b). Deste xeito, ademais de contribuír a facer visibles as mulleres na disciplina axudamos a que o alumnado desenvolva competencias informacionais e lingüísticas. E tamén a reducir a fenda de xénero nesta enciclopedia, onde as biografías de mulleres non chegan ao 20% e o número de editoras é moi baixo (Calvo e Sanmarco, 2016).

CONCLUSIÓN S

Nesta comunicación analizamos a presenza de mulleres referentes no ámbito CTEM en Galipedia, baseándonos na base elaborada pola Universidade Politécnica de Cataluña e que podemos consultar no *Portal de dones referents per a la docencia*. Aínda que a presenza é desigual nas distintas disciplinas, podemos empregar a selección de biografías da UPC existentes en Galipedia para visibilizar as mulleres referentes no ámbito científico-tecnolóxico. Algo que pode facerse, por exemplo, incluíndo a ligazón na aula virtual, nas transparencias dos temas ou na bibliografía da materia, evitando desta forma que se perpetúe o descoñecemento sobre as contribucións das mulleres á ciencia e a tecnoloxía.

Esta análise pode servir para ver as referentes que deberían ser incluídas en Galipedia, algo que as universidades poden promover coa realización de editatonas ou cursos de edición en Galipedia con perspectiva de xénero. Ademais, a experiencia levada a cabo na materia de Física na USC, amosa que á elaboración de biografías en Galipedia pode ser un recurso docente que axude ao alumnado a mellorar as competencias lingüísticas e informacionais, e tamén a construír unha enciclopedia libre de nesgos.

BIBLIOGRAFÍA

Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya (2019): *Marc general per a la INCORPORACIÓ DE LA PERSPECTIVA DE GÈNERE EN LA DOCÈNCIA UNIVERSITÀRIA*. Páxina electrónica, http://www.aqu.cat/doc/doc_19381922_1.pdf. Consultado:2/04/2021.

Antonio Hernández Fernández (2019): "Mujeres en la historia de la tecnología: una experiencia pedagógica en el máster de formación del profesorado". *Actas Congrés Dones Ciència i Tecnologia (WSCITECH2019)*. Terrassa: OmniaScience, 2019.

Calvo Iglesias, Encina e Sanmarco Bande, María Teresa (2016): "Más mujeres en Wikipedia". En: *Perspectiva de xénero na docencia universitaria: IV Xornada Universitaria Galega en Xénero*. Santiago de Compostela : Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

Calvo Iglesias, Encina (2020): a *Física: guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero*. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Calvo Iglesias, Encina (2020): b "Preparing biographies of STEM women in the wikipedia format a teaching experience". *Revista Iberoamericana de Tecnoloxías del Aprendizaje: IEEE-RITA*, Vol. 15, nº. 3, 211-214.

Calvo Iglesias, Encina (2021): *Perspectiva de género en la docencia de la Física*. Congrés Dones, Ciència i Tecnologia WSCITECH21. Páxina electrónica: <https://www.terrassa.cat/ca/wscitech21-congres>.

UPC (2021): *Portal de dones referents per a la docencia*. Páxina electrónica: <https://igualtat.upc.edu/ca/projectes-clau/projecte-genero-i-docencia/portal-de-dones-referents-per-a-la-docencia>.

Rebollo-Catalán, Ángeles Ruiz-Pinto, Estrella Vega Caro, Luisa (2018): "Balada triste de trompeta o el sueño de una igualdad real que no llega". En: *La universidad en clave de género*. Ocataedro.

Rodríguez Jaume, M^a José e Calvo Iglesias, Encina (2019): "Guías para una docencia con perspectiva de género". En *(Re)construíndo o coñecemento VI Xornada Universitaria Galega en Xénero*. A Coruña : Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade da Coruña.

UMYC (2020): *Resultados del cuestionario sobre el impacto de confinamiento en el personal investigador*. Páxina electrónica https://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Ministerio/FICHEROS/Resultados_cuestionario_impacto_confinamiento_personal_investigador_UMyC.pdf Consultado:2/04/2021.

WHGI (2021): Gender by language. Páxina electrónica: <https://goo.gl/EiQkFY>.

RETOS DE UNA FORMACIÓN FEMINISTA

Donoso-Vázquez, Trinidad

Departamento MIDE

Universidad de Barcelona

trinydonoso@ub.edu

RESUMEN

Años de formación en género en la universidad me han hecho plantearme varios interrogantes en relación a los temas de aprendizaje del feminismo. Este es un momento propicio para repensar qué hacemos en las universidades exactamente cuando pretendemos formar en perspectiva de género. Por primera vez la educación superior está exigiendo introducir la perspectiva de género en la práctica pedagógica, exigiendo seriamente, no sólo incorporar algunos aspectos formales. En este escrito expongo los retos a los que se enfrenta una adquisición de la identidad feminista, una formación que no sigue los procesos de enseñanza-aprendizaje, sino que se realiza por subjetivación.

PALABRAS CLAVE: formación feminista; educación superior; aprendizaje por subjetivación.

¿QUÉ ES EL FEMINISMO?

Durante años he formado en temas de género en las asignaturas que me han permitido, siempre optativas, porque mi facultad no cree que el género sea lo suficientemente importante para ocupar una troncal u obligatoria en el plan de estudios.

Durante años he vivido una ambivalencia entre lo que se entiende por enseñar algo o, en su correlato, aprender algo, y una formación para crear feministas.

Crear feministas donde, como toda creación humana, es necesario una acción exterior y un “dejar-se hacer” por el elemento al que aplicas la acción. Esto que podría aplicarse a cualquier proceso de enseñanza-aprendizaje difiere en una formación feminista. A lo largo de este escrito voy a intentar desarrollar que aprender feminismo o enseñar feminismo se aparta de los cánones establecidos de los procesos de enseñanza-aprendizaje. Que, al no seguir los mismos cánones, el feminismo ni se enseña ni se aprende, se desarrolla por subjetivación (Biesta, 2016).

Para nosotras, como profesorado de la academia, esto puede tener una importancia considerable, sobre todo si antes establecemos que el feminismo tiene algo que aportar.

Expondré que no solo el feminismo tiene algo que aportar en la formación de futuros profesionales de cada disciplina, sino también que el feminismo se puede erigir como un paradigma educativo.

Tengo claro que hay muchos feminismos y que en un trabajo donde se desarrolla cómo se llega a ser feminista habría que tomar partido. Mi opción es un legado del feminismo radical-marxista en consonancia con las teorías de reproducción social.

"El feminismo que imaginamos evita las medias tintas y tiene la intención de abordar las raíces capitalistas de la barbarie[...] defiende las necesidades y los derechos de las mujeres pobres y obreras, de las mujeres racializadas y migrantes, de las mujeres queer, trans o discapacitadas, de las mujeres a las cuales se las anima a considerarse de clase media al mismo tiempo que el capitalismo las explota... este feminismo no se limita al tema de mujeres... se levanta en nombre de todas las personas explotadas, dominadas y oprimidas, con la voluntad de llegar a ser una fuente de esperanza para el conjunto de la humanidad".¹ (Fraser, Bhattacharya y Arruza, 2019, 22)

Este feminismo entroncado con la realidad educativa aporta:

- Un análisis crítico de la normatividad heterosexual y patriarcal.
- Un posicionamiento crítico de todo el sistema social y en el que el género es un principio de jerarquización de espacios, recursos materiales, económicos, públicos e ideológicos.
- Un posicionamiento en contra de la jerarquización de valores, estructurados de mayor a menor importancia y de mayor a menor valor -valores masculinos ligados a la ambición, el poder, el éxito, la conquista, la utilidad y valores centrados en las relaciones, las vivencias, los deseos... -donde los primeros conforman las relaciones no solo sociales sino también con el entorno y los seres inanimados y los segundos quedan circunscritos al ámbito doméstico, pero que, sin duda, representan una fuente de cohesión imprescindibles para la vida y mayor grado de sostenibilidad. Entre ellos el valor del cuidado (Donoso y Velasco, 2013).

¹ Traducción propia

- Una propuesta para subvertir la estructura social patriarcal moderna, basada en la dicotomía de la esfera pública y privada.
- Un reconocimiento la diversidad de las mujeres y sus experiencias. Construye un nuevo sujeto de derechos, un sujeto que no se caracteriza por lo que le hace falta con respecto al modelo, sino por ser una parte más del nuevo modelo de ciudadanía. (Heim y Bodelón, 2010).
- Incide en el papel de la ciencia en su compromiso con la autonomía, la dignidad y la justicia social.
- Una nueva manera de entender la educación, de receptáculo o contenedor, para aceptar como autoridad o verdad lo dado”, a reclamar una educación para “considerarse el legítimo dueño”, negarse a dejar que los demás elaboren la forma de pensar, hablar, y nombrar para cada persona (Rich, 1979).

EL FEMINISMO COMO PARADIGMA EDUCATIVO

Hoy se habla mucho de paradigmas educativos y cualquier nueva innovación se arropa esa característica. En las líneas siguientes voy a intentar desarrollar por qué creo que el feminismo es y puede convertirse en un paradigma educativo

Un paradigma educativo ha de responder a las necesidades actuales y dar respuestas las preguntas futuras.

El feminismo como teoría política tiene propuestas para responder a los grandes desafíos que tenemos en cuanto a la xenofobia, al racismo y a los grandes desafíos ecológicos. Aborda de una manera transnacional las situaciones específicas de grandes masas de población. Ahonda en las singularidades del ser humano, en su estar y ser en el mundo. Como movimiento político promueve estrategias de cambio y transformación en pos de un escenario sostenible para todas y todos.

Tiene que ser un referente para abordar los problemas que surjan en la práctica

El feminismo ha reflexionado sobre el poder, elemento relacional presente en el origen de marcos de opresión. Su historia demuestra que puede enfrentarse a una realidad en cambio permanente, siempre en movimiento.

Ha de ser holístico, complejo, e integrador

Propone un modelo capaz de integrar movimientos innovadores de campo educativo, pedagogía crítica trabajo cooperativo, aprendizaje servicio, trajo por proyectos, procesos innovadores evaluativo, tecnología, educación emocional... el feminismo es capaz de ofrecer un marco de significado a todos estos movimientos educativos y dar coherencia a estas corrientes y practicas educativas.

El modelo que propone engloba a toda la sociedad, parte de la cuestión de genero para adentrarse en las cuestiones económicas, sociales, políticas...

Debe tener una serie de principios

Entiende el mundo como interacción entre seres animados e inanimados. Armoniza vida en todas sus dimensiones y lo hace desde una postura crítica y constructiva.

Asentarse en una serie de creencias y valores

Con un enfoque en los derechos humanos, en el marco de las capacidades de Amartya Sen y Martha Nussbaum.

Valores en armonía con la vida, sostenibilidad, empatía, responsabilidad afectiva, ternura, cooperación, ayuda mutua, no violencia...

Un paradigma ha de incorporar la posibilidad del cambio y transformación

Si de algo tiene experiencia el feminismo es de cambio, transformación, debate abierto, apertura a nuevas ideas, a nuevos caminos que surgen. Es un movimiento que lleva un germen de cambio en sí mismo, de aprendizaje constante y de enriquecimiento. Ningún otro movimiento ha dado muestras de esa capacidad de transformación.

Se ha ocupado siempre de los marcos de opresión y de los márgenes, sabe que siempre habrá alguien en los márgenes, siempre habrá un "otro" al que acoger.

¿CÓMO SE APRENDE FEMINISMO?

El feminismo y se esencia es en sí mismo controvertido. ¿Es un proceso de adquisición o un proceso de des-construcción? ¿Es un proceso de desidentificación?

Es una teoría estructurada que no ha terminado de construirse, sigue readaptándose a medida que en la realidad aparecen nuevos elementos que lo exigen.

Pero el feminismo es también una teoría política, es acción, es transformación, es cambio. Es activismo.

A lo largo de años de dar asignaturas de género he sido consciente de una ambivalencia persistente entre los procesos de enseñanza-aprendizaje que nos exige la educación superior y los resultados que se obtienen.

Plantear objetivos cognitivos, actitudinales y comportamentales no asegura formarse en feminismo. La adquisición de conocimientos y habilidades no es suficiente para una formación feminista. Primero, porque se no se trata de adaptarse a una identidad que ya existe, conocer qué es ser especialista en algún campo y llegar a ese modelo. Segundo, porque requiere construir una capacidad de agencia propia. Tercero porque se desarrolla fuera de la estructura existente, fuera del modelo dominante, se debe construir desde fuera del sistema. Cuarto, porque para que aparezca la identidad feminista, que es el "ser feminista", requiere un compromiso político.

Es un aprendizaje que no es lineal, está totalmente ensamblado con las propias vivencias y experiencias, con los elementos culturales generizados. Camina hacia delante y hacia atrás.

Al mismo tiempo es acumulativo, el pasado es importante, todo lo vivido, lo adquirido, se integra en el presente, tanto experiencias positivas o negativas.

RETOS DE UNA FORMACIÓN FEMINISTA

¿Como enseñar un proceso de transformación dentro del sistema, pero fuera del sistema?

La socialización nos hace incorporar pensamientos, ideas, emociones asociadas al sistema patriarcal, a un sistema imbuido de jerarquías opresivas de género. Cuando adquirimos algo por socialización aprendemos lo existente, con un referente al que seguir (¿valor? ¿Compromiso? ¿Competencia?). La socialización entronca con el orden social existente. El feminismo no puede abordarse de esta manera.

Este proceso toma la forma de una espiral que cada vez permite alcanzar niveles más altos de conciencia y desarrollar estrategias más adecuadas a las necesidades que se vayan presentando. Se conoce el comienzo, pero no se conoce cuándo se llega al final.

Las técnicas y dinámicas a partir del “yo” pueden ser muy valiosas. Técnicas que trabajen los privilegios, las discriminaciones, las incongruencias del sistema. Pero estas técnicas no pueden aplicarse basadas solo en fases y procesos que llevan a un resultado. Requieren aprehender el profundo significado de la técnica y saber acompañar a quienes participan.

He utilizado el *Privilege walk*², el *diagrama de la Interseccionalidad*³ de Patricia Hill Collins aplicando variaciones a estas técnicas. También variaciones del *termómetro*, algunas propias como el *chuletario*, todas estas técnicas requieren un clima de confianza y seguridad, para que se rompan las inhibiciones y para que no se cree resentimiento o dolor o rabia.

El tema de las técnicas es que desprovistas de esencia feminista se convierten en huecas. Todas las técnicas del mundo no sirven si el pensamiento es patriarcal.

¿Contamos con un modelo?

No tenemos muy claro el modelo a seguir en esta formación. No hay un modelo de enseñanza-aprendizaje válido para des-construir y transformar. Eliminar ideas preconcebidas y asumir nuevas. Mirar el mundo de otra manera y situarse en él de una forma completamente diferente. Desidentificarse con aquello que nos hemos identificado.

Tampoco hay “un feminismo” que sirva de referente. De entrada, hay muchos feminismos, y deberían respetarse hasta que la propia persona elija a cuál quiere seguir.

¿Quiénes forman?

¿Qué se les debe pedir a las personas formadoras, o qué se debe considerar que necesitan tener las personas formadoras?

Quien forma debe poseer la capacidad de mirar y analizar esa dimensión que es el género y otros marcos de opresión. Conocer el impacto que dichos marcos tienen en la vida de todas las personas. Y desde ahí poder acompañar en la creación de feministas.

¿Dónde puede experimentarse el feminismo?

² PRIVILEGE WALK ACTIVITY. <http://doloreshuerta.org/wp-content/uploads/2020/04/privilege-walk.pdf>

³ Patricia Hill Collins describió los puntos de intersección como la matriz de dominación con los vectores de opresión y privilegio.

Si el feminismo se aprende por subjetivación, aprendizaje involucrado con un compromiso, tiene que contar con espacios de experimentación, de puesta en práctica, de realización, de ejercitación.

Debería ser un proceso esencialmente colectivo, ya que, aisladamente y de forma individual, es difícil que las estructuras sociales opresivas no ahoguen las posibilidades de cambio.

¿Y los actos individuales de resistencia?

No concibo un "ser" feminista sin actos individuales de resistencia. ¿Dónde se van a dar estos actos?
¿En lugares institucionales?

CONCLUSIONES

Este texto es un esbozo de reflexiones, producto de años de dedicación a la formación en género. Propone el feminismo como un paradigma educativo capaz de aglutinar temas candentes actuales e innovaciones educativas. Señala la dificultad de la formación feminista e intenta ofrecer indicadores para no caer en una quimera en estos momentos de auge de la introducción de la perspectiva de género en la academia.

Se puede enseñar feminismos, no a "ser" feminista, aquí es donde deberíamos poner el foco.

BIBLIOGRAFÍA

Biesta, G. (2016): Democracia, ciudadanía y educación: de la socialización a la subjetivación. *Foro de Educación*, 14(20), 21-34. doi: <http://dx.doi.org/10.14516/fde.2016.014.020.003>

Donoso-Vázquez, T. y Velasco-Martínez, A. (2013): ¿Por qué una propuesta de formación en perspectiva de género en el ámbito universitario? *Profesorado Revista de currículum y formación del profesorado*, 17 (1), 71-88.

Fraser, F.; Bhattacharya, T y Arruza, C. (2019): *Feminisme per al 99%*. Manresa: Tigre de paper.

Heim, D. y Bodelón González, E. (coord.) (2010): *Derecho, género e igualdad. Cambios en las estructuras jurídicas androcéntrica*. Volumen I. Barcelona: Impresus. http://www.pensamientopenal.com.ar/system/files/2014/12/doctrina34792_0.pdf#page=9.

Rich, A. (1979): *Toward a Woman-centered University*. En *On Lies, Secrets, and Silence*. New York: W. W. Norton & Co.

A QUEN PENALIZAN OS EXAMES CON PENALIZACIÓN?

González Cerdeira, Xulia

Departamento de Economía Aplicada

Universidade de Vigo

xgzlez@uvigo.es

Miles Touya, Daniel

Departamento de Economía Aplicada

Universidade de Vigo

dmiles@uvigo.es

RESUMO

O obxectivo deste estudo é investigar as diferenzas de xénero nos resultados dos exames tipo test cando inclúen penalización nas respostas incorrectas. Para iso realízase un experimento nun exame parcial dunha materia obrigatoria no Grao en Administración e Dirección de empresas da Universidade de Vigo. Diseñouse unha proba tipo test con 20 preguntas de opción múltiple, dividido en dous partes. Unha primeira parte na que se inclúe penalización para as respostas incorrectas e unha segunda parte na que tanto as respostas omitidas como incorrectas non restan puntos á cualificación. Unha vantaxe deste deseño é que os/as estudantes contestan a ambos tipos de exame co mesmo coñecemento da materia e por tanto pódese analizar como modifican a súa estratexia de resposta. Os resultados que obtemos indican que as mulleres omiten máis preguntas que os homes cando contestan o exame con penalización e que esta diferenza é máis significativa entre os/as estudantes con mellores notas. Cando se inclúe penalización nas probas de opción múltiple son as alumnas mais cualificadas as que saen mais prexudicadas. Na enquisa realizada ao finalizar o exame, atopamos evidencia de que as diferenzas de xénero na aversión ao risco pode explicar en parte os resultados acadados. Suxerimos que é necesario explorar métodos de puntuación alternativos que non teñan nesgo de xénero.

PALABRAS CHAVE: cualificación, exame tipo test, diferenzas de xénero.

INTRODUCCIÓN

As probas de elección múltiple é unha forma de medir e avaliar o coñecemento do alumnado na educación superior e noutros ámbitos. Neste tipo de probas é común empregar sistemas de puntuación que penalizan respostas incorrectas para desalentar a que os/as estudantes contesten de forma aleatoria cando non coñecen a resposta correcta. Esta regra podería engadir parcialidade na medida en que proporcionar unha resposta correcta non depende só do coñecemento dos estudantes, senón tamén do seu nivel de aversión ao risco e confianza en si mesmos.

Neste estudo analizamos empiricamente si existen diferenzas de xénero nos patróns de respostas nos exames tipo test con penalización e, de existir, cales son as consecuencias nas notas obtidas. Dado que as mulleres adoitan ter máis aversión ao risco que os homes (Eckel and Grossman, 2008) ou menos confianza en si mesmas (Jakobsson (2012), a penalización pode inducir ás estudantes a marcar unha resposta correcta só cando están moi seguras da resposta.

Traballos de investigación previos (Bereby-Meyer *et al.*, 2002 ou Espinosa e Gardezabal, 2013) conclúen que os exames con penalización tenden a afectar negativamente as/os estudantes mais aversos o rico, con menor confianza, ou con expectativas de nota mais altas. Na medida na que as mulleres presenten unha maior aversión o risco que os homes, os patróns de resposta poden ser diferentes e iso pode prexudicar os resultados das mulleres (véxase, por exemplo, Baldiga, 2014 ou Ludwig *et al.*, 2017).

Dende un enfoque experimental similar o presentado neste traballo, as autoras Iriberry e Rey-Biel (2021) realizaron un experimento con estudantes de secundaria nun concurso de matemáticas organizado en Madrid. A proba de elección múltiple constou de dúas partes, unha con penalización e outra sen penalización. Descubriron as nenas vense afectadas máis negativamente cando o exame inclúe penalización por respostas incorrectas. Usando datos sobre estudantes de educación superior, a investigación de Funk e Perrone (2016) atopa tamén que as mulleres deixan máis preguntas omitidas que os homes.

Para levar a cabo esta investigación realizamos un experimento de campo nun exame parcial, nun curso obrigatorio do grado de administración de empresas (GADE) da Universidade de Vigo. Deseñamos un exame tipo test de elección múltiple con dúas partes, na primeira as preguntas incorrectas teñen

unha puntuación negativa, e na segunda non se inclúe penalización, e dicir, a nota se obtén sumando o número de respostas correctas. O resultado que atopamos é que as estudantes omiten máis preguntas que os homes baixo o deseño con penalización, e que este comportamento prexudica en maior medida ás mellores estudantes. Segundo a enquisa realizada despois de finalizar o exame, atopamos evidencias de que as diferenzas de xénero na aversión ao risco explica a lo menos parcialmente o noso resultado

O resultado deste traballo suxire que o comportamento ten consecuencias negativas para as mulleres participantes na súa puntuación final e pode ter consecuencias en aqueles exames tipo test onde as notas sexan decisivas para a obtención dun posto de traballo, como por exemplo nalgunhas oposicións ou os exames do MIR.

DATOS E METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada consiste nun experimento de campo realizado nun exame parcial (presencial) en segundo curso do Grado de ADE da Universidade de Vigo, en febreiro do ano 2020. O exame forma parte da avaliación continua, e ten un peso dun 35% na nota final da materia, polo que as/os estudantes teñen motivación para facelo o mellor posible. O exame foi deseñado en dúas partes con 10 preguntas tipo test de resposta múltiple en cada una delas. Nas primeiras 10 preguntas, puntúan con un 0.5 para cada resposta correcta; -0.1 para cada resposta incorrecta e cero puntos para as preguntas sen contestar. Na segunda parte, as preguntas correctas puntúan 0.5 puntos, pero tanto as preguntas incorrectas como as que no se contestan puntúan cero, e dicir, a puntuación nesta segunda parte é simplemente a suma das respostas correctas. Para evitar posibles diferenzas na dificultade en calquera das dúas partes, permutamos as preguntas en cada tipo de tests e as distribuímos aleatoriamente entre o alumnado.

A principal vantaxe deste experimento é que permite comparar o comportamento do mesmo suxeito en dous deseños diferentes de avaliación, por tanto as diferenzas que observamos entre homes e mulleres deberanse o deseño da mesma e non estarán contaminadas por outras características. Ademais, unha vantaxe adicional do noso deseño é que o alumnado ten o mesmo coñecemento cando contestan ambos exames. Isto permite comparar para cada estudante cal é o comportamento nos dous réximes de puntuación e as consecuencias nas notas. O noso obxectivo é precisamente analizar se os resultados entre homes e mulleres cambian cando nos movemos dende unha proba con penalización a outra sen penalización.

RESULTADOS

En primeiro lugar, comparamos o número de respostas omitidas por homes e mulleres.

Táboa 1. Número de respostas correctas, incorrectas e omitidas.

	Mulleres			Homes		
	Media	Min.	Máx.	Media	Min.	Máx.
Test con penalización						
Respostas correctas	5,10	1	9	5,31	0	10
Respostas omitidas	2,14	0	8	1,82	0	5
Respostas incorrectas	2,76	0	8	2,87	0	8
Nota	2,27	-0,7	4,5	2,37	-0,7	5
Test sin penalización						
Respostas correctas	6,07	2	10	5,76	0	10
Respostas omitidas	0,12	0	2	0,02	0	1
Respostas incorrectas	3,81	0	8	4,22	0	10
Nota	3,04	1	5	2,88	0	5

A táboa 1 amosa que, en media, as estudantes omiten máis preguntas que os estudantes no test con penalización. En media, as mulleres deixan en branco 2,14 respostas e os homes 1,82. O feito de que os homes teñan menos respostas omitidas ten como consecuencia que o número de respostas tanto correctas como incorrectas é maior que no caso das mulleres. O resultado final é que a nota media desta proba é lixeiramente superior nos homes, acadando a puntuación de 2,27 e 2,37 (sobre un máximo de 5) respectivamente. Sen embargo, cando comparamos os resultados na proba sen penalización comprobamos que as mulleres ten un maior número de respostas correctas e un menor número de respostas incorrectas, dando como resultado que a nota final é maior no caso das mulleres (un 3.04 fronte a un 2.88). Debido a que as mulleres omiten máis preguntas na primeira parte da proba sen penalización, reciben puntuacións máis baixas que os homes co mesmo coñecemento da materia.

Táboa 2. Número de respostas correctas, incorrectas e omitidas. Aprobados

	Mulleres			Homes		
	Media	Min.	Máx.	Media	Min.	Máx.
Test con penalización						
Respostas correctas	6	2	9	7,09	5	10
Respostas omitidas	1,95	0	8	1,30	0	4
Respostas incorrectas	2,05	0	8	1,61	0	4
Nota	2,80	1	4,5	3,38	2,1	5
Test sin penalización						
Respostas correctas	7,55	5	10	7,09	4	10
Respostas omitidas	0,09	0	2	0,04	0	1
Respostas incorrectas	2,36	0	5	2,87	0	5
Nota	3,77	2,5	5	3,54	2	5


En segundo lugar, nos centramos no comportamento no grupo de estudantes que aprobaron o exame, e dicir, aqueles que obtiveron mais dun 5 no total do test. Segundo os datos da Táboa 2, podemos comprobar que as mulleres deixan, en media, un maior número de respostas en branco que os homes, cunha media de 1,95 fronte a 1,30. O resultado final é que a nota dos homes é maior ca das mulleres nesta parte do test con penalización. Sen embargo, cando eliminamos a penalización, as mulleres contestan un maior número de preguntas e o número de respostas correctas aumenta considerablemente; mentres que no caso dos homes o número de respostas correctas non varía e si que o fai o número de incorrectas. Isto indícanos que os homes cando non contestan unha pregunta é porque a probabilidade de acertar é moi baixa, é dicir, realmente non coñecen a resposta á pregunta. No caso das mulleres non ocorre isto. Algunhas das preguntas que deixan en branco, terían unha alta probabilidade de acertalas, pero non queren arriscarse debido á penalización. De feito, cando dita penalización é eliminada, as mulleres se arriscan e acertan. O resultado é que a nota media é maior ca dos homes no test sen penalización. Compre lembrar que tanto homes como mulleres teñen o mesmo coñecemento cando contestan os dous exames polo tanto debería observarse a mesma nota (en media) cando comparamos o test con e sen penalización.

Os nosos resultados mostran evidencias de que as mellores alumnas resultan especialmente prexudicadas cando se penalizan as respostas incorrectas e suxiren que se poderían aplicar prácticas de penali-

zación alternativas para non desalentar o alumnado con maior aversión ao risco e con menor confianza pero, ao mesmo tempo, que desincentiven as respostas aleatorias.

O argumento de que as mulleres son mais aversas o risco e por tanto contestan a unha pregunta no caso de facelo con maior seguridade vese apoiada polos resultados da enquisa que se lle fixo unha vez finalizado o exame. Nesta enquisa se lle pregunta en que situacións responden a unha pregunta cando se enfrontan a un exame tipo test con penalización. A resposta a esta pregunta de homes e mulleres se amosa na Figura 1. Podemos comprobar como, efectivamente, as mulleres arriscan menos. Un maior porcentaxe de mulleres que de homes contestan só cando están completamente seguras/os ou case seguros. Pola contra, un maior porcentaxe de homes contestan cando teñen dúbidas entre dúas opcións.

Figura 1. Aversión o risco: “¿Cando respondes a unha pregunta?”



CONCLUSIONES

Os resultados da nosa investigación engaden evidencia que suxire que as probas tipo test de elección múltiple con penalización prexudican en termos relativos as mulleres. En media, as estudantes omiten máis preguntas que os estudantes no exame con penalización. Unha parte de estas omisións non é por falla de coñecemento se non por non querer arriscar. Esta diferenza na estratexia de resposta fai que as mulleres obteñan menores cualificacións que os homes nos exames con penalización, mentres que as

cualificacións son mellores cando responden o exame sen penalización. Esta diferenza é mais acusada cando facemos a comparación cos/as mellores estudantes.

O efecto negativo dos exames tipo test con penalización foi recoñecido por exemplo pola Universidade de Ghent (Bélxica), que dende o curso 2014/2015 decidiu prohibir o uso de penalización nos exames tipo test.¹ Estes resultados invitan a facer unha investigación mais ampla para sustentar unha discusión no ámbito das universidades galegas.

BIBLIOGRAFÍA

Baldiga, Katherine (2014): "Gender Differences in Willingness to Guess", *Management Science*. Vol. 60(2), 434 - 448.

Bereby-Meyer, Yoella, Joachim Meyer e Oded M. Flischer (2002): "Prospect Theory Analysis of Guessing in Multiple-Choice Tests", *Journal of Behavioral Decision Making*, Vol. 15(4), 313 - 327.

Eckel, Catherine e Philip J. Grossman (2008): "Men, Women, and Risk Aversion: Experimental Evidence", *Handbook of Experimental Economics*, Vol. 1(113), 1061-1073.

Espinosa, María Paz e Javier Gardeazabal (2013): "Do Students Behave Rationally in Multiple Choice Tests? Evidence from a Field Experiment", *Journal of Economics and Management*, Vol. 9(2), 107-135.

Funk, Patricia e Helena Perrone (2016): "Gender Differences in Academic Performance: The Role of Exam Design in Multiple-Choice Tests", CEPR Discussion Paper No. DP11716.

Iriberry, Nagore, e Pedro Rey-Biel (2020): "Brave Boys and Play-it-Safe Girls: Gender Differences in Willingness to Guess in a Large Natural Field Experiment", *European Economic Review*, Vol. 131, 103603.

Jakobsson, Niklas (2012): "Gender and Confidence: Are Women Underconfident?", *Applied Economics Letters*, Vol. 19(11), 1057-1059.

Ludwig, Sandra, Gerlinde Fellner-Röhling e Carmen Thoma (2017): "Do Women Have More Shame than Men?" An Experiment on Self-Assessment and the Shame of Overestimating Oneself", *European Economic Review*, Vol. 92, 31-46.

¹ Véxase a páxina web da Universidade: <https://www.ugent.be/student/en/class-exam-exchange-intern/class-exam/education-examination-code/multiplechoice.htm>

PARIDADE NOS TRIBUNAIS DE TRABALLO FIN DE GRAO E O SEU IMPACTO NAS CUALIFICACIÓNS DO ESTUDANTADO

Castro, Laura M.

Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Universidade da Coruña

lcastro@udc.es

RESUMO

A paridade entre mulleres e homes nos tribunais de avaliación é unha das medidas de acción positiva que se teñen implantado no Sistema Universitario Galego a diferentes niveis. Na Universidade da Coruña (UDC), por exemplo, é un requisito esixido nos tribunais de tese de doutoramento, ou nos tribunais de avaliación de prazas de profesorado permanente. Porén, outros niveis, como os tribunais avaliadores de Traballo Fin de Grao ou Mestrado, deixan a composición destes a criterio dos centros e os seus regulamentos correspondentes. A viabilidade do esforzo requirido para garantir esa paridade, especialmente en centros onde o profesorado se distribúe de xeito desigual entre homes e mulleres, queda xa que logo a discreción das persoas responsables en cada caso.

Neste traballo presentamos os datos recadados desde a Coordinación do Grao en Enxeñaría Informática da Universidade da Coruña en relación á paridade dos tribunais de TFG e as cualificacións obtidas polo estudantado, antes e despois da implantación deste criterio en setembro de 2017.

PALABRAS CHAVE: accións positivas, paridade, tribunais, TFG

INTRODUCCIÓN

Unha acción positiva (en inglés, *affirmative action*) é un conxunto de medidas ou prácticas, especialmente no contexto das actividades dos entes públicos, implantadas co obxectivo de incrementar a representación dalgún segmento de poboación subrepresentado, en función do seu xénero, raza,

sexualidade, etc. (Lora Liss, 1975) No contexto universitario, a regulación da presenza equilibrada de mulleres e homes considérase unha destas accións positivas, e ten como obxectivo loitar contra os teitos de cristal (Stina Powell, 2018).

A intersección entre os estereotipos de xénero e falta de representación afecta aos resultados das persoas en todos os eidos, desde a procura de emprego (María José González e outras, 2019) ou o progreso profesional (Madeline E. Heilman, 2001) até a solicitude de servizos (Alison Lui, 2018) ou a atracción de financiamento (Lakshmi Balachandra, 2020), e por suposto a avaliación académica (Tomáš Protivínský, 2018).

Neste traballo, analizamos os datos de defensa de Traballos de Fin de Grao (TFG) realizados por estudiantado do Grao en Enxeñaría Informática da Universidade da Coruña, e poñemos o foco en particular na obtención das máximas cualificacións: as matrículas de honra. O número de mulleres e homes nestes estudos é moi desigual, tanto entre o estudiantado como entre o profesorado. A intención desta análise é examinar a nosa experiencia á hora de aplicar medidas de acción positiva no contexto da avaliación deses TFGs, nomeadamente a implantación de tribunais paritarios, na taxa de éxito das mulleres e os homes en obter matrícula de honra.

METODOLOXÍA

A Facultade de Informática da Universidade da Coruña imparte o Grao en Enxeñaría Informática desde o curso 2010/2011. Este Grao nace após conversión, transformación e mellora dos antigos estudos en Enxeñaría e Enxeñaría Técnica en Informática na súa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), o popularmente coñecido como *proceso de Bolonia*. Ademais, o plan de estudos do Grao en Enxeñaría Informática da Universidade da Coruña, inclúe no seu deseño cinco mencións (ou itinerarios) correspondentes ás cinco Tecnoloxías Específicas da Enxeñaría Informática descritas na resolución de 8 de xuño de 2009 da Secretaría Xeral de Universidades.

Tras o comezo da implantación do Grao en Enxeñaría Informática, e dada a estruturación habitual en catro cursos das titulacións de grao, non é até o curso 2013/2014 cando a primeira promoción se matricula na materia de Traballo de Fin de Grao, materia obrigatoria en todas as mencións e a derradeira que se debe superar para acadar o título¹. De feito, o primeiro Regulamento dos Traballos Fin de Grao do título de Grao en Enxeñaría Informática pola UDC, impartido na Facultade de Informática da Coruña, é aprobado en Xunta de Centro o 10 de xuño de 2013.

¹ O Regulamento de Traballos de Fin de Grao do Grao en Enxeñaría Informática establece que, para poder depositar e defender o traballo, o resto de materias do plan de estudo deben ter sido superadas.

Este regulamento, que foi desde entón actualizado nunha ocasión (o 18 de xuño de 2019), recolle unha serie de normas xerais que serven como criterios e procedementos orientados á planificación e avaliación dos TFGs. En particular, establece a obrigatoriedade de conformar polo menos un tribunal por cada mención ou itinerario, e tamén a composición dos tribunais, mais sen indicación algunha á distribución por xénero das persoas integrantes:

“Cada tribunal estará formado por tres persoas titulares e unha suplente. Todas elas deberán pertencer ao profesorado do centro. As persoas que exerzan a dirección do TFG non poderán formar parte do tribunal dese traballo.”

De acordo co mesmo regulamento, cada departamento adscrito ao centro debe asignar profesorado que permita cubrir as necesidades docentes e avaliadoras. Pola súa banda, é unha comisión designada pola Xunta de Centro, a Comisión Xestora de TFGs (CXTFG), quen ten o encargo de xestionar os procesos relativos aos TFGs e asegurar a aplicación do regulamento. Esta comisión está presidida pola coordinación do título.

A efectos prácticos, no caso da Facultade de Informática da Universidade da Coruña, vén sendo a figura da coordinación do título, en calidade de presidenta da CXTFG, que realiza a proposta de tribunais, despois de consultar a dispoñibilidade dos profesorado asignado polos departamentos. En efecto, até setembro de 2007, o principal criterio obxectivo empregado pola presidencia da CXTFG para a configuración dos tribunais necesarios para avaliar os TFGs depositados en cada convocatoria, foi o de dispoñibilidade e preferencia de itinerario correspondente aos TFG a avaliar. Coa entrada, o 31 de maio de 2017, dunha coordinadora de título con sensibilidade e preocupación polas medidas de igualdade de xénero, engádese a estes criterios o obxectivo principal da paridade de xénero nos tribunais, isto é, garantir que, das tres persoas que integran cada tribunal, polo menos unha sexa muller.

Na sección seguinte presentaremos os datos correspondentes aos TFG presentados entre febreiro de 2015 e febreiro de 2021 (seis anos naturais), desagregados por xénero do estudantado e relacionados coa composición dos tribunais avaliadores, co fin de analizar a posible repercusión da medida introducida (a paridade de xénero nos tribunais) coa excelencia no rendemento académico obtido polo estudantado no seu TFG, nomeadamente, coa obtención da máxima cualificación (matrícula de honra).


DATOS

A fenda de xénero no Grao en Enxeñaría Informática da Universidade da Coruña é, en coherencia co que se vén rexistrando desde hai anos nos estudos de informática en particular, e en carreiras técnicas

(popularmente coñecidas como STEM) en xeral, extremadamente evidente (Laura M. Castro, 2014). A porcentaxe de alumnas de novo ingreso fronte aos alumnos de novo ingreso sitúase en torno a un preocupante 10%.

Isto fai que, loxicamente, a porcentaxe de alumnas que defende o seu TFG, fronte á porcentaxe de alumnos que tamén o fai, se sitúe nas mesmas cifras. Ademais, o reducido destes números en termos absolutos provoca que, como podemos apreciar na Figura 1, se rexistre unha grande variabilidade entre as diferentes convocatorias dun mesmo curso académico.

Figura 1: Porcentaxe de TFG defendidos (desagregado por xénero)




Pola súa banda, a táboa recollida na Figura 2 engade aos datos mostrados na Figura 1 a información sobre as máximas cualificacións obtidas (matrículas de honra) e a paridade dos tribunais avaliadores. Cabe sinalar que, ao contrario do que ocorre no resto de materias do plan de estudos, onde o número de matrículas de honra que se poden outorgar é unha porcentaxe sobre o total de persoas matriculadas, o número de matrículas de honra que poden concederse na avaliación dos TFG do Grao en Enxeñaría Informática da UDC non está limitado.

Figura 2: Datos sobre avaliación de TFGs no período 2015-2021

Curso	Mulleres (% TFG)	Homes (% TFG)	Mulleres (% con MH no TFG)	Homes (% con MH no TFG)	Tribunais (% paritarios)
2014/2015	8,82%	91,18%	10,00%	90,00%	56,25%
2015/2016	5,43%	94,57%	4,35%	95,65%	88,64%
2016/2017	11,90%	88,10%	19,05%	80,95%	85,71%
2017/2018	15,84%	84,16%	21,74%	78,26%	100,00%
2018/2019	15,62%	84,38%	27,27%	72,73%	100,00%
2019/2020	20,16%	79,84%	21,88%	78,12%	100,00%
2020/2021	12,50%	87,50%	18,18%	81,82%	100,00%

Por último, a Figura 3 mostra os datos da táboa da Figura 2, en formato gráfico.

Figura 3: Datos sobre avaliación de TFGs no período 2015-2021



DISCUSIÓN

A análise dos datos presentados na sección anterior non permite argumentar unha correlación, puidese esta considerarse causal ou non, entre a paridade dos tribunais e a distribución das mellores cualificacións (matrículas de honra) entre o estudiantado do Grao en Enxeñaría Informática, segundo o seu xénero.

Unha das causas que podemos ligar coa inconclusividade desta análise é o relativamente reducido da serie temporal estudada, limitada a 6 anos naturais (repartidos en 7 cursos académicos, e contabilizando 24 convocatorias). En relación a isto, seguiremos recadando e analizando os datos a curto prazo, de xeito que este factor poida ser, nalgún momento, descartado.

Outra das posibles causas podería ser a pouca representatividade dos datos desagregados debida precisamente á baixa porcentaxe de mulleres que rematan os seus estudos de Grao en Enxeñaría Informática (isto é, á baixa porcentaxe de mulleres que os realizan, en primeira instancia). Esta escaseza xa se reflicte na grande variabilidade do número de mulleres que defenden o TFG en cada convocatoria. Curiosamente, certas convocatorias amosan un comportamento consistente onde moi poucas, ou mesmo ningunha estudante, fai uso desa oportunidade académica, como é o caso da convocatoria de novembro (convocatoria extraordinaria, que corresponde á convocatoria de febreiro, adiantada). No período analizado, houbo dous cursos académicos onde ningún estudante fixo uso desta convocatoria, e das cinco convocatorias extraordinarias restantes, en tres delas non se presentou ningunha muller. As razóns para esta anomalía recorrente poderían ser obxecto da súa propia investigación.

Un aspecto que complementaría de xeito moi relevante a análise aquí presentada sería a extensión da análise das cualificacións, de maneira que se comprobase o posible impacto da paridade dos tribunais non só nas cualificacións máis altas, senón na distribución de cualificacións no seu conxunto, incluíndo tamén desde o aprobado até o sobresaiñte². A hipótese a contrastar nese caso sería se a paridade nos tribunais ten algún impacto na distribución de cualificacións, desagregada por xénero.

Cómpre mencionar tamén que na titulación obxectivo deste estudo, a cualificación obtida corresponde unicamente ao criterio do tribunal. As persoas que titorizan os traballos emiten un informe favorable imprescindible para que a/o estudante poida acceder ao trámite de depósito e defensa, mais non teñen influencia algunha na cualificación final. Agora ben, aínda que non sexa cuantitativa, dado que este informe favorable das persoas titoras é un requisito para defender o TFG ante o tribunal, cabería ter en conta tamén a súa influencia cualitativa sobre os TFGs que efectivamente se presentan a defensa.

As cualificacións dos TFGs calcúlanse realizando unha media aritmética das tres cualificacións propostas a título individual por cada integrante do tribunal. As propostas individuais son reflectidas nunha acta particular, e deben ter en conta tres elementos, con igual peso relativo: a presentación realizada, a

² Na titulación do Grao en Enxeñaría Informática impartido na Facultade de Informática da Universidade da Coruña, o suspenso na materia de TFG é un feito extraordinariamente anómalo. No período aquí estudado, só se produciu nunha ocasión.

memoria depositada, e o traballo técnico desenvolvido. Cada un destes aspectos debe valorarse como desfavorable, satisfactorio, notable ou excelente, e acompañado dunha xustificación textual. A relación entre estas valoracións, e mesmo o tipo de xustificacións empregadas tamén serían obxecto de interese nunha investigación máis profunda. Porén, estas actas non son documentos públicos que poidan consultarse nin a priori nin a posteriori por parte do estudantado nin do profesorado. Sería interesante, xa que logo, que as actas de avaliación se constituísen como verdadeiras rúbricas, nas que ademais a correspondencia entre os valores elixidos para cada elemento avaliabile e a proposta de cualificación numérica non se deixase ao xuízo persoal de cada membro do tribunal.

Dentro de la tarea que debe realizar el alumnado en este punto se ha prestado especial atención a las autoras, ya que la actividad consiste en la elaboración de un breve manual de clásicos de la Literatura infantil y juvenil, de forma que se asigna una autora o autor a cada discente para que complete dicho recurso con una serie de informaciones útiles como una biografía sencilla, un listado de obras representativas y un texto, preferiblemente completo y corto a un fragmento de uno extenso, para el que deben diseñar una actividad. La docente revisará todos estos apartados y unificará las distintas partes del manual que pondrá a disposición de la clase una vez corregido. Las autoras que se incluyeron en este curso fueron: Elena Fortún, Pamela Lyndon Travers, Astrid Lingren, Gloria Fuertes, Christine Nöstlinger y Angela Sommer-Bodenburg.

Cabe decir, en relación con la nómina de autoras, que en la sesión dedicada a ofrecer una panorámica histórica de la Literatura infantil y juvenil en España, disciplina, por otra parte, en cuyo origen destaca también una mujer, Carmen Bravo Villasante, se ofrece una amplia nómina de nombres femeninos en un recurso inacabado, una línea del tiempo de obras destacadas con los siguientes nombres: Josefina Álvarez Cánovas, Carmen Baroja, Borita Casas, Elisabeth Mulder, Celia Viñas, Montserrat del Amo, Pura Vázquez, Concha Fernández Luna, María Luisa Gefaell, Ana María Matute, Ángela Castañeira Ionescu, Carmen Kurtz, María Elvira Lucaci, Marta Osorio, Olga Cotoval, Carmen Martín Gaité, María Puncel, Carmen Vázquez-Vigo, Asun Balzola, Concha López y Montserrat del Amo. El fin de esta actividad organizada por décadas es que el alumnado cubra a partir de su propia experiencia lectora y de una investigación en Internet las últimas tres décadas. La relación de autoras propuesta sigue la línea iniciada en la sesión anterior a propósito de Ana de las Tejas Verdes y el tipo literario de la niña rebelde. La revisión de esta línea del tiempo va acompañada de un repaso por los otros personajes tipo femeninos, tales como la niña responsable, por mencionar un opuesto al ya mencionado, que responde a la inclusión de un modelo capitalista en la Literatura infantil y juvenil muy marcado a mediados del siglo XX, que en el caso español fue de la mano de los intereses de la moral católica. No se ha intentado ofrecer una nómina de autoras feministas, sino de visibilizar a aquellas que destacaron en su momento por su productividad u originalidad, posibilitando de esta manera una reflexión conjunta acerca de toda una serie de modelos femeninos que tradicionalmente se han difundido a través de esta Literatura.

⁵ Astrid Lingren (1947), *Känner du Pippi Långstrump?*. Stockholm, Rabén & Sjögren. Se recomienda la reciente edición de Blackie Books (2018).

⁶ Sánchez, Ana Isabel. "Traducción editorial: Tendencias actuales en la traducción de clásicos contemporáneos de la literatura infantil y juvenil: adecuación y aceptabilidad en el género de los *crossovers*". <http://www.lalinternadeltraductor.org/n18/crossovers.html>

Por último, en esta materia del Mestrado se recomienda la lectura de dos textos de reciente publicación. En el curso 2020-21 se escogieron dos títulos, el primero de ellos para los primeros cursos de Secundaria de la escritora y abogada coruñesa María Castro *Flor y el reino del silencio*, en el que con una estructura de cuento tradicional fantástico vemos a una heroína que libera su país de la tiranía de un estado que ha impuesto el silencio a todas las mujeres bajo pena de prisión. Esta historia pone en valor la sororidad y la resolución no violenta de conflictos. El alumnado diseñó una entrevista de manera conjunta que la propia escritora respondió grabándose en video, en ella salieron a relucir cuestiones muy interesantes relacionadas con la génesis de la obra y sus posibles usos en el aula. Por otro lado, en el caso de la Literatura española contemporánea, contenido que se trabaja generalmente en el último trimestre de 4º de ESO, se recomienda *El viaje* de Agustina Guerrero, un bello relato con el que tratar, entre otros, el tema del aborto desde una doble perspectiva, y a través del que animar a la lectura con un género menos habitual, la novela gráfica, en este caso de una autora gráfica de éxito.

CONCLUSIONES

El profesorado de Ciencias de la Educación tiene una responsabilidad enorme en tanto en cuanto planta la semilla de la labor docente del futuro próximo, la cual germinará y florecerá en la ciudadanía de las décadas venideras. Por este motivo no puede desvincularse ni de los problemas ni de los compromisos actuales que como sociedad enfrentamos. Los marcos legales mal que bien intentan dar una cobertura y acercar soluciones a las diferentes situaciones que debemos enfrentar. En este sentido que las mujeres ocupen el lugar que merecen en la Historia de la cultura y la ciencia forma parte de nuestros cometidos, lo que contribuye en definitiva a poner fin a la marginación a la que se ven avocadas muchas autoras en la actualidad, que quedan relegadas, como indica Mercedes Arriaga (2020: 53), a las posibilidades que brinda Internet, pero siempre fuera de la cultura institucionalizada. Que se lean sus obras, se compartan, comenten y estudien no solo las pone en valor sino que nos revaloriza a todas nosotras y a todas las que vendrán haciendo la justicia que merecemos.

Las propuestas (enfoques, herramientas y obras) que aquí se han presentado se ciñen a unos tiempos muy ajustados dentro de la programación del Mestrado en el que se enmarcan, aún así en el presente curso que termina han sido diseñadas e implementadas con rigurosidad y, sobre todo, bien acogidas por las futuras profesoras y los futuros profesores, que de manera mayoritaria acusan muchas carencias en su formación previa tanto en lo que se refiere a la Didáctica de la Lengua y la Literatura como en lo referente a los propios contenidos de la Literatura infantil y juvenil.

BIBLIOGRAFÍA

Arriaga Flórez, Mercedes (2020): "Literatura y mujeres: querellas, genealogías y sororidades", en Libe-
ria Vayá, Irene y Sánchez-Gutiérrez, Bianca, Aquelarre. La emancipación de las mujeres en la cultura de
masas, Sevilla, Advook, 39-62.

Caro Valverde, María Teresa (2015): "Fundamentación científica de la Educación Literaria", en Caro
Valverde, María Teresa y Guerrero Ruiz, Pedro: *Didáctica de la Lengua y Educación Literaria*, Ediciones
Pirámide, (261-288).

Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las dispo-
siciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad. «DOG» núm. 32, de
17 de febrero de 2016. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOG-g-2015-90667> Consultado:
25/04/2021.

Ley Orgánica 3/2007 de 22 de marzo de 2007 para la igualdad efectiva de hombres y mujeres BPOE,
71,3 / 3/2007. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-6115> Consultado: 25/5/2021.

Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los
contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria
y el bachillerato. Boletín Oficial del Estado, núm. 25, de 29 de enero de 2015. [https://www.boe.es/eli/
es/o/2015/01/21/ecd65](https://www.boe.es/eli/es/o/2015/01/21/ecd65) Consultado: 25/04/2021.

Peinado, Matilde. (2015): Igualdad de género en Educación Secundaria: propuestas didácticas
audiovisuales. Octaedro

Revelles-Benavente, Beatriz y González, Ana M. (eds.). (2018): Género en la educación : pedagogía y
responsabilidad feministas en tiempos de crisis política. Ediciones Morata.

Sánchez, Ana Isabel. «Traducción editorial: Tendencias actuales en la traducción de clásicos
contemporáneos de la literatura infantil y juvenil: adecuación y aceptabilidad en el género de los
crossovers». <http://www.lalinternadeltraductor.org/n18/crossovers.html> Consultado: 25/04/2021.

A FORMACIÓN EN PERSPECTIVA DE XÉNERO: UNHA FERRAMENTA CHAVE PARA GARANTIR OS DEREITOS E O ENVELLECIMENTO SAUDABLE DAS PERSOAS LGBTQ

Blanco-Pardo, Nazaret

nazblanco@alumnos.uvigo.es

Carrera-Fernández, María Victoria

mavicarrera@uvigo.es

Castro-Faria, Alexandra

alecastro@alumnos.uvigo.es

Costas-Caride, Lorena

lcostas@alumnos.uvigo.es

Análise e Intervención Psicosocioeducativa

Facultade de Educación e Traballo Social, Universidade de Vigo

RESUMO

As persoas do colectivo LGBTQ maiores atópanse nunha situación de vulnerabilidade e discriminación múltiple, derivada da confluencia entre o estigma de pertencer ao colectivo de persoas maiores e ao colectivo de persoas disidentes da cis-heteronormatividade vixente na nosa sociedade. Esta situación podería empeorar no caso das persoas maiores LGBTQ que residen/participan en centros para maiores, de non contar con profesionais formados e formadas en perspectiva de xénero que fagan fronte as súas necesidades e realidade. Para profundar nesta realidade, o obxectivo principal deste traballo é analizar os coñecementos e formación en perspectiva de xénero e envellecemento dos e das profesionais de centros para maiores. Para elo, empregouse unha metodoloxía cualitativa a través da realización dunha entrevista *ad hoc*, na que participaron 10 profesionais, 8 mulleres e 2 homes, que traballan en diferentes centros para maiores na provincia de Ourense. Entre os principais resultados obtidos atópase que,

fronte ás educadoras sociais, os e as restantes profesionais presentan unha baixa ou inexistente formación e coñecementos, sobre todo aqueles e aquelas que desenvolven as súas funcións no ámbito médico. Estes resultados subliñan a necesidade de promover unha formación en perspectiva de xénero e envellecemento entre os e as profesionais e futuros e futuras profesionais para garantir unha resposta socioeducativa de calidade ás realidades e necesidades do colectivo LGBTIQ de maiores.

PALABRAS CHAVE: formación, perspectiva de xénero, cis-heteronorma, persoas maiores LGBTIQ, profesionais.

INTRODUCCIÓN

Actualmente comezan a chegar á vellez as primeiras xeracións de persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Trans*¹, Intersexuais e Queer (LGBTIQ) que loitaron directa ou indirectamente polos dereitos e visibilización da diversidade sexual na nosa sociedade, tendo que enfrontarse de novo a unha situación de discriminación múltiple, desencadeada pola confluencia entre a LGBTIQ-Fobia e o edadismo, e que conleva consecuencias negativas na calidade de vida e na saúde destas persoas (Gracia, 2011; Luis e Aguilera, 2019; Mesquida et al., 2017). Por un lado, o termo de edadismo refírese á discriminación e exclusión que sofren as persoas a causa da súa idade, a cal está presente na nosa sociedade como unha forma de discriminación equiparable ao racismo e ao sexismo (Leoz, 2018), mentres que por outro, a LGBTIQ-Fobia refírese á discriminación que sofren as persoas que subverten a cis-heteronormatividade (Mesquida et al., 2017; Vela, 2016).

Así pois, baixo o marco da cis-heteronormatividade pola que se rexe o sistema patriarcal, tan só son intelixibles dúas formas de ser, sentir e comportarse opostas, binarias, complementariamente heterosexuais e necesariamente asimétricas. É dicir, parellas cis-heterosexuais² formadas por mulleres femininas heterosexuais subordinadas aos homes masculinos heterosexuais (Carrera et al., 2018). Así mesmo, a "perda da sexualidade" na vellez é un dos mitos edadistas máis estendido, o que condiciona a súa vivencia nas persoas maiores LGBTIQ (Nebot et al., 2018); xa que, tendo en conta que a sexualidade engloba non só as relacións sexuais, senón tamén a identidade de xénero, a afectividade, a intimidade,

¹ Seguindo a Platero (2014), trans* é un termo "paraugas" que pode incluír diversas expresións e identidades de xénero, tales como transexual ou transxénero, poñendo de relevo o asterisco a heteroxeneidade á hora de concibir o corpo e a identidade de xénero máis aló das normas sociais.

² O concepto cis-xénero refírese a aquelas persoas que se identifican e mostran correspondencia entre o sexo asignado ao nacer e o xénero sentido (Vela, 2016). Polo tanto, as persoas cis-heterosexuais son aquelas que expresan unha correspondencia entre o sexo asignado ao nacer e o xénero e que se senten atraídas por persoas doutro sexo.

a amizade e os sentimentos, que son fundamentais para o benestar físico e psicolóxico das persoas e especialmente para un envellecemento activo e saudable, as persoas maiores do colectivo LGBTIQ poderían atoparse nunha situación de maior vulnerabilidade (Diógenes et al., 2019; Villar et al., 2018).

En consecuencia, as persoas maiores LGBTIQ sofren discriminación múltiple, de forma activa ou por omisión, como persoas maiores dentro da sociedade, como persoas maiores LGBTIQ dentro do colectivo de persoas maiores, como persoas maiores LGBTIQ dentro do colectivo de persoas LGBTIQ, e dentro da sociedade como persoas maiores LGBTIQ (Gracia, 2011). Así mesmo, dende a perspectiva interseccional, deben terse en conta aquelas características persoais que poidan intensificar o estigma social asociado ás persoas maiores LGBTIQ, xa que poden chegar a sufrir unha tripla discriminación (Gracia, 2011; Gil-Borrelli et al., 2017), como por exemplo, no caso dunha "persoa maior", "lesbiana" e "muller" ou dunha "persoa maior", "LGBTIQ" e "inmigrante".

Esta situación podería agravarse aínda máis no caso das persoas maiores LGBTIQ residentes ou participantes en centros destinados para esta etapa da vida. Neste sentido, diversas investigacións conclúen que os e as profesionais demandan a necesidade de formación en perspectiva de xénero para a atención da poboación maior LGBTIQ (Grace et al., 2020; Mesquida et al., 2017; Smith et al., 2018). De forma similar, algúns estudos detectan que para moitos e moitas profesionais pasan desapercibidas as necesidades específicas da poboación LGBTIQ maior (Alves et al., 2019), e que incluso resulta impensable a existencia da diversidade sexual na vellez (Alves et al., 2019; Mesas e Barrera, 2018). Con todo, as persoas maiores do colectivo LGBTIQ mostran unhas necesidades específicas, tanto sociais como psicolóxicas e médicas.

Así pois, os estudos poñen de manifesto que o medo ao rexeitamento dificulta a integración destas persoas na vida social dos centros para persoas maiores, causándolles soidade e illamento social, que tamén está condicionado polas súas experiencias negativas previas (Nebot et al., 2018). Ademais, esta poboación presenta maiores taxas de trastornos mentais, como depresión e ansiedade (Gil-Borrelli et al., 2017), derivadas das experiencias de exclusión e discriminación experimentadas ao longo da vida. Neste sentido, moitas persoas LGBTIQ maiores foron sometidas a tratamentos psiquiátricos con finalidades de "curación" e conversión, coas seguintes secuelas na súa saúde mental e na súa calidade de vida (Luis e Aguilera, 2019). Ademais, no ámbito sanitario, tamén se deben ter en conta os problemas médicos motivados polo VIH (Gracia, 2011), así como as complicacións derivadas das operacións da reasignación de sexo, moitas veces realizadas de forma clandestina e negligente (Rada, 2019), e as necesidades específicas relacionadas co proceso de modificación corporal (Gil-Borrelli et al., 2017).

En definitiva, as diferentes investigacións destacan a situación de discriminación múltiple e a vulnerabilidade que poden afrontar estas persoas, así como a insuficiente formación que presentan os e as profesionais dos centros para maiores, que poden non estar facendo fronte ás necesidades específicas das persoas maiores do colectivo LGBTIQ. En consecuencia, *o obxectivo principal deste traballo é analizar os coñecementos e formación en perspectiva de xénero e envellecemento dos e das profesionais de centros para maiores.*

MÉTODO

Para a realización do presente estudo empregouse unha metodoloxía cualitativa, a través da realización dunha entrevista semi-estruturada elaborada *ad hoc*, con preguntas estándar que servisen para calquera tipo de centro e perfil profesional desempeñado. Participaron un total de 10 profesionais, 2 homes e 8 mulleres, cunha media de idade de 35.7 anos, de catro centros para persoas maiores da provincia de Ourense. Seis desempeñan funcións na área sanitaria, tres na área lúdico-social e unha na área de dirección. Sen embargo, o perfil profesional que desempeñan as persoas participantes non sempre se corresponde coa súa formación, a cal é relevante nos resultados obtidos neste estudo. En consecuencia, ao longo deste documento, as persoas participantes serán identificadas co perfil profesional desempeñado, incluíndo aclaracións no caso de non corresponderse coa súa titulación.

Todas as entrevistas foron realizadas a través de videoconferencia entre os meses de abril e maio de 2020 e tiveron unha duración media de 58 minutos. Previamente, ambas partes firmamos un acordo de consentimento informado para garantir a confidencialidade. Na posterior análise dos datos estableceuse unha categorización inicial, en base a dúas entrevistas, que foi mudando e adaptándose ás diferentes realidades, ata chegar ao resultado final consensuado entre as investigadoras deste traballo, mediante unha metodoloxía de triangulación de datos. Desta forma, a devandita categorización responde aos criterios de obxectividade, pertinencia e integridade, establecéndose dúas categorías primarias que responden aos obxectivos formulados previamente, así como ao principio de ordenación e clasificación, xa que os datos obtidos foron organizados dando lugar a outras subcategorías de segundo, terceiro, cuarto e ata quinto nivel de concreción (Quecedo e Castaño, 2003).

RESULTADOS

Tras levar a cabo a análise dos discursos recollidos, identificáronse un total de dúas categorías primarias: i) Formación en perspectiva de xénero; e ii) Coñecementos sobre diversidade sexual e envellecemento. A continuación, preséntanse os resultados obtidos en cada categoría, incluíndo fragmentos

literais representativos de cada unha delas, identificados ao final co xénero, perfil profesional desempeñado/titulación académica e idade de cada participante.

FORMACIÓN EN PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nesta primeira categoría primaria, identificáronse dúas subcategorías: i) Tipo de formación recibida e ii) Valoración da formación en perspectiva de xénero. En relación ao tipo de formación recibida, seis profesionais afirmaron ter recibido formación en perspectiva de xénero en titulacións *reguladas/formais*, tres delas en "FP: de forma escasa/puntual", e outras tres na universidade, concretamente na titulación de Educación Social ("formación universitaria: como factor distintivo da Educación Social"). Por outro lado, dúas profesionais tituladas en Educación Social sinalaron ter adquirido coñecementos sobre diversidade sexual en *cursos*, así como outras catro profesionais, tres delas tituladas en Educación Social, destacaron formarse de forma *autodidacta*. Por último, catro profesionais, todos eles e todas elas pertencentes á área sanitaria, sinalaron non ter formación (*sen formación*):

Cando estiven na carreira tivemos materias de perspectiva de xénero, pois aí falamos un pouco disto, da diversidade sexual e de todos os conceptos relacionados co xénero e coa sexualidade... A parte da materia de xénero, tamén tiveron outra materia, que era sexualidade, na que traballamos a diversidade sexual (...) na carreira si que nos fixeron moito fincapé. (Muller, Auxiliar de enfermería-Educadora Social, 34 anos)

Non ningunha. (Muller, Auxiliar de enfermería, 60 anos)

En relación á valoración da formación en perspectiva de xénero, seis profesionais consideran que é *necesaria*, fronte ás catro profesionais restantes que manifestan que *non é necesaria* este tipo de formación. Entre os motivos polos que consideran *necesaria* esta formación, tres profesionais apelan ao "descoñecemento a nivel social" e unha animadora afirma que "a vellez é a gran esquecida". Ademais, tres profesionais sinalan que lles parece necesario recibila para o "enriquecemento profesional" e unha auxiliar para o "enriquecemento persoal", mentres que, catro profesionais destacan a "necesidade de formación dende a escolarización obrigatoria/infancia", tal e como se mostra a continuación con algúns dos discursos máis representativos:

Entón creo que si, que é súper importante porque toda esa formación de forma transversal afecta o meu mundo, á miña maneira de ser, de actuar e de interactuar con eles e con elas... e si, quero seguir formándome. (Muller, Educadora Social, 27 anos)

Creo que todos [e todas] necesitamos un curso de sexualidade, de xénero... é importantísimo. Deberíase estar impartindo nos colexios (...) igual que se imparten outras materias que son importantes para o noso futuro. Creo que é algo fundamental! (Muller, Auxiliar de enfermería-Educadora Social, 34 anos)

COÑECEMENTOS SOBRE DIVERSIDADE SEXUAL E ENVELLECIMENTO

Nesta segunda categoría primaria, xurdiron á súa vez seis subcategorías: i) Heteronormatividade; ii) Orientación sexual; iii) Identidade de Xénero; iv) Heterosexualidade: gusto/orientación sexual polo sexo/xénero contrario; v) LGBTIQ; e vi) Coñecementos específicos sobre ás necesidades das persoas maiores LGBTIQ. Así pois, sobre o concepto **heteronormatividade**, catro profesionais, dúas delas educadoras sociais, destacan que se refire á *normativa para heterosexuais, que invalida identidades/orientacións minoritarias*. De forma similar, unha destas educadoras resalta que se trata dunha *construción social* e unha auxiliar de enfermería destaca que ten *relación co sexo e a sexualidade*. Mentres que os e as cinco profesionais restantes sinalan descoñecer o *concepto*:

A heteronormatividade é ter o heterosexual como norma, como o único. (Home, Animadora Sociocultural-Educadora Social, 26 anos)

... A heteronormatividade hai que pensar que é unha construción... non é algo determinado como especie humana, é unha construción social. (Muller, Educadora Social, 27 anos)

Con respecto á **orientación Sexual**, oito profesionais afirman que se refire á *atracción ou gusto* cara outra persoa, unha educadora a unha *forma de expresión da afectividade* e dúas auxiliares ao *ensino ou asesoramento sobre sexualidade*. Así mesmo, en referencia á **identidade de xénero**, unha educadora sinala que se trata dunha *construción individual*, mentres que seis profesionais consideran que se refire ao *xénero co que se identifica cada persoa, non tendo que corresponderse co sexo asignado ao nacer*, o enfermeiro cre que é *como te identifica a sociedade* e un e unha auxiliar afirman que *é o xénero que se ten*. Así pois, ao preguntarlles que significa orientación sexual, respóndenos afirmacións como:

A orientación sexual é a perspectiva e os gustos que ten unha persoa a nivel sexual. (Home, Enfermeiro, 25 anos)

A orientación sexual é explicarlle a alguén... orientala, dicirlle por onde ten que ir... asesorala. (Muller, Auxiliar de enfermería, 40 anos)

Por outro lado, ao preguntarlles pola identidade de xénero responden:

Como ti te sintas... como ti te identifies, aínda que sexas home si te sentes muller ou si es muller e te sentes home, iso é segundo con que xénero te identifies ti. (Muller, Integradora Social, 41 anos)

Identidade de xénero é cando ti te identificas co xénero que es. (Home, Auxiliar de enfermería, 29 anos)

Tendo en conta as subcategorías anteriores relativas á orientación sexual e á identidade de xénero, todas as persoas entrevistadas coinciden en que a **heterosexualidade** é o gusto/orientación sexual cara ó **sexo/xénero contrario**; sen embargo, en referencia ás siglas **LGBTIQ**, tan só dúas educadoras sociais recoñecen que designa ao *colectivo de persoas disidentes da heteronorma: lesbianas, gais, bisexuais, trans*, intersexuais e queer*, mentres que catro profesionais *descoñecen o significado da I e da Q*. En referencia a última letra, a Q de queer, unha persoa menciona que "de ningunha maneira" a coñece e outra que "é un concepto novo". Por outra banda, catro auxiliares sinalan *descoñecer a sigla LGBTIQ*:

É o colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, intersexuais e queer. (Muller, Animadora Sociocultural-Educadora Social, 26 anos)

Nada, non sei. (Muller, Auxiliar de enfermería-Encargada, 52 anos)

En referencia á última subcategoría, **coñecementos sobre ás necesidades das persoas maiores LGBTIQ**, inicialmente cinco profesionais consideran que estas persoas *non teñen unhas necesidades específicas*, mentres que nun segundo momento, ao ofrecerlles exemplos como necesidades sociais, psicolóxicas e médicas, a maioría de participantes si recoñecen que *teñen unhas necesidades específicas*. Entre as máis detectadas atópanse as "sociais" ocasionadas, segundo un e unha auxiliar pola necesidade de "aceptación" e, tal e como destaca outra das profesionais participantes, pola "falta de referentes doutras persoas maiores LGBTIQ". Do mesmo xeito, dúas profesionais da área social sinalan a necesidade de acceso e disfrute de "igualdade de oportunidades e condicións" e o enfermeiro remite as "necesidades no caso de ter Enfermidades de Transmisión Sexual (ETS)". En referencia ás necesidades "psicolóxicas", catro participantes recoñecen as "derivadas da non aceptación" e outras dúas persoas as "derivadas da ocultación da súa verdadeira identidade/orientación", mentres que tan só unha auxiliar, titulada en Educación Social, fai referencia ás necesidades "médicas derivadas do encasillamento forzoso que sofren as persoas intersexuais":

Non, ningunha específica. Non, a necesidade específica vai en función de si tes algún tipo de enfermidade ou non sei, unha doenza, pero non unha orientación sexual... Non creo que teñas que ser máis especial con eles [e elas], sabes? (Home, Auxiliar de enfermería, 29 anos)

Non hai soamente sexo feminino ou sexo masculino, hai sexo feminino, hai sexo masculino e intersexuais, e que posiblemente queiran estar así toda a súa vida e non someterse a operacións que despois en moitos casos lles dan problemas... (Muller, Auxiliar de enfermería-Educadora Social, 34 anos)

CONCLUSIÓNS

O presente estudo tiña como obxectivo principal indagar na formación e coñecementos sobre perspectiva de xénero e envellecemento dos e as profesionais de centros para maiores. Os resultados poñen de manifesto que as educadoras sociais mostran maior formación e coñecementos fronte aos outros perfís profesionais. Concretamente, as persoas profesionais que desenvolven as súas funcións na área sanitaria son as que menos formación recibiron, así como as que menos coñecementos demostran ter, especialmente aquelas profesionais de maior idade.

Así pois, en relación á formación en perspectiva de xénero, destaca a formación universitaria específica que recibiron as tres profesionais tituladas en Educación Social, fronte a outros e outras profesionais sen formación ou que a recibiron de forma escasa ou puntual. De forma similar, no estudo realizado por Smith et al. (2018) os e as profesionais participantes contaban con escasa formación sobre diversidade sexual e vellez. Con todo, no noso traballo, a maioría dos e das profesionais participantes manifestan a importancia de recibir esta formación, o que é consistente con estudos previos (Grace et al., 2020; Mesquida et al., 2017; Smith et al., 2018). Concretamente, aquelas participantes con maior formación, tamén presentan maiores coñecementos sobre as necesidades do colectivo LGBTIQ maior, e manifestan a necesidade de seguir formándose para dar resposta ás mesmas. En consecuencia, estes datos subliñan que a formación proporciona maiores habilidades e coñecementos ás e aos profesionais para a atención das persoas maiores disidentes da cis-heteronorma, tal e como tamén conclúe o estudo realizado por Grace et al. (2020).

Con respecto ao coñecemento das necesidades específicas, nun primeiro momento, a metade dos e das profesionais afirma que as persoas maiores LGBTIQ non precisan unha atención específica, e aínda que, nun segundo momento, despois de poñerlle exemplos como necesidades médicas, psicolóxicas

e sociais, a maioría coincide nas necesidades sociais e psicolóxicas que poden presentar estas persoas, tan só unha profesional da Educación Social fai referencia ás necesidades médicas, concretamente ás derivadas da realización de cirurxías de encasillamento forzoso que sofren as persoas intersexuais. Nesta liña, outros estudos conclúen que os e as profesionais que traballan coas persoas maiores LGBTIQ consideran que non teñen unhas necesidades específicas ou obvian esta posibilidade (Alves et al., 2019 e Mesas e Barrera, 2018). Concretamente, no noso traballo, as necesidades das persoas LGBTIQ maiores pasan máis desapercibidas para as persoas que non recibiron formación en perspectiva de xénero. Aportando unha posible explicación a este feito, un estudo recente, no que proporcionaron formación para a atención do colectivo LGBTIQ a profesionais de centros para maiores, conclúe que, a medida que os e as profesionais participantes ían adquirindo coñecementos relacionados coa comunidade LGBTIQ, tamén diminuíu a súa percepción positiva en relación a súa formación para traballar con persoas maiores LGBTIQ, e en consecuencia mostraban unha maior predisposición a recibir este tipo de formación (Grace et al., 2020).

En definitiva, estes resultados poñen de manifesto que a formación en perspectiva de xénero e envellecemento é necesaria para sensibilizar e capacitar ás e aos profesionais sobre a realidade e as necesidades do colectivo LGBTIQ maior. Só a través desta formación será posible dar resposta á realidade do colectivo de persoas maiores LGBTIQ e satisfacer así as súas necesidades, garantindo os seus dereitos e brindándolles un envellecemento activo e de calidade. Ademais, coincidindo cos e cas participantes deste traballo, consideramos que esta formación se debe impartir de forma obrigatoria no sistema educativo para combater a socialización diferencial á que son sometidas as crianzas dende o seu nacemento; e, deste xeito, brindarlles unha educación inclusiva e crítica as crianzas, adolescentes e mocidade, que lles permita desenvolverse integralmente e conformar a súa identidade lonxe dos patróns patriarcais asimétricos vixentes na nosa sociedade.

BIBLIOGRAFÍA

Alves, Lorena., De Oliveira, José Victor., Fernandes, Ludgleydson., Aguiar, Ana Gabriela., e Da Silva, Luciana Kelly. (2019): Representações sociais da velhice LGBT entre os profissionais do Programa Estratégia da Família (PEF). *Summa Psicológica UST*, 16(1), 27-35.

Carrera, María Victoria., Cid, Xosé Manuel., e Lameiras, María. (2018): El status queer o la utopía de lo posible: aportaciones de la pedagogía queer para la construcción de nuevos imaginarios identitarios. En Aldo. Ocampo (Coord.), *Pedagogías Queer* (pp. 48-71). CELEI.

Gracia, Jorge. (2011): Los derechos humanos y la posición social de las personas mayores LGBT. Un supuesto específico: los malos tratos. *Papeles el tiempo de los derechos*, 12, 1-48.

Gil-Borrelli, Christian Carlo., Velasco, César., Iniesta, Carlos., De Beltrán, Paula., Curto, Javier., e Latasa, Pello. (2017): Hacia una salud pública con orgullo: equidad en la salud en las personas lesbianas, gais, bisexuales y trans en España. *Gac Sanit*, 31(3), 175-177.

Grace, Elizabeth Holman., Landry-Meyer., Laura., e Fish, Jessica. N. (2020): Creating Supportive Environments for LGBT Older Adults: An Efficacy Evaluation of Staff Training in a Senior Living Facility. *Journal of Gerontological Social Work*, 63(5), 464-477.

Diógenes, Emerson., Fernandes, Ludgleydson., Oliveira, José Victor., Coutinho, Thais., e Pereira, Renan. (2019): Attitudes towards Lesbian, Gay, Bisexual and Transgender Old Age Scale (EAFV- LGBT): Elaboration and Psychometric Evidence. *The Spanish Journal of Psychology*, 22(e14), 1-8.

Leoz, Asier. (2018): Silencio a gritos: Acciones de ruptura con el edadismo desde el cine español contemporáneo. En María Pilar. Rodríguez e Txetxu. Aguado (Eds.), *Representaciones artísticas y sociales del envejecimiento* (pp. 27-43). Dykhinson.

Luis, Carina. e Aguilera, Laura. (2019): Múltiple discriminación: homosexualidad y vejez. *Trabajo Social Global - Global Social Work*, 9(16), 225-247.

Mesas, Javier. e Barrera, Evaristo. (2018): Estudio de la diversidad sexual en centros gerontológicos a profesionales: La homofobia y las personas mayores. En María del Mar. Molero, José Jesús. Gázquez, María del Carmen. Pérez, María del Mar. Simón, África. Martos, e Ana B. Barragán (Comps.), *Salud, alimentación y sexualidad en el ciclo vital. Volumen III* (pp. 363-370). ASUNIVEP.

Mesquida, Josep Maria., Quiroga, Violeta., e Boixadós, Adela. (2017): *50+LGTB Informe: Personas mayores lesbianas, gais, trans y bisexuales en la ciudad de barcelona*. Boira Editorial.

Nebot, Juan Enrique., Giménez, Cristina., Ruíz, Estefanía., Iglesias, Paula., e Ballester, Rafael. (2018): Malestar emocional asociado a la orientación sexual en personas mayores. *International Journal of Developmental and Educational Psychology*, 4(1), 49-56.

Platero, Raquel. Lucas. (2014): *Trans*sexualidades. Acompañamiento, factores de salud y recursos educativos*. Edicions Bellaterra.

Quecedo, Rosario. e Castaño, Carlos. (2003): Introducción a la metodología de investigación cualitativa. *Revista de Psicodidáctica*, 14, 5-40.

Rada, Fernando. (2019): Diversidad sexual y envejecimiento: Los cursos de vida de la población LGBT argentina. *Iluminuras*, 20(49), 230-261.

Smith, Ronald. W., Altman, Jennifer. K., Meeks, Suzanne., e Hinrichs, Kate. Lm. (2018): Mental Health Care for LGBT Older Adults in Long-Term Care Settings: Competency, Training, and Barriers for Mental Health Providers. *Clinical Gerontologist*, 42(2), 198-203.

Vela, Jose. A. M. (2016): (Coord.). *Atención a la diversidad afectivo-sexual e identidad de género. Taller de sensibilización frente al acoso escolar lgbt-fóbico. Guía de implementación en centros educativos de E.S.O.* COGAM.

Villar, Feliciano., Fabà, Josep., Serrat, Rodrigo., e Celdrán, Montserrat. (2018): Personas Mayores LGBT que Viven en Instituciones de Cuidado: Desafíos y Barreras para el Mantenimiento de Derechos Sexuales. *PSI UNISC*, 2(2), 8-18.

FORMACIÓN PARA O EXERCICIO DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nogueira Pérez, Miguel Anxo

Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade de Santiago de Compostela
miguelanxo.nogueira@usc.es

Fernández Rey, Elena

Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade de Santiago de Compostela
elena.fernandez.rey@usc.es

Ceinos Sanz, Cristina

Departamento de Pedagogía e Didáctica
Universidade de Santiago de Compostela
cristina.ceinos@usc.es

RESUMO

A orientación, como parte inseparable dos procesos educativos na escola, entrecrúzase co xénero, delimitándose tres dimensións especialmente importantes nas que os datos de diferentes estudos teñen resaltado a diferenciación entre homes e mulleres no sistema educativo: os resultados e o rendemento escolar; a elección de carreiras profesionais; a convivencia, o clima e a discriminación nos centros educativos. Así mesmo, as normativas e leis educativas actuais no noso país teñen adoptado un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación, introducindo en educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado cunha perspectiva inclusiva e non sexista. A incorporación explícita da perspectiva de xénero no exercicio da acción tutorial e da orientación educativa e profesional no ensino secundario, demanda na formación inicial do profesorado de secundaria a incorporación da temática de xénero nas programacións didácticas das materias dos planos de estudo. Neste senso, o propósito desta comunicación, é, por conseguinte, achegar algúns dos aspectos clave na materialización da incorporación dos

contidos relacionados coa perspectiva de xénero en diferentes materias relacionadas coa orientación e titoría no Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago).

PALABRAS CHAVE: orientación educativa; orientación profesional; educación superior; perspectiva de xénero; formación do profesorado.

INTRODUCCIÓN

A UNESCO (Arango e Corona-Vargas, 2016), identifica á educación como un dereito humano fundamental, e á igualdade de xénero como indispensable para o seu pleno exercicio e alcance. Deste xeito, fai súas como accións prioritarias garantir a través da educación espazos que promovan a igualdade de xénero, para que mulleres e homes, nenas e nenos poidan gozar das mesmas oportunidades de acceso á educación, logren alcanzar os seus anhelos de maneira equitativa, e teñan a garantía de recibir un trato xusto nos procesos de ensino-aprendizaxe, logrando así, avanzar en diferentes ámbitos da súa vida (Benito, 2021).

A orientación, como parte inseparable dos procesos educativos na escola, entrecrúzase co xénero, delimitándose, segundo Pernas e Vila (2014), tres dimensións especialmente importantes, nas que os datos de diferentes estudos teñen resaltado a diferenciación entre homes e mulleres no sistema educativo:

a) Os resultados e o rendemento escolar:

- O nivel de estudos alcanzado, o abandono e o fracaso escolar, os resultados académicos, disciplina, etc.: os datos indican diferenzas importantes entre homes e mulleres, en xeral favorables ás mulleres. Entre as principais razóns explicativas está a desigualdade provocada polo propio sistema educativo, non neutral, que ten asimilado o desempeño de roles tradicionais de xénero en espazos sociais, véndose condicionados os métodos pedagóxicos.

- En canto ao rendemento individual, nas probas de PISA, por exemplo, os mozos adoitan ter mellores resultados en matemáticas e as mozas en lectura e escritura (aínda que sen grandes diferenzas). Tales resultados poden indicar unha certa especialización de xénero dende o propio sistema educativo, reforzando outro tipo de variables como pode ser o nivel educativo das nais e dos pais. Polo tanto, ditas diferenzas parecen máis de tipo estrutural que individual.

b) A elección de carreiras profesionais:

- Existe unha segregación nos itinerarios e estudos que realizan mozos e mozas que se corresponde con especialidades históricas dos sexos: mulleres en coidados e servizos, homes en ciencias e tecnoloxía, por exemplo, reproducindo a división sexual do mundo laboral. Ditos estereotipos sobre as profesións ("profesións de homes" e "profesións de mulleres") condicionan de antemán a elección de carreiras. Dita segregación tamén pode vir derivada de que as actividades e os sectores femininos adoitan ter menor prestixio, salarios máis baixos, e maior precariedade.

c) A convivencia, o clima e a discriminación nos centros educativos:

- Experiencias e investigacións alertan sobre procesos de exclusión/inclusión nos centros educativos relacionadas co sexo das persoas ou coa súa orientación sexual (mobbing, violencia, homofobia), que veñen das construcións das identidades tradicionais de xénero, cos homes como seres superiores e as mulleres como seres inferiores, sendo penalizadas socialmente nos centros educativos as transgresións de xénero, ou o que se afaste da norma (burlas, agresións, etc.).

Neste senso, a orientación e a acción tutorial, como parte esencial da educación, téñense erixido como procesos que contribúen a desenvolver esta perspectiva no alumnado nas escolas e nos centros de secundaria, e así se ten reflectido na normativa máis recente no sistema educativo español. Así, na LOMLOE¹, xa no seu preámbulo se indica que esta:

...adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo en educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista..

En Galicia, se ben a regulación inicial sobre a orientación non aborda especificamente a temática de xénero, si o fai en posteriores circulares, como é o caso da 18/2007², onde se menciona nas liñas de actuación en relación ao Plan de Acción Tutorial nos centros de secundaria.

¹ España. Jefatura de Estado (2020): "Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación". <https://www.boe.es/boe/dias/2020/12/30/pdfs/BOE-A-2020-17264.pdf>

² Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2007): "Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia". http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2015/12/17/13edecb36bfe227467626e11796aa986.pdf

Polo tanto, resulta crucial que a formación inicial do profesorado e dos/das orientadores/as recolla tales aspectos nos seus plans curriculares, de xeito integrado nas competencias formativas e abordados explicitamente nas programacións das diferentes materias que artellan tales plans.

O propósito desta comunicación, é, por conseguinte, achegar algúns dos aspectos clave na materialización da incorporación dos contidos relacionados coa perspectiva de xénero en diferentes materias relacionadas coa orientación e titoría no Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago), habilitante para o acceso ao corpo de profesorado de secundaria en Galicia.

ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL E PERSPECTIVA DE XÉNERO

Bisquerra, un dos grandes especialistas en materia de orientación psicopedagóxica, define esta como (2005, p.4):

Un proceso de axuda e acompañamento en todos os aspectos do desenvolvemento. Isto inclúe unha serie de áreas de intervención: orientación profesional, procesos de ensino-aprendizaxe, atención á diversidade, prevención e desenvolvemento humano.

Dita orientación non so é exercida por orientadores/as, senón tamén por outros axentes de orientación, como son os titores/as, resto de profesorado, familias e outros axentes sociais. Ten lugar ao longo do ciclo vital de todas as persoas, coa finalidade de potenciar a prevención e o seu desenvolvemento integral (Bisquerra, 2005).

Nesta liña, a orientación preséntase como un proceso educativo significativamente oportuno no que incluír e desenvolver a perspectiva de xénero, en especial dende os centros educativos, de xeito temperá na educación infantil e primaria, pero tamén importante no ensino secundario por ser unha etapa clave na maduración do alumnado. Entre as súas premisas destaca a necesidade de traballar pola equidade e concretamente pola igualdade de oportunidades para garantir a xustiza social. Implica ter en conta que, cando se trata de educar e orientar con contidos, débese ter presente a perspectiva de xénero para que ningunha das mensaxes transmitidas teña un rumbo sexista ou discriminatorio, e para romper os estereotipos existentes en materia de orientación académica e profesional, tal como teñen destacado diferentes autoras (Acuña, 2007; Borrego e Gutiérrez García, 2020; Cobos, 2009; Donoso-Vázquez, 2012; González López, 2009; Pernas e Vila, 2014).

Nos procedementos orientadores regulados e desenvolto nos centros educativos de España e Galicia, cabe destacar como principais eixos de acción propicios para abordar a perspectiva de xénero, a acción tutorial e a orientación académico-profesional (Cobos, 2009):

a) A acción tutorial, como actividade que permite o desenvolvemento integral do alumnado, é un escenario excelente para o desenvolvemento de programas educativos cos seguintes obxectivos:

- Facer visible ás mulleres na historia da humanidade: que o alumnado tome conciencia da situación de desigualdade que viviron as mulleres ao longo da historia.
- Adquirir a perspectiva de xénero máis aló da concepción binaria: as identidades de xénero e as orientacións sexuais son máis de dúas. Falar de xénero implica non deixar a ningunha á marxe do discurso educativo.
- Educar no afectivo-sexual: aínda que se deron grandes pasos no camiño cara á igualdade de xénero, séguense mantendo no pensamento dos mozo/as algúns mitos do amor romántico.

b) A orientación académico-profesional, que consiste en deseñar e desenvolver un proxecto profesional acorde cos obxectivos que unha persoa pensou para o seu proxecto vital. O camiño cara a realización destes proxectos con independencia do xénero implica aspectos tales como:

- Traballar a orientación vocacional tendo como referencia o proxecto de vida de cada persoa en relación co seu proxecto vocacional, sen que exista discriminación por xénero e especialmente auto-limitacións ao respecto (estereotipos, etc.).
- A adolescencia é unha etapa clave para a toma de decisións e momento no que é necesario traballar programas de orientación académica e vocacional sen diferenciación de xénero, expresamente deseñados para iso.

A continuación enuméranse algúns contidos a ter en conta para incluír nos eixos descritos con anterioridade.

ALGÚNS CONTIDOS A INCORPORAR NA PRÁCTICA DA ACCIÓN TUTORIAL E DA ORIENTACIÓN

Son múltiples os contidos que poden ser incluídos na programación da acción tutorial e da orientación educativa e profesional nos aliñamentos da perspectiva de xénero. Algúns dos aspectos máis destacados polos/as especialistas na temática son, por exemplo (Acuña, 2007):

a) Coñecemento dun mesmo/a:

- Roles de xénero: a socialización diferencial e análise de roles e estereotipos de xénero.
- Habilidades de comunicación: especializada para rapaces e rapazas tratando de rachar estereotipos (fomento da empatía nos rapaces, manexarse na autoridade nas rapazas, etc.).
- Autoestima: rachar arquetipos masculinos e femininos, por exemplo.
- Relacións afectivas: importancia da convivencia, a expresión dos sentimentos, abordaxe dos mitos do amor romántico, etc.

b) Orientación e información académica:

- Elección do itinerario académico: reflexión co alumnado. ¿Que escollo? ¿Que rexeito? ¿Por que o escollo?
- Analizar, revisar posibles eleccións estereotipadas: optativas, itinerarios profesionais -Formación Profesional / Universidade-, etc.

c) Coñecemento da historia das mulleres:

- As contribucións das mulleres ao longo da historia: traballo, economía, ciencia, arte, etc.
- As barreiras e dificultades que teñen superado as mulleres noutras épocas ou culturas.
- Incorporar personaxes, nos textos e nas diferentes materias, de mulleres en diferentes ámbitos das Ciencias e das Humanidades

d) O traballo doméstico:

- A análise do traballo doméstico en función da implicación dos homes e das mulleres, a realización de talleres de habilidades domésticas, etc., poden contribuír a romper cos estereotipos de xénero.

e) Coñecemento da contorna laboral:

- As dificultades para a incorporación das mulleres no mundo laboral (segregación horizontal): soldos diferenciais, contratos de traballo máis precarios, xornada laboral incompatible coa vida familiar, etc.

- As dificultades no acceso das mulleres a categorías de maior rango profesional (segregación vertical): tempos para a formación, prexuízos das empresas na selección de mulleres, etc.

- Análise da maternidade na elección e promoción laboral: abandono, interrupción temporal, descontinuidade na formación permanente.

f) Coñecemento das novas demandas do mercado laboral actual:

- As novas tecnoloxías: desmitificación da súa dificultade, prexuízos con relación ás máquinas, posición das mozas e mozos ante os avances tecnolóxicos.

- Evasión ou transgresión de roles, os novos referentes: incorporación de profesionais mulleres e homes en empregos non tradicionais no seu xénero.

g) Coñecemento dalgunhas técnicas de procura de emprego:

- Analizar os procesos de selección reforzando o potencial que poden ofrecer as mulleres ao mercado de traballo e preparar ao alumnado para enfrontarse aos tópicos de forma crítica e asertiva (dificultades por razón de sexo: estado civil, fillos/as, aspecto físico, etc.).

Todos estes contidos poden ser desenvolto tanto desde a acción titorial como a partir da orientación educativa e profesional, a partir de programas educativos deseñados con rigor, atendendo ás necesidades contextuais e intereses do alumnado, e preferentemente de xeito transversal a partir da infusión curricular (Rodríguez Diéguez, 2008) e/ou por medio dunha metodoloxía didáctica baseada en proxectos (Balsalobre e Herrada, 2018).

A INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA TITORÍA E ORIENTACIÓN NA FORMACIÓN INICIAL DO PROFESORADO E ORIENTADORES/AS DO ENSINO SECUNDARIO

A incorporación dos contidos enumerados e descritos no apartado anterior para o exercicio da acción titorial e da orientación educativa e profesional no ensino secundario, demanda na formación inicial do profesorado de secundaria a incorporación da temática de xénero nas programacións didácticas das

materias dos planos de estudos. Neste senso, os estudos que conducen á habilitación de docentes e orientadores/as de secundaria téñense regulado como título de Máster (Orde ECI/3858/2007³).

O caso que aquí se expón sitúase no Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago), que no seu plano de estudos⁴ inclúe a temática de xénero na súa competencia xeral CG7. Pero, aparte desta competencia xeral, apenas se explicitan contidos nas diferentes materias dos diferentes itinerarios formativos de profesorado e orientadores/as, quedando na liberdade docente a inclusión dos mesmos, aínda tendo en conta as regulacións normativas xa existentes a nivel nacional e autonómico que así o requiren.

Como exemplos específicos no eido da formación en acción tutorial e orientación, ademais das materias que xa inclúen algún contido específico, cabe salientar a abordaxe específica da formación na perspectiva de xénero en materias propicias como as seguintes, e nas que xa se teñen integrado contidos na súa programación didáctica nestes últimos anos:

- A Función Titorial e a Orientación Académica (2,5 créditos), materia obrigatoria común presente nos diferentes itinerarios das especialidades da formación do profesorado.

- A Orientación Académica (3 créditos), materia específica no itinerario formativo da especialidade de Orientación Educativa.

Ademais de incorporar en ditas materias contidos teóricos como os xa descritos en apartados anteriores, a parte práctica das materias realízase partindo dos intereses e experiencias propias anteriores do alumnado en relación á titoría e á orientación, ou, de ser o caso, xa a partir das súas experiencias de Prácticum en centros de ensinanza secundaria (ESO, Bacharelato e Formación Profesional) dentro do propio Máster. Dita práctica apóiase nunha metodoloxía baseada en pequenos programas e proxectos, ben cun enfoque transversal curricular a través de programacións didácticas, ou ben da programación de accións titoriais ou orientadoras específicas, que o alumnado debe desenvolver en equipo valéndo-

³ España. Ministerio de Educación y Ciencia (2007): "Orden ECI/3858/2007, de 27 de diciembre, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de las profesiones de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanzas de Idiomas". <https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-22450-consolidado.pdf>

⁴ Universidade de Santiago de Compostela (2014): "Memoria verificada do título de Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas". https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P3241_P3271_Profesorado_de_ESO_S_e_L_Min.pdf

se do seguinte: apoio na formación teórica, cunha unidade temática dedicada; recursos relacionados preseleccionados (banco de recursos previamente seleccionados e a disposición na aula virtual); proceso de documentación de forma autónoma por parte do alumnado; estudo de necesidades ou suposición de casos, e axuste a unha realidade concreta; guía e orientación do profesorado das materias no plano teórico e técnico.

Para finalizar, cabe salientar algúns exemplos de temáticas suxeridas e en moitos casos abordadas polo alumnado en forma de programación ou proxecto (Pernas e Vila, 2014):

- a) Rendemento académico: rapaces, rapazas e lectura; rapazas, rapaces e matemáticas/ciencias; inadaptación escolar e estereotipos de xénero.
- b) Segregación e elección de itinerarios: análise da ciencia e a enxeñeira dende o xénero; rapaces, rapazas e máquinas; o atractivo de coidar aos demais; selección de carreiras e itinerarios (Bacharelato, Formación Profesional, Universidade).
- c) Mellora da convivencia e loita contra o sexismo: a igualdade dos sexos: análise de publicidade, cine, contos, etc.; os corpos: beleza, violencia, sexo (na publicidade, cine, etc.); prevención de agresións de xénero: violencia de xénero, homofobia, lesbofobia, transfobia.

CONCLUSIÓNS

Como temos abordado, os estereotipos de xénero condicionan significativamente os procesos de orientación académica e profesional, polo que resulta importante traballar a igualdade de xénero en todas as etapas educativas, en especial nas ensinanzas non universitarias, xa sexa a través de programas educativos como de xeito transversal nas materias que imparten os docentes.

Docentes e orientadores/as deben ser conscientes das mensaxes segregadoras que poden transmitir a través das actuacións (currículo oculto), por iso deben implicarse en transmitir ao alumnado mensaxes baseadas na igualdade de xénero e pór en práctica actuacións co fin de romper as barreiras mentais que condicionan a visión e as decisións do alumnado.

Para iso, a adquisición de competencias para a orientación e titoría desde unha perspectiva de xénero na formación inicial do profesorado debe traballarse de xeito específico, en todas as materias do plano de estudos, en especial naquelas especialmente destinadas a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes relacionadas coa acción titorial e a orientación. O deseño de actuacións didácticas específi-

cas en materia de xénero, acordes coas tendencias actuais a nivel de investigación, académico e social, como as que neste traballo se presentan, deberan ser norma e non excepción no desenvolvemento da formación inicial do profesorado no noso país.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Acuña, Sara (2007): "Orientación personal, académica y profesional no sexista". Ponencia presentada na Jornada de traballo con el profesorado del Proyecto NAHIKO EMAKUNDE. Vitoria: Gobierno Vasco. https://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/proyecto_nahiko_formacion/es_def/adjuntos/2007.03.26.sara.acu%C3%B1a.pdf Consultado: 29/04/2021.

Arango, María C. e Corona-Vargas, Esther (2016): *Guía para la Igualdad de Género en las Políticas y Prácticas de la Formación Docente*. UNESCO.

Balsalobre, Laura e Herrada, Rosario I. (2018): "Aprendizaje basado en proyectos en educación secundaria: el orientador como agente de cambio", *Revista Española de Orientación y Psicopedagogía*, Vol. 29, nº 3, (45-60).

Benito Martínez, Juan (2021): "Género y educación para la ciudadanía global", en Ortiz, Eva; Benito, Juan; Solano, Juan C. e Bote, Marcos A. (coords.): *Panorámica general de la equidad, educación y género en el siglo XXI*, Consejería de Mujer, Igualdad, LGTBI, Familia y Política Social, Madrid, (110-124).

Bisquerra, Rafael (2005): "Marco conceptual de la orientación psicopedagógica", *Revista REMO*, Vol. 3, nº 6, (2-8).

Borrego, Ana A. e Gutiérrez García, Andrea (2020): "Perspectiva de género en la orientación vocacional y profesional", en Figueruelo, Ángela; Pozo, Marta (dirs) e Ramos, Pablo (coord.): *(Des)igualdad y violencia de género el nudo gordiano de la sociedad globalizada*, Editorial Aranzadi, Navarra, (89-98).

Cobos, Ana (2019): "¿Contribuye la orientación educativa a la igualdad de género?" *Educaweb*. <https://www.educaweb.com/noticia/2019/03/27/contribuye-orientacion-educativa-igualdad-genero-18752> Consultado: 29/04/2021.

Donoso-Vázquez, Trinidad (2012): "Propuestas para una orientación con perspectiva de género". Ponencia presentada no simposium do I congreso internacional e interuniversitario Orientación Educativa y Profesional. Rol y retos de la orientación en la universidad y en la sociedad del siglo XXI. Málaga.

González López, Isabel (2009): "La Orientación académica y profesional en clave de igualdad", *CEE Participación Educativa*, nº 11, (110-121).

Pernas, Begoña e Vila, Fefa (2014): *Orientación educativa sin sesgo de género antes de la Universidad*, CNIIE, Madrid.

Rodríguez Diéguez, Antonio (2008): "A la búsqueda de un modelo integrado de Orientación", *Revista TAVIRA*, nº 24, (13-33).

UNHA EXPERIENCIA DE INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA DE MESTRADO

Sánchez Carreira, María del Carmen

Departamento de Economía Aplicada, Grupo de Investigación ICEDE, CRETUS

Universidade de Santiago de Compostela

carmela.sanchez@usc.es

Blanco Varela, Bruno

Departamento de Economía Aplicada

Universidade de Santiago de Compostela

b.blanco.varela@usc.es

RESUMO

O presente traballo describe a experiencia de inclusión da perspectiva de xénero na docencia da materia Estrutura Social e Estado do Benestar, impartida nun mestrado da Universidade de Santiago de Compostela. A inclusión da perspectiva de xénero unida á utilización de metodoloxías activas constitúe unha experiencia de innovación docente. Realízase unha introdución dende a óptica do xénero a través do desenvolvemento de contidos específicos e tamén de xeito transversal, a través do fomento da actitude crítica e de debates e de metodoloxías de aprendizaxe activas. Os resultados da experiencia foron positivos tanto para o alumnado como para o profesorado e póñense de relevo certas problemáticas como a visibilización das mulleres en termos dos recursos bibliográficos.

PALABRAS CHAVE: competencia transversal, visibilización, perspectiva de xénero, currículo, metodoloxías activas

INTRODUCCIÓN

Este traballo presenta unha experiencia que considera a perspectiva de xénero nunha materia universitaria de mestrado no eido da economía. A experiencia aplicouse na materia Estrutura Social e Estado

do Benestar do Mestrado Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

Introducir a perspectiva de xénero nesta materia é unha experiencia de innovación docente, pois o seu deseño curricular non ten como obxectivo a temática de xénero nin inclúe especificamente eses contidos. Considerar a perspectiva de xénero na docencia universitaria de materias que non inclúen explicitamente esa temática no currículo pode explicarse por tres razóns (Méndez, 2014a): 1) é un imperativo legal, derivado dos distintos preceptos referidos a promover a igualdade, ao que se une o papel de diversas institucións internacionais; 2) trátase dunha cuestión de sensibilización social, sendo a docencia unha canle para formar ao alumnado en valores e con actitude crítica, concienciar e reflexionar sobre os problemas socioeconómicos; 3) contribúe a ampliar o coñecemento, formando dun xeito máis completo e real.

A ensinanza enténdese como instrución integral que fornece coñecementos, competencias e valores. Inclúense contidos específicos de xénero e actuacións transversais con metodoloxías activas. Entre os valores, destaca promover a igualdade e, en concreto, a igualdade de xénero. O xénero debe considerarse como construción sociocultural e non como condición natural.

Este traballo estrutúrase en catro apartados, ademais desta introdución. O apartado dous contextualiza a materia; o apartado tres describe a experiencia de inclusión de perspectiva de xénero; e o apartado catro valora a experiencia. Finalmente, preséntanse as conclusións.

CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA NA QUE SE APLICA A EXPERIENCIA

Este apartado contextualiza a materia na que se aplica a experiencia, centrándose nos seus contidos e nas metodoloxías activas utilizadas nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

A materia Estrutura Social e Estado de Benestar do Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación é optativa na especialidade de Desenvolvemento Rexional e Local. Consta de 3 ECTS e impártese no primeiro cuadrimestre. A titulación impártese dende o curso 2009-2010 e pretende formar na análise dos procesos de innovación e desenvolvemento económico, así como das institucións e políticas encamiñadas a impulsar eses procesos.

A programación da materia componse de catro temas. O primeiro aborda a estratificación social, tratando a perspectiva conceptual, os distintos modelos e a mobilidade social. O segundo trata a desigual-

dade na súa complexidade e múltiples dimensións. O terceiro céntrase no Estado do Benestar, dende a orixe ata os retos futuros. O último tema estuda as políticas de benestar social, considerando o papel do sector público como redistribuídor e as políticas sociais.

A metodoloxía combina clases expositivas e interactivas. No desenvolvemento das clases empréganse metodoloxías activas, combinando as explicacións coa participación e os debates. A principal metodoloxía activa utilizada na materia é a clase inversa, na que o alumnado prepara previamente algúns temas en base ao material que facilita o profesorado para actuar como relator. Posteriormente, débátese sobre ese tema, explicando os contidos en base ás ideas comentadas e coas achegas do diálogo entre alumnado e profesorado. Nos debates foméntase a argumentación, as capacidades comunicativas, o diálogo e aprender a reflexionar en grupo. Tamén se utiliza o método de caso, aplicando coñecementos a casos reais, acadando maior implicación e motivación e desenvolvendo outras competencias. Debido á variedade de tarefas e metodoloxías propostas, aplícase transversalmente a aprendizaxe por descubrimiento e técnicas que fomentan a participación e implicación do alumnado. As metodoloxías activas aplicadas pretenden converter ao alumnado en protagonista do proceso de aprendizaxe. Esta experiencia céntrase na argumentación e ensinar a outros, un dos principios da clase inversa.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA DE PERSPECTIVA DE XÉNERO

As temáticas abordadas na materia permiten considerar de xeito natural a perspectiva de xénero, incluíndo contidos específicos ao respecto. Asemade, desenvólvense actuacións transversais.

Fronte ao modelo tradicional de transmisión do coñecemento androcéntrico, a materia adopta un enfoque integral de xénero. Unha consideración ampla do desenvolvemento, non limitada ao ámbito económico, implica centrarse nas persoas, tratando de mellorar a súa calidade de vida, en termos de benestar e igualdade. Esta óptica non debe limitarse a considerar o papel das mulleres no desenvolvemento, senón a adoptar o enfoque de xénero, que defende un desenvolvemento humano, sostible e equitativo (De la Cruz, 1998). Mentres o primeiro enfoque integra ás mulleres de xeito funcional a unha estratexia de desenvolvemento dada, illadamente e propoñendo solucións parciais (De la Cruz, 1998; Nussbaum, 2002); o segundo asume relacións desiguais e de subordinación (económicas, de poder) entre homes e mulleres.

Ao abordar a perspectiva de xénero na docencia deben considerarse os tres tipos de currículo existentes. O currículo formal é o que conforma a programación docente, sendo o marco de referencia nos procesos de ensinanza-aprendizaxe. O currículo oculto reflicte o que ocorre realmente na aula. O

currículo omitido ou obviado refírese a un conxunto de situacións que se presentan habitualmente relacionadas con temas non tratados, polo que non se resposta a determinadas cuestións e ignóranse coñecementos, intereses ou experiencias (Méndez, 2014b).

- A forma máis directa de contemplar o xénero na materia é incluír contidos específicos na programación. A continuación, agrúpanse por tema os principais contidos de xénero abordados:
- No tema 1 deséñase unha actividade sobre a desigualdade de oportunidades, que usa o método de caso para explicar os conceptos sobre a estrutura social. Baseándose nun texto de Kerbo (2003), que describe a biografía de dúas persoas (Michael, que vive nun barrio conflictivo e dunha familia con problemas; e David da rica familia Rockefeller), plantéxanse preguntas que permiten reflexionar e comprender conceptos abstractos. Entre as preguntas dirixidas a valorar as oportunidades das persoas e en que medida se corresponden cos méritos propios (logro) ou con elementos do entorno (adscripción), plantéxase que cambiaría se fosen mulleres. Iso permite abordar a igualdade de oportunidades para as mulleres e debater sobre o currículo vitae oculto.
- No tema dous abórdanse as desigualdades e o seu carácter multidimensional. Analízanse distintos indicadores, prestando atención á análise das desigualdades de xénero, centrándose na situación actual e a evolución, así como as causas e consecuencias das disparidades existentes e nas recomendacións e políticas propostas para avanzar cara á igualdade. Os principais contidos de xénero relacionados con este tema son os seguintes:
- Indicadores que permiten reflexionar sobre o papel das mulleres en diferentes contextos sociais, como escolarización e resultados en distintos niveis, participación laboral, emprego sectorial, taxa de paro, horas de traballo doméstico, participación nas olimpíadas, ou presenza en parlamentos ou consellos de administración de empresas. Considerar o sexo como unha variable só é un primeiro paso, que permite coñecer mellor a realidade se se dispón de datos. Porén, a análise desagregada por sexos é insuficiente, debendo considerar o xénero como unha categoría da análise (De la Cruz, 1998; Instituto de la Mujer, 2009; Aguayo et al., 2016).
- O Informe de Desenvolvemento Humano, elaborado polo Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento, inclúe o Índice de Desigualdade de Xénero, que reflicte a perda en desenvolvemento humano debida á desigualdade entre os logros de mulleres e homes nas dimensións de saúde reprodutiva, empoderamento e mercado laboral. Dende 2014, o informe inclúe o Índice de Desenvolvemento de Xénero, que indica a ratio entre o valor das mulleres sobre o dos homes

mostrando as disparidades nos logros do desenvolvemento humano. O Foro Económico Mundial elabora o Informe Global sobre Brecha de Xénero (*Global Gender Gap Report*), que calcula un índice baseado en 14 indicadores.

- A análise da Enquisa de Estrutura Salarial elaborada polo Instituto Nacional de Estatística permite identificar a brecha de xénero nos salarios a nivel xeral, nas distintas categorías profesionais, actividades económicas, ocupacións, tipo de xornada, duración do contrato ou nivel de estudos. Coméntanse as leis aprobadas en varios países europeos para que as mulleres cobren o mesmo que os seus compañeiros polo mesmo traballo.
- Outros aspectos socioeconómicos e culturais analizados dende o xénero son a inmigración e a exclusión social. Analízase o perfil da inmigración, considerando o sexo e o distinto patrón segundo nacionalidade. Así, móstrase o predominio das mulleres nas actividades de servizos domésticos e de coidados. Cómpre salientar que o emprego das persoas inmigrantes (maioritariamente mulleres) nestas tarefas permite unha maior incorporación laboral das mulleres españolas (Moreno e Bruquetas, 2011; Grande et al., 2016). Con respecto á exclusión social, analízanse os seus perfís e causas, considerando a dimensión de xénero, individual ou conxuntamente, con outros elementos que aumentan o risco de pobreza ou exclusión social, como ser un fogar monoparental con fillos.
- O tema tres céntrase no Estado do Benestar. As clasificacións tenden a ser estáticas, considerando un modelo baseado na sociedade industrial co predominio do home traballador. Recentemente cobra atención o papel da muller na sociedade posindustrial e no benestar, así como a relevancia da familia no modelo mediterráneo (Esping-Andersen, 2000; Del Pino e Rubio, 2016). Entre os tres grandes retos do Estado de Benestar, Esping-Andersen e Palier (2009) destacan a maior e efectiva incorporación social das mulleres, a igualdade de oportunidades na nenez e para as persoas maiores. Os servizos sociais contribúen á conciliación familiar e supoñen oportunidades de emprego. Nese sentido, destaca a relación positiva entre as taxas de actividade e ocupación femininas e a taxa de natalidade (Marín, 2002; Sánchez e Sánchez, 2006); o que parece paradoxal se non se considera o desenvolvemento dos servizos sociais.
- O último tema estuda as políticas públicas de benestar e desenvolvemento social. Os principais contidos relativos á perspectiva de xénero son os seguintes:
 - Con respecto ao mercado de traballo, analízase a situación das mulleres, a súa maior vulnerabilidade ou a menor presenza nos contratos a tempo completo ou indefinidos; e débátese sobre as

causas dese patrón. Tamén se discuten os efectos da traxectoria laboral na xubilación. Así, as reformas que aumentan o período de cotización esixido para cobrar unha pensión poden ter distintos efectos de xénero, discriminatorios para as mulleres, como mostran Peinado e Serrano (2012), malia que se contemplan correccións por maternidade. Finalmente, abórdanse os posibles efectos positivos da ampliación do Estado de Benestar.

- En relación aos cuidados e o uso do tempo, o traballo de Rodríguez et al. (2014) destacan as diferenzas de xénero. Montero et al. (2017) sinalan a relevancia do reparto equitativo desas tarefas para que a incorporación laboral das mulleres sexa en igualdade de condicións cos homes. Tamén destacan a tendencia feminina a infravalorar o tempo dedicado a esas actividades e a sobreestimación masculina.

Para reforzar a perspectiva de xénero, a experiencia tamén considera elementos transversais. O profesorado pretende visibilizar o papel da muller e as súas contribucións nas temáticas relacionadas cos contidos da materia. Para iso, realízase unha selección de bibliografía, materiais e recursos de interese que mostren a presenza da muller e/ou que fosen elaborados por mulleres. Tamén cómpre destacar a crecente atención ás temáticas de xénero relacionadas cos contidos da materia por científicos homes. A título ilustrativo, autores como Gosta Esping-Andersen, Bruno Palier e Luis Moreno destacan o papel da muller no Estado do Benestar. Asemade, cítase a bibliografía indicando o nome completo para visibilizar as contribucións realizadas por mulleres. Como exemplos, destacan Esther Duflo, no ámbito da pobreza e a desigualdade global; Yayo Herrero en ecofeminismo; Cristina Carrasco, na análise do traballo doméstico e feminino; Lourdes Benería, na temática do traballo feminino, xénero e desenvolvemento; Lina Gálvez, na análise da asignación de tempos e traballos segundo xénero e os efectos da crise dende a perspectiva de xénero; Cecilia Castaño, no estudo da conciliación ou a relación entre TIC, sociedade da información e mulleres; Ángeles Durán, socióloga pioneira nos estudos da situación socioeconómica das mulleres, destacando o traballo non remunerado; ou Linda Scott, que destaca os beneficios económicos de contar coas mulleres.

O profesorado utiliza unha linguaxe oral e escrita inclusiva e promove o seu uso polo alumnado. Tamén se procura que os exemplos e ilustracións sexan equilibrados, evitando estereotipos e micromachismos. Deséñanse actividades de distinto tipo (comentario de textos, busca e interpretación de datos, traballos escritos e orais) para evitar os nesgos de xénero. Asemade, iso permite que o alumnado poida desenvolver diversas competencias.

VALORACIÓN DA EXPERIENCIA

Para valorar os resultados desta experiencia de inclusión da perspectiva de xénero na docencia de mestrado, considéranse tanto a perspectiva do alumnado como do profesorado.

A valoración do alumnado baséase nunha enquisa sobre a docencia da materia, centrada na perspectiva de xénero, así como nas metodoloxías activas e os seus efectos na aprendizaxe. A enquisa dirixiuse ao alumnado matriculado na materia nos cursos académicos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 (un total de 16 estudantes), acadando 10 respostas, o que supón unha taxa de resposta do 62,5%. A composición por sexo do alumnado mostra un claro predominio dos alumnos (81,25 %). O perfil do alumnado é diverso con respecto ás titulacións de acceso ao mestrado. Ademais do predominio das persoas tituladas en economía e empresas, hai alumnado procedente doutras áreas das ciencias sociais e doutras áreas de coñecemento (como enxeñeiros). Isto resulta enriquecedor polas diferentes perspectivas para analizar unha problemática socioeconómica e as políticas. Tamén é diverso o seu perfil xeográfico, con 5 estudantes estranxeiros, procedentes de Arxentina, Brasil, Ecuador e México (2).

Analizando os resultados da enquisa, todo o alumnado considera que a materia aborda a perspectiva de xénero. En relación coas dimensións nas que se actuou nesa clave, tenden a identificar entre dúas e catro. A dimensión máis relevante é a dos contidos (sinalada 7 veces), seguida da utilización dunha linguaxe inclusiva oral (6 veces) e escrita (4 veces). A dimensión que menos se percibe é a selección de material elaborado por mulleres (que ninguén indica), o deseño de actividades diversas (que sinala unha persoa) e as dinámicas da aula (2 veces).

Na valoración da inclusión da perspectiva de xénero na materia os estudantes sinalan entre tres e oito opcións. A resposta máis frecuente é que a perspectiva de xénero se integra dun xeito natural na materia (destácase 6 veces). Séguelle en importancia a resposta relativa a que resultou unha temática de interese (5). As respostas de que resultou enriquecedor para a súa formación e mellorou a súa formación como persoa indícanse en 6 ocasións cada unha delas.

En relación á inclusión da perspectiva de xénero na docencia de mestrado, a maior parte do alumnado (8 persoas) considera que contribúe a unha análise socioeconómica máis completa. En 6 ocasións sinálanse as seguintes respostas: contribúe a reflexionar sobre esta cuestión, a formar en valores e a visibilizar unha parte importante da realidade moitas veces omitida.

A valoración global da experiencia é positiva. Cinco estudantes valoran esa experiencia como boa, tres como moi boa e un como regular. Ningún estudante considerou a experiencia mala ou moi mala. Non se atopan diferenzas destacables nos patróns de comportamento do alumnado por xénero. Isto pode deberse ás características do grupo (reducido tamaño e predominio de alumnos) e a que as metodoloxías activas levan a que participe o conxunto do alumnado.

A profesora que imparte a materia valora a experiencia de xeito positivo, baseándose na opinión do alumnado recollida nas enquisas e na consideración persoal. A medida que transcorren os cursos, froito da experiencia, vanse ampliando os contidos ou debatendo temas máis actuais. Constátase unha elevada satisfacción coa docencia da materia. Resulta gratificante que esas accións son valoradas polo alumnado non só nunha enquisa, senón en feitos. Así, cada vez máis alumnado selecciona textos que abordan problemáticas relativas ao xénero. Ademais, no último curso todo o alumnado inclúe voluntariamente nas súas reflexións cuestións relativas ao xénero.

Non se identifican atrancos salientables na incorporación da perspectiva de xénero na materia. Alén das limitadas referencias, trátase de pensar nesa clave, porque emerxen oportunidades. Como accións de mellora, propónse reflexionar nas clases sobre as conclusións erradas ou parciais ás que se chegaría nos distintos temas de non adoptar a perspectiva de xénero. É unha forma interesante de amosar o que achega esa perspectiva. Ademais, tentarase explicitar aquelas actuacións transversais menos percibidas. Por último, é relevante que a perspectiva de xénero se aborda noutras materias. A maioría do alumnado considera que é a única materia da titulación na que se abordan cuestións de xénero, cando outras materias as contemplan. Polo tanto, é necesario visibilizar, ampliar e coordinar esas actuacións para xerar sinerxías.

CONCLUSIÓN

A experiencia céntrase na inclusión de contidos de xénero e outras actuacións transversais, destacando especialmente a linguaxe inclusiva oral e escrita e darlle visibilidade aos traballos realizados por mulleres. Considerar a perspectiva de xénero en disciplinas das ciencias sociais constitúe un comportamento proactivo do profesorado, que pretende formar mellores profesionais, ampliando os seus coñecementos e perspectivas ao visibilizar a complexidade do mundo real e analízalo dende diversas dimensións. Tamén contribúe a formar en valores, como a igualdade de xénero, que constrúan unha mellor sociedade. Dende a perspectiva do profesorado, a experiencia supuxo un enriquecemento persoal, despertando a curiosidade por introducir novos temas que puidesen ser de interese e que contribúen a ampliar os seus coñecementos sobre a materia e atopando novas oportunidades para a inclusión da perspectiva

de xénero. A evolución que lle vai dando máis importancia aos contidos de xénero na materia derívase dunha mellor planificación da docencia froito da experiencia previa. Eses contidos tratan de integrarse de xeito natural, recorrendo a exemplos, novas ou estatísticas. Asemade, o perfil diverso do alumnado, tanto dende a perspectiva interdisciplinar como internacional, resulta enriquecedor para as dinámicas da aula. Por último, debemos sinalar que esta experiencia supón un pequeno avance, que debería ser ampliado e coordinado con outras materias.

BIBLIOGRAFÍA

Aguayo, Eva; López, Carmen e Iglesias, Ana. (2016): "Discriminación salarial por género: temática de una actividad de aprendizaje colaborativo en Econometría II", en Aguayo, Eva, López, Ana J. e Díaz, Ana (Eds.): *Perspectiva de xénero na docencia universitaria* (pp. 113-120). Actas de la IV Xornada Universitaria Galega en Xénero, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC: Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

De la Cruz, Carmen. (1998): *Guía metodológica para integrar la perspectiva de género en proyectos y programas de desarrollo*, Instituto Vasco de la Mujer; Secretaria General de Acción Exterior-Dirección de Cooperación al Desarrollo, Vitoria.

Del Pino, Eloísa, e Rubio, María Josefa (Dir.) (2016): *Los Estados de Bienestar en la encrucijada: políticas sociales en perspectiva comparada*, Tecnos, Madrid.

Esping-Andersen, Gosta (2000): *Fundamentos sociales de las economías postindustriales*, Ariel, Barcelona.

Grande, Rafael, Paniagua, Tania, e Del Rey, Alberto (2016): "Inmigración y mercado de trabajo en España: del boom a la Gran Recesión", *Panorama Social*, 23 (125 - 139).

Instituto de la Mujer. (2009). *Análisis de la perspectiva de género en algunas estadísticas españolas y propuestas de mejora*, Instituto de la Mujer, Madrid.

Kerbo, Harold R. (2003): "Perspectivas y conceptos en el estudio de la estratificación social", en Kerbo, Harold: *Estratificación social y desigualdad: el conflicto de clases en perspectiva histórica y comparada*, McGraw Hill, Madrid (3 - 18).

Méndez, María José (2014a): *Aplicación da perspectiva de xénero na docencia universitaria*. Curso do Programa de Formación e Innovación Docente Aplicación da perspectiva de xénero na docencia universitaria, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 23 de abril.

Méndez, María José (2014b): *Elementos de diseño curricular para a inclusión transversal da perspectiva de xénero*. Curso do Programa de Formación e Innovación Docente Aplicación da perspectiva de xénero na docencia universitaria, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 15 de maio.

Montero, José M^a, Fernández-Avilés, Gema, e Medina, M^a Ángeles. (2017): "¿Existe igualdad de género en el hogar? Diferencias entre las distintas comunidades autónomas". *Actas XLII Reunión de Estudios Regionales Comercio Internacional y empleo: una perspectiva regional*, Asociación Española de Ciencia Regional, Sevilla.

Nussbaum, Martha Craven (2002): *Las mujeres y el desarrollo humano*, Herder: Barcelona.

Peinado, Patricia; Serrano, Felipe. (2012): "A Dynamic Analysis of the Effects on Pensioners Welfare of Social Security Reforms", *Journal of Pension economics and Finance*, 11(1) (71 – 87).

Rodríguez, María Xosé. (Dir.) (2014): *Corresponsabilidade familiar e empregos do tempo no ámbito universitario: o persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela:

Sánchez, Jesús, e Sánchez, José. (2008): "Fecundidad y actividad económica de las mujeres en España". *Estadística Española*, 50 (169) (431 – 453).

Scott, Linda (2020): *La economía doble X. El potencial de contar con las mujeres*, Planeta, Barcelona.

Esta iniciativa acadou o primeiro premio (modalidade de docencia) na X Edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da USC (2019).

UNA EXPERIENCIA TRUNCADA: EL CASO DE LA INCORPORACIÓN DE LA PERSPECTIVA DE GÉNERO EN LOS TFM DE ARQUITECTURA

Carreiro Otero, María

Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo

Universidade da Coruña

maria.carreiro@udc.es

López González, Cándido

Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo

Universidade da Coruña

candido.lopez@udc.es

RESUMEN

La incorporación de la perspectiva de género a la práctica arquitectónica y urbanística es especialmente relevante en la esfera académica, donde se forman las arquitectas y arquitectos del futuro. Esta circunstancia motivó que en la Escuela de Arquitectura de A Coruña, en uno de los grupos de la materia de Trabajo Fin de Máster, se definiese una línea de trabajo centrada en las infraestructuras para la vida cotidiana. Una experiencia desarrollada durante tres cursos académicos, entre 2017 y 2020, cuyo análisis nos permitirá determinar su repercusión sobre el alumnado y profesorado directamente implicado, sobre los resultados académicos alcanzados, sobre los extraacadémicos, y sobre el TFM como una materia singular, dada su condición de elemento integrador de las competencias adquiridas a lo largo de los estudios de Arquitectura.

PALABRAS CLAVE: perspectiva de género, PFC, TFM, Arquitectura, infraestructuras para la vida cotidiana

LA INCORPORACIÓN TRANSVERSAL DEL GÉNERO EN LA ETSA DE A CORUÑA

Incorporar la perspectiva de género en el conjunto de las disciplinas de la docencia universitaria (Stimpson, 1998; Ion *et al.*, 2013) supone adoptar una lectura crítica y una posición activa, para redefinir los principios validados por la sociedad que se han revelado como discursos excluyentes.

No es una novedad esta actitud en la Escuela Técnica Superior de Arquitectura -ETSA- de la Universidade da Coruña -UDC-, con tres antecedentes claros: la actividad de la catedrática Pascuala Campos; el proyecto de investigación MAGA (Carreiro *et al.* 2014); y el inicio de incorporación de la perspectiva de género en las materias de Proyectos Arquitectónicos de primer curso durante los cursos académicos 2014/15 y 2015/16 (Carreiro y López, 2016). En este último caso, entre las acciones planteadas, dos son extrapolables a otras materias análogas: la reelaboración de los contenidos y los materiales; y la coordinación de acciones y herramientas para la adecuada integración transversal de los aspectos de género.

Recientemente ambas se aplicaron en la materia de Trabajo Fin de Máster, TFM. Durante tres cursos académicos, desde el 2017/18 al 2019/20, en ella se desarrolló una línea de trabajo en torno a la perspectiva de género en la arquitectura y el urbanismo, otorgando protagonismo a las infraestructuras para la vida cotidiana (Sánchez de Madariaga, 2004). Finalizada la experiencia tras el cambio de gestión de la asignatura, nos planteamos dar traslado de los resultados obtenidos, tratando de determinar su repercusión en el personal implicado, tanto estudiantes como docentes; en los resultados académicos; y en la propia materia como lugar de confluencia de personas con pensamiento e ideologías diferentes. Se aplica para ello el método analítico-sintético a la materia (Tomás *et al.*, 2012), desmenuzada en los seis ítems que la definen: los objetivos, el contenido, las herramientas de desarrollo, el alumnado, el profesorado, y los resultados obtenidos.

UNA MATERIA SINGULAR EN LA ETSA: EL TRABAJO FIN DE MÁSTER

Los estudios de arquitectura se caracterizan por su carácter habilitante. Una señal ligada a la realización del proyecto fin de carrera, PFC, trabajo que exige la aplicación integral de las competencias adquiridas a lo largo de los estudios, y que hasta fechas recientes se desenvolvía con tutorías individuales estudiante-docente.

Los cambios operados dentro del marco del Espacio Europeo de Educación Superior -plan Bolonia- llevaron a desdoblar la titulación en dos: el grado, con el título universitario; y el máster, con el título

habilitante. En consecuencia, dicho PFC se ha convertido en el Trabajo Fin de Máster, materia con una docencia reglada, que sigue la metodología de taller. Bajo la figura de un Coordinador/a¹ de Taller-materia, se estructura en un número variable de “talleres-grupo”;² en los que participan docentes de cinco o seis áreas de conocimiento,³ coordinados por una/o del área de proyectos arquitectónicos.

La materia se inició como una agrupación de talleres, con una coordinación que fijaba las reglas comunes. Cada taller proponía su propio tema de proyecto y emplazamiento. Una gestión que ha variado tras el reemplazo en la dirección del centro en noviembre de 2019. Los cambios introducidos refuerzan el rol de la Coordinación, encargada de establecer un emplazamiento y un tema común, del que penden los proyectos de los talleres. Estos han perdido autonomía y capacidad propositiva -línea argumental y lugar de emplazamiento-, coartando la heterogeneidad y diversidad como un valor formativo.

LA LÍNEA ARGUMENTAL DEL PROYECTO FIN DE CARRERA BAJO LA PERSPECTIVA DE GÉNERO

En el curso académico 2017-18 se incrementó el número de talleres-grupo del TFM. De los siete docentes del nuevo taller, tres -dos mujeres y un hombre- estaban adscritos al grupo de investigación GAUS, y al grupo de innovación docente GIPAUS.⁴ El encargo docente les permitió aunar investigación e innovación docente buscando “trasladar” las “nuevas” demandas surgidas a través de la perspectiva de género a la forma arquitectónica. El equipo docente ha ido variando a lo largo de este tiempo, pero siempre primó el empeño en aplicar el método científico a los problemas arquitectónicos y urbanos (Cerdá, 1859).

El taller así formado estuvo operativo tres cursos: 2017-18, 2018-19 y 2019-20, prolongándose hasta septiembre de 2021. Se analizará su desarrollo a partir de los seis ítems que lo definen: los objetivos, el contenido, las herramientas de desarrollo, el alumnado, el profesorado, y los resultados obtenidos.

¹ Se empleará la mayúscula inicial en el caso de Taller-asignatura y su Coordinación, y la minúscula para los talleres entendidos como grupos, y su correspondiente coordinación.

² Cada taller desarrolla un tema con una vigencia de dos cursos académicos. El proyecto del curso 2017-2018 se prolonga hasta septiembre de 2019; el del curso 2018-2019, hasta septiembre de 2020; y el del curso 2019-2020, hasta septiembre de 2021, y así sucesivamente. De no presentarse ante el tribunal en ese período, el estudiante debe cambiar de tema y/o de taller.

³ El centro cuenta con siete áreas de conocimiento: Composición, Construcción, Expresión Gráfica, Estructuras, Matemática Aplicada, Proyectos Arquitectónicos, y Urbanística y Ordenación del Territorio. De las siete, Expresión Gráfica, aunque presente en el taller del Grado de Arquitectura, no interviene en el Máster habilitante. Por su parte, el área de Matemáticas nunca ha formado parte del proyecto fin de carrera.

⁴ GIPAUS, Grupo para la arquitectura y el urbanismo sostenible, tiene como objetivo trasladar las “nuevas” demandas surgidas a través de la perspectiva de género, a la forma arquitectónica.

a. Objetivos

Con las líneas de trabajo planteadas se perseguía:

1º_ Propiciar el cambio de paradigma en el diseño urbano y arquitectónico, introduciendo las necesidades del grupo heterogéneo que representan las mujeres como destinatarias y usuarias de la arquitectura y el urbanismo.

2º_ Incorporar la accesibilidad de los espacios, y la sostenibilidad ambiental.

3º_ Aplicar las nuevas tecnologías, TIC, en los proyectos de las infraestructuras de la vida cotidiana, para la mejora de la vida autónoma de las personas, y del cumplimiento de las responsabilidades familiares.

b. Contenido

Los enunciados constituían una “novedad” en cuanto a sus programas de necesidades, referidos a dotaciones identificadas como infraestructuras para la vida cotidiana, un concepto ausente de la agenda de las administraciones públicas, y del que se empieza a hablar tíbicamente en las Escuelas de Arquitectura. También en cuanto a su localización, en parcelas entre medianeras, o con edificaciones muy próximas. Un planteamiento que resultaba complejo, con programas de necesidades que carecían de antecedentes a los que recurrir directamente; y con emplazamientos poco comunes en la esfera docente, que suelen ligarse a ámbitos poco condicionados por la realidad construida.

Se abordaron los siguientes temas:

- Curso académico 2017/18: “Centro de acogida para víctimas de violencia de género” en la calle Fernández Latorre de A Coruña, en el distrito de Cuatro Caminos. El programa de necesidades combinaba los requerimientos socio-sanitarios, con los administrativos, y con los residenciales, abordando el problema de la violencia de género sin revictimizar.
- Curso académico 2018/19: “Condominio urbano de unidades residenciales para personas solas” en un solar del barrio de A Gaiteira. Un proyecto residencial para personas que hayan optado por vivir solas –edad indefinida y variable-, asociado a una infraestructura de barrio, destinada a la atención diaria a la infancia y la adolescencia -una respuesta de cercanía para lo que se viene denominando “niñas/os de la llave”.

- Curso académico 2019/20: “Conjunto de viviendas transitorias para enfermos y familiares de pacientes (hemato-oncológicos y oncológicos) de larga estancia”, en el entorno del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña, en el lugar de Eirís. El programa se formuló a partir de los contactos con ASOTRAME, asociación de personas con trasplante medular.

Estos supuestos revelan la intención de fondo del taller: implicar al alumnado a través de una línea de trabajo centrada en la observación de las necesidades cotidianas, superando los estereotipos androcéntricos, con atención a la atención a la diversidad y heterogeneidad.

c. Herramientas de desarrollo

El taller se desarrolla mediante siete herramientas:

- 1ª_ La explicación de experiencias arquitectónicas y urbanísticas con perspectiva de género.
- 2ª_ Las aportaciones de otros profesionales, El primer año se contó con la asistencia de representantes políticos autonómicos; y el tercero con la presencia de asociaciones de apoyo a los enfermos, y con el testimonio presencial de un estudiante de la Escuela que ha superado una enfermedad oncológica.
- 3ª_ La sistematización en la recogida y procesado de datos sobre los cuidados, asimilados al género femenino. Omitido habitualmente en el diseño arquitectónico y urbano, pese a que en él participan casi todas las mujeres y algunos hombres. La mirada de género ofrece un punto de vista desde el cual «reconocer y revalorizar el trabajo de cuidados» (Sánchez de Madariaga, 2013).
- 4ª_ La aplicación de la mirada de género en la construcción y renovación de la ciudad, incluyendo la seguridad en el diseño de las ciudades, del espacio libre y público, de los edificios (Andrew, 1995), y de los trayectos urbanos, teniendo en cuenta las amenazas de violencia física y/ sexual que sufren las mujeres (Ceccato, 2017).
- 5ª_ La generación de patrones y modelos alternativos para el diseño arquitectónico y urbano, como respuesta a las demandas de núcleos familiares diversos. También a la creciente necesidad de servicios de asistencia y de atención médica en el hogar.
- 6ª_ El aula de trabajo, asignada exclusivamente para este cometido, se convirtió en un lugar propio. Un marco singular y punto de referencia tanto del alumnado como del profesorado.

7ª_ El uso del lenguaje inclusivo, superando las rutinas y estereotipos que suelen reproducirse en los enunciados, textos, esquemas y guías docentes.

d. Alumnado

La composición del alumnado en el taller ha ido variando. En el primer curso, predominaban las mujeres; en el segundo, los hombres; y en el tercero, se equilibra el número (tabla 1). Como colectivo manifiesta no percibir la desigualdad de género en el centro, ni en su esfera social. No obstante no ocultan la existencia de convencionalismos en muchas situaciones de la vida diaria. Evidencian un sistema de valores que se fundamenta en criterios de excelencia y de mérito. Parecen carecer de prejuicios, siendo receptivos a la información que se le ofrece sobre perspectiva de género, y asumiendo la línea de trabajo del taller como un campo de interés.


Tabla 1. Alumnado del taller. Presentación TFM por curso, convocatoria y sexo / Pendiente de presentar

Curso académico	Alumnado asignado al taller por curso académico (hombres/ mujeres)	Alumnado presentado: año y convocatoria (h hombres / m mujeres) c cursos de duración									Alumnado presentado
		2018		2019		2020		2021			
		junio	septiembre	febrero	junio	septiembre	febrero	junio	septiembre	febrero	
2017-18	16 4h / 12m Nº cuatri- mestres	--	4 1h / 3m 1c	10 3h / 7m 1,5 c	2 2m 2c						16 4h / 12m 1,5 c
2018-19	18 10h / 8m				3 1h / 2m 1c	7 4h /3m 1,5 c	2 1h / 1m 2c	4 4h 2c			16 10h / 6m 1,59 c
2019-20	17 9h / 8m						3 1h / 2m 2c	3 2h / 1m 2c	2 1h / 1m 3c		8 4h / 4m *
total	51										40
*pendiente de calcular, ya que 9 personas continúan con el trabajo. Debe señalarse que este curso ha coincidido con la pandemia provocada por el COVID19, y sus consecuencias en la esfera académica.											
Taller de continuidad: alumnado pendiente de presentar											
		Procedente del curso 2018-2019			Procedente del curso 2019-20				total		
2020-21		2			9				11		
		2m			5h / 4m				5h / 6m		

e. Profesorado

La mayor parte de los docentes del taller -diez de catorce- carece de las competencias necesarias para incorporar el género de forma transversal, básicamente porque carece de formación específica. Los más comprometidos e interesados en los temas propuestos han sido aquellos que habían investigado sobre arquitectura y género, o quienes habían tenido alguna relación con los temas planteados, sea porque conocían a alguna víctima de violencia de género, porque habían sufrido o están sufriendo los problemas derivados del cuidado infantil/parental, o por su cercanía con enfermedades que requerían tratamientos y hospitalización prolongada. Desde el punto de vista estrictamente docente, la actitud del profesorado fue, y es, una muestra de implicación y compromiso con el alumnado.

Figura 1. El taller: profesorado por curso y áreas. 14 docentes = 3 mujeres + 11 hombres



f. Resultados obtenidos

En este punto es conveniente diferenciar dos campos como objeto de reflexión: el referido al funcionamiento interno, y el referido a la valoración externa de los trabajos, tarea que corresponde al tribunal calificador de los TFM.

A: Una mirada interior

Los resultados académicos muestran que el alumnado que asistió con regularidad al taller superó el TFM en un período temporal equivalente a un curso y medio (tabla 1). Una duración que se aproxima a la duración media recogida en el Sistema de Garantía de Calidad (2019) del título cifrada en 1,49 años para el curso académico 2018-19. En el seguimiento del título no se han diferenciado las valoraciones

del alumnado por taller, pero en las observaciones generales no se detectan comentarios negativos ni sobre la organización, ni sobre el profesorado.

El desarrollo académico del taller se ha complementado con actividades extracurriculares e investigadoras, obteniéndose los siguientes logros:

_ Que una alumna, asesorada por responsables de la asistencia social, elaborase una encuesta destinada a las usuarias de los Centros de Acogida de Galicia, para conocer el contexto habitacional en el que se desenvuelve la vida diaria de estas mujeres. Esta iniciativa la llevó a obtener uno de premios Ángeles Alvariño para TFM de la UDC.

_ Que cuatro estudiantes presentasen dos pósters con sendas comunicaciones en las "VI Xornada Universitaria Galega en Xénero", XUGeX, celebrada en 2019. Una comunicación se recogió en el libro de actas de las jornadas (Caso Onzaín *et al.*, 2019). Y otra obtuvo una mención en dichas jornadas, siendo seleccionada para su publicación posterior en un libro colectivo de repercusión nacional (Ugarte *et al.*, 2019).

_ Que dos alumnas se incorporasen a un trabajo de investigación sobre los tipos y programas para centros de acogida (Carreiro *et al.*, 2019).

_ Que una alumna se incorporase al Programa de Doutoramento de la UDC para realizar su tesis sobre los Centros para víctimas de violencia de género.

B: La percepción externa

